

# A Economía Galega

## Informe 2022



INSTITUTO DE ESTUDOS  
E DESENVOLVEMENTO DE GALICIA  
(IDEGA)



Deputación  
DA CORUÑA





## **Equipo realizador**

### **Dirección**

Roberto Bande Ramudo • Universidade de Santiago de Compostela / IDEGA

M<sup>a</sup> Dolores Riveiro García • Universidade de Santiago de Compostela / IDEGA

### **Membros**

Juan J. Ares Fernández • Universidade de Santiago de Compostela / IDEGA

Belén Fernández Castro • Universidade de Santiago de Compostela

Manuel Fernández Grela • Universidade de Santiago de Compostela / IDEGA

Diana Fernández Méndez • Universidade de Santiago de Compostela / IDEGA

Melchor Fernández Fernández • Universidade de Santiago de Compostela / IDEGA

Edelmiro López Iglesias • Universidade de Santiago de Compostela

Miguel Pazos Otón • Universidade de Santiago de Compostela / IDEGA

María José Piñeira Mantiñán • Universidade de Santiago de Compostela / IDEGA

Gonzalo Rodríguez Rodríguez • Universidade de Santiago de Compostela / IDEGA

Bernardo Valdés Paços, Universidade de Santiago de Compostela

Miguel Anxo Vázquez Taín • Universidade de Santiago de Compostela

Manuel Vilas Fernández • Universidade de Santiago de Compostela

### **Deseño e maquetación**

Manuel López Sande

### **Supervisión lingüística**

Ana Suárez Piñeiro • Universidade de Santiago de Compostela

--

Editado por IDEGA, Santiago de Compostela

ISSN: 2171-8830



9 *Presentación dos coordinadores*

## **11 Contexto macroeconómico**

**Belén Fernández Castro**

- 13 Contexto internacional
- 18 A economía española

## **21 I. Mercado de traballo**

**Roberto Bande Ramudo e Melchor Fernandez Fernandez**

- 23 Introducción
- 25 O comportamento do emprego
- 26 Evolución do desemprego
- 28 Prezos e salarios
- 32 Recadro 1: Os números da última reforma laboral: unha avaliación preliminar
- 33 Recadro 2: A evolución do contrato fixo discontinuo en Galicia

## **35 II. Sector Agrario**

**Edelmiro López Iglesias e Bernardo Valdés Paços**

- 37 A dinámica recente das estruturas agrarias: análise dos resultados do Censo Agrario 2020
- 39 A dinámica do complexo agroalimentario e do complexo da madeira no período 1995 2020
- 42 Tendencias a medio prazo do sector agrario (1990 2020)
- 43 A conxuntura agraria en 2022: contexto internacional, na Unión Europea e en España
- 45 A dinámica do sector agrario galego en 2022: unha visión global
- 46 Evolución da produción
- 48 Prezos percibidos e prezos pagados polos agricultores
- 49 Conxuntura das principais ramas agrarias
- 49 Poboación ocupada
- 50 Censos gandeiros

## **53 III. Pesca**

### **Gonzalo Rodríguez Rodríguez**

- 55 Introducción
- 55 Os sectores
- 62 O complexo mar-industria: unha visión de conxunto

## **67 IV. Industria**

### **Juan José Ares Fernández**

- 69 A actividade
- 75 Prezos, custos e salarios
- 77 As opinións dos empresarios industriais
- 78 A dimensión das empresas
- 79 A presenza da industria galega nos mercados estranxeiros
- 81 A evolución da especialización industrial galega con respecto a España
- 82 O apoio do sector público ao desenvolvemento da industria galega

## **85 V. Sector exterior**

### **Diana Fernández Méndez e Dolores Riveiro García**

- 87 Comercio exterior de mercancías
- 101 O investimento estranxeiro directo (IED)

## **113 VI. Construción**

### **Manuel Vilas Fernández**

- 115 Introducción
- 115 Indicadores de actividade
- 117 Vivenda
- 125 Demanda pública de obras

## **129 VII. Servizos**

### **Juan José Ares Fernández**

- 131 A actividade do sector servizos en 2022
- 134 Os prezos no sector servizos
- 134 A distribución e o comercio
- 141 Os transportes en Galicia

**149 VIII. Sector turístico**

**María José Piñeira Mantiñán e Miguel Pazos Otón**

- 151 Volume de turistas e gasto
- 153 Oferta de aloxamento turístico
- 157 A incidencia do camiño de Santiago na actividade turística
- 158 O emprego no sector turístico

**159 IX. Sector financeiro**

**Manuel Fernández Grela**

- 161 O contexto exterior do sector bancario galego
- 162 A evolución das entidades bancarias en Galicia

**165 X. Sector público**

**Miguel Ángel Vázquez Taín**

- 167 Introducción
- 167 O sector público autonómico galego
- 170 O sector público local galego
- 172 O sector público estatal en Galicia
- 172 O sistema público de pensións en Galicia
- 175 O gasto sanitario en Galicia
- 177 O gasto en educación en Galicia





## Presentación dos coordinadores

O Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA) da Universidade de Santiago de Compostela vén elaborando, desde 1986, a serie de estudos *A Economía Galega. Informe*, nos que diferentes expertos analizan o comportamento da economía en Galicia, desde unha perspectiva analítica e rigorosa. Esta serie de informes, que xa é considerada un referente na análise da evolución da economía de Galicia, permite ao público interesado coñecer a evolución da economía no pasado ano e os fitos máis destacados que afectaron esa dinámica, e representa o compromiso do IDEGA e da USC de trasladar á sociedade os resultados da súa investigación científica.

Despois de varias décadas de publicación anual ininterrompida, coa edición de 2022 o informe inicia unha nova etapa na que se mantén a continuidade dos capítulos que foron e seguen a ser centrais para entender a economía galega, dándolle un peso relativo diferente aos aspectos que modificaron a súa relevancia. Ademais, en todos os casos, ofrécese como novidade a posibilidade de que os interesados poidan acceder aos datos empregados para a elaboración dos capítulos.

En 2022, a economía galega, e a española e a mundial, estaban aínda absorbendo o impacto da pandemia provocada pola COVID-19 cando as tensións xeopolíticas iniciadas no leste de Europa coa guerra de Ucraína, consecuencia da invasión rusa deste país, puxeron de novo a proba a capacidade de resposta das diferentes economías. O rexurdir da inflación, debido á escalada nos prezos enerxéticos e nos das materias primas do sector primario, provocou unha resposta inmediata por parte do Banco Central Europeo subindo os tipos de xuro, poñendo fin a unha época de abundancia de liquidez nos mercados financeiros. Neste contexto de incerteza, no que as consecuencias plenas desta crise sobre o conxunto da economía aínda están por chegar, os expertos participantes neste informe abordan os que poden ser os efectos máis relevantes nos distintos sectores de actividade.

Como coordinadores desta edición, temos que facer un recoñecemento ás entidades que apoian a elaboración do informe, a Deputación da Coruña e Caixa Rural de Galicia. A contribución financeira de ambas as entidades fixo posible que se finalizase con éxito esta nova edición, e demostra o seu compromiso inequívoco coa xeración e transferencia á sociedade dos resultados da investigación feita en Galicia, apostando, polo tanto, polo coñecemento xerado no país.

O traballo dos autores e autoras dos diferentes capítulos reflicte a calidade do coñecemento científico na nosa comunidade. A todas e todos queremos agradecerlles o seu compromiso e dedicación a este proxecto.

***Dra. Dolores Riveiro***  
*Directora do IDEGA*  
*Universidade de Santiago de Compostela*

***Dr. Roberto Bande***  
*Decano da Facultade de ADE*  
*Universidade de Santiago de Compostela*



# Contexto macroeconómico

- En 2022 o mundo tratou de recuperar a normalidade centrándose en estimular o crecemento dunhas economías claramente afectadas polas consecuencias da pandemia. Pero xa no primeiro trimestre do ano a economía mundial ten que enfrontarse a un novo feito con importantes consecuencias: a invasión de Ucraína por Rusia.
- Os principais países, en termos de produción global, experimentan unha acusada desaceleración do crecemento iniciado en 2021.
- A guerra ocasiona problemas de subministración dos produtos enerxéticos, materias primas e alimentos, que sofren importantes aumentos nos seus prezos, disparando a inflación a niveis pouco habituais neste século.
- A inflación leva a un descenso tan notable dos tipos de xuro reais que provoca a decisión simultánea da Reserva Federal e do Banco Central europeo de levar a cabo sucesivas subidas nos tipos de xuro nominais.
- A guerra incrementa as desigualdades internacionais como consecuencia da distinta capacidade dos gobernos para aplicar medidas paliativas ante as dificultades creadas.
- O conflito evidencia a vulnerabilidade do sistema produtivo fronte a países politicamente non afíns, o que leva en moitos casos a unha modificación das relacións comerciais e produtivas que altera substancialmente o equilibrio xeopolítico do planeta.
- A economía española crece un 5,5% en 2022, por riba do esperado tras o inicio da guerra, cunha desaceleración máis acusada na segunda metade do ano.
- As compoñentes da demanda cun mellor comportamento en 2022 son, en España, o consumo e as exportacións netas. Os sectores máis dinámicos ao final do ano son o primario e o de información e comunicacións.
- A inflación e os prezos dos produtos enerxéticos tiveron en España unha evolución máis moderada da que se observa na maioría dos países da súa contorna.
- En España o crecemento económico vai acompañado de datos positivos no mercado de traballo, xa que tanto o emprego como os postos de traballo experimentan un aumento a finais do ano.



## Contexto internacional


A pandemia provocada pola COVID-19 en 2020, co parón na actividade económica que a seguiu, supuxo un *shock* na economía mundial que provocou unha contracción da actividade económica sen precedentes nas últimas décadas, chegando a experimentar un descenso do 4,3% segundo datos do Banco Mundial. En 2021 iniciouse a recuperación, e para 2022 todos os organismos internacionais publicaban previsións de taxas de crecemento moi significativas. Neste contexto, a preocupación centrábase fundamentalmente na rapidez da recuperación e nas consecuencias das secuelas da crise sanitaria. A primeira delas era o elevado endebedamento, de case todas as economías desenvolvidas, como consecuencia das medidas extraordinarias utilizadas para paliar os inconvenientes desta situación. A segunda era a posible repercusión destas medidas (políticas fiscais e monetarias expansivas) nos prezos e nos tipos de xuro. A terceira secuela era un incremento nas desigualdades entre países e entre rexións. Estados Unidos e Europa dedicaron unha inmensa cantidade de fondos para mitigar o impacto da crise e impulsar unha recuperación que se esperaba relevante, mentres que os países máis pobres se enfrontaban a unha maior diverxencia respecto á renda mundial media e a unha maior desigualdade interna. A recuperación ten lugar a un ritmo distinto en cada país: China é a economía que antes superaba a pandemia e América Latina e India as economías máis castigadas.

Porén, a pesar de que 2022 se anticipaba como o ano da recuperación, este vese marcado por outro acontecemento de altísimo impacto: a invasión de Ucraína por parte de Rusia xerou unhas distorsións a nivel mundial tan relevantes que modificaron radicalmente a evolución e os obxectivos das variables macroeconómicas fundamentais. A guerra en Ucraína supón gravísimas consecuencias en termos de desprazamentos humanos e a necesidade de empregar unha enorme cantidade de recursos, tanto para proporcionar apoio a Ucraína no conflito, como para paliar as súas consecuencias económicas en practicamente todos os países.



O contexto macroeconómico mundial descríbese en gran medida atendendo aos valores e á interrelación das macromagnitudes que describen a evolución da produción e dos prezos. En 2022 o crecemento do PIB, a inflación, os prezos dos produtos enerxéticos, os dos alimentos e os tipos de xuro experimentaron variacións tan importantes que condicionaron a política fiscal e monetaria nos distintos puntos do planeta. Ademais, o conflito armado alterou de maneira substancial o equilibrio xeopolítico mundial, o que levou a modificar as relacións comerciais e produtivas en case todos os países dos bloques económicos relevantes, co obxectivo de limitar a vulnerabilidade do sistema produtivo fronte a países politicamente non afíns.

### A produción

Dous anos despois da pandemia de 2020 a economía mundial non experimentou a recuperación que se esperaba, senón que sufriu unha desaceleración do crecemento económico xeneralizada. A actividade na Eurozona deteriorouse marcadamente na segunda metade de 2022. Os catro principais motores do crecemento do mundo (Estados Unidos, a Eurozona, Xapón e China) atravesaron un período de marcada debilidade, con efectos negativos que transmitiron ás economías de mercados emerxentes e en desenvolvemento. Os datos do Banco Mundial que se recollen no gráfico 1 evidencian a aceleración de 2021, a desaceleración de 2022 e o estancamento esperado para 2023 coa excepción de China.



O descenso na taxa de crecemento da produción débese ás dificultades nas cadeas de subministración, ao aumento das tensións financeiras e á diminución da confianza dos consumidores e as empresas, que cae precipitadamente ante esta situación. Segundo os datos da Comisión Europea, amosados no



no gas licuado, co que consegue cubrir o 40% das súas necesidades e chegar cun *stock* considerable ao inverno. As campañas de moderación do consumo tamén foron efectivas, os estados membros baixaron o seu consumo de gas unha media do 19% entre agosto de 2022 e xaneiro de 2023, e en España esta redución foi dun 13,7%.

Outras circunstancias favorables para a moderación do prezo do gas viñeron polo lado da demanda: un inverno cálido e a caída na demanda de gas de China. A suavidade do clima reduce o consumo de gas para calefacción e o confinamento en China, coa política cero COVID-19, supón un descenso da demanda nun dos maiores consumidores do mundo.

Aínda que en 2023 os prezos se moderaron moito respecto ao ano anterior, seguen estando un 150% por encima dos prezos de inicios de 2021. Os prezos do petróleo cru seguen unha evolución moi similar aos do gas, diminuíndo constantemente tras o seu máximo no verán de 2022 ata a pequena repunta de 2023.

Os prezos da electricidade que proporciona EMBER en Europa (gráfico 4) disparáronse, alcanzando un máximo histórico no verán de 2022, pero desde entón retrocederon de maneira significativa chegando a




gráfico 2, os índices de confianza aumentan despois da pandemia, alcanzando os seus máximos no segundo semestre de 2021, e descenden de forma abrupta en 2022; ata o último trimestre no que se observa unha tendencia á alza na confianza dos consumidores e unha estabilización na confianza empresarial.

### Os prezos

Os efectos máis inmediatos da invasión son a alza dos prezos da enerxía xunto co marcado descenso na súa subministración desde Rusia.

O gráfico 3 mostra a evolución dos prezos do gas natural e do petróleo, segundo os datos dos prezos de mercancías do Banco Mundial. Obsérvase que o mercado do gas xa sofre fluctuacións á alza en 2021, pero estas aumentan tras a invasión de Ucraína. En agosto de 2022 o prezo do megavatio hora alcanzou un máximo histórico por riba dos 70 \$/mmbt. Desde entón, o gas abaratouse máis dun 80%.

Ante estes prezos, a Unión Europea propúxose encher as reservas de gas, liberándose da dependencia de Rusia, e reducir o seu consumo. Para encher as súas reservas céntrase

ante estes prezos, a Unión Europea propúxose encher as reservas de gas, liberándose da dependencia de Rusia, e reducir o seu consumo. Para encher as súas reservas céntrase no gas licuado, co que consegue cubrir o 40% das súas necesidades e chegar cun *stock* considerable ao inverno. As campañas de moderación do consumo tamén foron efectivas, os estados membros baixaron o seu consumo de gas unha media do 19% entre agosto de 2022 e xaneiro de 2023, e en España esta redución foi dun 13,7%.


Outras circunstancias favorables para a moderación do prezo do gas viñeron polo lado da demanda: un inverno cálido e a caída na demanda de gas de China. A suavidade do clima reduce o consumo de gas para calefacción e o confinamento en China, coa política cero COVID-19, supón un descenso da demanda nun dos maiores consumidores do mundo.

Aínda que en 2023 os prezos se moderaron moito respecto ao ano anterior, seguen estando un 150% por encima dos prezos de inicios de 2021. Os prezos do petróleo cru seguen unha evolución moi similar aos do gas, diminuíndo constantemente tras o seu máximo no verán de 2022 ata a pequena repunta de 2023.

Os prezos da electricidade que proporciona EMBER en Europa (gráfico 4) disparáronse, alcanzando un máximo histórico no verán de 2022, pero desde entón retrocederon de maneira significativa chegando a niveis mínimos similares aos anteriores á invasión.

Ante o desabastecemento enerxético e os elevados prezos aos que se debe conseguir a enerxía, en Europa aplicanse medidas fiscais extraordinarias encamiñadas a suavizar o seu efecto, tanto nas economías domésticas como nas empresas. A Comisión Europea cifra estas axudas no 1,2% do PIB para 2022.

A guerra xera importantes alteracións no comercio e eleva os prezos dos alimentos e dos combustibles en xeral, disparando en 2022 os índices de prezos en todos os países,




turbacións da oferta, que se concretan nos problemas nas cadeas de subministración mundiais e na falta de dispoñibilidade de produtos básicos.

Na Eurozona a análise detallada do deflador do PIB revela que a inflación non foi debida unicamente a factores externos. Os datos da Comisión Europea evidencian que desde 2020 as marxes de beneficios incrementaron a súa contribución á subida dos prezos en todos os sectores e en todos os países, chegando a aumentar un 9,3% anual no último trimestre de 2022 e a contribuír á inflación máis que os custos laborais. A recuperación da demanda tras a pandemia e o contexto inflacionista crearon a contorna favorable que permitiu esta evolución das marxes. Ademais, o descenso na produción levou a que a maioría das empresas presentasen unha redución importante nos beneficios, que fixo que esta subida nas marxes unitarias pasase máis ou menos desapercibida.

Os prezos dos alimentos tamén se viron afectados polas alteracións do comercio mundial. Ucraína era un dos principais exportadores de produtos agrícolas, como cereais e aceite de xirasol. A guerra supuxo un descenso nas exportacións destes produtos e provocou un importante aumento nos seus prezos.

Outras forzas que contribúen a unhas expectativas de elevados prezos agrícolas a medio prazo están relacionadas coas políticas agrarias. As políticas ambientais da Unión Europea teñen o obxectivo de conseguir unha agricultura sostible, ecolóxica, que non contamine a auga e que reduza as emisións de gases con efecto invernadoiro. As medidas necesarias requiren cuantiosos investimentos que a Unión Europea apoia, con programas de financiamento e subsidios moi significativos, e que brindan aos agricultores oportunidades para adoptar prácticas máis respectuosas co medio ambiente e mellorar a competitividade a longo prazo. Non obstante, a curto e medio prazo non se prevé que as medidas contribúan ao descenso nos prezos dos alimentos.

A pesar de que en 2023 a maioría dos prezos das materias primas xa diminuíron, en maior ou menor grao, en gran parte debido á desaceleración do crecemento mundial e ás preocupacións sobre a posibilidade dunha recesión xeneralizada, atendendo aos datos históricos os seus valores seguen sendo elevados. Os prezos non enerxéticos, en particular os dos metais e dos alimentos, tamén baixaron desde os máximos anteriores, pero seguen sendo altos.



## Os tipos de xuro

A elevada inflación provocou un endurecemento rápido e simultáneo da política monetaria en todo o mundo para tratar de frear a escalada de prezos e corrixir o rápido descenso nos tipos de xuro reais que estaba xerando. No gráfico 6, realizado a partir dos datos do Fondo Monetario Internacional, apréciase que os tipos de xuro reais, que xa estaban en valores negativos nos últimos anos, experimentan un acusado descenso en todo o mundo; que só se empeza a corrixir no terceiro trimestre cos aumentos nos tipos de xuro monetarios que o Banco Central Euro-

peo e a Reserva Federal levaron a cabo. As autoridades monetarias europeas e estadounidenses advirten da posibilidade de que as subidas nos tipos de xuro aínda non terminasen.

O aumento dos tipos de xuro derivados desta política monetaria contractiva e as expectativas de futuras alzas provocaron efectos negativos na actividade económica.

Os prezos dos activos experimentaron un descenso acusado e simultáneo, o crecemento do investimento debilitouse de maneira apreciable e os mercados inmobiliarios de moitos países empeoraron rapidamente.

O endurecemento da política monetaria nas economías avanzadas, a fortaleza do dólar estadounidense, as tensións xeopolíticas e a elevada inflación aumentaron a aversión ao risco e deron lugar a saídas xeneralizadas de capital e a unha desaceleración da emisión de bonos nas economías de mercados emerxentes e en desenvolvemento (EMED). As condicións financeiras empeoraron particularmente para as EMED menos solventes, en especial naquelas que tamén son importadoras de enerxía.

A posibilidade de utilizar a política fiscal para impulsar as economías que sofren este atraso do crecemento económico reduciuse de maneira considerable. Por unha banda, as preocupacións sobre a sostiabilidade da débeda en moitos países medraron a medida que as condicións financeiras mundiais dificultaron o servizo das cargas de débeda que se acumularon con rapidez nos últimos anos.

Doutra banda, o incremento dos custos de financiamento, a inflación persistentemente alta, a volatilidade dos mercados de materias primas, a maior incerteza ao redor das perspectivas económicas mundiais e as presións provocadas polo endurecemento das políticas nas economías avanzadas fan máis probables os impagos e as crises financeiras. Aínda que os episodios que se produciron se consideran puntuais, a preocupación pola estabilidade do sector financeiro non desapareceu.


Con todo, moitos gobernos anunciaron novas medidas de apoio para protexer os fogares e as empresas dos efectos do forte aumento dos prezos, o que retarda o ritmo de consolidación fiscal a medida que se retira o estímulo relacionado coa pandemia. Doutra banda, o obxectivo de frear a inflación fai que a expansión fiscal sexa moito máis medida e dirixida do que foi en tempos de pandemia.

## A desigualdade

Os países de baixos ingresos creceron, segundo o Banco Mundial, un 4% en 2022, pouco máis que en 2021, e claramente por baixo da media a pesar de que a situación sanitaria seguiu mellorando en todos eles. Algúns grandes exportadores beneficiáronse dos altos prezos mundiais dos produtos básicos, pero o encarecemento das importacións e o descenso dos prezos dos metais provocaron en conxunto unha deterioración da súa relación de intercambio.

Ademais, a maioría dos países de reducidos ingresos sufriron rebaixas na súa cualificación crediticia como consecuencia da confluencia dunha serie de factores: o aumento da inflación, a retardación da actividade mundial, o incremento dos custos dos préstamos e a limitada marxe de manobra fiscal como consecuencia dos elevados niveis de endebedamento.

O gasto en alimentos supón nestes países máis do 40% do gasto de consumo, polo que a subida nos seus prezos ten un maior efecto na inflación e na demanda interna que noutros estados. Os alimentos vólvense inalcanzables para millóns de persoas que caen baixo o limiar de pobreza, aumentando a proporción da poboación nesta situación, en países nos que a porcentaxe xa era elevada. Os datos da FAO, que se recollen no gráfico 7, indican que o número de persoas con inseguridade alimentaria nos países de baixos ingresos creceu nos últimos anos; en especial, naqueles que se atopan nunha situación de fragilidade como consecuencia dos conflitos bélicos.



proporción da poboación nesta situación, en países nos que a porcentaxe xa era elevada. Os datos da FAO, que se recollen no gráfico 7, indican que o número de persoas con inseguridade alimentaria nos países de baixos ingresos creceu nos últimos anos; en especial, naqueles que se atopan nunha situación de fragilidade como consecuencia dos conflitos bélicos.

Algúns dos países máis pobres sofren simultaneamente os efectos das interrupcións de axuda humanitaria e das catástrofes naturais, con secas e inundacións (Afganistán, Somalia, Sudán do Sur, Iemen). Noutros casos



(Etiopía, Malí, Sudán do Sur) experimentaron un aumento da violencia e dos conflitos que tivo efectos moi negativos no acceso aos alimentos e no seu desenvolvemento económico en xeral.

As presións sobre a sostibilidade da débeda empeoraron en moitos países de baixos ingresos: os défits orzamentarios aumentaron o ano pasado en case a metade dos países. A alza dos tipos de xuro e a caída das divisas incrementan o custo de refinanciamento para os prestameiros privados e para os públicos. No sector privado, o endurecemento das condicións crediticias e a retardación do crecemento poderían provocar a falta de pagamentos de préstamos, que ocasionaría problemas de liquidez nas institucións financeiras. O sector público destes países podería perder o acceso aos mercados internacionais de capital se os acredores se preocupan cada vez máis polo carácter insostible da crecente carga da débeda pública e por conta corrente. Como resultado, case o 60% de todos os países de renda baixa atopábanse en situación de dificultade de endebemento, ou no alto risco de estalo, a finais de 2022.

Os países en vías de desenvolvemento tamén teñen máis difícil a transición ecolóxica. O estímulo enérxico do financiamento climático público non é suficiente e o privado enfróntase a dificultades importantes, con carencias nas políticas climáticas de apoio, (como unha tarifación eficaz do carbono) e unha estrutura de información climática bastante precaria.

### Equilibrio xeopolítico

O equilibrio económico global das últimas décadas vese afectado por dous feitos fundamentais: a guerra comercial-tecnolóxica entre Estados Unidos e China e o desprazamento do centro de gravidade económico cara a Asia-Pacífico. En 2022 a invasión de Ucraína supón unha alteración adicional da contorna xeopolítica con importantes consecuencias.

A guerra tecnolóxica e comercial entre China e EE. UU. caracterízase pola imposición de restricións comerciais e aranceis por ambas as partes. A orixe destas políticas remóntase ao final da era Obama, aínda que se recrúa co goberno de Trump e continúa co de Biden. Ten especial relevancia no comercio dos semicondutores que produce EE. UU. por seren a base para a construción de microchips, compoñentes clave no desenvolvemento industrial e na tecnoloxía militar e, por tanto, na seguridade nacional. En outubro de 2022, EE. UU. toma medidas que limitan a produción en China de catro produtos estratéxicos: semicondutores de nodo avanzado, equipos de fabricación de semicondutores (de calquera tipo), capacidades informáticas avanzadas e supercomputadoras. O obxectivo destas medidas é evitar que as empresas e individuos estadounidenses poidan contribuír dalgunha maneira a que as instalacións en China desenvolvan eses produtos.


Nos dous países as trabas ao desenvolvemento do rival neste campo conviven con subvencións ao desenvolvemento tecnolóxico local do sector. Europa é consciente da importancia de non quedar atrás nesta carreira, por ser crucial para o desenvolvemento económico e a seguridade militar. A aceleración do emprego de intelixencia artificial en múltiples sectores fai que practicamente ningún sexa inmune ás alteracións no mercado dos semicondutores e dos produtos informáticos en xeral.

Tras o *shock* do coronavirus, no contexto internacional albiscáronse signos dunha maior integración global. Por unha banda, en Europa as axudas á crise fixéronse por primeira vez emitindo débeda conxunta nos mercados financeiros e impoñendo reformas estruturais aos países receptores dos fondos. Doutra banda, en EE. UU. o Goberno de Joe Biden aposta polo multilateralismo e fálase mesmo de adoptar un imposto mínimo de sociedades a nivel global.

A medida que crecen as tensións xeopolíticas, as empresas e as autoridades económicas analizan novas estratexias para dotar ás cadeas de subministración de máis seguridade, tentando limitar a dependencia respecto a países con pouca afinidade política. Isto lévaos a repatriar produción ou a desprazala a países de confianza.

A Secretaría do Tesouro de Estados Unidos sostivo de maneira explícita en abril de 2022 que as empresas deben localizar as cadeas de subministración en países con afinidade ideolóxica. Máis recentemente, a Comisión Europea propuxo a Lei sobre a industria con cero emisións netas para contrarrestar os subsidios que prevé a Lei de redución da inflación de Estados Unidos. E, pola súa banda, China aspira a substituír a tecnoloxía importada con alternativas locais para reducir a súa dependencia dos rivais xeopolíticos.


Esta tendencia cara á fragmentación xoeconómica da economía mundial evidénciase ao analizar o impacto no investimento estranxeiro directo (IED). Os fluxos de IED caracterizáronse por patróns diverxentes nos distintos países receptores, en especial en sectores estratéxicos como o de semicondutores.



No gráfico 8, realizado con datos do Banco Mundial, obsérvase que o fluxo de IED estratéxico cara a países asiáticos comezou a diminuír en 2019 e experimentou unha leve recuperación nos últimos trimestres, salvo os fluxos cara a China que aínda non se recuperaron. Nos últimos dez anos, a proporción de fluxos de IED entre as economías con afinidade xeopolítica non deixou de crecer, mesmo máis que a proporción destinada a países con proximidade xeográfica. Isto suxire que a localización xeográfica de IED responde cada vez máis a preferencias xeopolíticas.

A guerra comercial-tecnolóxica e a de Ucraína evidenciaron a vulnerabilidade dos países fronte á globalización indiscriminada e deron lugar a medidas que se identifican como forzas contrapostas, no sentido de fixar a atención no desenvolvemento local e en garantir a cadea de subministracións en sectores claves. Porén, os datos de crecemento da zona Asia-Pacífico lembran a conveniencia de intensificar as relacións comerciais con estes países.


China e India triplicaron nos últimos vinte anos a súa porcentaxe de posesión da riqueza global. Indonesia, Vietnam ou Tailandia experimentan desde hai tempo importantes crecementos económicos e puideron reducir os seus niveis de pobreza extrema. Ademais, Xapón, Corea do Sur, Australia, Taiwán e Singapur hai xa moitos anos que presentan altos niveis de desenvolvemento. A evolución da poboación destas economías e as políticas adoptadas para estimular o seu crecemento económico presaxian que boa parte do crecemento económico mundial no futuro próximo virá estimulado e orixinado desde Asia-Pacífico; o que implica que intensificar as relacións con esta zona poida ser un impulso importante ao crecemento a través de exportacións aos devanditos mercados con alto valor engadido.



## A economía española

Do mesmo xeito que no resto dos países, en España a esperada recuperación pospandemia prevista para 2022 tópanse con varios obstáculos que a retardan: o comezo da guerra de Ucraína, a crise enerxética, os problemas de subministracións e unha inflación desbocada que leva a aumentar os tipos de xuro de maneira significativa.

Porén, a pesar deste escenario tan pouco prometedor, a economía española acabou crecendo por encima da maioría dos prognósticos e terminou o ano cun crecemento de 5,5% segundo o INE; malia que a análise dos datos trimestrais (gráfico 9) amosa unha clara diferenza entre a primeira metade do ano e a segunda, xa que o crecemento dos dous últimos trimestres de 2022 é, en ambos os casos, só do 0,2%.




Os factores que propician este crecemento de 5,5% nun clima a priori pouco favorable son tanto de oferta como de demanda. Desde o punto de vista da oferta, a moderación nos prezos enerxéticos de finais de 2022 supón un alivio polo lado dos custos. Atendendo á demanda apréciase que permanece robusta, sostida sobre todo polo bo comportamento do consumo e das exportacións.

O gráfico 10, a partir dos datos do INE, permite ver a contribución de cada sector ao PIB español. Aínda que non se observan grandes variacións na súa composición, apréciase unha evolución favorable tanto do sector servizos como da industria. O prezo da enerxía, un dos principais lastres do ano para a industria, diminuíu xa cara a finais de 2022, pola chegada dun clima máis propicio e polo descenso da demanda enerxética de China.

Unha análise máis desagregada permite concluír que os sectores máis dinámicos ao final de 2022 son o primario e o de información e comunicacións, mentres que os servizos e as actividades artísticas e recreativas perden o dinamismo no último trimestre do ano.

Con todo, o crecemento positivo en España non leva o PIB a recuperar os valores pre-pandemia. O maior crecemento non se acompaña dunha recuperación rápida porque a caída que experimentou a produción total na pandemia tamén foi substancialmente maior da que sufriron os países do seu entorno. O valor do PIB a nivel nacional é a finais de 2022 0,9 puntos porcentuais por baixo do que experimentou en 2019. Estes datos indican unha recuperación máis lenta da que se observa na área do euro, onde, tomando o mesmo período como referencia, o PIB se sitúa máis de 2 puntos porcentuais por encima do valor de 2019.



O gráfico 11 recolle, con datos do INE, a contribución ao PIB das compoñentes da demanda.

Por unha banda, o consumo resiste, financiado en parte polo aforro producido durante a pandemia e apoiado nun mercado laboral que mostra unha dinámica positiva. O sector exterior español é outra contribución importante á demanda, que se acelera coa mellora nas condicións da cadea de subministracións no comercio global.

O confinamento e as restricións á mobilidade de 2020 limitaron seriamente as oportunidades de consumir a maior parte dos


bens que formaban parte do día a día das familias, que se atoparon cun aforro acumulado moi superior ao habitual. Ademais, o mercado de traballo estivo especialmente protexido, en concreto polo mecanismo dos ERTE, permitindo que mesmo en sectores afectados de maneira grave o efecto no emprego fose minimizado. Estes dous factores permitiron que o consumo de 2022 se mantivese a pesar dun aumento de prezos sen precedentes nos últimos anos, xa que o IPC creceu de media un 8,4%.

A evolución do consumo tampouco foi homoxénea ao longo do ano. O consumo privado foi perdendo forza a medida que avanzaba 2022, resistiu ata o terceiro trimestre e no cuarto experimenta un lixeiro descenso. Porén este descenso foi parcialmente compensado por un notable avance do consumo público, animado, en parte, polo contexto electoral. Ademais, en 2022 o nivel de importacións aumentou moito respecto aos dous anos anteriores, pero aínda non chegou aos valores de 2019, polo que o incremento de consumo tivo máis efecto na demanda interna.

O sector exterior tivo tamén un comportamento moi favorable, cun forte superávit da balanza por conta corrente para 2022. Non obstante, unha vez máis, a evolución da demanda externa foi similar á do resto da economía durante ese ano: o comercio crece de maneira substancial a primeira metade do ano, decrece no terceiro trimestre e estabilízase no último.

O investimento, a pesar dos fondos europeos destinados a dinamizalo, é a compoñente que máis decrece no último trimestre; en gran medida como consecuencia do endurecemento das condicións financeiras e dos aínda elevados niveis de incerteza. O investimento en vivenda tamén retarda o seu crecemento, estancándose a finais de 2022 e principios de 2023, e os prezos da vivenda chegan a decrecer no último trimestre respecto ao anterior.

O emprego acaba o ano con valores positivos segundo o INE (gráfico 12). 2022 termina cun aumento de 306.200 persoas traballando respecto ás que había a finais de 2021 e con 428.600 máis postos de traballo. Os datos tamén son bos en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo; malia que, como as outras dúas variables, ten peor comportamento na segunda metade do ano, chegando mesmo a experimentar unha pequena diminución no último trimestre.



Respecto aos prezos, a inflación en España aumenta de forma considerable durante todo o ano 2021 e na primeira metade de 2022, pero na segunda metade os seus valores modéranse e sitúanse significativamente por debaixo da media europea, malia que parecen sufrir unha lixeira repunta en 2023. A pesar de que a inflación subxacente se mantén elevada a finais de ano, o certo é que se introduce un cambio metodolóxico no INE en xaneiro de 2022, que é en parte responsable deste comportamento. Nos convenios colectivos aumentan as cláusulas de salvagarda fronte á inflación, pero os salarios soben en menor proporción que os prezos, ocasionando un descenso na capacidade adquisitiva dos traballadores.

### Previsións

Os prognósticos para a economía española son mellores segundo todas as institucións que os que se ofrecían hai seis meses. En maio de 2023 as previsións son de crecemento moderado, pero a cifra esperada vai desde o 1,7% da OCDE, o 1,6% do Banco de España ao 1,5% do Funcas; valores que en calquera caso distan substancialmente da taxa de 2,1% que anuncia o Goberno.

Como factores positivos para a reactivación económica en España destácase a boa evolución do emprego, os prezos da enerxía á baixa e as reservas de gas en máximos. Como ameazas, a atención céntrase no efecto sobre a actividade dos aumentos nos tipos de xuro. Tanto o Banco Central Europeo como a Reserva Federal advertiron de que as subidas nos tipos podían non acabar, malia que manifestaron a súa confianza en que os valores estaban xa preto do tope, e condicionaron as futuras variacións á evolución da inflación.

Estes factores condicionarán o crecemento futuro, pero os acontecementos dos últimos tres anos obrigan a lembrar o obvio: o futuro sempre pode traer cambios inesperados que reforcen ou anulen as tendencias que se observan hoxe.

# I. Mercado de traballo




- En 2022 a economía galega recupera o nivel de ocupación prepandemia. O incremento na ocupación foi máis intenso para as mulleres que para os homes.
- A pesar da intensa recuperación da ocupación durante o bienio 2020-2022, Galicia segue lonxe dos niveis de emprego de 2008.
- A taxa de emprego en Galicia continúa sendo inferior á do conxunto de España, en gran medida condicionada por unha poboación galega máis envellecida.
- O emprego autónomo reduciuse nos dous últimos anos.
- A taxa de temporalidade acada valores mínimos despois da última reforma laboral.
- O emprego a xornada parcial aumentou de maneira moi considerable, o que pon en dúbida a calidade do emprego creado nos últimos dous anos.
- A ocupación creceu nos servizos (aínda que a hostalería mesmo non conseguiu recuperar o emprego prepandemia), pero redúcese en agricultura e industria.
- A ocupación sobe entre a poboación con estudos superiores.
- Obsérvase un forte incremento da ocupación entre a poboación estranxeira no último ano.
- Aumento do peso dos traballadores en idade avanzada (55 e máis anos). O relevo xeracional é un dos principais retos a curto e medio prazo.



## Introdución



Tras a intensa redución na ocupación provocada pola pandemia (20.950 ocupados en 2020, gráfico 1), a recuperación do mercado laboral nos dous anos seguintes permitiu superar o nivel de emprego anterior ao comezo da pandemia. A enquisa de poboación activa (EPA) do Instituto Nacional de Estatística (INE) estima que entre 2020 e 2022 a ocupación en Galicia aumentou en case 30 mil persoas, compensando claramente a perda rexistrada en 2020. Esta intensa recuperación devolve a economía galega a unha senda de crecemento iniciada en 2015 e só interrompida pola pandemia.

O bo comportamento do mercado laboral desde 2020 reflíctese tamén nas cifras de afiliacións do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións e nos datos avanzados da estimación de postos de traballo da contabilidade trimestral do Instituto Galego de Estatística. Porén, a pesar da forte recuperación da ocupación durante este período, Galicia segue lonxe dos niveis de emprego de 2008 (gráfico 2).



A variación absoluta da ocupación trimestral en termos interanuais (gráfico 3) permite visualizar a evolución da pandemia en relación coa intensidade do impacto sobre o emprego. Tras o notable efecto inicial, e a medida que as restricións se ían relaxando, a perda de ocupación reduciu a súa forza. As novas restricións impostas como consecuencia da terceira onda no primeiro trimestre de 2021 reflíctense no cambio de tendencia na perda de ocupados que volve medrar no primeiro trimestre. Desde ese momento a recuperación do emprego é intensa en termos interanuais. Nos trimestres posteriores ao inicio da pandemia a sensibilidade do emprego en Galicia é inferior á observada no conxunto de España, en parte condicionada pola resiliencia da actividade turística rexistrada en Galicia e noutros territorios do norte de España. A especialización en turismo interior, libre de restricións de mobilidade en 2020, favorece ese menor impacto. En 2021 e 2022 coa recuperación das viaxes internacionais, o efecto positivo sobre a ocupación en Galicia e nos territorios do norte é en xeral inferior ao observado no conxunto de España.

Non obstante, aínda que a perda de ocupación en 2020 foi moi alta a causa da pandemia, o incremento no número de desempregados foi moi inferior á destrución de emprego (gráfico 4). Esta asimetría mantense en 2021 e 2022 e neste último ano a redución no desemprego foi significativamente inferior ao aumento na ocupación (gráficos 1 e 4). Como é ben coñecido, a evolución do desemprego non só depende da creación ou destrución de postos de traballo. A dinámica da poboación activa desenvolve un papel salientable. De feito, o crecemento na poboación activa durante 2021 e 2022 amorteceu o efecto da notable subida na ocupación sobre o desemprego. Entre 2020 e 2022 baixa a cifra de desempregados en 10 mil persoas, mentres a



comparacións internacionais adóitase facer referencia á taxa de emprego nun determinado intervalo de idades.

Como observamos no gráfico 5, Galicia amosa unha taxa de emprego claramente inferior á española cando consideramos todos os potenciais traballadores, mentres que a situación sería similar cando concentramos a análise na poboación entre 16 e 64 anos.


En síntese, a situación do mercado laboral é relativamente similar entre ambas as economías cando temos en conta só o intervalo de idade de 16 a 64 anos, pero é moi diferente cando consideramos toda a poboación potencialmente ocupada; o que está relacionado de forma directa co diferencial existente no peso da poboación maior de 64 anos entre Galicia e o conxunto nacional. Podemos concluír exactamente o contrario cando a base da comparación entre as dúas economías é a evolución da taxa de paro. Como amosa o gráfico 6, malia que existe certa converxencia, a taxa de paro do conxunto de España supera en todo o período analizado a taxa de paro galega. Neste caso, o diferencial entre considerar o conxunto de

ocupación sobe en case 30 mil. É importante destacar que nesta recuperación do mercado de traballo son as mulleres as principais protagonistas. A poboación ocupada medra en case 24 mil mulleres, cunha redución do número de desempregadas só de 5 mil, debido ao forte incremento da participación laboral feminina. No caso dos homes, a poboación activa mantense constante e, desta forma, o aumento na ocupación trasládase directamente a unha redución do desemprego da mesma magnitude.

Polo tanto (figura 1), a taxa de paro en Galicia entre 2020 e 2022 caeu nun punto porcentual, pasando do 12,02% ao 11,02%. A poboación activa creceu en 19.500 persoas, case na súa totalidade mulleres; mentres que a ocupación subiu en 29.500, o que supón unha diminución de 10 mil desempregados.

Como resumo da evolución recente do mercado laboral estudamos a dinámica da taxa de emprego. Aínda que a taxa de paro é o indicador laboral máis habitual nas análises, a taxa de emprego é o indicador máis adecuado para avaliar a saúde do mercado laboral. Recordemos que a taxa de emprego mide a porcentaxe de poboación en idade de traballar que ten emprego. É dicir, relaciona a poboación que efectivamente está traballando coa poboación total que podería estar traballando. Deste xeito, ofrece unha visión máis completa da situación laboral en comparación coa taxa de paro. Unha taxa de emprego alta asóciase cun mercado laboral saudable e cunha maior estabilidade. En calquera caso, como ocorre con outras taxas relevantes, este indicador non achega información sobre a calidade dos empregos, a súa remuneración ou as condicións laborais existentes. Cando analizamos esta taxa debemos ter en conta o impacto da estrutura demográfica. Canto maior sexa o peso da poboación de máis idade nunha sociedade, a taxa de emprego será menor. Para evitar problemas nas






paro, pero supón unha maior carga social e económica para a poboación ocupada (en 2022, por cada ocupado galego existen 2,12 persoas maiores de 16 anos, mentres que en España esta cifra é significativamente menor, 1,95 persoas).

### O comportamento do emprego

Segundo os datos da EPA, entre 2020 e 2022 a ocupación en Galicia medrou en 29.500 persoas de media anual, un 2,75% máis que o valor de 2020 (gráfico 7). En España a recuperación da ocupación foi moito máis forte, dobrando a variación galega (6,19%). O feito de que a intensidade da perda de emprego pola pandemia en Galicia fose relativamente menor que en España explica parte deste diferencial. É importante destacar as diferenzas por xénero na recuperación do emprego en ambas as economías, favorable ás mulleres e moito máis marcada no caso galego.


A lenta recuperación do emprego en Galicia confirmase á marxe da fonte de información utilizada (ocupación da EPA, afiliación á Seguridade Social ou postos de traballo da estimación de contas trimestrais).




poboación ou só o intervalo de 16 a 64 anos non é significativo, xa que a maior parte da poboación con 65 ou máis anos é inactiva e, polo tanto, non se ten en conta no cálculo da taxa de paro.

En consecuencia, o aparente bo resultado en termos de taxa de desemprego da economía galega é resultado directo dunha baixa participación laboral, moi condicionada por unha poboación máis envellecida (en 2022, a taxa de actividade galega dos maiores de 16 anos é case 6 puntos porcentuais menor que a española). Menos participación facilita un mellor resultado laboral en termos de taxa de

En concreto, no gráfico 8 pode apreciarse, comparando a evolución do número de afiliacións en dous períodos de tempo (2019-2022 e 2008-2022), que Galicia en 2022 aumentou o número de afiliacións en relación ao ano 2020 (como todas as comunidades autónomas), pero non logrou recuperar o nivel de afiliacións existente en 2008. Só as comunidades autónomas do norte máis envellecidas (Asturias, Galicia e Castela-León) xunto con Castela-A Mancha están en 2022 por debaixo do nivel de afiliacións de 2008; moi lonxe da dinámica observada polo conxunto nacional e as comunidades autónomas máis dinámicas (Balears, Madrid e Canarias). As conclusións son moi similares se utilizamos o nivel de ocupación estimado pola EPA; neste caso Galicia presenta unha dinámica aínda máis débil.



A feble recuperación da ocupación dos homes (un 0,97% neste período de dous anos) está directamente relacionada coa perda de ocupación no sector público (gráfico 9). Mentres os asalariados do sector privado creceron con intensidade durante o período 2020-2022 (2,95%), os do sector público reducíronse nun 3,44%. Outro elemento destacable é a perda de ocupación entre os empresarios sen asalariados ou traballadores independentes, tanto mulleres como homes, algo



neira considerable a taxa de temporalidade no mercado de traballo galego, acadando no primeiro trimestre de 2023 un mínimo histórico, o 16,4%); (4) o forte aumento no emprego a xornada parcial; (5) por sectores económicos, a ocupación crece nos servizos (aínda que a hostalería mesmo non conseguiu recuperar o emprego prepandemia), pero baixa en agricultura e industria; (6) a subida da ocupación entre a poboación con estudos superiores e (7) o elevado incremento da ocupación entre a poboación estranxeira, especialmente no ano 2022.

Cadro núm. 1

**Evolución da ocupación en Galicia segundo a EPA**  
Taxas de crecemento interanuais (en %)

	2018	2019	2020	2021	2022
<b>Ocupación</b>	2,4	1,6	-1,9	1,0	1,7
Homes	2,1	2,0	-0,9	0,4	0,6
Mulleres	2,7	1,2	-3,1	1,7	3,0
<b>Ocupación segundo relación laboral</b>					
Asalariados	4,2	1,8	-1,1	0,9	2,7
Por duración de contrato					
Indefinidos	4,9	2,0	2,1	0,3	9,7
Temporais	2,6	1,5	-10,2	2,8	-18,8
Por duración de xornada					
Xornada completa	4,1	1,1	0,5	0,7	2,2
Xornada parcial	5,1	6,2	-9,5	2,2	5,8
Non asalariados	-4,4	0,7	-5,3	1,5	-2,5
<b>Ocupación por ramas de actividade</b>					
Agricultura	-9,6	-1,9	3,6	-2,6	-1,0
Industria	-1,3	6,2	1,7	-6,4	-1,9
Construción	1,1	4,2	7,1	-3,2	1,2
Servizos	4,5	0,7	-4,1	3,6	2,8
Hostalería	5,1	2,1	-13,1	-10,1	9,5
Actividades sanitarias e servizos sociais	8,1	7,6	0,6	3,2	-0,3
<b>Ocupación por nivel de formación</b>					
Estudios primarios	-8,9	-31,2	-15,2	-13,1	0,8
Estudios secundarios. 1ª etapa	-0,5	2,3	-3,8	-2,3	-1,0
Estudios secundarios. 2ª etapa	7,8	3,1	-5,7	0,0	2,3
Estudios altos (ed. superior)	2,8	3,6	2,3	4,4	3,1
<b>Ocupación por nacionalidade</b>					
Nacionais	2,1	1,2	-2,2	1,1	0,7
Estranxeiros	9,0	11,5	4,9	-0,8	22,6

Fonte: Elaboración propia a partir de EPA, INE e IGE.

que se repite tamén para o conxunto da economía española. Antes da pandemia, en 2019, este colectivo supoñía o 10,34% da ocupación en España e o 13,11% en Galicia; en 2022 pasaron a ser o 9,99% da ocupación en España e o 11,73% en Galicia.

Entre os aspectos máis relevantes do comportamento da ocupación desde 2020 (cadro 1) destacamos os seguintes: (1) o incremento da ocupación máis intenso para as mulleres que para os homes; (2) a redución no número de traballadores autónomos; (3) a importante caída no emprego temporal (o efecto da reforma laboral parece ter cumprido o obxectivo proposto e reduciu de ma-

Galicia difire do conxunto de España non só na intensidade da recuperación da ocupación senón tamén en relación aos segmentos do mercado de traballo que se están vendo máis afectados. En concreto, a diferenza do conxunto de España, o crecemento da ocupación estase a producir entre os asalariados nos servizos privados (100% en Galicia fronte ao 80% en España). Este incremento en Galicia concéntrase no comercio e na rama de información e comunicación. En España, o principal impacto prodúcese en hostalería e restauración, que suman case o 20% do aumento do emprego, mentres que en Galicia, como xa comentamos, a hostalería e restauración aínda non recuperou o nivel de ocupación prepandemia. Outras importantes diferenzas son a subida do emprego público en España fronte á redución en Galicia; o enorme diferencial na xornada laboral dos novos ocupados (o 44,1% do incremento do emprego en Galicia é a tempo parcial fronte a só o 5,1% de España) e a subida da ocupación entre os estranxeiros (do crecemento da ocupación entre 2020 e 2022 en Galicia, o 37% son estranxeiros fronte ao 23% en España).

## Evolución do desemprego

Segundo os datos da EPA, entre 2020 e 2022 o desemprego en Galicia descendeu en 10 mil persoas, 5.100 homes e 4.900 mulleres. En termos relativos, a redución foi importante (un 6,82%), aínda que lonxe da experimentada no conxunto de España (14,34%). A creación de emprego durante este período foi moito máis intensa cuantitativamente, pero a incorporación de activos (case na súa totalidade mulleres) diminuíu o seu potencial impacto sobre o desemprego. De feito, o incremento no número de mulleres activas deixa case sen efecto o intenso crecemento da poboación ocupada feminina sobre a evolución do desemprego e as súas taxas máis representativas. Cun aumento da ocupación feminina que case dobra o observado entre os homes, a brecha de xénero na taxa de paro non se acorta senón que incluso medra (cadro 2).

Cadro núm. 2

**Evolución do desemprego segundo a EPA**

Taxas de variación (en %) e niveis (en %) da poboación activa de cada categoría

	2018	2019	2020	2021	2022
<b>Desemprego</b>	-15,2	-12,1	0,6	-2,5	-4,5
Homes	-18,3	-13,1	0,6	-2,6	-4,9
Mulleres	-12,1	-11,1	0,5	-2,3	-4,1
<b>Taxa de paro</b>	13,3	11,8	12,0	11,7	11,0
Por sexos					
Homes	12,4	10,7	10,9	10,6	10,1
Mulleres	14,4	12,8	13,3	12,8	12,0
Por idades					
De 16 a 19 anos	57,1	58,5	47,6	41,4	45,0
De 20 a 24 anos	38,3	31,3	29,8	25,5	31,2
De 25 a 54 anos	16,7	15,1	12,7	11,3	11,7
55 e máis anos	12,7	12,8	11,2	9,9	8,9
Por nivel de formación					
Estudos primarios	26,5	28,0	23,8	22,9	23,7
Estudos secundarios. 1ª etapa	16,9	14,5	13,9	13,7	13,3
Estudos secundarios. 2ª etapa	13,6	13,0	13,1	13,1	12,8
Estudos altos (ed. superior)	8,9	7,7	9,4	9,0	8,1
<b>Taxa de paro de longa duración</b>	5,9	4,6	4,1	4,8	4,2
Homes	5,2	3,9	3,5	4,1	3,7
Mulleres	6,5	5,3	4,7	5,5	4,7
<b>Incidencia paro de longa duración</b>	50,5	44,8	38,9	46,5	43,5
Homes	49,3	43,4	38,4	45,1	42,6
Mulleres	51,5	46,3	39,4	47,8	44,4

Fonte: Elaboración propia a partir de EPA, INE e IGE.


Por idades, a evolución do emprego e a actividade foi positiva para todos os tramos, en particular para os de máis idade (maiores de 45 anos), coa excepción do intervalo de 35 a 44 anos. A perda de ocupación e actividade neste grupo é unha consecuencia directa dunha estrutura de poboación envellecida e reflicte a forte caída da natalidade en España e Galicia durante o período 1980-1987, non compensada coa chegada de inmigrantes. A perda de activos é tan elevada que, malia que a ocupación diminúe tamén de forma significativa, o número de parados neste tramo de idade redúcese tamén de forma relevante.


Por último, a evolución do desemprego por niveis educativos desde 2020 amosa a recuperación da ocupación da poboación parada con estudos superiores; único colectivo que presenta unha redución notable na súa taxa de paro pasando do 9,4% ao 8,1%. Pola súa banda, o colectivo de persoas con estudos primarios mantén en 2022 case constante a súa taxa de paro (23,7%) en relación a 2020 (23,8%), pero multiplicando case por 3 a taxa do nivel educativo superior. De todos os xeitos, o colectivo con estudos superiores segue representando o 34% dos parados galegos, cifra moi superior á estimada para o conxunto de España (25,8%). Os novos activos en Galicia, ano tras ano, teñen na súa gran maioría estudos superiores; de feito, só outro colectivo (estudos medios) continúa aumentando a súa actividade. Nos últimos anos os activos no resto de grupos educativos redúcense a un forte ritmo.

Unha boa noticia, a mellora do nivel de formación da poboación activa en Galicia, ten tamén o seu lado negativo. A economía galega segue mostrando enormes dificultades para ofrecer postos de traballo cualificado a estes demandantes, o que acentúa o desaxuste educativo no mercado laboral galego. O único colectivo galego que amosa unha taxa de desemprego superior á observada no conxunto de España

é o de estudos superiores (gráfico 10). Polo tanto, este sería o colectivo máis proclive a emigrar dado o diferencial existente en relación á probabilidade de atopar emprego (aproximada pola taxa de paro por colectivos), tanto en España como no contexto internacional.

Para finalizar esta sección faremos un breve apuntamento sobre a evolución demográfica en Galicia e o seu impacto sobre o mercado laboral. A poboación ocupada galega está cada ano máis avellentada e a dinámica da poboación actual parece que non vai ser capaz de asegurar o relevo a curto e medio prazo. Cada ano que pasa, o peso dos






traballadores en idade avanzada (55 e máis anos) aumenta, o que parece indicar que a curto prazo vai ser necesario un maior esforzo na participación laboral dos traballadores en idade avanzada (gráfico 11).

Un último dato, o número de traballadores maiores de 55 anos é actualmente de máis de 240 mil. Por outra parte, a poboación galega entre 11 e 20 anos (os máis claros substitutos para estes traballadores) suma algo máis de 232 mil persoas. Aínda que cunha dinámica de envellecemento similar, no conxunto de España o número de traballadores de máis de 55 anos é de 4.126.100 persoas, pero neste caso a poboación entre 11 e 20 anos supera

os 5 millóns. En calquera caso, existe marxe para que o incremento da participación no mercado laboral de todos os grupos de idade alivie en gran parte o problema cuantitativo de falta de relevo en Galicia, máis aínda quedaría por resolver o axuste "cualitativo" ou formativo. Sen dúbida é máis urxente que nunca analizar con detalle as necesidades de relevo no mercado laboral galego e non esquecer o relevo cualitativo na organización futura do sistema educativo. Xa coñecemos as prioridades a nivel sectorial e de ocupación; agora debemos pensar en elaborar os incentivos adecuados para eliminar o desaxuste existente.





## Prezos e salarios

A reaparición da inflación como fenómeno económico nos países máis desenvolvidos é sen dúbida un dos acontecementos a destacar no ano 2022, malia que o inicio da escalada da taxa de inflación comezara xa en períodos precedentes. Os bancos centrais das principais economías do mundo lograron manter as taxas de inflación baixo control desde mediados da primeira década do século e, con pequenas repuntas, a inflación mantívase estable e baixa ao longo de boa parte do século XXI. O aumento das taxas de inflación xa empezara a principios de 2021, impulsada polo crecemento nos prezos internacionais dos *commodities* e os colos de botella derivados da escaseza de microchips nos mercados mundiais; pero foi o inicio da guerra de Ucraína, coas incertezas relacionadas coa subministración de gas procedente de Rusia aos mercados centroeuropeos e a escaseza de gran importado desde Ucraína, o que levou a taxa de inflación a niveis inéditos en moitos anos. Ao longo de 2021 a inflación entrou nunha dinámica ascendente, pasando do 0,4% de xaneiro ao 6,6% en decembro. O comezo da guerra supuxo un novo impulso, subindo a taxa ata o 10,7% en xullo de 2022. A reacción do Banco Central Europeo (BCE), que desde mediados da década anterior mantivera unha política monetaria laxa, con tipos de xuro no 0%, non se fixo esperar e en xullo aprobou a primeira dunha serie de aumentos nos tipos de xuro oficiais, que pasaron do 0,5% en xullo ata o 2,5% en decembro; dinámica que non se detivo nos primeiros meses de 2023, ata



alcanzar o 4% no momento da redacción deste informe. A combinación da moderación das condicións detrás da subida da inflación (sobre todo a redución nos prezos da enerxía) e os efectos dunha política monetaria máis restritiva sobre a demanda agregada contribuíron decisivamente á redución da taxa de inflación, que baixou ata o 5,5% en decembro, continuando esta senda descendente ata o 1,9% no mes de xuño de 2023. Ademais, é salientable que, mentres na fase alcista a taxa en España se situou por riba da media da EU e da Unión Monetaria Europea, unha vez que muda a dinámica a inflación cae moito máis en España (gráfico 12).

A inflación en Galicia presentou unha dinámica similar á do conxunto nacional (gráfico 13), aínda que con valores lixeiramente superiores desde principios de 2021. Así, se en xaneiro de 2020 a taxa galega era do 1,2% (1,1% no conxunto do Estado), en agosto de 2022, momento no que se chega ao máximo da serie actual, a taxa en Galicia situouse no 11,5% fronte ao 10,8% que alcanzara como máximo a taxa nacional







un mes antes. A redución xeneralizada da inflación que se produciu desde entón favoreceu a converxencia de ambas as taxas, situadas no 4,1% en abril de 2023.

É interesante sinalar que desde o punto de vista territorial o aumento das taxas de inflación foi moi homoxéneo, o que indica que se trata dun *shock* simétrico ao conxunto do Estado español. O gráfico 14 mostra a dispersión absoluta (desviación típica) e relativa (coeficiente de variación) dos diferenciais rexionais respecto da media nacional desde 2019. Observamos como, a pesar de que desde o inicio do período inflacionista en 2020 a dispersión absoluta dos diferenciais medra, en termos relativos estas disparidades permanecen estables.

Os grupos de bens de consumo que están detrás desta dinámica son similares no conxunto nacional e en Galicia, con pequenas diferenzas en canto á contribución relativa de cada un deles (gráfico 15). Así, foron esencialmente o gasto enerxético (grupo 4) e os alimentos e bebidas non alcohólicas (grupo 1) os que máis contribuíron á subida das taxas de inflación. Por outra banda, a desagregación por grupos permite identificar o patrón dinámico que seguiu a inflación nos últimos dous anos. Despois dun aumento inicial debido aos custos enerxéticos, iniciado xa a principios de 2021, e que xerou un forte debate sobre a regulación dos mercados enerxéticos, en particular o eléctrico, os efectos da segunda fase desta subida inicial dos prezos coincidiron no tempo co inicio da guerra de Ucraína, que provocou un novo incremento da inflación relacionada cos produtos enerxéticos. Asemade, comezaban a trasladarse ao resto de grupos de bens os maiores custos derivados do aumento no prezo dun *input* básico como a enerxía, que se viñan acumulando desde o ano precedente. O resultado é que, a pesar de que desde setembro de 2022 os prezos da enerxía moderan o seu crecemento, mesmo presentando taxas de variación anuais negativas, os efectos da segunda e terceira fase sobre o resto de bens provocaron subidas da inflación na maioría dos grupos; malia que debido ao seu menor peso relativo na cesta de consumo, o efecto final foi unha redución das taxas de inflación para o conxunto de bens.

A inflación subxacente trata de illar da evolución xeral dos prezos o efecto dos produtos enerxéticos e os alimentos básicos, que soen ser máis volátiles, e, por tanto, a súa inclusión na medida xeral de inflación pode dar





unha imaxe deformada da magnitude do fenómeno. No caso da economía española, a taxa de inflación subxacente mantíñase en niveis moi reducidos (no entorno do 0,5%) ao longo da primeira metade de 2021, para comezar a crecer de maneira tímida no resto do ano. A medida que os aumentos nos prezos enerxéticos se foron trasladando ao resto de bens de consumo, a inflación subxacente empezou a medrar de xeito notable, pasando do 2,4% en xaneiro de 2022 ao 7% en decembro; para continuar a escalada en 2023 ata un máximo do 7,6% en febreiro, e moderarse ata o 6,6% de abril. En Galicia, a dinámica foi moi similar, malia que os valores que amosa a taxa galega foron sistematicamente superiores aos da media nacional, ao igual que acontecía coa taxa de inflación xeral.

Esta evolución da taxa de inflación incorporouse aos procesos de negociación colectiva, que dalgún xeito trataron de mitigar o efecto da subida dos prezos sobre a capacidade adquisitiva dos salarios. Segundo os datos proporcionados polo Ministerio de Traballo e Economía Social na *Estadística de Convenios Colectivos de Trabajo*, o aumento salarial pactado nos 204 convenios asinados ao longo de 2022 situouse no 3,94% para o total de convenios; o que supón un significativo incremento respecto do ano anterior, que fora do 1,76%. Porén, en 2022 a desagregación do aumento salarial pactado por tipo de convenio (de empresa ou de ámbito superior) racha co que viña sendo habitual nos anos precedentes. Habitualmente, os convenios de empresa amosan unha maior moderación nas subidas salariais, xa que este tipo de negociación máis descentralizada permite incorporar nas mesas de negociación elementos extrasalariais, como comedores de empresa, garderías, transporte etc. Non obstante, en 2022 foron precisamente este tipo de convenios, que aínda que maioritarios (en 2022 representaron o 82% do total de convenios) cobren unha porcentaxe reducida de traballadores (o 10,5%), os que presentaron un maior incremento salarial, 4,26% fronte ao 3,90% dos convenios de ámbito superior. Por provincias, os maiores aumentos nos convenios de empresa déronse en Pontevedra (4,62%), con subidas máis moderadas no resto de provincias (3,34% na Coruña, 3,24% en Lugo e 3% en Ourense). Nos convenios de ámbito superior, as maiores subidas producíronse en Lugo (4,54%) e Pontevedra (4,19%), seguidas da Coruña (3,52%) e Ourense (2,31%).

A *Encuesta Trimestral de Costes Laborales* publicada polo INE complementa a información relativa á evolución dos salarios ao longo

Cadro núm. 3  
Evolución dos custos laborais


	2021	2022					Variación	
	Media	I trim.	II trim.	III trim.	IV trim.	Media	absoluta	TVI (%)
<b>Industria</b>								
Custo total	2.901,7	2.741,7	2.947,5	2.871,0	3.227,7	2.947,0	45,2	1,6
Custo salarial total	2.123,0	1.974,4	2.184,5	2.095,6	2.446,4	2.175,2	52,3	2,5
Custo salarial ordinario	1.810,6	1.828,7	1.854,6	1.877,1	1.909,9	1.867,6	56,9	3,1
Outros custos	778,8	767,3	763,0	775,3	781,3	771,7	-7,0	-0,9
Custo por percepción non salariais	82,9	63,2	56,4	58,3	53,7	57,9	-25,0	-30,2
Custo por cotización obrigatorias	706,3	712,3	717,0	728,5	742,8	725,1	18,9	2,7
Subvencións e bonificacións da S. Social	10,4	8,2	10,4	11,4	15,2	11,3	0,9	8,6
<b>Construción</b>								
Custo total	2.762,9	2.660,0	3.189,0	2.779,7	2.921,1	2.887,4	124,5	4,5
Custo salarial total	1.937,8	1.782,4	2.337,0	1.932,8	2.067,3	2.029,9	92,1	4,8
Custo salarial ordinario	1.669,0	1.725,1	1.780,3	1.710,6	1.704,2	1.730,0	61,0	3,7
Outros custos	825,1	877,6	851,9	846,9	853,8	857,6	32,4	3,9
Custo por percepción non salariais	122,6	176,5	132,3	125,1	142,3	144,0	21,4	17,5
Custo por cotización obrigatorias	709,6	709,9	731,0	731,9	730,7	725,9	16,3	2,3
Subvencións e bonificacións da S. Social	7,1	8,8	11,3	10,1	19,1	12,4	-0,1	-1,0
<b>Servizos</b>								
Custo total	2.350,2	2.333,1	2.432,7	2.385,7	2.567,8	2.429,8	79,6	3,4
Custo salarial total	1.741,8	1.714,9	1.820,3	1.765,7	1.938,5	1.809,9	68,0	3,9
Custo salarial ordinario	1.570,6	1.596,3	1.622,4	1.623,6	1.645,4	1.621,9	51,4	3,3
Outros custos	608,4	618,2	612,3	620,0	629,4	620,0	11,6	1,9
Custo por percepción non salariais	60,5	47,7	46,1	47,2	52,2	48,3	-12,2	-20,1
Custo por cotización obrigatorias	563,3	582,8	585,8	585,4	597,3	587,8	24,5	4,4
Subvencións e bonificacións da S. Social	15,3	12,2	19,6	12,6	20,1	16,1	0,1	0,8
<b>Total non primario</b>								
Custo total	2.476,7	2.427,5	2.573,7	2.497,3	2.706,4	2.551,2	74,5	3,0
Custo salarial total	1.823,0	1.765,3	1.918,9	1.835,1	2.036,0	1.888,8	65,8	3,6
Custo salarial ordinario	1.620,1	1.646,1	1.673,6	1.674,2	1.695,7	1.672,4	52,3	3,2
Outros custos	653,7	662,2	654,8	662,2	670,4	662,4	8,8	1,3
Custo por percepción non salariais	68,7	59,2	53,8	54,2	58,2	56,3	-12,4	-18,0
Custo por cotización obrigatorias	598,8	614,3	618,5	620,3	631,4	621,1	22,3	3,7
Subvencións e bonificacións da S. Social	13,9	11,3	17,4	12,3	19,1	15,0	0,0	-0,2

Fonte: INE, *Encuesta trimestral de costes laborales*.

de 2022. Segundo esta operación estatística, que recolle información sobre os custos laborais e os seus compoñentes nos sectores non primarios da economía, o custo laboral total medrou un 3% respecto a 2021; resultado do incremento do 3,6% do custo salarial total e dunha redución do 18% nos custos por percepción non salariais. Por sectores, os crecementos foron maiores na construción, cunha subida dos custos totais do 4,5% (do 4,8% do custo salarial total e do 17,5% dos custos por percepción non salariais); seguido dos servizos, 3,4% (alza do 3,9% do total e redución de 20,1% das percepción non salariais). Na industria o incremento foi moito máis moderado, tan só do 1,6%, resultado do aumento do 2,5% no custo salarial total e dunha importante caída do 30,2% nas percepción non salariais. Estas percepción non salariais recollen todos aqueles pagos efectuados ao traballador non incluídos nas epígrafes anteriores, e que se derivan da compensación polos gastos debidos á execución do seu traballo e ás indemnizacións por finalización de contrato. Este último aspecto pode estar detrás destas caídas tan relevantes na categoría de custo laboral: a reforma laboral que universaliza o contrato indefinido supón unha diminución na rotación do traballo temporal, polo que os importes a satisfacer polas finalización de contratos vense necesariamente reducidos.


## Recadro 1: Os números da última reforma laboral: unha avaliación preliminar

Desde 1984 a flexibilidade do mercado de traballo en España baseouse no "abuso" da contratación temporal en todos os sectores económicos. A súa utilización foi tan xeneralizada e cuantitativamente tan importante que a economía en xeral, e o benestar dos traballadores en particular, experimentaron notables impactos negativos. A falta de seguridade e estabilidade, a baixa satisfacción do traballador ou a falta de incentivo á formación afectaron a produtividade das empresas e xeraron unha enorme volatilidade do emprego ante cambios na demanda e, por suposto, unha menor produtividade agregada. Por todo isto, todas as reformas laborais aprobadas nas últimas décadas tiveron sempre entre os seus obxectivos a redución da temporalidade. O Real Decreto Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, que entrou en vigor por completo hai algo máis dun ano, é o último exemplo. Trátase dunha reforma diferente, froito do consenso dos axentes sociais e que supuxo un cambio moi significativo nas relacións laborais en España. A reforma suprime o contrato de obra ou servizo determinado, redefina as causas e límites temporais dos contratos por causa produtiva, impulsa a contratación en prácticas e, finalmente, potencia o contrato fixo discontinuo. Aínda que é certo que algunhas modificacións requiren dun período de análise máis amplo para poder valorar de maneira adecuada a magnitude do impacto, pasado xa un ano parece pertinente realizar unha primeira avaliación da reforma.



Partindo dunha análise puramente cuantitativa, a información estatística dispoñible indica que desde febreiro de 2022 a febreiro de 2023 o número de afiliados con contrato indefinido con xornada completa en Galicia se multiplicou por 1,13, o de indefinidos a xornada parcial por 1,3 e o de fixos discontinuos por 2 (é dicir, duplicouse). Mentres, os afiliados temporais a xornada completa reducíronse nun 36,7% e a xornada parcial nun 55,7%. En síntese, os afiliados con contrato indefinido en Galicia (traballadores, polo tanto, estables) suman en 2023 o 75,94% do total, cando un ano antes eran só o 65,25% (gráfico R1); e todo isto nun período de crecemento da ocupación e da afiliación no réxime xeral claramente inferior á amosada polo conxunto de España (3,41%), pero en todo caso significativa (1,74%).

Como consecuencia principal, a taxa de temporalidade acadou no primeiro trimestre de 2023 o 16,4%, o seu nivel mínimo desde 1987. En só un ano a reforma laboral reduciu a temporalidade do total de asalariados no réxime xeral en máis de 6 puntos porcentuais, o que mitiga o custo social asociado a un tipo de contratación que fomentaba os baixos salarios, a desigualdade da renda e os traballadores en risco de pobreza, nun contexto de crecemento da ocupación.



Como podemos observar no gráfico R2, a evolución no sector privado non ten nada que ver coa do sector público. O primeiro trimestre de 2023 ofrece a maior diferenza histórica entre ambas as taxas e confirma que un de cada tres empregos na Administración pública son temporais, especialmente na educación e na sanidade. Esta alta temporalidade no sector público non é aceptable, e desde 2021 a Administración está desenvolvendo procesos de estabilización de traballadores interinos cara a figuras permanentes, malia que a un ritmo máis lento do esperado.


En resumo, a reforma laboral está sendo moi efectiva para reducir a temporalidade do sector privado e fomentar o contrato fixo discontinuo (nun ano duplicouse o número de afiliados en alta con este tipo de contrato). Porén, non está logrando o seu terceiro obxectivo, o fomento do contrato de prácticas e formación. Entre febreiro de 2022 e febreiro de 2023 os afiliados con este tipo de contrato reducíronse tanto no conxunto de España (-8,3%) como en Galicia (-2,8%). Unha análise máis detallada debería identificar as causas deste retroceso dun dos mecanismos máis relevantes para asegurar a substitución xeracional nun contexto demográfico desfavorable.



## Recadro 2: A evolución do contrato fixo discontinuo en Galicia

A última reforma laboral, de decembro de 2021, impulsou a utilización da modalidade fixo discontinuo en vez da contratación temporal. Un contrato fixo discontinuo é un contrato indefinido que ten un carácter estacional e recolle a existencia de posibles períodos de actividade e inactividade. Está pensado para traballos en períodos intermitentes. Para o traballador este tipo de contrato ten importantes vantaxes como recoñecer a antigüidade da relación laboral e unha maior indemnización por despedimento.


Ata 2022 este tipo de contratación era totalmente marxinal e supoñía só o 0,8% dos contratos rexistrados en Galicia (anos 2020 e 2021). En 2022 asináronse un total de 65.063 contratos, o que supón o 7,7% do total. Como consecuencia, entre febreiro de 2022 e febreiro de 2023 duplicouse o peso deste tipo de contratación no total da afiliación do réxime xeral, pasando do 2,10% ao 4,13% (nesta estatística só se recollen aquelas persoas que están traballando -en alta- cun contrato fixo discontinuo, é dicir, as que están en período de actividade).



O problema que xorde en relación a este tipo de contrato tras o seu importante crecemento é que non é posible diferenciar nas estatísticas publicadas polo Servizo Público de Emprego cantos destes traballadores están en activo e cantos en período de inactividade. En calquera caso, estes traballadores nunca estarían contabilizados nas estatísticas de paro rexistrado estean ou non traballando, e así foi desde 1985. Non obstante, si é certo que o aumento dos fixos discontinuos desde a entrada en vigor da actual normativa podería ter producido posibles distorsións nos datos de desemprego ofrecidos polo Ministerio de Traballo e Economía Social. Ao cambiar un

contrato temporal por un contrato indefinido, o traballador no seu período de inactividade non se considera parado rexistrado; a diferenza do que ocorría xeralmente cando se extinguía o contrato temporal.

De todos os xeitos, este cambio normativo non afecta a definición de desempregado que utiliza a enquisa de poboación activa (EPA), a estatística que debemos seguir para analizar a evolución e características dos parados en Galicia, en España e en calquera rexión Europea, xa que é a única que segue a metodoloxía da Organización Internacional do Traballo (OIT). Para a EPA, un parado é aquela persoa de 16 ou máis anos que durante a semana de referencia estivo sen traballo, dispoñible para traballar e buscando de forma activa emprego. Polo tanto, desde este punto de vista, o impacto dos fixos discontinuos sobre a taxa de paro ou de emprego calculada pola EPA queda anulado.




Aínda que as diferenzas cuantitativas entre a cifra de parados estimada pola EPA e o paro rexistrado son relativamente reducidas e a súa evolución temporal é coherente, como mostra o gráfico R4, estamos ante conceptos distintos que proceden de fontes de diferente natureza. Non ter en conta as discrepancias existentes pode xerar confusión entre a opinión pública, pero tamén dificultar o éxito de determinadas políticas activas, que dirixidas a un colectivo (paro EPA) son deseñadas en función dun colectivo diferente (paro rexistrado). Pensemos que mentres para o paro rexistrado o concepto de demandante é esencial (inscripción na oficina pública de emprego), para a

EPA é irrelevante a efectos do paro; o importante neste caso é que o entrevistado estea realizando no período de referencia unha busca activa de emprego.

Para entender mellor a que nos estamos referindo realizamos un par de cálculos. No primeiro trimestre de 2023 o termo medio do paro rexistrado en Galicia é de 143.662 persoas, mentres que a EPA estima o número de parados en 133.789. A diferenza non é cuantitativamente moi relevante (un 7%), dadas as diferenzas no período temporal de referencia, o método de cálculo e a propia definición de desempleado utilizada. Pero, cando analizamos en detalle ambos os colectivos, as distancias aumentan de maneira significativa. A EPA realiza unha boa aproximación ao número de persoas que están inscritas nunha oficina pública de emprego, 238.058, fronte a 216.635, tendo en conta o problema da referencia temporal. Se usamos as dúas definicións, a suma de "parados" (tendo en conta que 108.233 dos parados EPA afirman na enquisa que están rexistrados) sería arredor de 160 mil. Polo tanto, o colectivo que figura como parado EPA e parado rexistrado é como máximo do 67%. Esta cifra seguramente sería moi inferior se puidésemos analizar os resultados desde un punto de vista "micro", tendo en conta se os entrevistados pola EPA están efectivamente no rexistro de demandantes como indican na enquisa. O *Consejo Superior de Estadística* a partir do grupo de traballo de *Estadísticas Coyunturales del Mercado Laboral* realiza cada dous anos un

informe titulado *Comparación de las magnitudes estadísticas de paro según la EPA y los datos del Servicio Público de Empleo*, a partir dos microdatos das dúas fontes<sup>1</sup>, obtendo que só para o 60% coincide a clasificación respecto ao paro no rexistro e na enquisa.

No caso de Galicia e para o primeiro trimestre de 2023 podemos ilustrar as diferenzas existentes comparando as pirámides de parados segundo ambas as fontes (gráfico R5). No paro rexistrado a poboación en idades avanzadas está sobrerrepresentada en relación ao paro EPA e ocorre xusto o contrario cando estudamos a situación dos máis novos no mercado laboral.



<sup>1</sup> [https://www.ine.es/daco/daco42/daco4211/compa\\_paro\\_2019.pdf](https://www.ine.es/daco/daco42/daco4211/compa_paro_2019.pdf)

## II. Sector agrario

- Os resultados do Censo agrario de 2020, publicados en 2022, indican que a dimensión económica media das explotacións agrarias en Galicia continúa sendo un terzo inferior á española, debido á súa reducida superficie (só un terzo da SAU/explotación en España).
- O núcleo produtivo do sector está constituído hoxe por unhas 9 mil explotacións, cuxa produción anual supera os 50 mil euros: estas son o 12% do total, pero concentran case a metade da superficie agraria e o 80% do *output*.
- O complexo agroalimentario mantén un importante peso na economía galega, achegando o 5,6% do VEB e o 6,3% do emprego. Pola súa parte, o complexo da madeira xera o 1,7% do VEB e o 2,3% do emprego.
- O contexto internacional caracterizouse en 2022 por unha nova alza dos prezos dos produtos gandeiros, moderada na carne e máis forte nos produtos lácteos, acompañada dun encarecemento das materias primas para a alimentación animal. Desde abril dese ano conséntase, porén, unha tendencia descendente dos prezos mundiais dos alimentos.
- A dinámica do sector agrario galego en 2022 estivo definida, en primeiro lugar, por un novo incremento do *output*, ao contrarrestar o crecemento da produción vexetal a caída da produción animal (incluído un pequeno descenso da produción láctea).
- O elemento máis destacado da conxuntura do sector foi, non obstante, a acusada alza dos prezos percibidos polos agricultores, tanto nas producións vexetais como nas gandeiras, que se acompañou dun encarecemento aínda maior dos insumos das explotacións.
- O resultado final foi un lixeiro aumento en 2022 da renda agraria por ocupado (1,2%), lonxe do estimado para a UE-27 (12,1%), pero que contrasta co seu empeoramento en España (-3,5%).
- Esa mellora da renda agraria en Galicia no último ano permitiu compensar unha parte do descenso sufrido en 2021 e, sobre todo, en 2020.



## A dinámica recente das estruturas agrarias: análise dos resultados do Censo Agrario 2020

O INE publicou en 2022 os resultados do Censo agrario de 2020 (CA20). Isto permítenos ter unha visión da dinámica da estrutura das explotacións agrarias en Galicia na última década e da súa realidade actual. De todos xeitos, debemos tomar con precaución eses datos debido aos cambios metodolóxicos introducidos neste último censo. Por unha parte, os límites de tamaño para incluír unha explotación no CA20 son algo menos restritivos que no anterior censo de 2009. Por outro lado, ao contrario dos censos precedentes, a obtención da información para o CA20 apoiouse esencialmente en rexistros administrativos, recorrendo só a unha recollida directa de información, a través de enquisas a unha mostra de explotacións, para certas variables.


Cadro núm. 1

**Número e superficie das explotacións agrarias en Galicia**  
Evolución 1982- 2020

		SAU / explotación		
		< 10 ha	>= 10 ha	Total
1982	Nº de explotacións	226.849	6.511	233.360
	SAU (ha)	504.363	112.422	616.785
1989	Nº de explotacións	161.059	9.723	170.782
	SAU (ha)	431.162	192.646	623.808
1999	Nº de explotacións	101.449	16.903	118.352
	SAU (ha)	301.067	356.063	657.130
2009	Nº de explotacións	62.836	18.338	81.174
	SAU (ha)	170.341	477.257	647.598
2020	Nº de explotacións	59.033	16.418	75.451
	SAU (ha)	138.829	459.164	597.993
TAV (%)	Nº de explotacións	-4,8	5,9	-4,4
1982-1989	SAU	-2,2	8,0	0,2
TAV (%)	Nº de explotacións	-4,5	5,7	-3,6
1989-1999	SAU	-3,5	6,3	0,5
TAV (%)	Nº de explotacións	-4,7	0,8	-3,7
1999-2009	SAU	-5,5	3,0	-0,1
TAV (%)	Nº de explotacións	-0,6	-1,0	-0,7
2009-2020	SAU	-1,8	-0,4	-0,7
TAV (%)	Nº de explotacións	-3,5	2,5	-2,9
1982-2020	SAU	-3,3	3,8	-0,1

Fonte: elaboración propia a partir de INE, *Censo Agrario 2020* e microdatos de *Censos Agrarios*.

tatamos que non só o proceso de modernización agraria é selectivo, senón que tende a ser cada vez máis esixente, facendo que se fose elevando o tamaño mínimo para que as explotacións resulten viables. Así, nas décadas de 1980 e 1990 medraba o número de explotacións en todos os intervalos por encima de 10 ha, alcanzando este aumento un ritmo importante (entre o 4% e o 6% anual) xa no estrato de 10-20 ha. No primeiro decenio deste século a desaparición pasou a afectar tamén as unidades de 10-20 ha, e o crecemento concentrouse nas de 30-50 ha e, sobre todo, nas maiores de 50 ha. Partindo desas tendencias, a imaxe que se desprende do CA20 sobre a evolución no período 2009-2020 é bastante sorprendente, porque apunta a unha relativa estabilización da estrutura das explotacións: diminúe o número de unidades produtivas en todos os estratos por baixo de 30 ha e aumenta por encima deste limiar, pero tanto as taxas de desaparición das pequenas e medianas como o crecemento das de maior tamaño son de magnitude modesta, moi inferior á das décadas precedentes (gráfico 1).



Con esas advertencias, o CA20 contabiliza en Galicia unhas 75.500 explotacións, case 6 mil menos que en 2009 e 42.900 menos que as existentes en 1999. Ampliando o horizonte temporal, as explotacións contabilizadas en 2020 supoñen só un terzo das que había en 1982, antes da integración na UE. Porén, se nos fiamos das cifras que veñen de publicarse, na última década o ritmo da desaparición de explotacións teríase freado de forma notable: dunha taxa anual de variación do -3,7% no período 1999-2009, e ritmos similares nos dous decenios precedentes, pasouse a tan só o -0,7% anual no período 2009-2020 (cadro 1).

Como é sabido, a desaparición de explotacións veuse concentrando nas de menor dimensión. Así, no conxunto das catro últimas décadas (1982-2020) as explotacións con menos de 10 ha de SAU (superficie agraria utilizada) reducíronse en case tres cuartas partes, mentres que se multiplicou por 2,5 a cifra das que superan ese limiar (cadro 1). Analizando con máis detalle os datos, cons-

Outro feito a destacar refírese á evolución do volume global da SAU, a superficie de cultivos e pastos xestionada polas explotacións. Despois dun pequeno incremento entre 1982 e 1999, a SAU reducírase lixeiramente no decenio 1999-2009. Pois ben, segundo o CA20 esta tendencia acentuouse na última década: no período 2009-2020 a SAU teríase contraído en Galicia en preto de 50 mil ha, o 7,7% da existente en 2009 (cadro 1). A consecuencia é que a SAU se limita aquí actualmente ao 20% da superficie xeográfica, unha porcentaxe inferior á metade da que se rexistra no conxunto do Estado.

Esa contracción da SAU provocou que no período 2009-2020, a pesar de seguir reducíndose o número de explotacións, se estancase e mesmo retrocedese lixeiramente a SAU media por explotación: de 7,98 ha en 2009 a 7,93 en 2020 (cadro 2). Deste modo, ampliouse o diferencial coa media española e en 2020 a SAU/explotación en Galicia límitase ao 30,3% da de España: 7,93 fronte a 26,14 ha (cadro 3). A reducida base

Cadro núm. 2

**Evolución da SAU media por explotación en Galicia**

	1982	1989	1999	2009	2020
SAU/explotación (ha)	2,64	3,65	5,55	7,98	7,93

Fonte: elaboración propia a partir de INE, *Censo Agrario 2020* e microdatos de *Censos Agrarios*.

Cadro núm. 3

**Compoñentes ou determinantes da produción/explotación. 2020**

	Galicia	España	Galicia/España (%)
Produción estándar total (PET)/ Explotación (euros)	31.794	49.371	64,40
Compoñente estrutural SAU/expl. (ha)	7,93	26,14	30,32
Compoñente Intensificación PET/ha SAU (euros)	4.012	1.889	212,38

Fonte: elaboración propia a partir de INE, *Censo Agrario 2020*.

Cadro núm. 4

**Evolución do número de UTA\* segundo a SAU das explotacións en Galicia**


SAU / explotación	1982	1989	1999	2009	2020
< 10 ha	274.790	180.468	111.701	58.461	23.627
>= 10 ha	13.919	19.093	33.004	28.972	23.811
<b>Total</b>	<b>288.709</b>	<b>199.561</b>	<b>144.704</b>	<b>87.433</b>	<b>47.438</b>

\* unidades de traballo ano.


Fonte: elaboración propia a partir de INE, *Censo Agrario 2020* e microdatos de *Censos Agrarios*.

completo nas explotacións agrarias contabilizados polo CA20 é inferior á cifra de ocupados no sector estimada pola EPA: 47.400 UTA no censo, fronte a 49.400 persoas ocupadas no sector agrario en 2020 segundo a EPA. Isto apunta en dúas direccións: i) o peso cada vez menor das persoas que participan no traballo das explotacións sen que a agricultura sexa a súa actividade principal; ii) e/ou que parte dos contabilizados como ocupados agrarios na EPA realizan un número limitado de xornadas de traballo no sector.

**Gráfico 2**  
Porcentaxe que representan as UTA asalariadas sobre o total de UTA segundo a SAU da explotación. Galicia 2020



**Gráfico 3.**  
Peso das explotacións agrarias por estratos de dimensión económica nas principais variables do sector. Galicia 2020



territorial segue constituíndo así o factor esencial que lastra a produción e a viabilidade económica das explotacións galegas. En concreto, segundo o CA20 a produción estándar/explotación limitase en Galicia ao 64,4% da media española. Pois ben, iso débese integramente á *compoñente estrutural*, a reducida SAU/explotación (apenas o 30% da de España). Mentres que a *compoñente intensificación*, a produción obtida por hectárea, máis que duplica a media estatal: 4.012 fronte a 1.889 euros/ha de SAU (cadro 3).


En contraste coa relativa estabilización do número de explotacións que indica o CA20, o volume de man de obra agraria, medido en unidades de traballo ano (UTA)<sup>1</sup>, continuou diminuindo en Galicia a un ritmo moi intenso no período 2009-2020, reducíndose case á metade (-45,7%) neses 11 anos (cadro 4). Trátase dun ritmo de caída claramente superior ao que indica para o mesmo período a Enquisa de poboación activa, a pesar de que estas últimas cifras inclúen o traballo na silvicultura. O resultado é que, a diferenza do que viña sucedendo nas décadas precedentes, o número de traballadores equivalentes a tempo

A man de obra nas explotacións agrarias galegas segue sendo de forma moi predominante familiar, pero conséntase un peso crecente do traballo asalariado, que en 2020 supón xa o 26% das UTA. Ademais, a importancia relativa do traballo asalariado aumenta co tamaño das explotacións, sobre todo para aquelas por encima de 20 ha de SAU, ata alcanzar o 47% das UTA nas de 20-30 ha e o 69% nas maiores de 50 ha (gráfico 2). Isto chama a atención sobre un feito non suficientemente salientado: o papel relevante, e cada vez maior, que está adquirindo a man de obra asalariada no segmento máis *profesional* da nosa agricultura, as explotacións de mediana e sobre todo elevada dimensión. Aínda que estes datos do CA20 requiren un importante matiz ou precisión: unha boa parte dos clasificados como asalariados son en realidade membros de explotacións que asumiron a forma de sociedade ou outra persoa xurídica (SAT, comunidade de bens etc.) e que seguen tendo un carácter esencialmente familiar.

A clasificación das explotacións segundo a súa dimensión económica (medida pola produción estándar total, PET) pon de manifesto a crecente heteroxeneidade interna do sector agrario galego, que fai que as medias agregadas teñan un significado cada vez máis limitado (gráfico 3). Así, segundo o CA20, as unidades cunha produción

<sup>1</sup> Unha UTA equivale ao traballo realizado por unha persoa a tempo completo ao longo dun ano. Nos censos agrarios isto equivale a 1.800 horas de traballo (8 horas diarias \* 225 xornadas ao ano).

anual inferior a 8 mil euros supoñen aínda preto de dous terzos do total, pero xestionan menos do 20% da SAU e achegan só o 5,3% do *output*. Mentres, no extremo contrario, as explotacións cun valor anual da produción igual ou superior a 50 mil euros son só o 11,7% (menos de 9 mil en cifras absolutas), mais concentran case a metade (46,3%) da SAU e xeran o 80% da produción agraria. Dentro deste conxunto destacan, principalmente, aquelas cunha produción anual superior a 100 mil euros, que constitúen o núcleo central da agricultura profesional en Galicia: unhas 5 mil explotacións (apenas o 7% do total), pero que achegan en 2020 case o 70% do *output* do sector (gráfico 3).



Finalmente, no gráfico 4 representamos, a partir dos datos do CA20, a distribución das explotacións, da SAU e da produción estándar segundo a orientación produtiva. O principal feito a salientar é o predominio das unidades especializadas nas ramas bovinas. As orientacións técnico-económicas (OTE) bovino de leite, bovino de carne e bovino mixto suman o 30% das explotacións e concentran dous terzos da SAU e case a metade do valor da produción; só as explotacións lácteas achegan o 35% do *output* agrario. O núcleo central da agricultura galega profesional ao que nos referimos anteriormente localízase esencialmente nestas ramas, en particular no leite: das explotacións cunha produción anual superior a

50 mil euros, o 56% están no sector lácteo e o 10% no vacún de carne. Como notas adicionais cabe apuntar: i) o importante peso produtivo das explotacións especializadas na gandería sen terras (porcino e aves), que son só o 2,2% do total e xestionan unha porcentaxe similar da SAU, pero achegan o 31,4% do *output* agrario; ii) a relevancia modesta das unidades especializadas nas producións vexetais, a pesar do elevado número de explotacións vitícolas que contabiliza o CA20; iii) o mantemento dun segmento de explotacións non especializadas, relevante en termos sociais (máis do 40% do total) e na xestión do territorio (24% da SAU), que só xeran o 11% da produción agraria (gráfico 4).

## A dinámica do complexo agroalimentario e do complexo da madeira no período 1995-2020

### Complexo de produción agroalimentario

Das 72 ramas que distingue o IGE nas súas *Contas Económicas de Galicia-Revisión Estatística 2019*, seis integran o complexo de produción agroalimentario (CPA): agricultura, gandería, caza e servizos relacionados; procesamento e conservación de carne e elaboración de produtos cárnicos; fabricación de produtos lácteos; fabricación de produtos para a alimentación animal; outras industrias alimentarias e fabricación de bebidas.

Cadro núm. 5

Evolución do valor engadido bruto (VEB) do complexo agroalimentario en Galicia

	Base 2000		Revisión estatística 2019						
	1995	2000	2000	2008	2010	2015	2018	2019	2020
<b>Millóns de euros correntes</b>									
Agricultura, gandería e caza	892,3	856,9	1.154,0	1.729,1	1.471,0	1.927,1	1.808,6	2.024,8	1.835,4
Industria agroalimentaria	428,4	532,7	592,9	919,3	770,3	964,2	1.071,7	1.212,7	1.193,1
Industria cárnica	66,6	91,9	138,4	178,2	178,8	245,1	246,2	296,1	297,2
Industria láctea	78,8	75,7	111,5	185,0	99,3	136,6	136,6	125,1	139,1
Industria alimentación animal	65,4	65,8	55,1	109,3	78,5	67,6	80,9	84,9	91,5
Outras industrias alimentarias	145,2	186,0	197,0	291,3	209,0	239,6	287,9	294,2	280,4
Industria de bebidas	72,5	113,3	90,9	155,5	204,7	275,3	320,0	412,4	385,0
<b>Total complexo</b>	<b>1.320,8</b>	<b>1.389,5</b>	<b>1.746,8</b>	<b>2.648,4</b>	<b>2.241,3</b>	<b>2.891,3</b>	<b>2.880,3</b>	<b>3.237,5</b>	<b>3.028,5</b>
<b>% sobre o total do complexo</b>									
Agricultura, gandería e caza	67,6	61,7	64,4	63,8	63,9	66,7	62,8	62,5	60,6
Industria agroalimentaria	32,4	38,3	35,6	36,2	36,1	33,3	37,2	37,5	39,4
Industria cárnica	5,0	6,6	7,3	5,5	6,6	8,5	8,5	9,1	9,8
Industria láctea	6,0	5,4	6,9	7,6	5,0	4,7	4,7	3,9	4,6
Industria alimentación animal	4,9	4,7	3,4	4,3	3,7	2,3	2,8	2,6	3,0
Outras industrias alimentarias	11,0	13,4	11,9	11,9	10,2	8,3	10,0	9,1	9,3
Industria de bebidas	5,5	8,2	6,1	6,9	10,5	9,5	11,1	12,7	12,7
<b>Total complexo</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>

Os datos de 2020 son provisionais.

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- IGE, *Contas Económicas. Base 2000. Serie 1995-2001*.

- IGE, *Contas Económicas de Galicia. Revisión estatística 2019. Serie 2000-2020*.



Este complexo mantén un importante peso na economía galega, ao achegar en 2020 o 5,6% do VEB e o 6,3% do emprego, porcentaxes que superan a media española e en maior medida a da UE.

Na dinámica rexistrada polo complexo ao longo das dúas primeiras décadas deste século podemos diferenciar catro períodos, estreitamente ligados coa conxuntura económica. Neste sentido, hai que lembrar que os alimentos se caracterizan en xeral pola súa baixa elasticidade-renda; o que provoca que nas etapas de expansión económica o CPA tenda a perder peso no conxunto da economía, mentres que nas etapas de recesión se ve menos afectado que outros sectores, estabilizándose ou mesmo aumentando o seu peso relativo. Así, observamos que o peso deste complexo no VEB, e aínda máis no emprego, se reduciu de forma notable na fase de expansión económica de 1995-2007, para estabilizarse e mesmo aumentar no período de crise 2008-2013 e proseguir o seu declive relativo coa recuperación económica dos anos 2014-2018. Pois ben, nese contexto, a crise en 2020 provocada pola COVID-19 orixinou unha nova alza temporal do peso do complexo, tanto no VEB como no emprego (cadros 5, 6 e 7).

Cadro núm. 6

**Evolución do emprego no complexo agroalimentario en Galicia. Período 1995-2020**

Postos de traballo equivalentes a tempo completo (miles)

	Base 2000		Revisión estatística 2019						
	1995	2000	2000	2008	2010	2015	2018	2019	2020
Agricultura, gandería e caza	182,4	133,3	119,9	58,8	56,7	38,0	44,6	41,5	38,7
Industria agroalimentaria	16,3	18,6	16,3	19,9	20,1	18,4	20,6	21,0	20,6
Industria cárnica	2,5	2,9	4,3	5,4	5,3	4,4	4,8	4,7	4,7
Industria láctea	1,8	1,7	1,9	2,1	2,0	1,9	2,2	2,2	2,4
Industria alimentación animal	1,3	1,2	1,4	1,6	1,5	1,2	1,5	1,6	1,6
Outras industrias alimentarias	9,1	10,9	6,9	8,0	8,4	8,2	9,2	9,5	8,8
Industria de bebidas	1,6	1,9	1,9	2,9	2,9	2,6	2,9	3,0	3,0
<b>Total complexo</b>	<b>198,6</b>	<b>151,9</b>	<b>136,2</b>	<b>78,7</b>	<b>76,8</b>	<b>56,3</b>	<b>65,2</b>	<b>62,5</b>	<b>59,3</b>

Os datos de 2020 son provisionais.

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- IGE, *Contas Económicas. Base 2000. Serie 1995-2001.*
- IGE, *Contas Económicas de Galicia. Revisión estatística 2019. Serie 2000-2020.*

No que respecta á estrutura do CPA, este continúa caracterizándose en Galicia polo predominio do sector agrario e o limitado desenvolvemento da industria agroalimentaria, sen que o panorama se modificase de modo substancial nas dúas últimas décadas. Así, en 2020 o sector agrario achegaba o 60,6% do VEB do complexo, porcentaxe non moi inferior á do ano 2000 (64,4%) (cadro 5). As mudanzas foron máis importantes desde a perspectiva do emprego: o acelerado axuste da poboación ocupada na produción primaria, fronte ao seu incremento na industria transformadora, fixo que o emprego agrario pasase do 88% do total do complexo en 2000 ao 65,3% en 2020 (cadro 6). En todo caso, o peso relativo da industria agroalimentaria no CPA seguía limitándose en 2020 ao 39,4% do VEB e o 34,7% do emprego, en contraste co que constatamos en España e na UE, onde supera o 50%. Este trazo diferencial do noso CPA ten a súa orixe en dous factores que, con algúns matices, se manteñen ata hoxe: a) unha parte significativa da produción agraria é transformada fóra de Galicia, co que perdemos o valor engadido e o emprego xerado na súa transformación industrial; b) ademais, a agroindustria galega continúa especializada en xeral en produtos de baixo valor engadido.

Cadro núm. 7

**Evolución do peso do complexo agroalimentario no conxunto da economía galega**

	Base 2000		Revisión estatística 2019						
	1995	2000	2000	2008	2010	2015	2018	2019	2020
<b>VEB (%)</b>									
Agricultura, gandería e caza	3,7	2,5	3,7	3,2	2,8	3,8	3,2	3,5	3,4
Industria agroalimentaria	1,8	1,6	1,9	1,7	1,5	1,9	1,9	2,1	2,2
Industria cárnica	0,3	0,3	0,4	0,3	0,3	0,5	0,4	0,5	0,6
Industria láctea	0,3	0,2	0,4	0,3	0,2	0,3	0,2	0,2	0,3
Industria alimentación animal	0,3	0,2	0,2	0,2	0,2	0,1	0,1	0,1	0,2
Outras industrias alimentarias	0,6	0,6	0,6	0,5	0,4	0,5	0,5	0,5	0,5
Industria de bebidas	0,3	0,3	0,3	0,3	0,4	0,5	0,6	0,7	0,7
<b>Total complexo</b>	<b>5,5</b>	<b>4,1</b>	<b>5,5</b>	<b>4,9</b>	<b>4,3</b>	<b>5,8</b>	<b>5,1</b>	<b>5,6</b>	<b>5,6</b>
<b>Postos de traballo (%)</b>									
Agricultura, gandería e caza	18,3	12,3	11,6	5,0	5,3	4,0	4,4	4,0	4,1
Industria agroalimentaria	1,6	1,7	1,6	1,7	1,9	1,9	2,0	2,0	2,2
Industria cárnica	0,2	0,3	0,4	0,5	0,5	0,5	0,5	0,5	0,5
Industria láctea	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,3
Industria alimentación animal	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,2
Outras industrias alimentarias	0,9	1,0	0,7	0,7	0,8	0,9	0,9	0,9	0,9
Industria de bebidas	0,2	0,2	0,2	0,2	0,3	0,3	0,3	0,3	0,3
<b>Total complexo</b>	<b>19,9</b>	<b>14,0</b>	<b>13,1</b>	<b>6,7</b>	<b>7,1</b>	<b>5,9</b>	<b>6,5</b>	<b>6,1</b>	<b>6,3</b>

Os datos de 2020 son provisionais.

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- IGE, *Contas Económicas. Base 2000. Serie 1995-2001.*
- IGE, *Contas Económicas de Galicia. Revisión estatística 2019. Serie 2000-2020.*



## Complexo da madeira

O complexo da madeira integra catro ramas das *Contas Económicas de Galicia-Revisión Estatística 2019* publicadas polo IGE: silvicultura e explotación forestal; industria da madeira e da cortiza; industria do papel e fabricación de mobles. En 2020 xerou un VEB de 939 millóns de euros (1,7% da economía galega) e deu emprego a 22.100 persoas (2,3% do total). No referido á súa dinámica a medio prazo, lembremos que este complexo se vira fortemente afectado pola crise económica que estalou en 2008, debido á ligazón da industria da madeira e da cortiza e da fabricación de mobles coa construción e o mercado inmobiliario. Isto foi seguido dunha recuperación no período 2014-2018, que permitiu alcanzar de novo neste último ano os valores previos á crise. Pois ben, os datos máis recentes do IGE mostran unha evolución negativa deste complexo nos anos 2019 e 2020, cunha caída do VEB próxima ao 17% no bienio e unha lixeira redución tamén do emprego (cadros 8 e 9). Non obstante, todo fai pensar que estamos perante un fenómeno conxuntural, dados os indicios existentes sobre unha dinámica positiva do sector forestal en 2021 e 2022.

Cadro núm. 8

### Evolución do valor engadido e do emprego no complexo da madeira en Galicia

Valor engadido bruto	Base 2000		Revisión estatística 2019						
	1995	2000	2000	2008	2010	2015	2018	2019	2020
<b>Millóns de euros correntes</b>									
Silvicultura, explotación forestal e actividades dos servizos relacionados	182,5	245,8	342,4	437,3	394,6	394,8	417,1	397,1	393,3
Industria da madeira e da cortiza	278,1	344,9	206,8	317,4	249,6	268,7	323,8	318,5	303,9
Industria do papel	127,5	158,2	157,6	137,0	150,0	156,9	230,1	145,8	121,6
Fabricación de mobles			121,7	217,5	175,7	124,6	156,4	169,1	120,2
<b>Total complexo</b>	<b>588,1</b>	<b>749,0</b>	<b>828,4</b>	<b>1.109,3</b>	<b>970,0</b>	<b>945,1</b>	<b>1.127,4</b>	<b>1.030,5</b>	<b>939,0</b>
<b>Emprego</b>									
	Base 2000		Revisión estatística 2019						
	1995	2000	2000	2008	2010	2015	2018	2019	2020
<b>Postos de traballo (miles)</b>									
Silvicultura, explotación forestal e actividades dos servizos relacionados	3,8	6,7	5,0	7,1	6,2	7,4	9,1	9,2	9,1
Industria da madeira e da cortiza	11,3	14,1	13,3	10,8	9,4	6,9	7,8	7,7	7,2
Industria do papel	1,1	1,0	1,2	1,7	1,8	1,7	1,9	1,9	1,8
Fabricación de mobles			9,6	7,3	6,2	4,1	4,7	5,1	4,0
<b>Total complexo</b>	<b>16,2</b>	<b>21,8</b>	<b>29,1</b>	<b>26,9</b>	<b>23,6</b>	<b>20,1</b>	<b>23,5</b>	<b>23,8</b>	<b>22,1</b>

Os datos de 2020 son provisionais.

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- IGE, *Contas Económicas. Base 2000. Serie 1995-2001.*
- IGE, *Contas Económicas de Galicia. Revisión estatística 2019. Serie 2000-2020.*

Cadro núm. 9

### Evolución do peso do complexo da madeira no conxunto da economía galega

VEB (%)	Base 2000		Revisión estatística 2019						
	1995	2000	2000	2008	2010	2015	2018	2019	2020
Silvicultura, explotación forestal e actividades dos servizos relacionados	0,8	0,7	1,1	0,8	0,8	0,8	0,7	0,7	0,7
Industria da madeira e da cortiza	1,2	1,0	0,7	0,6	0,5	0,5	0,6	0,6	0,6
Industria do papel	0,5	0,5	0,5	0,3	0,3	0,3	0,4	0,3	0,2
Fabricación de mobles			0,4	0,4	0,3	0,2	0,3	0,3	0,2
<b>Total</b>	<b>2,7</b>	<b>2,6</b>	<b>2,6</b>	<b>2,0</b>	<b>1,9</b>	<b>1,9</b>	<b>2,0</b>	<b>1,8</b>	<b>1,7</b>
<b>Postos de traballo (%)</b>									
Silvicultura, explotación forestal e actividades dos servizos relacionados	0,4	0,6	0,5	0,6	0,6	0,8	0,9	0,9	1,0
Industria da madeira e da cortiza	1,1	1,3	1,3	0,9	0,9	0,7	0,8	0,7	0,8
Industria do papel	0,1	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
Fabricación de mobles			0,9	0,6	0,6	0,4	0,5	0,5	0,4
<b>Total</b>	<b>2,1</b>	<b>2,6</b>	<b>2,8</b>	<b>2,3</b>	<b>2,2</b>	<b>2,1</b>	<b>2,3</b>	<b>2,3</b>	<b>2,3</b>

Os datos de 2020 son provisionais.

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- IGE, *Contas Económicas. Base 2000. Serie 1995-2001.*
- IGE, *Contas Económicas de Galicia. Revisión estatística 2019. Serie 2000-2020.*

A redución do VEB no bienio 2019-2020 afectou as catro ramas que forman o complexo, pero foi especialmente significativa na fabricación de mobles e, sobre todo, na industria do papel; o que acentuou o trazo estrutural que viña caracterizando o complexo da madeira en Galicia: o feito de que este se centra fundamentalmente na produción primaria (cortas de madeira) e na industria de primeira transformación (cadro 8). Mentres, o peso relativo da industria do papel e da fabricación de mobles é baixo no contexto español.

## Tendencias a medio prazo do sector agrario (1990-2020)

O cadro 10 recolle a evolución das principais macromagnitudes do sector agrario galego en euros correntes no período 1990-2020, segundo as contas económicas da agricultura publicadas polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA). Catro son as notas que definen as tendencias nas tres últimas décadas.

- O valor económico da produción agraria experimentou un crecemento significativo: 154,1% nos 30 anos, o que supón unha taxa media acumulativa anual do 3,2%.
- Esa expansión do *output* acompañouse, porén, dunha suba moito máis moderada da renda do sector en euros correntes (60,2%). Isto debeuse ao forte aumento dos consumos intermedios, que se multiplicaron por 4,2 nos 30 anos, e ao incremento tamén das amortizacións do capital fixo, que se multiplicaron por 2,6. Detrás do crecemento destas dúas partidas están os cambios operados na tecnoloxía produtiva (uso crecente de insumos intermedios e bens de capital fixo) e tamén a alza maior dos prezos pagados polos insumos en comparación cos prezos percibidos polos agricultores<sup>2</sup>.
- O terceiro feito a salientar foi o fortísimo axuste do emprego, que se concreta en que a poboación ocupada se reduciu a menos de unha quinta parte do seu volume inicial (-83,1%).
- Esa acelerada diminución da man de obra fixo que a produción obtida por cada agricultor se multiplicase por 15. E, a pesar da deterioración da relación entre os prezos percibidos e os prezos pagados, isto posibilitou que a renda por ocupado experimentase un notable incremento, multiplicándose por 9,5 en euros correntes (de 2.700 euros en 1990 a 26 mil en 2020).

En suma, o sector agrario galego conta hoxe (en 2020) con menos de unha quinta parte dos traballadores que tiña hai tres décadas, pero estes xeran unha produción 2,5 veces superior á de 1990; o que fixo posible que a renda por ocupado en 2020 multiplique por 10 a de 30 anos antes.

Cadro núm. 10

**Evolución das macromagnitudes do sector agrario galego e do seu peso na agricultura española\***

	Millóns de euros correntes							Poboación ocupada (miles)	Renda agraria/ocupado (miles de euros)
	(A) Produción agraria	(B) Consumos intermedios	(C = A-B) VEB a prezos básicos	(D) Amortizacións (consumo de capital fixo)	(E) Outras subvencións á produción	(F) Outros impostos sobre a produción	Renda agraria (VENcf) (C-D+E-F)		
<b>Cifras absolutas</b>									
1990	1.470,8	505,0	965,7	181,2	17,9	1,5	800,8	292,4	2,7
2000	1.653,7	788,3	865,4	266,1	23,9	2,0	621,1	140,0	4,4
2011	3.078,5	1.645,8	1.432,7	400,7	245,8	10,5	1.267,4	64,8	19,6
2012	3.191,8	1.763,7	1.428,1	421,4	227,4	9,5	1.224,6	59,3	20,7
2013	3.653,7	1.959,0	1.694,7	441,9	203,2	10,1	1.445,8	56,3	25,7
2014	3.594,4	1.875,7	1.718,7	454,1	221,3	12,3	1.473,6	49,1	30,0
2015	3.690,8	1.868,2	1.822,6	461,7	161,0	13,8	1.508,1	45,6	33,1
2016	3.472,1	1.708,2	1.763,9	449,6	197,8	15,7	1.496,4	49,2	30,4
2017	3.482,1	1.793,7	1.688,3	452,6	197,3	14,2	1.418,8	55,4	25,6
2018	3.648,3	1.939,5	1.708,8	461,4	186,6	17,3	1.416,7	52,3	27,1
2019	3.865,3	1.934,3	1.931,1	472,3	190,6	18,3	1.631,0	49,9	32,7
2020	3.737,6	2.143,0	1.594,6	477,9	183,0	16,8	1.282,8	49,4	26,0
<b>% variación</b>									
1990-2000	12,4	56,1	-10,4	46,8	33,2	27,9	-22,4	-52,1	62,0
2000-2020	126,0	171,9	84,3	79,6	666,8	748,2	106,5	-64,7	485,3
1990-2020	154,1	324,3	65,1	163,7	921,6	985,2	60,2	-83,1	848,1
<b>Galicia/España (%)</b>									
1990	6,0	5,7	6,2	9,2	6,1	3,0	5,8	21,0	27,7
2000	4,6	5,9	3,8	9,6	1,8	1,5	2,9	14,5	20,2
2011	7,5	8,3	6,7	8,5	4,1	4,0	5,7	8,9	63,9
2016	7,2	8,1	6,5	8,8	3,4	4,1	5,4	6,7	81,2
2019	7,5	8,1	6,9	8,7	3,1	3,7	5,8	6,6	88,7
2020	7,2	8,9	5,7	8,6	3,2	3,7	4,7	6,8	68,2

\*Rama Agricultura, gandería, caza e actividades dos servizos relacionados.

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- MAPA (Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación): *Cuentas Económicas de la Agricultura. Resultados nacionales 1990-2020*;

*Resultados Renta Agraria Regional (serie histórica 1990-2000)*; *Cuentas Económicas de la Agricultura. Resultados regionales 2011-2020*.

- INE, EPA.

Se comparamos esa evolución coa da agricultura española, as conclusións poden resumirse así (cadro 10).


<sup>2</sup> Ver máis adiante: cadro 17.

- O valor económico da produción agraria (resultado da dinámica combinada do *output* real e dos prezos) rexistrou en Galicia neses 30 anos un crecemento maior que en España, facendo que o noso peso na produción agraria española ascendese do 6,0% ao 7,2%.
- Isto acompañouse, porén, dun incremento máis forte dos consumos intermedios (o gasto das explotacións en *inputs* correntes). Esta circunstancia limitou o crecemento do valor engadido e fixo que o peso da agricultura galega no VEB agrario español mesmo diminuíse lixeiramente, do 6,2% ao 5,7%.
- Se a iso unimos o menor aumento das subvencións<sup>3</sup>, o resultado é que, a pesar da expansión maior do valor da produción, a renda do sector rexistrou en Galicia unha evolución máis desfavorable: a participación do noso agro na renda agraria de España baixou do 5,8% ao 4,7%.
- Cunha dinámica produtiva mellor e un comportamento máis desfavorable en cambio da renda agregada, a principal singularidade da evolución do sector en Galicia estivo na intensidade alcanzada polo axuste da man de obra. Se en 1990 a agricultura galega xeraba o 5,8% da renda agraria española co 21% dos agricultores, en 2020 obtiña o 4,7% da renda pero só co 6,8% da poboación ocupada agraria de España (a participación no emprego agrario español baixou a menos de un terzo da que se rexistraba 30 anos atrás).
- Esa intensidade moito maior do axuste do emprego posibilitou unha notable converxencia da renda por ocupado, que pasou do 27,7% ao 68,2% da media da agricultura española. Noutras palabras, se en 1990 a renda que obtiña cada agricultor galego se limitaba a pouco máis de unha cuarta parte da media do sector en España, en 2020 supera os dous terzos. Contamos cada vez con menos agricultores, pero estes obteñen unha renda media moito máis próxima ao estándar español, se ben lonxe aínda de completar a converxencia.

## A conxuntura agraria en 2022: contexto internacional, na Unión Europea e en España

### Evolución dos prezos internacionais das *commodities* agrarias

Partindo desas tendencias a medio prazo, a conxuntura do sector agrario galego en 2022 estivo marcada, en primeiro lugar, pola evolución dos mercados internacionais. Desde xuño de 2020 o índice da FAO sobre prezos dos alimentos en termos reais experimentou unha forte tendencia á alza, ata alcanzar o pico en marzo de 2022 co valor máis alto das tres últimas décadas. A partir de aí, desde abril de 2022 ata marzo de 2023 (últimas cifras dispoñibles) o índice mostra unha caída continua, pero manténdose en niveis historicamente elevados: a finais de 2022 seguía superando o anterior máximo deste século, alcanzado en 2010. O resultado é que a media anual deste índice rexistrou en 2021 un incremento do 26,1% respecto a 2020, e en 2022 asistimos a unha nova alza do 12,4% (gráfico 5). A forte tendencia alcista que se constata globalmente no bienio 2021-2022 pode estar relacionada en parte cos efectos da guerra en Ucraína. Pero este non é, nin moito menos, o único factor explicativo, como se deduce da simple análise dos datos: o aumento dos prezos dos alimentos nos mercados mundiais comezou no verán de 2020, un ano e medio antes do estalido da guerra; e, se o conflito bélico contribuíu inicialmente a acelerar esa alza, desde abril de 2022 asistimos a unha moderación dos prezos a pesar de continuar a guerra.



Dos cinco grupos de produtos que distingue a FAO<sup>4</sup> interésannos en particular, polo seu peso no agro galego, a carne e os produtos lácteos. A carne, que fora o produto máis afectado pola crise da COVID-19, sufrindo en 2020 unha caída do seu prezo medio do 4%, experimentou en 2021 e 2022 alzas significativas (11% e 8,4%, respectivamente), mais en comparación moderadas, as menores dos cinco grupos de produtos considerados. O aumento foi moito maior nas cotizacións dos produtos lácteos (15,1% e 17,5%, respectivamente), en especial no ano 2022 no que superou os restantes grupos de produtos.

A alza nos prezos dos produtos gandeiros (leite e carne) acompañouse no conxunto do bienio 2021-2022 dunha suba moito maior das cotizacións

<sup>3</sup> Como se deduce do cadro 10, a ratio subvencións/produción agraria limitábase en Galicia en 2020 ao 4,9%, menos da metade da media española (11%).

<sup>4</sup> No gráfico 5 representamos os datos de catro deses grupos de produtos (carne, produtos lácteos, cereais, óleos e graxas). Prescindimos do azucre debido á súa carencia de interese para o agro galego.

internacionais das materias primas para a alimentación do gando, ata alcanzar valores descoñecidos no que levamos de século. Esta suba afectou en especial os aceites e graxas (63,2% en 2021, 12% en 2022), mais estendeuse tamén aos cereais (25,2% e 16%, respectivamente). O resultado desde a perspectiva galega foi unha conxuntura global dos mercados internacionais desfavorable en 2021, xa que a alza das cotizacións das materias primas para a alimentación animal superou amplamente o aumento dos prezos dos produtos gandeiros. Mentres, esa conxuntura é máis favorable en 2022, se ben con matices: a suba das cotizacións das *commodities* lácteas superou este ano a dos cereais e os aceites e graxas; cousa que non sucedeu, en cambio, para a carne (gráfico 5).

### Conxuntura do sector na Unión Europea e en España

Condicionada por este contexto internacional, a dinámica do sector agrario na UE-27 presenta un balance global positivo tanto en 2021 como en 2022. En concreto, esa dinámica estivo marcada por dúas notas principais<sup>5</sup>.

- O significativo crecemento do *output* en 2021 e aínda con máis forza en 2022. No primeiro ano o crecemento centrouse case exclusivamente na produción vexetal, ante o estancamento do valor en termos reais da produción animal. Mentres, en 2022 a expansión desta última foi moito maior.
- Un aumento a taxas similares dos prezos percibidos e dos prezos pagados polos agricultores, aínda que cunha lixeira deterioración da relación de prezos para os produtores agrarios. Afinando máis, a alza dos prezos percibidos en 2021 foi maior nas ramas vexetais, en tanto que o contrario sucede en 2022, cun maior crecemento dos prezos gandeiros.

Cadro núm. 11

**Evolución da renda global e da renda por ocupado no sector agrario en Galicia, España e a UE**  
Taxas de variación anuais (en %)

	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021 **	2022 **
<b>Galicia</b>								
Renda agraria <sup>1</sup>	6,7	-0,5	-7,1	-1,8	14,4	-21,1	-5,3 *	1,8 *
Man de obra (ocupados)	-7,1	7,9	12,6	-5,6	-4,6	-1,0	-4,7	0,6
Renda/ocupado	14,8	-7,8	-17,5	4,0	19,9	-20,3	-0,6 *	1,2 *
<b>España</b>								
Renda agraria <sup>1</sup>	4,2	12,5	4,5	-2,6	-4,1	-2,7	4,6	-9,3
Man de obra (UTA)	-0,7	1,3	5,1	-0,8	-1,2	-0,4	6,3	-6,1
Renda/UTA	5,0	11,1	-0,5	-1,7	-3,4	-2,3	-1,6	-3,5
<b>Unión Europea (UE-27)</b>								
Renda agraria <sup>1</sup>	-3,9	1,3	10,1	-3,5	1,6	-4,3	3,0	11,2
Man de obra (UTA)	-1,8	2,1	-4,2	-1,0	-2,0	-9,7	-0,9	-1,9
Renda/UTA	-2,2	-0,8	14,8	-2,4	3,6	6,1	3,9	12,1

<sup>1</sup> VENCf en moeda constante.

\* Estimacións propias.


\*\* Os datos de 2021 son un avance e os de 2022 unha estimación.

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- Eurostat, *Economic Accounts for Agriculture*.


- MAPA, *Cuentas Económicas de la Agricultura*. Resultados nacionales. Resultados regionales.

- INE, EPA.



Segundo as estimacións de Eurostat, o resultado final foi un incremento da renda do sector en euros constantes do 3% en 2021, que se acelerou ata o 11,2% en 2022. Dada a lixeira diminución que seguiu experimentando o volume da man de obra, iso posibilitou unha suba maior da renda por UTA (unidade de traballo ano): 3,9% en 2021 e 12,1% en 2022 (cadro 11). Deste modo, desde 2017 a agricultura comunitaria acumula unha mellora case continua e bastante significativa da renda por ocupado (gráficos 6 e 7).

<sup>5</sup> Todas as cifras que ofrecemos a continuación para a agricultura comunitaria proceden das series de Eurostat: *Economic Accounts for Agriculture*.



cionada caída da renda global do sector (-9,3%). A importante redución experimentada este ano pola man de obra agraria (-6,1%) atenuou a deterioración da renda por UTA, pero aínda así esta sufriu en 2022 un descenso do 3,5%. Desta maneira, a renda agraria por UTA en termos reais acumula en España seis anos consecutivos de caída (desde 2017), en contraste co seu significativo incremento neste período na UE-27 (cadro 11, gráficos 6 e 7).

## A dinámica do sector agrario galego en 2022: unha visión global

En Galicia non contamos polo momento con ningunha estimación oficial das contas económicas do sector agrario en 2021 e 2022<sup>7</sup>. Por esta razón debemos conformarnos con perfilar un balance provisional a partir dos datos dispoñibles, referidos á dinámica das principais producións no noso agro e aos prezos percibidos e pagados a nivel español.

Centrándonos en 2022, eses datos apuntan a un balance intermedio entre a evolución positiva do sector agrario na UE-27 e a negativa que acabamos de indicar para España. Como elemento favorable da conxuntura do sector agrario galego está o importante crecemento que seguiu experimentando a produción, en contraste coa súa caída en España. Pero iso viuse contrarrestado en parte pola dinámica dos prezos. O resultado, segundo os nosos cálculos, é que a renda agraria en euros constantes rexistrou aquí un moderado aumento (1,8%), moi lonxe do constatado na UE-27 (11,2%), pero que contrasta coa súa diminución en España (-9,3%). O balance complétase cun feito en principio sorprendente: a estabilización e mesmo lixeiro incremento da poboación ocupada no sector (0,6%) que indican para este ano os datos da EPA. O saldo final foi un lixeiro aumento da renda por ocupado (1,2%), moi inferior ao que se deu na UE-27 (12,1%), pero que contrasta coa súa deterioración a nivel español (-3,5%); e que en Galicia sucedeu as caídas sufridas no bienio anterior, sobre todo en 2020 (cadro 11, gráficos 6 e 7).

Cadro núm. 12  
**Variación real do VEB a prezos básicos das ramas agraria e pesqueira**  
 Taxas de variación interanuais (en %)  
 Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario

	Galicia	España
2020	-8,7	4,5
2021	0,7	2,1
2022	0,6	-1,1
I trim.	1,3	4,2
II trim.	1,6	-3,1
III trim.	-1,0	-2,7
IV trim.	0,4	-2,4

Fonte: IGE e INE.

O balance do último bienio, e en especial o de 2022, é moito menos positivo no caso da agricultura española. Os cálculos provisionais do MAPA<sup>6</sup>, recollidos tamén polo Eurostat, estiman que a renda do sector en termos reais sufriu en 2022 unha contracción do 9,3%. A causa estivo no incremento moi forte do gasto en consumos intermedios (28,5%) provocado pola alza dos seus prezos (31,1%), sendo os principais capítulos responsables os pensos, os fertilizantes e a enerxía. Esa forte suba do custo dos insumos correntes máis que contrarrestou o notable aumento do valor da produción agraria (10,6%), liderado pola produción animal (22,5%) grazas á alza dos prezos gandeiros (24,3%). Deste xeito, o saldo final foi a men-

Dun modo algo máis detallado, podemos sintetizar así a conxuntura do sector agrario galego en 2022<sup>8</sup>:

- O volume global do *output* rexistrou un incremento significativo (4%), grazas ao forte crecemento da produción vexetal (17,3%) que contrarrestou a caída da produción animal (-2,3). Ademais, o volume dos consumos intermedios reduciuse lixeiramente, o que posibilitou un aumento algo maior do VEB real (ao redor do 6%). Neste aspecto os nosos cálculos suxiren un crecemento claramente superior ao estimado polo IGE nas Contas económicas trimestrais para o VEB agropesqueiro (0,6%) (cadro 12).
- A expansión do *output* e do VEB real acompañouse, porén, dun comportamento non tan favorable dos prezos. Os prezos percibidos polos agricultores galegos experimentaron unha forte alza en termos correntes (26,5%), moi por encima do IPC (9%), o que orixinou un notable incremento tamén en euros

<sup>6</sup> Ver: [https://www.mapa.gob.es/es/estadistica/temas/estadisticas-agrarias/cea2022estimacionmarzo2023\\_tcm30-649989.pdf](https://www.mapa.gob.es/es/estadistica/temas/estadisticas-agrarias/cea2022estimacionmarzo2023_tcm30-649989.pdf)

<sup>7</sup> Para estes dous anos existen estimacións do IGE sobre a evolución do VEB do sector agropesqueiro. Pero estas cifras, ademais de limitarse a esa variable, non son directamente utilizables aos nosos efectos ao incluír tamén a pesca, que en Galicia achega ao redor do 25% do VEB do sector primario.

<sup>8</sup> Os datos nos que se sustenta este balance figuran de forma pomenorizada nos apartados posteriores.

constantes (16%). Non obstante, esa alza foi superada pola que rexistraron os prezos pagados polos insumos (31,7%), provocando un empeoramento da relación de intercambio dos agricultores.

- Esa dinámica dos prezos contrarrestou en parte o aumento da produción, limitando o crecemento da renda agraria: segundo a nosa estimación, este alcanzou o 11% en euros correntes pero só o 1,8% en euros constantes. Un crecemento, de todos modos, significativo despois das caídas sufridas en 2020 e 2021, máis aínda se o comparamos coa contracción da renda en 2022 na agricultura española.

## Evolución da produción

### Estrutura da produción agraria

No cadro 13 resumimos a evolución da estrutura da produción agraria en Galicia no período 1990-2020, incluíndo as cifras máis recentes dispoñibles: as publicadas polo MAPA para 2020. Centrándonos na situación actual, podemos ver que o agro galego continúa presentando unha nidia especialización gandeira, cun peso relativo deste subsector (61,9%) similar ao de tres décadas atrás (61,8%). Esta especialización está focalizada en catro produtos, que achegan en conxunto o 95% do valor da produción animal: leite, carne de vacún, carne de aves e porcino. As ramas vexetais, pola súa parte, achegan o 35,1% da produción agraria, destacando tres grupos de cultivos que suman preto do 90% do total: froitas (onde se inclúen as uvas), hortalizas e plantas forraxeiras (cadro 13).

Esa orientación gandeira do agro galego contrasta coa especialización agrícola do sector en España: o peso relativo dos dous subsectores móvese en ambos os espazos nunha relación de 60/40, pero con porcentaxes invertidas. Examinando con maior desagregación os datos, constatamos que no ámbito vexetal Galicia só presenta no contexto do Estado un índice de especialización superior a 1 (un peso relativo maior que a media española) nas plantas forraxeiras e nas patacas. Mentres, a nosa especialización gandeira no marco español céntrase no leite, na carne de vacún, na carne de aves e nos coellos; rexistrando en cambio unha desespecialización relativa nos ovos e nas restantes producións cárnicas (porcino, equino e ovino-cabrun) (cadro 13).

Partindo desas cifras sobre o peso económico das distintas ramas, examinamos a continuación a dinámica rexistrada en 2022 polo volume das principais producións agrícolas e gandeiras.

Cadro núm. 13

#### Evolución da estrutura da produción agraria en Galicia; comparación con España

	Estrutura da produción agraria (en %)				España 2020	Índices de especialización de Galicia*	Peso de Galicia no total español (%)
	Galicia						
	1990	2018	2019	2020			
<b>Produción vexetal</b>	<b>35,2</b>	<b>38,6</b>	<b>40,1</b>	<b>35,1</b>	<b>58,9</b>	<b>0,6</b>	<b>4,3</b>
Cereais	1,2	0,8	0,7	0,8	9,2	0,1	0,6
Plantas industriais <sup>1</sup>	1,0	0,4	0,2	0,2	1,8	0,1	0,9
Plantas forraxeiras	8,5	8,3	8,7	9,2	3,7	2,5	17,8
Hortalizas <sup>2</sup>	7,2	12,8	13,7	10,2	19,2	0,5	3,8
Patacas	10,5	4,5	5,7	3,3	1,0	3,3	23,9
Froitas <sup>3</sup>	3,6	10,6	10,8	11,1	18,4	0,6	4,4
Viño e mosto	2,8	1,3	0,3	0,2	2,4	0,1	0,6
Outros	0,3	0,0	0,0	0,0	3,2	0,0	0,0
<b>Produción animal</b>	<b>61,8</b>	<b>58,2</b>	<b>56,8</b>	<b>61,9</b>	<b>38,1</b>	<b>1,6</b>	<b>11,7</b>
<b>Carne e gando</b>	<b>32,3</b>	<b>32,7</b>	<b>32,1</b>	<b>34,5</b>	<b>29,3</b>	<b>1,2</b>	<b>8,5</b>
Bovino	16,3	14,1	13,0	12,0	5,0	2,4	17,4
Porcino	7,0	6,8	7,5	10,4	16,7	0,6	4,5
Equino	0,1	0,1	0,1	0,1	0,2	0,6	4,2
Ovino e caprino	1,1	0,2	0,2	0,2	2,2	0,1	0,7
Aves	6,9	10,8	10,5	10,6	4,9	2,2	15,5
Coellos e outros	1,0	0,8	0,8	1,2	0,3	3,6	25,7
<b>Produtos animais</b>	<b>29,4</b>	<b>25,5</b>	<b>24,7</b>	<b>27,4</b>	<b>8,8</b>	<b>3,1</b>	<b>22,5</b>
Leite	24,1	23,8	23,3	25,5	6,3	4,0	29,1
Ovos	5,1	1,4	1,1	1,5	2,1	0,7	5,2
Outros	0,3	0,4	0,3	0,4	0,4	0,9	6,6
<b>Servizos e actividades secundarias non agrarias</b>	<b>3,1</b>	<b>3,2</b>	<b>3,1</b>	<b>3,1</b>	<b>3,0</b>	<b>1,0</b>	<b>7,3</b>
<b>Produción rama agraria</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>1,0</b>	<b>7,2</b>

<sup>1</sup> Inclúe remolacha, tabaco, algodón, xirasol e leguminosas en gran.

<sup>2</sup> Inclúe flores e plantas de viveiro.

<sup>3</sup> Inclúe froitas frescas, cítricos e uvas.

\* Relación entre o peso relativo de cada produción en Galicia e o que ten en España.

Fonte: Elaboración propia a partir de MAPA: *Resultados Renta Agraria Regional (serie histórica 1990-2000); Cuentas Económicas de la Agricultura. Resultados regionales 2011-2020.*



### Evolución das principais producións agrícolas (en volume)

Segundo os datos provisionais do MAPA, o ano 2022 saldouse en España cunha forte caída do volume da produción vexetal (-13,6%). Pois ben, iso contrasta co seu crecemento na agricultura galega. En concreto, as cifras subministradas polos *Avances de superficies y producciones de cultivos*<sup>9</sup> apuntan para Galicia a un forte incremento das colleitas de uva para viño, patacas, froitas e hortalizas, e tamén a un lixeiro aumento dos cereais en gran. O único contrapunto foi o moderado descenso da produción de millo forraxeiro (cadro 14). Ponderando esas taxas de variación polo peso económico dos distintos cultivos, estimamos un crecemento global da produción agrícola do 17,3%, en contraste coa súa caída no conxunto do Estado.

Cadro núm. 14

#### Evolución das principais producións agrícolas en volume en Galicia\*

	Produción (miles de toneladas)						Variación (%)		
	2015	2016	2019	2020	2021	2022	2021/ 2020	2022/ 2021	(2021-22)/ (2015-16)
Cereais en gran	208,9	188,3	142,0	146,8	148,7	150,1	1,3	0,9	-24,8
Trigo	46,8	35,1	34,5	36,1	35,5	27,8	-1,6	-21,7	-22,7
Centeo	13,1	10,9	17,7	14,6	17,5	13,9	19,8	-20,4	30,8
Millo	149,0	142,3	89,8	96,1	95,7	108,3	-0,4	13,2	-30,0
Leguminosas en gran	4,4	4,8	3,3	3,9	4,0	4,1	3,2	1,6	-11,8
Patacas	505,2	417,1	372,0	283,7	292,0	381,7	2,9	30,7	-26,9
Millo forraxeiro	2.451,0	2.187,8	1.847,1	1.978,2	2.036,4	1.976,1	2,9	-3,0	-13,5
Hortalizas	271,6	261,3	254,3	248,6	232,6	264,9	-6,5	13,9	-6,6
Leituga	19,9	22,2	23,1	26,2	23,0	24,0	-12,2	4,0	11,7
Tomate	92,5	89,4	87,5	84,8	77,9	89,9	-8,2	15,4	-7,7
Pemento	70,3	65,5	64,9	56,1	48,1	71,0	-14,2	47,6	-12,2
Cebola	41,0	32,6	31,8	30,7	31,3	31,8	1,8	1,6	-14,3
Feixón verde	47,8	51,7	47,0	50,8	52,2	48,2	2,9	-7,7	0,9
Froitas	121,7	122,0	117,4	118,0	115,5	135,7	-2,1	17,5	3,1
Mazá	112,2	112,6	105,7	106,8	105,1	125,7	-1,6	19,7	2,7
Pera	9,5	9,4	11,7	11,1	10,4	10,0	-6,8	-4,1	7,6
Uva de vinificación	141,1	123,0	141,3	142,2	125,0	176,9	-12,1	41,5	14,3

\* Os datos de 2022 e os dalgúns produtos para 2021 son provisionais.

Fonte: MAPA, *Anuario de Estadística e Avances de superficies y producciones agrícolas*.

Cadro núm. 15

#### Evolución das principais producións gandeiras en volume en Galicia

	Volume de produción en cada ano							
	1985	2005	2017	2018	2019	2020	2021	2022*
Leite de vaca <sup>1</sup>	1.644,5	2.258,1	2.671,0	2.752,8	2.815,3	2.888,2	2.923,7	2.907,1
Carne de vacún <sup>2</sup>	52,5	96,1	95,0	94,1	103,4	95,6	100,8	97,2
Carne de porcino <sup>2</sup>	85,6	101,6	81,9	76,1	88,1	91,6	88,4	84,6
Carne de ave <sup>2</sup>	92,6	163,4	197,7	214,0	224,1	223,5	217,8	210,4
Carne de ovino <sup>2</sup>	0,9	0,6	0,4	0,3	0,3	0,3	0,3	0,4
Carne de caprino <sup>2</sup>	0,3	0,1	0,1	0,0	0,1	0,1	0,0	0,1
Carne de coello <sup>2</sup>	10,1	6,7	14,3	12,1	11,2	11,0	10,2	9,1
Ovos <sup>3</sup>	122,5	58,9	41,6	36,7	40,1	47,6	49,3	

	Taxa de variación acumulativa anual (%)							% variación 1985/ 2022**	Galicia/España (%)	
	1985/ 2005	2005/ 2017	2017/ 2018	2018/ 2019	2019/ 2020	2020/ 2021	2021/ 2022		1985	2022*
Leite de vaca <sup>1</sup>	1,6	1,4	3,1	2,3	2,6	1,2	-0,6	76,8	26,9	40,9
Carne de vacún <sup>2</sup>	3,1	-0,1	-0,9	9,9	-7,5	5,4	-3,5	85,2	13,1	13,3
Carne de porcino <sup>2</sup>	0,9	-1,8	-7,1	15,8	4,0	-3,5	-4,3	-1,2	7,4	16,7
Carne de ave <sup>2</sup>	2,9	1,6	8,3	4,7	-0,3	-2,5	-3,4	127,2	11,4	12,8
Carne de ovino <sup>2</sup>	-2,4	-3,6	-10,0	-5,6	-14,1	19,0	20,8	-58,0	0,7	0,3
Carne de caprino <sup>2</sup>	-3,5	-7,4	-22,0	26,1	-13,8	-10,0	35,6	-79,7	3,7	0,6
Carne de coello <sup>2</sup>	-2,0	6,5	-15,2	-7,9	-1,7	-7,2	-10,9	-10,2	12,9	22,1
Ovos <sup>3</sup>	-3,6	-2,9	-11,8	9,3	18,5	3,8		-61,2	13,9	4,4

<sup>1</sup> Millóns de litros. <sup>2</sup> Miles de toneladas. <sup>3</sup> Millóns de dúcias.

\* Os datos de 2022 son provisionais. Para o leite estimación a partir dos datos de entregas á industria. O peso da produción galega de ovos no conxunto do Estado refírese a 2021.

\*\* No caso dos ovos a variación é de 1985 a 2021.

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- MAPA, *Anuario de estadística, Encuesta de sacrificio de ganado e Estadística láctea*.

- Consellería do Medio Rural, *Anuario de estadística agraria*.

<sup>9</sup> MAPA: Avances de superficies y producciones de cultivos.

### Evolución das principais producións gandeiras (en volume)

No ámbito gandeiro a conxuntura en 2022 caracterizouse, en cambio, pola caída das principais producións galegas: leite, carne de vacún, carne de porcino e carne de ave. Especialmente salientable é a pequena contracción que rexistrou a produción de leite de vaca (-0,6%), que veu romper coa tendencia expansiva das últimas décadas e sobre todo dos anos recentes. No lado positivo só cabe mencionar este ano o importante crecemento relativo que indican os datos para dúas ramas de escaso peso no noso agro, o ovino e o cabrún, dúas ramas que se viran moi afectadas polas restricións na hostalaría e restauración derivadas da crise sanitaria da COVID-19 (cadro 15).

Se ponderamos as taxas de variación recollidas no cadro 15 co peso económico de cada rama, estimamos unha redución da produción animal do 2,3%, algo maior da que tivo lugar en España (-1,5%). Nunha imaxe recapitulativa temos, en definitiva, que a dinámica do sector agrario galego caracterizouse en 2022 por unha forte expansión da produción agrícola e unha moderada contracción da gandeira. O resultado foi un incremento global do *output* agrario en torno ao 4%, en contraste coa súa caída no conxunto do Estado (-8,8%).

### Prezos percibidos e prezos pagados polos agricultores

O crecemento da produción agraria en 2022 acompañouse en Galicia dunha alza moi forte dos prezos percibidos polos agricultores. Esta debeuse principalmente á suba dos prezos dos produtos animais, que alcanzou unha media do 28,1% e superou o 20% en case todas as ramas: ovos (57,8%), leite (29,3%), carne e gando bovino (29%), porcino (22,1%), coellos (20,8%), carne e gando aviar (19,7%). Tamén os prezos de venda das producións vexetais experimentaron unha forte alza (23,3%), destacando o seu aumento nos cultivos forraxeiros (55,4%), patacas (42,3%), cereais (39,4%) e hortalizas (21,6%). O resultado global foi un incremento do índice xeral de prezos percibidos polos agricultores galegos do 26,5% (cadro 16).

Esa suba dos prezos percibidos foi acompañada, porén, dunha alza aínda maior do custo dos insumos adquiridos polas explotacións agrarias. O maior encarecemento afectou catro grupos de *inputs*: fertilizantes (74,3%), enerxía e lubricantes (59,4%), alimentos para o gando (31,7%) e produtos fitosanitarios (19,7%), e

Cadro núm. 16

#### Porcentaxe de variación dos prezos percibidos e pagados polos agricultores en Galicia

	2018/ 2017	2019/2018	2020/2019	2021/2020	2022/2021
<b>A. Prezos percibidos*</b>					
<b>Produtos agrícolas</b>	<b>9,5</b>	<b>-7,1</b>	<b>-8,6</b>	<b>8,5</b>	<b>23,3</b>
Cereais	1,7	2,6	0,0	32,1	39,4
Leguminosas	-0,2	-15,5	-7,2	18,5	44,7
Patacas	2,6	-1,6	-21,4	6,4	42,3
Cítricos	2,4	-13,7	29,8	-4,9	-8,0
Froitas non cítricas	8,1	-16,7	16,7	7,0	11,8
Hortalizas	-0,3	-3,2	4,6	6,3	21,6
Viño e subprodutos	19,9	-15,0	-16,2	6,6	10,6
Flores e plantas ornamentais	5,4	9,7	-3,1	3,0	-0,4
Cultivos forraxeiros	-0,2	15,5	-5,6	-0,9	55,4
<b>Produtos animais</b>	<b>1,3</b>	<b>0,2</b>	<b>0,0</b>	<b>4,3</b>	<b>28,1</b>
Leite	1,2	3,2	2,5	4,4	29,3
Carne e gando bovino	1,5	-2,6	-3,5	6,0	29,0
Carne e gando porcino	-3,3	10,4	-3,6	-2,3	22,1
Carne e gando aviar	2,2	-9,1	0,2	6,1	19,7
Carne e gando ovino	2,3	-3,1	3,4	14,7	9,3
Carne e gando caprino	0,5	3,8	-2,2	6,3	9,6
Carne e gando coellos	0,7	9,0	-6,9	3,9	20,8
Ovos	8,0	-12,2	4,0	3,2	57,8
<b>Índice xeral de prezos percibidos</b>	<b>4,0</b>	<b>-2,5</b>	<b>-3,0</b>	<b>5,7</b>	<b>26,5</b>
<b>B. Prezos pagados**</b>					
Sementes selectas e pés	4,5	-1,5	-2,1	1,5	3,2
Alimentos para o gando	3,5	1,2	-0,3	14,0	31,7
Fertilizantes	1,2	6,5	-6,1	27,9	74,3
Enerxía e lubricantes	12,3	-3,1	-18,5	32,9	59,4
Protección fitopatolóxica	1,7	-0,1	0,6	4,3	19,7
Tratamentos zoonosanitarios	0,5	1,1	0,4	1,1	1,9
Conservación e reparación de maquinaria	-0,1	0,3	8,3	4,2	3,8
Conservación e reparación de edificios	2,0	2,1	-1,5	5,9	7,4
<b>Índice xeral de prezos pagados</b>	<b>4,4</b>	<b>0,5</b>	<b>-2,6</b>	<b>14,5</b>	<b>31,7</b>

\* Evolución dos prezos por grupos de produtos no conxunto de España e variación dos índices de prezos por subsectores que resulta para Galicia ao aplicarlle á evolución anterior a estrutura da produción agraria galega.

\*\* Evolución dos prezos dos diversos *inputs* correntes no conxunto de España, e variación do índice xeral de prezos pagados que resulta para Galicia ao aplicarlle á evolución anterior a estrutura dos consumos intermedios da nosa agricultura.

Fonte: Elaboración propia a partir de MAPA, *Índices de precios percibidos, precios pagados y salarios agrarios*.



Cadro núm. 17

**Evolución dos índices de prezos percibidos e pagados polos agricultores galegos**

	Índice xeral de prezos percibidos <sup>1</sup>	Índice xeral de prezos pagados <sup>1</sup>	IPC	Prezos percibidos/Prezos pagados	Prezos percibidos/IPC
1985	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
1990	128,3	108,4	138,5	118,4	92,6
1995	154,2	125,0	178,3	123,4	86,5
2000	158,0	140,6	203,0	112,4	77,9
2005	162,0	160,3	238,1	101,1	68,1
2010	174,8	188,5	266,7	92,7	65,5
2015	183,6	212,3	284,5	86,5	64,5
2016	181,5	204,3	283,6	88,8	64,0
2017	189,4	206,4	289,6	91,8	65,4
2018	196,9	215,4	294,5	91,4	66,8
2019	191,9	216,5	296,3	88,7	64,8
2020	186,2	210,8	295,4	88,3	63,0
2021	196,8	241,4	305,7	81,5	64,4
2022	248,9	317,8	333,4	78,3	74,7
<b>TVI (%)</b>					
2019/2018	-2,5	0,5	0,6	-3,0	-3,1
2020/2019	-3,0	-2,6	-0,3	-0,4	-2,7
2021/2020	5,7	14,5	3,5	-7,7	2,1
2022/2021	26,5	31,7	9,0	-4,0	16,0

(1) Os índices de prezos percibidos e prezos pagados que ofrecemos son os que resultan de imputar os índices sectoriais españois (para os diferentes produtos agrarios e as diversas partidas dos consumos intermedios) á estrutura da produción e dos consumos intermedios da agricultura galega.

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- MAPA, *Índices de prezos percibidos, prezos pagados y salarios agrarios*.
- INE.

Cadro núm. 18

**Estimación da variación do valor da produción nas principais ramas agrícolas e gandeiras de Galicia. Ano 2022\***

	TVI (%) 2022/2021		
	Volume de produción	Prezo	Valor da produción
Cereais	0,9	39,4	40,6
Patacas	30,7	42,3	86,0
Froitas	17,5	11,8	31,4
Hortalizas	13,9	21,6	38,5
Viño	21,0	10,6	33,9
Cultivos forraxeiros	-3,0	55,4	50,8
<b>Produción vexetal</b>	<b>17,3</b>	<b>23,3</b>	<b>44,6</b>
Leite	-0,6	29,3	28,5
Carne e gando vacún	-3,5	29,0	24,5
Carne e gando porcino	-4,3	22,1	16,9
Carne e gando aviar	-3,4	19,7	15,6
Carne e gando ovino	20,8	9,3	32,0
Carne e gando caprino	35,6	9,6	48,6
Carne e gando coellos	-10,9	20,8	7,6
Ovos	-8,9	57,8	43,7
<b>Produción animal</b>	<b>-2,3</b>	<b>28,1</b>	<b>25,1</b>
<b>Produción agraria</b>	<b>4,0</b>	<b>26,5</b>	<b>31,5</b>

\* As cifras referidas á variación dos volumes de produción proceden das estimacións do MAPA para Galicia. As relativas aos prezos corresponden, en cambio, á evolución dos prezos percibidos en España.

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos dos cadros 14, 15 e 16.

## Poboación ocupada

De acordo coas estimacións da EPA, a poboación ocupada no sector agrario galego estabilizouse e mesmo aumentou lixeiramente (0,6%) en 2022. Esta inflexión conxuntural vén reproducir a constatada nalgúns anos precedentes (2016, 2017, 2020), pero débemola tomar con precaución (cadro 19). Máis alá desas oscilacións anuais, se nos fixamos nas tendencias a medio prazo obsérvanse dous feitos que si merecen ser salientados. O primeiro é o freo da caída do emprego no sector que ten lugar nos últimos 15 anos, a partir do estalido da crise económica en 2008; o que cabe atribuír, polo menos en parte, á deterioración do mercado de traballo e

orixinou en conxunto un aumento do índice xeral de prezos pagados polos agricultores galegos do 31,7% (cadro 16). O saldo final foi un notable incremento dos prezos percibidos polos agricultores en euros constantes (16%), pero un empeoramento da súa relación real de intercambio, da razón prezos percibidos/prezos pagados (-4%) (cadro 17).

## Conxuntura das principais ramas agrarias

A partir dos datos que acabamos de expoñer, sobre os volumes de produción e os prezos, no cadro 18 elaboramos unha estimación da variación que experimentou en 2022 o valor da produción nas principais ramas do sector agrario galego. Estas cifras podemos asimilalas coa variación dos ingresos dos produtores e permiten perfilar un balance da conxuntura das diversas ramas<sup>10</sup>.

Nas ramas vexetais rexistrouse en conxunto unha forte expansión do *output* (17,3%), acompañada dunha suba aínda maior dos prezos percibidos (23,3%), dando como resultado un notable incremento do valor da produción (44,6%). Este incremento superou o 30% en todos os grupos de produtos, alcanzando os valores máis elevados nas patacas (86%) e os cultivos forraxeiros (50,8%) (cadro 18).

Pola súa parte, a conxuntura global das ramas gandeiras caracterizouse por un moderado descenso dos volumes producidos (-2,3%) e unha forte alza dos prezos (28,1%), do que se derivou un importante aumento do valor da produción, dos ingresos das explotacións (25,1%). Este aumento foi xeral en todas as ramas, mais con diferenzas significativas. Os crecementos máis fortes (entre o 30% e o 50%) corresponderon a ramas cun peso limitado no agro galego (ovino, cabrún e ovos), mentres que aquelas máis relevantes viron aumentar o valor da produción nun 15%-30%; taxas de todos modos considerables: leite (28,5%), carne e gando vacún (24,5%), porcino (16,9%), aves (15,6%) (cadro 18).

<sup>10</sup> Convén recalcar que nese cadro os datos sobre os volumes de produción proceden das estimacións do MAPA referidas a Galicia. Mentres, os relativos aos prezos corresponden á evolución dos prezos percibidos de cada produto a nivel español.

Cadro núm. 19  
Evolución da poboación ocupada no sector agrario en Galicia e en España  
(medias anuais)

	Galicia		España	
	Número (miles)	Índices (1985=100)	Número (miles)	Índices (1985=100)
1985	415,1	100,0	1.829,6	100,0
1995	223,9	53,9	1.040,1	56,8
2008	69,8	16,8	779,4	42,1
2009	67,0	16,1	745,5	40,6
2010	66,0	15,9	749,1	41,3
2011	64,8	15,6	721,3	39,7
2012	59,3	14,3	703,5	39,0
2013	56,3	13,6	699,3	38,7
2014	49,1	11,8	702,4	38,4
2015	45,6	11,0	705,0	38,5
2016	49,2	11,9	738,0	40,3
2017	55,4	13,3	778,8	42,6
2018	52,3	12,6	772,9	42,2
2019	49,9	12,0	758,1	41,4
2020	49,4	11,9	723,9	39,6
2021	47,1	11,3	767,5	41,9
2022	47,4	11,4	737,9	40,3

Taxas de variación media acumulativa anual (%)		
1995/1985	-6,0	-5,5
2008/1995	-8,6	-2,2
2015/2008	-5,9	-1,4
2017/2015	10,2	5,1
2022/2017	-3,1	-1,1
2022/2008	-2,7	-0,4

Fonte: EPA, INE e IGE, *Enquisa de poboación activa en Galicia*.

## Censos gandeiros

### Gando bovino

Os datos máis recentes das *Encuestas ganaderas* do MAPA, correspondentes a novembro de 2022, indican un lixeiro incremento do censo total de gando bovino en Galicia neste último ano, despois da súa caída case continua no que levamos de século. O número de vacas, en cambio, seguiu diminuíndo, se ben a un ritmo moito menor que na primeira década deste século: se no decenio 2000-2010 a taxa de variación anual era do -1,5%, no período 2015-2022 limitase ao -0,5%. Paralelamente, continúa nos anos recentes unha certa reorientación do rabaño de vacas, ao centrarse esa lixeira redución nas vacas de leite, mentres que se mantén estable a cifra das vacas de carne. En calquera caso, visto no contexto español o noso censo de gando bovino presenta unha clara especialización láctea: en 2022 Galicia concentra o 41,3% das vacas de leite do Estado, pero non alcanza o 10% das vacas de carne, contando en conxunto co 14,6% dos animais bovinos (cadro 20).

O datos do *Rexistro de gando bovino* do IGE permiten precisar a estrutura das explotacións por orientacións produtivas. En conxunto, estes datos mostran a notable e crecente concentración do censo nas unidades de maior dimensión. Así, as explotacións con 50 ou máis cabezas de bovino, sendo o 20,3% do total, concentran en 2021 as dúas terceiras partes das vacas; e en concreto aquelas con 100 ou máis cabezas, 8,2% do total, reúnen o 41,3% das vacas. No extremo contrario, seguimos encontrando unhas 11.700 explotacións con menos de 10 cabezas (42,3% do total), que só suman o 4,5% das vacas (cadro 21).

Cadro núm. 20  
Evolución do censo de gando bovino en Galicia \*

	1987	1995	2000	2010	2015	2020	2021	2022
<b>Miles de cabezas</b>								
Vacas	704,5	624,8	666,5	570,1	557,6	546,1	540,3	538,8
Leiteiras	602,6	446,0	432,3	350,3	360,3	340,0	336,7	334,3
Resto	101,9	178,8	234,1	219,8	197,3	206,1	203,6	204,6
<b>Total bovinos</b>	<b>980,1</b>	<b>953,9</b>	<b>1.016,4</b>	<b>963,4</b>	<b>951,9</b>	<b>939,1</b>	<b>932,8</b>	<b>941,9</b>
<b>Índices (Base 1987=100)</b>								
Vacas	100,0	88,7	94,6	80,9	79,1	77,5	76,7	76,5
Leiteiras	100,0	74,0	71,7	58,1	59,8	56,4	55,9	55,5
Resto	100,0	175,4	229,7	215,7	193,6	202,2	199,7	200,7
<b>Total bovinos</b>	<b>100,0</b>	<b>97,3</b>	<b>103,7</b>	<b>98,3</b>	<b>97,1</b>	<b>95,8</b>	<b>95,2</b>	<b>96,1</b>
<b>Galicia/España (%)</b>								
Vacas	25,1	22,1	22,1	20,1	20,2	18,8	18,6	18,7
Leiteiras	33,6	34,5	37,9	41,8	42,7	41,9	41,6	41,3
Resto	10,0	11,7	12,5	11,0	10,3	9,8	9,7	9,8
<b>Total bovinos</b>	<b>19,2</b>	<b>17,3</b>	<b>16,5</b>	<b>15,3</b>	<b>15,4</b>	<b>14,2</b>	<b>14,2</b>	<b>14,6</b>

\*Os datos de 1987, 1995 e 2000 son os de decembro. Para os demais anos corresponden a novembro. Os de 2022 son provisionais.

Fonte: MAPA, *Anuario de estadística e Encuestas ganaderas*.

á redución das oportunidades laborais fóra da agricultura. Así, no conxunto do período 2008-2022 o ritmo de diminución da poboación ocupada no sector agrario galego foi do 2,7% acumulativo anual, menos da terceira parte do rexistrado durante a fase de expansión económica 1995-2007 (-8,6% anual). O segundo feito a sinalar é que, a pesar diso, o emprego agrario segue reducíndose aquí a taxas moi superiores á media española (-0,4% anual no período 2008-2022) (cadro 19).

Globalmente, desde a integración europea a poboación ocupada no sector agrario reduciuse en Galicia en case un 90% (-88,6%), mentres que en España a caída foi do 60%. Ademais, o elevado envellecemento das persoas que permanecen no sector fai prever que esa caída vai continuar con toda probabilidade nos próximos anos. En concreto, das 47.400 persoas ocupadas no sector agrario galego (incluída a silvicultura) que estima a EPA en 2022, case o 35% superaban os 54 anos; porcentaxe moi superior á rexistrada no conxunto dos sectores (21,7%).

Cadro núm. 21

**Estrutura dimensional das explotacións de bovino en Galicia. Ano 2021****A. Número (miles)**

Tamaño (número de bovínos)	Explotacións				Vacas		
	Leite	Carne	Mixtas e outras	Total	Vacas de moxidura	Vacas de non moxidura	Total
1-9	0,2	8,9	2,6	11,7	2,0	21,8	23,8
10-19	0,5	3,4	0,1	4,1	6,1	27,0	33,1
20-29	0,7	2,0	0,1	2,8	12,5	27,5	40,0
30-49	1,3	2,0	0,2	3,5	33,7	44,9	78,6
50-99	1,7	1,4	0,2	3,4	76,8	56,9	133,7
100-199	1,2	0,3	0,1	1,6	92,7	27,5	120,2
>=200	0,5	0,1	0,1	0,6	87,8	9,8	97,6
<b>Total</b>	<b>6,1</b>	<b>18,2</b>	<b>3,4</b>	<b>27,7</b>	<b>311,5</b>	<b>215,4</b>	<b>526,9</b>

**B. Distribución porcentual**

Tamaño (número de bovínos)	Explotacións				Vacas		
	Leite	Carne	Mixtas e outras	Total	Vacas de moxidura	Vacas de non moxidura	Total
1-9	2,8	49,2	75,9	42,3	0,6	10,1	4,5
10-19	8,0	19,0	4,1	14,7	1,9	12,5	6,3
20-29	11,8	10,9	3,1	10,1	4,0	12,8	7,6
30-49	21,4	11,1	5,0	12,6	10,8	20,8	14,9
50-99	28,6	7,8	5,7	12,1	24,6	26,4	25,4
100-199	19,2	1,9	3,8	5,9	29,8	12,8	22,8
>=200	8,1	0,3	2,3	2,3	28,2	4,6	18,5
<b>Total</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>

Fonte: IGE, *Registro de gando bovino*.

A situación, porén, difire de maneira substancial en función da orientación produtiva, cunha concentración moito máis acusada no sector lácteo. Neste sector as explotacións con 50 ou máis animais concentran en 2021 máis do 80% das vacas de leite, e aquelas con 100 ou máis cabezas reúnen o 57,9% destas vacas. Mentres, o peso produtivo das unidades máis pequenas é xa case irrelevante: as explotacións lácteas con menos de 20 animais supoñen só unha décima parte do total e unicamente contan co 2,6% das vacas de moxidura. No vacún de carne, en cambio, o grao de concentración segue sendo moito menor, conservando as explotacións pequenas un importante peso social e produtivo. En concreto, as explotacións con menos de 20 animais son aquí o 68,1% e contan co 22,7% das vacas de carne. No extremo contrario, as unidades con 100 ou máis cabezas só supoñen o 2,2% do total e reúnen o 17,3% das vacas (cadro 21).

**Gando porcino**

En 2022 produciuse un forte incremento da cabana porcina galega ata alcanzar as cifras máximas das tres últimas décadas. Hai que salientar en especial o aumento do número de porcos de ceba, que veu acelerar a tendencia do último decenio; deste xeito, a cifra destes animais en novembro de 2022 máis que duplicaba a de 2015. O incremento da cabana porcina galega nos anos recentes mesmo posibilitou unha pequena alza do seu peso no total español, ata alcanzar o 4,4% en 2022, invertendo a tendencia observada nas décadas prececedentes (cadro 22).

Cadro núm. 22

**Evolución do censo de gando porcino en Galicia \***

	1987	1996	2010	2015	2020	2021	2022
<b>Miles de cabezas</b>							
Porcos da ceba	561,6	271,7	443,2	440,2	780,3	705,8	974,4
Porcas reprodutoras	178,2	121,9	114,4	101,9	81,5	92,5	105,1
<b>Total</b>	<b>1.619,5</b>	<b>981,3</b>	<b>1.018,9</b>	<b>1.082,0</b>	<b>1.286,7</b>	<b>1.196,3</b>	<b>1.490,9</b>
<b>Índices (Base 1987=100)</b>							
Porcos da ceba	100,0	48,4	92,2	78,4	139,0	125,7	173,5
Porcas reprodutoras	100,0	68,4	53,5	57,2	45,7	51,9	59,0
<b>Total</b>	<b>100,0</b>	<b>60,6</b>	<b>65,1</b>	<b>66,8</b>	<b>79,5</b>	<b>73,9</b>	<b>92,1</b>
<b>Galicia/España (%)</b>							
Porcos da ceba	8,9	3,6	4,3	3,9	5,5	5,0	7,1
Porcas reprodutoras	8,8	5,9	4,7	4,1	3,1	3,4	4,0
<b>Total</b>	<b>9,4</b>	<b>5,3</b>	<b>4,0</b>	<b>3,8</b>	<b>3,9</b>	<b>3,5</b>	<b>4,4</b>

\*Os datos de 1987 e 1996 corresponden a decembro; para os demais anos corresponden a novembro. As cifras de 2022 son provisionais.

Fonte: MAPA, *Anuario de estadística e Encuestas ganaderas*.

Estamos ante un sector que vén mantendo en España un forte dinamismo, que lle permitiu converterse no cuarto produtor mundial de carne de porcino; ao tempo que a cabana española pasaba a ser a primeira da UE, superando o país que historicamente ocupaba esa posición, Alemaña. Esta expansión explícase, en boa medida, polo crecemento das exportacións, en especial das dirixidas ao exterior da UE, con China como principal destino. Porén, hai que apuntar que, despois de anos de continua expansión, en 2022 as exportacións españolas de porcino se reduciron (-5,4%), debido fundamentalmente á contracción das destinadas a China.



## III. Pesca

- A pesca constitúe o maior vector de especialización de Galicia.
- Galicia conta coa principal flota rexional da UE, en termos de cantidade e de capacidade, pero esta flota está máis envellecida que a media da UE.
- Desde a década de 2000 obsérvase un declive na produción europea de mexillón. A produción galega mantense allea a esta tendencia e amosa uns niveis de produción estables.
- A elevada suba dos prezos do gasóleo mariño ao longo dos dous últimos anos supuxo unha alta presión para o sector pesqueiro, toda vez que no contexto inflacionista os consumidores reorientaban o seu consumo cara a produtos máis baratos, dificultando compensar co prezo a suba dos *inputs*.
- A industria da conserva e os procesados foi o sector que máis se expandiu nos últimos anos, amosando un notable dinamismo.
- O complexo mar-industria contribúe de maneira significativa á xustiza territorial, con efectos económicos moi distribuídos sobre todo o litoral.
- A participación das mulleres redúcese nos sectores tradicionalmente máis feminizados (marisqueo e conserva) e aumenta nos menos feminizados: a pesca; non obstante, a participación neste último sector continúa a ser moi baixa.



## Introdución

As definicións da pesca galega que a identifican cunha actividade primaria, máis que definir confunden e ata distraen das súas características relevantes. Por iso neste traballo, como explicaremos a continuación, adoptamos un marco de análise que engloba o conxunto de actividades necesarias para poñer a disposición do consumidor o produto pescado; actividades que se estenden ao longo de toda a cadea de valor e permiten falar con propiedade dun sistema produtivo da pesca ao que en numerosas ocasións se denomina complexo mar-industria.

Valentín Paz Andrade, nunha das obras que sentou as bases da economía pesqueira galega, definía a pesca galega como o esforzo industrial que os brazos, a técnica e o capital de Galiza dedican a explotación do mar (Paz-Andrade, 1958). Nesta definición hai dúas notas que cómpre resaltar. Por unha banda asume a localización como un factor necesario pero non determinante; a pesca galega realízase en augas de todo o planeta. Por outra, rexeita xa o carácter unicamente extractivo; non só porque axiña foi consciente de que o produto desembarcado é un produto transformado, sendo os casos máis evidentes os do eviscerado, fileteado, conxelado etc. a bordo, senón porque coñecía o encadeamento do capital galego necesario para ofrecer o produto ao consumidor.

Seguindo esta premisa, na Taboia Input-Output Pesca-Conserva Galega 1995 defínese a pesca galega desde unha perspectiva totalizadora dos sectores involucrados cando se afirma que comprende o sector de actividade económica que integra todos e cada un dos procesos produtivos conducentes a creación do produto pescado-marisco, conservas de pescado e marisco (García-Negro (Dir.), 1997). Esta definición, que se mantivo nas sucesivas táboas, é a que adoptamos na nosa análise.

Temos que subliñar, ao mesmo tempo, o profundo proceso de mudanza institucional que permitiu transitar dun contexto marcado pola práctica ausencia de Estado e unha cultura pesqueira baseada na idea de mar libre propios da primeira metade do s. XX; a unha pesca fortemente regulamentada, apoiada no mellor coñecemento científico dispoñible e enfocada á valorización de posibilidades de pesca predefinidas baseadas en TAC e cotas. O resultado deste esforzo materializouse, a día de hoxe, nun complexo mar-industria en expansión, que constitúe a primeira rama de especialización da economía galega e que se sitúa entre os tres principais sectores por comercio exterior; pero que, a diferenza dos outros dous, automoción e confección, non concentra as exportacións nunha única empresa en cada caso, senón nun gran clúster de medianas empresas. Este sector, ademais, exerce un efecto de arrastre cuantitativo e cualitativo sobre numerosos sectores institucionais da economía galega: empresas, Administracións e mesmo o sistema de ciencia e tecnoloxía, sendo clave para explicar que se produza aquí a principal concentración de institucións de ciencia e tecnoloxía mariña de España (Duarte, 2006).

Unha das características deste complexo é tamén a súa diversidade de produtos, de técnicas e de tecnoloxía. O mercado identifica neste ámbito o conxunto de peixes, crustáceos, equinodermos, gasterópodos, algas e moluscos. Estes poden ser, en primeiro lugar, os producidos pola pesca de baixura, basicamente pescado fresco do día. En segundo lugar, poden ser xerados por unidades de produción (ou embarcacións), de pesca litoral, que producen peixe fresco ou refrixerado. E, en terceiro lugar, pode haber peixe de altura, obtido no seo de empresas de pesca de altura e con presentación como peixe refrixerado ou conxelado. Por outra banda, o peixe conxelado é o producido en unidades ou barcos de grande altura, que xeralmente son propiedade de compañías multinacionais. Inclúe tamén o peixe producido na acuicultura mariña galega, sobre todo rodaballo e linguado, que se presenta como produto fresco; así como o mexillón cultivado, usado para venda en fresco ou para a produción de conservas; os numerosos produtos do marisqueo (navalla, ameixa, berberecho etc.); e, por último, os produtos transformados, sexan conservas clásicas de peixe producidas mediante procesos de esterilización con autoclave ou unha gama actual de preparados de peixe de longa duración, chamados transformados, como afumados, precociñados, filetes, procesados (como o surimi) ou peixe en salmoira. Todo o anterior é pescado.

Nestas páxinas trataremos de dar cumprida razón da estrutura, dinámica e aspectos institucionais máis salientables da pesca galega en referencia ao acontecido no ano 2022.

## Os sectores

Neste apartado analizaremos as diferentes ramas de actividade que constitúen o complexo mar-industria galego: pesca, acuicultura, marisqueo e industria de conserva e procesado de produtos de orixe mariña.

## A pesca

A flota pesqueira galega constitúe a principal flota rexional da Unión Europea (UE) tanto por tamaño como por capacidade, concentrando o 5,7% dos buques, o 10% do arqueo e o 6,8% da potencia. É dicir, concentra non só numerosa flota, senón tamén a máis capaz. Esta relevancia aumentou cuantitativa e cualitativamente logo da saída do Reino Unido da UE, de xeito que o incremento do peso estatístico vai acompañado dunha maior contribución relativa á soberanía alimentaria da Unión.

Aínda que a flota incrementa o seu peso, ao mesmo tempo segue inmersa nun proceso paulatino de redución de capacidade, tanto en termos de unidades, como de tonelaxe ou potencia; redución que para cada un destes elementos representa aproximadamente unha cuarta parte do valor de partida nesta serie.

Podería acontecer que ao longo deste período a innovación tecnolóxica permitise compensar total ou parcialmente a perda bruta de capacidade, substituíndo algunha das unidades máis obsoletas da flota por outras máis modernas e eficientes ou mediante a supervivencia das máis eficientes. Os datos, nunha primeira aproximación, suxiren que esta mellora se produciu de modo parcial e limitado. Así, en flotas como a do cerco en augas internacionais, o arrastre en augas comunitarias ou, en canto á potencia por buque, no palangre de fondo e de superficie no caladoiro nacional empeorou a eficiencia técnica. Pola contra, mellora a eficiencia na flota de arrastre e palangre de superficie en augas internacionais, na de palangre de fondo en augas comunitarias (a que máis avanza) e nas flotas de arrastre, baixura e enmalle no caladoiro

Cadro núm. 1

### Evolución a longo prazo dos principais parámetros da flota galega

	Número de barcos		Arqueo GT *		Potencia (CV)	
	2004	2022	2004	2022	2004	2022
<b>Caladoiro nacional (Cantábrico Noroeste)</b>						
Arrastre	108	51	21.296	11.757	49.374	27.240
Artes menores	4.867	3.766	10.011	8.708	105.692	110.250
Cerco	188	146	6.567	6.491	38.950	31.902
Enmalle	36	26	1.835	1.634	6.273	5.643
Palangre de fondo	35	20	1.803	1.124	7.718	3.691
Palangre de superficie	66	49	14.020	11.057	29.577	21.451
<b>Total</b>	<b>5.300</b>	<b>4.058</b>	<b>55.532</b>	<b>40.770</b>	<b>237.584</b>	<b>200.178</b>
<b>Pesqueira comunitaria (altura)</b>						
Palangre de fondo	65	21	15.918	6.684	40.089	15.435
Arrastre	79	49	27.785	13.171	57.906	27.795
<b>Total</b>	<b>144</b>	<b>70</b>	<b>43.703</b>	<b>19.855</b>	<b>97.995</b>	<b>43.230</b>
<b>Pesqueira internacional (grande altura)</b>						
Arrastre	47	28	47.883	35.483	72.778	51.493
Cerco	5	3	11.868	5.987	22.325	12.353
Palangre de superficie	69	73	20.780	29.706	38.515	52.487
<b>Total</b>	<b>121</b>	<b>104</b>	<b>80.531</b>	<b>71.176</b>	<b>133.618</b>	<b>116.333</b>
<b>Total xeral</b>	<b>5.565</b>	<b>4.232</b>	<b>179.765</b>	<b>131.801</b>	<b>469.197</b>	<b>359.741</b>

\* Tonelaxe bruta (*Gross tonnage*).

Fonte: Consellería do Mar, *Rexistro de buques pesqueiros 2022* ([www.pescadegalicia.com](http://www.pescadegalicia.com)).

Cadro núm. 2

### Evolución da eficiencia técnica da flota galega

	Eficiencia GT*		Eficiencia CV	
	2004	2022	2004	2022
<b>Caladoiro nacional (Cantábrico Noroeste)</b>				
Arrastre	197,2	230,5	457,2	534,1
Artes menores	2,1	2,3	21,7	29,3
Cerco	34,9	44,5	207,2	218,5
Enmalle	51,0	62,8	174,3	217,0
Palangre de fondo	51,5	56,2	220,5	184,6
Palangre de superficie	212,4	225,7	448,1	437,8
<b>Total</b>	<b>10,5</b>	<b>10,0</b>	<b>44,8</b>	<b>49,3</b>
<b>Pesqueira comunitaria (altura)</b>				
Palangre de fondo	244,9	318,3	616,8	735,0
Arrastre	351,7	268,8	733,0	567,2
<b>Total</b>	<b>303,5</b>	<b>283,6</b>	<b>680,5</b>	<b>617,6</b>
<b>Pesqueira internacional (grande altura)</b>				
Arrastre	1.018,8	1.267,3	1.548,5	1.839,0
Cerco	2.373,6	1.995,7	4.465,0	4.117,7
Palangre de superficie	301,2	406,9	558,2	719,0
<b>Total</b>	<b>665,5</b>	<b>684,4</b>	<b>1.104,3</b>	<b>1.118,6</b>
<b>Total xeral</b>	<b>32,3</b>	<b>31,1</b>	<b>84,3</b>	<b>85,0</b>

\* Tonelaxe bruta (*Gross tonnage*).

Fonte: Consellería do Mar, *Rexistro de buques pesqueiros 2022* ([www.pescadegalicia.com](http://www.pescadegalicia.com)).



Cadro núm. 3  
O emprego na pesca galega

	Nº tripulantes		Nº tripulantes por buque	
	2011	2020	2011	2020
Caladoiro nacional	9.981	8.942	2,2	2,1
Arrastre	794	560	8,5	9,8
Artes menores	6.914	6.319	1,7	1,6
Cerco	1.326	1.286	8,1	8,5
Enmalle	266	178	6,8	7,1
Palangre de fondo	194	131	7,8	6,0
Palangre de superficie	487	467	8,5	9,2
Pesqueiras comunitarias	1.249	1.059	11,1	15,3
Arrastre	570	339	10,0	14,8
Palangre de fondo	679	719	12,1	15,6
Pesqueiras internacionais	1.322	950	11,0	9,8
Arrastre e cerco	675	508	15,7	16,9
Palangre de superficie	647	442	8,4	6,6
<b>Total</b>	<b>12.552</b>	<b>10.951</b>		

Fonte: Consellería de Mar, OCUPESCA 2011, 2019 ([www.pescadegalicia.com](http://www.pescadegalicia.com)).

Cadro núm. 4  
Evolución recente das cotas adaptadas de España (en toneladas)\*

	2020	2021	2022
Xurelo	62.772,40	56.384,50	59.359,30
Xarda	37.725,60	30.259,70	32.725,30
Solla	67,80	32,90	36,50
Sardiña	6.400,50		
Rapante	62.772,40	56.384,50	59.359,30
Raias	5.360,50	5.179,90	5.512,20
Raia riscada	25,00	16,90	28,00
Raia coreada	0,20		
Quentlla	27.059,00	27.035,00	27.035,10
Pota voadora	300,00	899,00	884,00
Pion de altura	10,00		0,10
Pescada	43.652,70	37.614,00	35.043,80
Peixe sapo	9.049,70	8.729,60	9.210,40
Peixe sabre negro	486,80	227,70	200,80
Peixe pau	529,70	482,40	466,10
Peixe espada	11.427,30	11.706,70	11.957,10
Ollomol	186,70	418,00	406,20
Ochavo	20,00	13,00	11,30
Merluza negra			18.330,00
Merlan	508,40	105,00	393,30
Melga	11,00	9,00	9,00
Maruca	3.771,70	5.099,20	4.474,90
Martín branco		32,90	20,50
Locha branca	258,50	335,00	309,00
Lirio	42.256,40	41.347,90	26.957,10
Linguado	404,00	335,50	502,90
Granadero	2.004,30	1.358,10	1.295,30
Gamba rosada			872,00
Fogoneiro	41,60	52,30	39,10
Fletán negro	4.725,00	4.575,30	4.621,20
Coreano	26,00	29,00	30,00
Cigala	1.342,80	1.248,40	1.033,60
Cabras	4.964,50	4.896,90	4.525,20
Burro	209,70	131,80	223,20
Brosme	60,10	214,00	229,40
Bonito do norte	17.174,70	18.739,10	19.011,40
Bocarte	36.676,10	29.481,80	27.742,20
Bacallao	12.006,60	13.996,80	12.577,50
Atún bermello	6.107,60	6.088,30	6.088,30
Atún patudo	7.906,80	11.604,40	10.343,90
Atún amarelo	45.682,00	45.682,00	42.943,00
Arenque	41,70	47,20	43,70
Alfonsino	68,40	68,10	58,00
Agulla	22,90	23,20	22,80
Abadexo	656,90	537,70	494,50

\* Nótese que as especies están agrupadas polo nome común sen diferenciar stocks.

Fonte: Elaboración propia a partir de MAPA, Cuotas españolas, 2023

nacional. Aínda nos casos de aumento, a taxa de incremento da eficiencia técnica tende a ser menor á taxa de redución da flota, de modo que incluso tendo en conta as melloras na eficiencia non é posible falar de incremento da capacidade.


Esta limitada ganancia e, nalgúns casos, incluso redución da eficiencia é a outra cara da moeda dunha flota envellecida. En efecto, a idade media da flota galega é de 37 anos, con algo máis de 1.600 unidades que superan os 40 anos (MAPA, 2023). Este valor é algo superior á media europea, 34 anos (European Commission, 2022); dato que, se ben é lixeiramente máis favorable, suxire, en todo caso, unha problemática de fondo común expresada no baixo investimento na renovación da flota.

En paralelo á redución de flota produciuse unha diminución do emprego que afecta todos os segmentos sen excepción, acadando un total de 1.601 tripulantes menos nos últimos dez anos. Os avances en eficiencia son, porén, modestos, propios do contexto dunha flota envellecida e na que os buques que saen son os máis antigos sen que exista un significativo proceso de renovación.

No caso desta actividade, a produción, é dicir, as capturas veñen determinadas tanto pola variabilidade natural do medio como polas cotas fixadas pola Comisión Europea, de modo que non hai máis posibilidade de expansión para unha empresa pesqueira que a compra de unidades con dereito a cota noutros países da UE.

En canto ás capturas, só dispoñemos dos datos de descargas nas lonxas galegas, non existindo estatísticas que permitan identificar que parte desas descargas corresponden a barcos galegos (toda vez que nas lonxas galegas descargan tamén barcos portugueses, asturianos, vascos etc.), nin a que segmentos da flota corresponden. A longo prazo a serie amosa unha gran variabilidade, cun mínimo en 2003 de 124.656 toneladas descargadas e un máximo en 2017 de 212.784 toneladas. Desde entón a tendencia foi decrecente, marcada, sobre todo, pola redución das cotas comunitarias, ata situarse en niveis historicamente baixos. Así, en 2022 as descargas foron de 134.287 toneladas, se ben cunha leve melloría respecto ao ano anterior.

Nos tres últimos anos as cotas asentáronse en niveis historicamente baixos. O cadro 4 recolle a evolución recente, permitíndonos observar tanto os cambios no medio prazo como a relevancia de cada grupo




ibéricas. Debido ao mal estado do stock, o ICES (International Council for the Exploration of the Seas) chegou a suxerir en 2017 o peche total da pesqueira. Ante esta tesitura España e Portugal adoptaron un plan de xestión conxunto que reduciu de forma drástica as posibilidades de pesca ata 14.600 toneladas, das que 4.891 lle corresponden a España. Esta cifra resulta historicamente moi reducida para a flota, pero buscaba conciliar a sostibilidade ecolóxica coa económica e social, tratando de garantir un nivel de ingreso mínimo que evite impactos severos nas unidades produtivas.

As sucesivas avaliacións do ICES foron confirmando que as medidas de xestión adoptadas permitían unha rápida mellora da pesqueira, verificándose o incremento da biomasa de sardiña. Así, en 2020 foi posible duplicar as posibilidades de pesca fixadas para España, chegando ás 6.400 toneladas. Malia que as cotas fixadas para os anos sucesivos non están recollidas nos informes de xestión de cota do MAPAC, a recuperación da pesqueira continuou; de feito, en 2020 produciuse un incremento da biomasa do 66% (Mello Tahim, 2022). En consecuencia, o novo plan plurianual 2021-2026 revisou as posibilidades de pesca, asignando para 2021 unhas capturas máximas de 14.828 á flota española.

Se ben as 44.262 toneladas capturadas por España e Portugal en 2022 (ICES, 2022a) están lonxe dos máximos históricos, cuxo último pico foron as 101.464 toneladas en 2008, excesivas á luz tanto da evolución da pesqueira como dos informes científicos dispoñibles (ICES, 2022a); a situación actual, posibilitando tanto a sostibilidade do stock como ofrecendo un horizonte de estabilidade ás empresas pesqueiras, subliña a importancia da xestión pesqueira á hora de buscar compromisos entre a sostibilidade ecolóxica e a económica-social.

No caso da flota de altura, algunhas das principais especies, como a pescada, continuaron a senda de decrecemento iniciada anos atrás. En concreto, as cotas reducíronse á metade no Gran Sol, entre 2017 e 2021 (ICES, 2021a), e no Cantábrico Noroeste entre 2014 e 2021 (ICES, 2021b). Tamén no caso do lirio prodúcese un drástico descenso das posibilidades de pesca nos últimos anos, de xeito que as cotas en 2022 eran un 43,5% das existentes en 2018 (ICES, 2022b). Afortunadamente, o TAC de 2023 permite unha



de especies<sup>1</sup>. A tónica xeral para o último ano foi de estabilidade nalgúns casos e retroceso para algunhas especies moi relevantes por volume e valor.

Na flota de litoral, na que predomina o cerco, as especies obxectivo, como pode ser o xurelo e a xarda, se ben melloraron levemente respecto ao ano anterior, manteñen niveis baixos respecto á traxectoria recente. Pola contra, a cota de bocarte, unha das principais especies desta pesqueira, continuou a senda de diminución ata as 27.742 toneladas.

As mellores noticias para a flota de litoral proceden da pesqueira da sardiña en augas

proceden da pesqueira da sardiña en augas ibéricas. Debido ao mal estado do stock, o ICES (International Council for the Exploration of the Seas) chegou a suxerir en 2017 o peche total da pesqueira. Ante esta tesitura España e Portugal adoptaron un plan de xestión conxunto que reduciu de forma drástica as posibilidades de pesca ata 14.600 toneladas, das que 4.891 lle corresponden a España. Esta cifra resulta historicamente moi reducida para a flota, pero buscaba conciliar a sostibilidade ecolóxica coa económica e social, tratando de garantir un nivel de ingreso mínimo que evite impactos severos nas unidades produtivas.

As sucesivas avaliacións do ICES foron confirmando que as medidas de xestión adoptadas permitían unha rápida mellora da pesqueira, verificándose o incremento da biomasa de sardiña. Así, en 2020 foi posible duplicar as posibilidades de pesca fixadas para España, chegando ás 6.400 toneladas. Malia que as cotas fixadas para os anos sucesivos non están recollidas nos informes de xestión de cota do MAPAC, a recuperación da pesqueira continuou; de feito, en 2020 produciuse un incremento da biomasa do 66% (Mello Tahim, 2022). En consecuencia, o novo plan plurianual 2021-2026 revisou as posibilidades de pesca, asignando para 2021 unhas capturas máximas de 14.828 á flota española.

Se ben as 44.262 toneladas capturadas por España e Portugal en 2022 (ICES, 2022a) están lonxe dos máximos históricos, cuxo último pico foron as 101.464 toneladas en 2008, excesivas á luz tanto da evolución da pesqueira como dos informes científicos dispoñibles (ICES, 2022a); a situación actual, posibilitando tanto a sostibilidade do stock como ofrecendo un horizonte de estabilidade ás empresas pesqueiras, subliña a importancia da xestión pesqueira á hora de buscar compromisos entre a sostibilidade ecolóxica e a económica-social.

No caso da flota de altura, algunhas das principais especies, como a pescada, continuaron a senda de decrecemento iniciada anos atrás. En concreto, as cotas reducíronse á metade no Gran Sol, entre 2017 e 2021 (ICES, 2021a), e no Cantábrico Noroeste entre 2014 e 2021 (ICES, 2021b). Tamén no caso do lirio prodúcese un drástico descenso das posibilidades de pesca nos últimos anos, de xeito que as cotas en 2022 eran un 43,5% das existentes en 2018 (ICES, 2022b). Afortunadamente, o TAC de 2023 permite unha notable recuperación das posibilidades de pesca e parece establecer un punto de inflexión nesta pesqueira. Outras especies, relevantes pola combinación de volume e prezo, como o rapante, ou por prezo, como o peixe sapo, mantéñense relativamente estables.

No que atinxe á flota de grande altura, operando en augas internacionais, a situación é de estabilidade durante o período, e as cotas de especies obxectivo como o atún amarelo, o peixe espada ou a quenlla presentan unha situación similar á de anos anteriores.

A elasticidade dos prezos dos produtos pesqueiros provoca que as eventuais subidas

<sup>1</sup> Téñase en conta que cada epígrafe agrupa, para facilitar a lectura, os diferentes stocks da mesma especie. Así, por exemplo, no caso da pescada inclúense os stocks: HKE/571214, HKE/8ABDE e HKE/8C3411.

sexan menos que proporcionais ás caídas do ingreso. Así, se en 2017 o valor das descargas en primeira venda foi de 508,67 millóns de euros e un prezo medio de 2,39€/kg, en 2022 o valor reduciuse a 437,39 millóns, cun prezo medio de 3,26€/kg.

O 81% desta produción son peixes (o que axuda a entender a importancia das cotas), seguidos de cefalópodos (11%); distribuíndose o resto entre algas, bivalvos, crustáceos, equinodermos, gasterópodos, poliquetos e outros. De feito, cabe sinalar que en 2022 se descargaron nas lonxas galegas 259 especies distintas. A pesar da diversidade das capturas, o valor concéntrase en apenas unha decena de especies e, en particular, na pescada que responde de case unha cuarta parte do valor.

A flota galega seguiu unha estratexia de procura de valor máis que de volume, centrándose en especies como pescada, peixe sapo ou rapante, situados nun segmento intermedio de prezo. A pescada destaca por ser un produto con propiedades moi apropiadas como *commodity*. O proceso de orientación ao valor e de especialización seguido constitúe unha estratexia económica axeitada que atopa os seus límites na dependencia das cotas e nos cambios das condicións do mercado, como pode ser o actual contexto de inflación.

### A acuicultura e o marisqueo

A explotación do mar en Galicia inclúe tamén os cultivos mariños, tanto a miticultura, como a piscicultura mariña e o marisqueo que, máis que unha actividade puramente extractiva, é un semicultivo.

A produción acuícola galega está diversificada, malia que a facturación se concentra sobre todo en dúas especies: o mexillón e o rodaballo. No caso do mexillón a produción tende a oscilar en torno ás 250.000 toneladas en volume e 160 millóns de euros en valor. Isto sitúa a Galicia como o principal produtor europeo e o terceiro mundial, por detrás de China (43% do total mundial) e Chile (FAO, 2023).

No contexto europeo, Galicia é, con diferenza, o maior produtor en termos de volume, pero non en valor, sendo superada por Francia nesta rúbrica. Esta última produce só o 14% en volume e acada o 32% do valor, mentres que no caso galego se produce case a metade do total en volume pero só o 29% do valor. A contrapartida dunha produción histórica e comparativamente moi elevada en peso foi un prezo baixo. O prezo do mexillón español figura entre os máis baixos dos principais produtores europeos. Só Grecia presenta un prezo menor, resultando un caso salientable, toda vez que conta cunha produción moito máis pequena (apenas un 6% da española) e tamén decrecente.

Esta configuración ofrece dúas caras da mesma moeda. Por unha banda existe unha limitada xeración de valor pero; por outra, isto se materializa nunha elevada competitividade e liderado do mercado europeo, de xeito que os cambios nos prezos da produción doutros países teñen un escaso efecto sobre o prezo do mexillón galego, malia que as variacións deste último presentan un efecto importante nos prezos dos competidores (Rodríguez-Rodríguez and Bande, 2017).

Unha segunda característica relevante en termos de competitividade é a estabilidade. Desde a década de 2000 obsérvase un declive na produción europea de mexillón (Avdelas et al., 2021). Algúns dos principais países produtores, como pode ser o caso de Irlanda, Italia, Grecia ou, en menor medida, Francia, amosan unha senda descendente desde, aproximadamente, o cambio de século.


Esta redución da competencia no contínuo pode ser un dos factores que están a facilitar a notable mellora dos prezos desde o ano 2020. Ata entón o prezo medio máis alto desde que Pescadegalia recolle información corresponde a 2002, con 0,52€/kg. A partir dese ano a tendencia a longo prazo, a pesar dalgunha suba puntual, era decrecente, chegando a 2020 cun prezo medio de 0,43. Non obstante, en 2021 o prezo medio elévase ata os 0,55 euros, para alcanzar os 0,69 en 2022,

Cadro núm. 5  
Produción de acuicultura e marisqueo en valor e peso


	2021		2022	
	Kg	Euros	Kg	Euros
<b>Algas</b>	<b>2.742</b>	<b>14.562</b>	<b>12.240</b>	<b>33.100</b>
Algas verdes	1.562	9.372	1.071	6.426
Algas vermellas	360	2.520	401	3.066
Argazo real	820	2.670	10.768	23.608
<b>Bivalvos</b>	<b>254.716.457</b>	<b>169.645.801</b>	<b>221.948.451</b>	<b>165.947.303</b>
Ameixa babosa	140.378	2.113.049	124.256	1.498.457
Ameixa fina	143.144	4.313.095	29.642	903.254
Ameixa xaponesa	1.458.608	16.742.890	713.705	7.081.305
Berberecho	836.408	4.329.397	404.187	2.414.463
Mexillón	250.863.178	139.015.717	219.698.852	150.894.333
Mexillón (parques cultivo)	339.033	189.146	4.260	8.400
Ostra plana	257.484	1.433.161	237.419	1.386.985
Ostra rizada	675.836	1.496.847	732.783	1.741.723
Vieira	2.334	12.014	3.348	18.384
Volandeira	54	486		
<b>Peixes</b>	<b>8.278.647</b>	<b>63.490.600</b>	<b>10.012.349</b>	<b>90.355.048</b>
Linguado de pintas	648.966	7.278.218	816.652	10.457.141
Rodaballo	7.629.681	56.212.383	9.195.697	79.897.907

Fonte: Consellería de Mar, *Anuario de Acuicultura 2022* ([www.pescadegalia.com](http://www.pescadegalia.com))

**Gráfico 3**  
Producción europea de mexillón en volume. 2021



**Gráfico 4**  
Producción europea de mexillón en valor. 2021



encadeando dous máximos históricos. O contexto inflacionista, animado pola ruptura das cadeas de subministración globais primeiro e a guerra de Ucraína despois, é posible que atopase un caldo de cultivo máis propicio neste produto fronte a outros da pesca, dado ese declive da competencia. Neste contexto, e dada a estrutura de custos desta actividade (Rodríguez-Rodríguez, 2009), é de esperar unha apreciable mellora das marxes de beneficio.

Son seguramente estes dous factores, o declive dos competidores e a extraordinaria mellora dos prezos, os que acentuaron a orientación á venda en fresco da produción mexilloeira. Se desde 2007-2008 un terzo da produción se destinaba á industria, nos dous últimos anos este continxente reduciuse ata o 25%. Mentres, a demanda das conserveiras cóbrease de modo crecente con mexillón conxelado procedente de Chile.

O contexto económico presente parece, por tanto, favorable para os bateiros. A medio e longo prazo, non obstante, dous factores de tipo ambiental marcan límites á produción. Un deles é a dispoñibilidade de semente. O aumento da produción para fresco estase a realizar a través de mexillón pequeno (que os produtores denominan con retransa "lacasitos") con destino ao mercado centroeuropeo, Bélxica fundamentalmente. Esta orientación ten toda a lóxica desde o punto de vista económico: acorta o ciclo do produto, aumenta a rotación e adáptase ao mercado; pero non tanto desde o punto de vista ecolóxico, xa que incrementa a presión ambiental. En particular aumenta a demanda de semente nun período en que factores climáticos están a reducir a súa produción. Unha parte das necesidades de semente cúbrese con cordas nas bateas; a restante debe extraerse directamente das rochas, sendo esta práctica a que derivou nun acendido conflito cos percebeiros.

O segundo factor limitador son as mareas vermellas, floracións de algas tóxicas, un fenómeno cunha incidencia moi variable pero que a longo prazo tende a ser cada vez máis frecuente; non só nas nosas rías senón en áreas costeiras ao longo de todo o planeta (Berdalet et al., 2016)


### Piscicultura mariña

Galicia lidera a produción europea e española de peixes planos, integrada por rodaballo e linguado común. A temperá creación de Insuiña, a primeira planta comercial de rodaballo de Europa inaugurada en 1983 no Grove, significou o disparo de saída dunha carreira que levou a esta comunidade a liderar a tecnoloxía de cultivo das especies, asentando sobre ela a súa vantaxe competitiva.

No ano 2021 Galicia produciu o 70,7% do rodaballo e o 69,3% do linguado cultivados en Europa. Se sumamos a produción do segundo país produtor, Portugal, as porcentaxes acadarían o 98,5% e o 80,2% respectivamente (FEAP, 2023). Neste país a acuicultura destas especies desenvólvese como unha extensión das matrices galegas das empresas produtoras: Stolt Sea Farm e Pescanova, no caso do rodaballo, e Aquacría Arousa, no caso do linguado. É dicir, non se trata de novos actores, senón do crecemento dos existentes, o que ilustra o carácter crítico dos factores tecnolóxicos nesta actividade.

Se nos cinguimos ao ámbito do Estado, o 100% do rodaballo prodúcese en Galicia, mentres que no caso do linguado a cifra é do 69,4% e o restante corresponde a Andalucía.

No ano 2022 a produción galega situouse no seu máximo histórico en volume con 9.195 toneladas, que xeraron un valor de 80 millóns de euros (Xunta de Galicia, 2023). Non obstante, desde 2012, con certas oscilacións a produción está relativamente estabilizada. O rodaballo é un pescado de mesa, moi apreciado,





vases, vacinas etc.; de modo que o incremento da facturación non pode interpretarse directamente como un aumento da rendibilidade.

De xeito análogo, a produción de linguado acadou parámetros moi positivos en 2022, tanto en termos de produción, chegando a un máximo histórico de 816 toneladas, como en termos de prezos, que alcanzaron un valor medio de 12,80€/kg.

### A industria da conserva e transformados a base de pescado

En 2020, último ano con datos dispoñibles da estatística estrutural de empresas, a industria de procesado e conservación de pescados, crustáceos e moluscos (código CNAE-2009 10.2) galega representaba o 26,5% do total de locais de España, pero xeraba o 48,1% do emprego e o 59,1% do valor; é dicir, en Galicia localízanse as empresas máis grandes e eficientes.



cuxo comportamento económico é propio dun ben de luxo e no que a produción salvaxe é moi limitada, de modo que o control da produción, a súa limitada oferta, axuda a manter os prezos nun rango elevado. A maiores, nos dous últimos anos produciuse unha apreciable suba, acompañada de crecemento da produción, de maneira que a facturación acadou tamén un máximo histórico. No obstante, ao mesmo tempo o proceso inflacionista dos dous últimos anos provocou importantes subas nos prezos de *inputs*, tanto dalgúns que teñen un elevado peso na estrutura de custos (enerxía, penso, osíxeno etc.), como doutros relevantes, como poden ser combustible, en-

A nivel galego a industria da conserva presenta unha forte concentración na comarca da Barbanza, que representa arredor da metade da produción, contando con empresas líderes como Conservas Rianxeira, Frinsa ou Escurís; e, en menor medida, en comarcas como Vigo, o Salnés ou Bergantiños (Consortio de la Zona Franca de Vigo, 2023). Se nos referimos á industria de procesado de produtos a base de pescado, a principal localización é a comarca de Vigo, seguida do Salnés, o Morrazo e Caldas.

Non dispoñemos de datos de produción da industria conserveira desagregados por comunidades autónomas e especies, pero os datos para o conxunto do Estado resultan ilustrativos da estrutura da oferta. Como se pode observar (gráficos 6 e 7), a pesar de contar cunha variedade de produto relativamente diversificada, a principal especie en valor (56%) e, sobre todo, en volume (68%) é o atún. Esta característica é netamente atribuíble ao sector en Galicia. Destacan a continuación, en termos de valor, o mexillón, o atún branco e a sardíña.

O crecemento da industria da conserva pode atopar un freo nos vindeiros anos, toda vez que a Unión Europea está a negociar un Tratado de Libre Comercio con Tailandia; primeiro produtor mundial de conservas de atún



con 559.728 toneladas en 2020 (das cales unha quinta parte aproximadamente se destinan á exportación), seguido de España, que para o mesmo ano produciu 377.016 (FAO, 2023).

A pesar das limitacións existentes nas actividades primarias, o peso do complexo mar-pesca na economía galega acada ratios dificilmente igualables noutras áreas, situándose arredor do 4,1% do PIB<sup>2</sup>; no 4,8% se incluímos o comercio por xunto de peixes e mariscos.


## O complexo mar-industria: unha visión de conxunto

A diversidade de especies, artes, flotas, técnica etc. e os valores económicos sinalados en páxinas anteriores suxiren xa un elevado impacto económico da pesca. Abundando nesa liña, o valor da produción medido por lonxa permítenos aproximarnos de modo intuitivo á contribución territorial da pesca galega (en sentido amplo) ao seu impacto ao longo do territorio.

Figura núm. 1

Distribución territorial da produción.

Vendas en valor (€) nas lonxas galegas. 2022.



<sup>2</sup> PIB = VAB - impostos netos sobre os produtos.

En efecto, unha característica indicativa da contribución da economía pesqueira ao desenvolvemento territorial é a gran distribución das descargas de peixe e marisco e das actividades transformadoras ao longo do amplo número de portos e localidades que balizan os 1.490 km de costa galega. Aínda que algúns portos despuntan sobre os demais, como poden ser os casos de Vigo, Ribeira, A Coruña, Celeiro ou Burela, a ampla distribución da actividade evita a concentración da riqueza nun punto illado, estendéndose polo litoral galego; o que tradicionalmente fixou poboación na liña de costa e garantindo a existencia das comunidades costeiras locais. Asociadas á pesca localízanse tamén no litoral un gran número de actividades necesarias para a actividade pesqueira: as propias lonxas, frigoríficos, servizos de transporte, xestorías, empresas e servizos asociados aos envases e embalaxes etc. Ademais deberíamos sumar en moitos puntos costeiros as granxas de cultivos, as bateas, os centros de distribución, as depuradoras, as cetarias, as fábricas de conservas e procesados etc. Con todo, a localización destas últimas excede as posibilidades deste traballo.

Ao mesmo tempo, as Táboas input-output da pesca-conserva galegas 2019 (Rodríguez-Rodríguez et al., 2022) permítenos analizar non só o conxunto das actividades consideradas neste traballo: pesca, miticultura, piscicultura mariña, marisqueo, conserva e transformados e depuradoras, senón tamén as interconexións entre elas e co resto da economía. A suma deste complexo acadou un volume de produción agregada de 5.548 millóns de euros. Se sumamos as importacións de produtos correspondentes a cada actividade obtemos que se puxeron a disposición do mercado produtos por valor de 8.952,3 millóns de euros. Estas magnitudes falan non só da capacidade de producir, senón tamén da capacidade de comercializar. A oferta total da pesca galega é capaz de cubrir a demanda do mercado español e máis exportar a mercados tanto da UE como de terceiros países.

O conxunto do subsector da pesca extractiva contribuíu cunha produción de 673,1 millóns de euros: con 153,4 a miticultura; con 71 a piscicultura mariña; con 26,8 o marisqueo a pé; con 4.351,3 a industria da conserva e dos transformados do mar; e, finalmente, con 272,3 as depuradoras.

O impacto directo desta actividade materialízase en compras sobre o resto da economía, salarios, beneficios e impostos. En canto ás compras, por cada euro de produción no caso da pesca, por termo medio, demandábanse 36 céntimos de sectores auxiliares e fornecedores, variando entre os 21 céntimos da baixura e os 58 do palangre. Tanto este último caso como o do arrastre reflicte un peso dos *inputs* intermedios expresivo dunha actividade industrial. Á marxe de que a actividade sexa extractiva ou non, os requirimentos de capital son industriais.

Seguindo con outras actividades, a miticultura demanda do resto da economía *inputs* por valor de 26 céntimos por euro producido e 52 a piscicultura mariña (fundamentalmente de rodaballo e, en menor medida, de linguado); mentres que no caso do marisqueo a pé as necesidades son de 10 céntimos por euro producido. A industria da conserva e os transformados consome 0,44 céntimos, e, por último, a depuración 0,70. Neste último caso o elevado peso dos consumos intermedios é consecuencia da dobre natureza dos procesos que realiza: transformación e comercialización. Por unha banda realiza un proceso

Cadro núm. 6

**Táboas input-output da pesca e conserva galegas 2019**

Magnitudes representativas a prezos básicos (en miles de euros)

	Enerxía	Custos intermedios	Custos operativos	Produción	Peso combustibles sobre custos operativos (en %)
Pesca de baixura a. menores	6.515,9	40.102,5	92.408,9	183.874,1	7,05
Pesca de litoral					
Palangre	341,1	1.510,3	2.824,5	5.871,4	12,08
Cerco	1.731,4	9.941,6	25.958,0	43.654,5	6,67
Outros	430,6	1.543,9	3.215,9	3.675,6	13,39
Pesca de altura					
Arrastre	7.372,9	20.911,7	38.766,3	47.335,5	19,02
Palangre	11.337,2	52.893,1	78.245,2	90.330,9	14,49
Outros	342,0	1.163,6	5.156,6	6.622,0	6,63
Pesca de grande altura					
Arrastre	16.585,3	63.188,6	111.054,8	166.108,5	14,93
Palangre	18.196,8	73.632,5	108.228,3	125.674,4	16,81
Miticultura	3.612,7	40.091,8	69.205,3	153.379,7	5,22
Piscicultura mariña	6.854,9	37.070,5	55.538,7	71.030,5	12,34
Marisqueo	452,6	2.856,3	9.555,9	26.825,4	4,74
Conserva e transformados	45.831,3	1.907.984,2	2.340.052,8	4.351.333,2	1,96
Depuradoras	2.948,2	191.866,8	212.889,5	272.319,5	1,38
<b>Total</b>	<b>122.552,9</b>	<b>2.444.757,4</b>	<b>3.153.100,7</b>	<b>5.548.035,1</b>	<b>3,89</b>


Fonte: Elaboración propia a partir de Rodríguez-Rodríguez et al. 2022.

de depuración que representa unha transformación necesaria para facer o produto axeitado para o consumo. Por outra desenvolve un papel comercializador, sendo as compras de materia prima para a venda propia o que incrementa comparativamente os custos intermedios.

No caso da pesca o principal consumo intermedio é o gasóleo, coa excepción da baixura onde sería o segundo gasto en importancia por detrás de "servizos de organizacións empresariais e profesionais". Isto débese a que unha parte importante dos custos asociados ao marisqueo e pesca con artes menores son asumidos a través das asociacións de mariscadores ou confrarías e non de forma directa a través dos produtores; canalizándose en conxunto a través da partida "servizos de organizacións empresariais e profesionais", sufragada coas cotas pagadas individualmente.

Na piscicultura mariña, a enerxía, electricidade neste caso, é a segunda maior partida nos *inputs*, só por detrás dos pensos. Aínda que no resto de sectores ten unha importancia menor, dá conta do efecto da suba dos custos da enerxía ao longo dos dous últimos anos sobre a estrutura de custos e a rendibilidade.

O peso da enerxía sobre os custos operativos (consumos intermedios máis remuneración de asalariados) varía entre o 6,67% do cerco e o 19,02% do arrastre de altura, sendo, en xeral, elevado no conxunto das flotas de altura e grande altura. Tamén na piscicultura, onde, se ben responde ao consumo de electricidade, acada un valor considerable.



No caso da pesca a magnitude do impacto da suba do prezo do gasóleo pode captarse mellor a partir dos datos do gráfico 8. Nel obsérvase como partindo de niveis de prezos relativamente estables, os existentes en 2018-2019, en 2021 se produce unha escalada que leva ata triplicar o prezo no punto máximo. Desde novembro de 2022 os prezos están a descender de maneira progresiva; non obstante, a día de hoxe mantéñense a niveis que duplican os de 2019. No contexto de inflación existente, as estratexias de aforro dos consumidores, que reorientan a súa cesta da compra cara a especies máis baratas, e a estrutura de poder ao longo da cadea de valor

están a facer que resulte difícil trasladarlle ao consumidor o incremento dos custos das flotas. Esta relación entre os prezos do combustible e a inflación é unha das principais presións que afronta o sector na actualidade.

Sumando o conxunto das actividades consideradas, en 2019 pagáronse salarios por 708,3 millóns de euros e ingresáronse en concepto de renda mixta 148,3. Se desagregamos, no que se refire ás flotas galegas, a remuneración de asalariados acadou un valor de 200,9 millóns de euros, se ben, para ser xustos deberíamos engadir nalgúns casos a renda mixta (que esencialmente se corresponde cos ingresos dos autónomos). Así, por exemplo, no caso da baixura, onde a tripulación típica está composta por un mariñeiro que recibe un salario e un patrón-armador que percibe unha renda mixta, o conxunto das dúas partidas suma 129,3 millóns de euros. Na piscicultura os salarios acadan os 29,1 millóns de euros, mentres que os autónomos (figura baixo a que participan os titulares das explotacións máis pequenas) perciben ingresos por 48,5 millóns. A piscicultura mariña paga salarios por valor de 18,4 millóns de euros, 432 millóns a conserva e 21 as depuradoras. O ingreso das mariscadoras (renda mixta) acada os 13,6 millóns de euros, pero ademais o sector paga salarios (biólogos, administrativos, vixilantes etc.) por valor de 6,7 millóns.

A efectos só de completar a panorámica, podemos subliñar que o sector comercializador, os grosistas de pescados e mariscos, acadou unha facturación de 6.211,3 millóns de euros en 2019, cun valor agregado bruto (VABcf) de 463,2 millóns (Consorcio de la Zona Franca de Vigo, 2022). Se ben o VAB pode parecer relativamente modesto en relación ao ingreso, isto é consecuencia do peso dos produtos que comercializa nos custos; con todo, en termos cualitativos o seu papel é crucial e expresa o desenvolvemento de capacidades ao longo da cadea de valor a partir da extracción de recursos mariños. A este respecto é xusto indicar que, no contexto actual, onde as cadeas de produción globais se demostraron vulnerables, non desligar a capacidade de comercializar da capacidade de producir reforza as dúas partes, incrementando a resiliencia como sistema produtivo.



A dispoñibilidade de edicións anteriores das Táboas permitenos tamén realizar análises dinámicas. Desde a anterior edición, correspondente a 2011, o valor da produción pasou de 3.705,4 millóns de euros a 5.548,03 millóns de euros; o que significa un incremento do 49,7% en termos nominais e un 48,5% en termos reais (descontando a inflación, modesta por outro lado nese período). Este resultado é froito de dous grandes movementos: por un lado, a significativa redución da produción da pesca extractiva (que baixa de 1.014,9 millóns de euros a 673, sendo a principal causa a redución das cotas), o marisqueo (que baixa de 36.8 millóns a 26.8) e a miticultura (onde se reduce en 4 millóns de euros); e, por outro, o incremento da produción na piscicultura (+9,4 millóns) e, sobre todo, o notable crecemento da conserva e a industria de transformados, que produce por valor de 2.188,9 millóns de euros máis. En definitiva, medran aquelas actividades que non teñen máis límites directos á súa expansión que a súa capacidade competitiva: a industria transformadora co apoio das importacións; e mantéñense ou decrecen as actividades que dependen directamente das circunstancias do medio natural e teñen topes regulamentarios ao crecemento, os TAC e cotas no caso da pesca.

Cadro núm. 7

**Índice de especialización rexional:  
15 primeiros sectores por nivel de especialización**

	IER *
03 Pesca e acuicultura	10,13
14 Confección de roupa de vestir	3,45
02 Silvicultura e explotación forestal	3,13
16 Industria da madeira e da cortiza, salvo mobles; cestería e espartería	2,80
08 Outras industrias extractivas	2,27
29 Fabricación de vehículos e motor, remolques e semirremolques	1,95
30 Fabricación doutro material de transporte	1,89
19 Coquerías e refino de petróleo	1,57
10 Industria da alimentación	1,49
33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	1,48
42 Enxeñaría civil	1,39
50 Transporte marítimo e por vías navegables interiores	1,31
75 Actividades veterinarias	1,29
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	1,28
25 Fabricación de produtos metálicos, salvo maquinaria e equipamento	1,27

\* Valores > 1 indican especialización, mentres que valores = 1 indican que o peso do emprego do sector correspondente sobre a economía galega é igual ao peso dese sector na economía española.


Fonte: Elaboración propia a partir de IGE, Afiliacións á Seguridade Social último día do mes segundo ramas da CNAE 2009 e comunidades autónomas 2022.

O desenvolvemento desta actividade no seu conxunto levou a que a pesca constituía o principal vector de especialización da economía galega no conxunto do Estado. En esencia, o IER indica que o peso da pesca na economía galega é dez veces superior ao peso da pesca da economía española, existindo unha gran distancia respecto as seguintes actividades, en particular a confección. Cabe destacar, a maiores, a presenza doutras actividades integradas no complexo marítimo-pesqueiro galego entre os quince primeiros segmentos de especialización, como son a fabricación doutro material de transporte (construción naval); a industria alimentaria (entre a que destaca a conserva e procesados a base de pescado), e o transporte marítimo

O índice de especialización rexional (IER) ou coeficiente de localización rexional permite identificar a posición na que se atopan as distintas actividades rexionais en función do peso do emprego desa actividade respecto ao total do emprego galego respecto do peso do emprego nesa mesma actividade no emprego total español.

$$IER = \frac{e_i}{E_i} \cdot \frac{E_t}{e_t}$$


Onde  $e_i$  representa a poboación ocupada no sector  $i$  en Galicia,  $e_t$  representa o número total de ocupados en Galicia,  $E_i$  representa a poboación ocupada no sector  $i$  en España e  $E_t$  representa o número total de ocupados en España. Un valor de 1 indica que no sector considerado o peso do emprego sobre o total galego é idéntico ao peso do total de ocupados nese sector en España respecto ao total do emprego. Valores superiores a 1 indican un peso da estrutura económica rexional superior ao peso do sector na economía española



Ademais do nivel de especialización, a análise das exportacións permite completar a panorámica ofrecendo unha visión daqueles produtos nos que Galicia é máis competitiva a nivel internacional e que, en esencia, son combustibles, pezas de vestir, automóbiles e peixes e mariscos. O mantemento ao longo do tempo desta posición preeminente é consecuencia do continuo nivel de desenvolvemento do sector; evitando, deste xeito, dificultades para manter a súa dinámica e xerando vantaxes competitivas suficientemente sofisticadas como para destacar no ámbito global. Nun contexto como o actual no que é indispensable para as empresas renovar e

modernizar de forma constante os seus produtos, o complexo pesqueiro galego amosa unha multiplicación das iniciativas orientadas a renovar as formas de consumo de produtos do mar (González-Laxe, 2017).

O comercio exterior, tanto de pescados e mariscos como de conservas a base de pescados e mariscos, mantén unha senda de crecemento a longo prazo acompañada, en termos xerais, aos vaivéns dos ciclos económicos. O factor que posibilita este crecemento continuado é a capacidade comercializadora. España, Galicia en particular, é a gran lonxa de pescado para Europa e un dos nodos globais de comercio de pescado máis importantes do planeta. Esta evolución positiva resulta indicativa da competitividade destas producións.



Un segundo aspecto a salientar é que o comercio exterior de pescados e mariscos supera de maneira significativa, sobre todo no caso das importacións, o de conservas e transformados. A este respecto cabe sinalar que se ben a partida 16 de TARIC "preparación de carne, pescado..." inclúe en principio conservas a base de carne, no caso galego os produtos a base de peixe representaron, de acordo aos datos de DATACOMEX, o 97,4% das exportacións desta partida en 2022. É dicir, en esencia son conservas de peixe e marisco.

O feito de que o comercio exterior de peixe supere o de conservas cando, como veremos, a produción da industria transformadora é moi superior, débese no caso das importacións á suma da demanda do sector comercializado e do sector transformador e, no caso das exportacións, á maior orientación da industria ao mercado nacional e da pesca ao mercado nacional e europeo.

### As mulleres na pesca

Segundo os datos proporcionados pola *Encuesta Económica de la Pesca*, en 2021 o traballo feminino nesta actividade acadou as 658 UTA, o que equivale ao 3,75% do total, unha cifra extraordinariamente modesta. Medido en persoas, a cifra ascende a 1.194, o que indica que a forma de participación máis habitual é a contratación a tempo parcial. Unha segunda característica relevante é a distribución do emprego en terra e a bordo.

Fóra dalgunha excepción pouco significativa a nivel estatístico, todo o emprego a bordo concéntrase na flota de baixura (embarcacións de eslora inferior a 12 m), acadando as 149 UTA (457 persoas), non existindo emprego feminino en terra neste segmento. O restante emprego feminino ocúpase na flota industrial, sobre todo en labores de tipo técnico ou administrativo, non existindo ningunha muller enrolada nas tripulacións. A pesar da modestia destas cifras, a tendencia é a unha participación crecente das mulleres, se ben coa xa comentada excepción da baixura onde a propiedade das embarcacións é un factor clave; o mar segue sendo un espazo vedado.

No caso do marisqueo a pé as mulleres representaban, segundo os datos dispoñibles no IGE, en 2022 o 74,76% do total (2.702 mulleres); cifra que se reduciu paulatinamente, desde o 90% que representaba nos anos 90, a medida que a mellora do ingreso fai máis atractiva esta actividade para os homes. Similar evolución ten lugar no caso da conserva, onde na actualidade as mulleres son aproximadamente un 75% do emprego (ANFACO-CECOPESCA, 2023), amosando tamén un peso decrecente.

O desprazamento da actividade económica vai acompañado da progresiva perda de poder político. En 1995, ao inicio do proceso de profesionalización do marisqueo, só dúas mulleres de sesenta e tres eran presidentas das confrarías de pescadores; catorce en 2014; seis en 2018 e baixaron tres en 2022. Un longo percorrido practicamente ao punto de saída.

En síntese, obsérvanse dúas notas características. En primeiro lugar, a redución do peso feminino en sectores historicamente feminizados, como é o caso do marisqueo, e a lenta incorporación das mulleres en sectores moi masculinizados, como a pesca. En segundo lugar, o tabú que segue significando a presenza das mulleres a bordo e, por último, as dificultades para participar politicamente cando a perspectiva de xénero non calla no ámbito doméstico.

## IV. Industria

- No avance do IGE, o VEB xerado pola industria galega descendeu en 2022 un 2%, caída que se explica fundamentalmente pola evolución do sector enerxético. Con todo, a actividade manufactureira tamén tivo un comportamento anual negativo
- Cun incremento do VEB industrial en 2021, o sector manufactureiro galego perdía máis de 10 mil ocupados. En 2022, a pesar da redución do VEB, a ocupación medrou en 1.400 traballadores
- O índice de produción industrial (IPI) caeu en 2022 un 1,3%, o que supoñía que o volume de produción en Galicia non era capaz de recuperar os niveis anteriores á crise sanitaria, sendo a produción similar á que se lograba en 2015
- A pesar das dificultades na produción de automóbiles e nun contexto de crise nas subministracións, a facturación galega en 2022 ascendeu a 11.550 millóns de euros, 350 millóns máis dos acadados en 2021
- A metalurxia foi un dos sectores con peores resultados en 2022 debido, sobre todo, ao encarecemento da factura enerxética
- As cifras de facturación de Inditex en 2022 foron similares á facturación de toda a industria manufactureira galega en 2020
- Os prezos dos produtos industriais tras un longo período de estabilidade presentaron en 2021 unha taxa de variación do 40,3% e en 2022 alcanzaron o 13,0%. Os custos laborais non contribuíron, en termos xerais, ao crecemento dos prezos, tanto en Galicia como en España
- As exportacións industriais en Galicia descendieron un 1,9% medidas en termos reais (en termos monetarios, ante a subida dos prezos, aumentaron un 13,2%)
- Persiste a especialización da industria galega con respecto á española en tres actividades: confección de pezas de vestir, vehículos de motor e madeira
- Con fondos Next Generation EU, ata finais de 2022 aprobáronse en España un total de doce PERTE, dos que da maioría deles se beneficiará a industria galega. Así, no PERTE das enerxías renovables, hidróxeno renovable e almacenamento, tres proxectos galegos recibirán un apoio de 32 millóns de euros.
- A posible instalación da lusa Altri en Palas de Rei-Lugo para fabricar fibra téxtil a partir da madeira de eucalipto está pendente da concesión de axudas dos fondos europeos.



## A actividade

As últimas estimacións dispoñibles no momento de redactar este informe sobre a actividade mantida polo sector industrial galego en 2022 mostran, con respecto a 2021, un descenso dun 2% na xeración de VEB; caída que se explica, ante todo, pola evolución do sector enerxético. Con todo, a actividade manufacturera tamén mantivo un comportamento anual negativo ao rexistrarse un descenso do 0,5%. Con estes resultados trúncanse as expectativas existentes ao comezo de 2021 de que, conforme se fose superando a crise sanitaria motivada pola COVID-19, se retornaría paulatinamente á produción de 2019. Así, ante unha diminución do 12,1% do VEB industrial en 2020, en 2021 a recuperación foi de tan só o 3,9% e este impulso positivo non se mantivo en 2022.

As razóns que explican esta evolución negativa da actividade son múltiples e unha boa parte delas débense a factores exógenos á propia industria galega. Certamente, unha conxuntura internacional moi desfavorable incidiu no primeiro semestre de 2022 na traxectoria negativa do sector enerxético galego, o que contrastou co dinamismo que nese período aínda exhibía a industria manufacturera, en especial durante o segundo trimestre. Agora ben, fronte a unha situación difícil de manexar nas subministracións enerxéticas, cos problemas no transporte e na adquisición de provisións en mercados tradicionais, das que un exemplo evidente é a crise, xa iniciada en 2020, dos microchips no sector da automoción, e nun escenario de incesantes subidas nos prezos, a industria manufacturera galega non foi capaz de manter na segunda metade do ano o dinamismo mostrado no primeiro semestre. Deste xeito, no cuarto trimestre de 2022 a caída estimada na actividade foi do 5,3%. Estes resultados negativos supoñen que a actividade industrial non colaborou, en verdade lastrou, o incremento do PIB galego rexistrado neste período, un 3,8%. Agora ben, a evolución sectorial non foi homoxénea como se comprobará máis adiante.

Doutra banda, e como contextualización desta actividade no conxunto da economía de Galicia, cabe indicar que o peso relativo de toda a industria nos últimos anos adoitou roldar, en termos monetarios, o 15% do PIB galego; porcentaxe que se reduce ao 11% se só se considera o sector manufacturero. Estamos, por tanto, nunhas cifras próximas, aínda que máis baixas, da media española pero sensiblemente inferiores ás de comunidades como Navarra ou País Vasco, cuxo peso roldaba, respectivamente, o 28,5% e o 23% do PIB na industria no seu conxunto. Ante a potencialidade latente e a tradición industrial existente en Galicia, en particular na súa fachada atlántica, tería que ser un reto colectivo conseguir unha maior especialización da economía nun sector que xera un efecto multiplicador considerable ao conxunto da economía. Os actuais problemas que está a carrexar a deslocalización desta actividade deberían servir de acicate para alcanzar un novo modelo produtivo no actual contexto da transformación dixital das empresas.

En canto a 2022, unha menor produción que en 2021 adoita implicar unha caída na ocupación. Non foi así na industria manufacturera, a cal vén mostrando nos últimos anos unha traxectoria do emprego contraria á do VEB. Así, mentres a ocupación aumentaba levemente (900 traballadores) en 2020, a pesar dunha caída do 11,6% da actividade, en 2021, coa recuperación do VEB, o sector manufacturero perdía máis de 10 mil ocupados. A incidencia dos ERTE por forza maior ou os axustes do persoal fronte a unha

Cadro núm. 1  
Macromagnitudes básicas do sector industrial en Galicia

	VEB industria	VEB industria manufacturera	PIBpm	% Industria manufacturera sobre PIB	% industria sobre PIB
<b>Prezos correntes (miles de euros)</b>					
2020	8.621.240	6.450.932	58.705.921	11,0	14,7
2021	9.602.585	7.058.117	63.247.504	11,2	15,2
2022	10.704.743	7.524.421	68.817.344	10,9	15,6
TVI (%) 2022/2021	11,5	6,6	8,8		
TVI (%) I trimestre 2022/2021	10,7	7,3	10,0		
TVI (%) II trimestre 2022/2021	15,5	11,9	10,3		
TVI (%) III trimestre 2022/2021	10,9	5,9	7,9		
TVI (%) IV trimestre 2022/2021	9,0	1,7	7,2		
<b>Índices de volume</b>					
TVI (%) 2020/2019	-12,1	-11,6	-8,8		
TVI (%) 2021/2020	3,9	6,3	5,2		
TVI (%) 2022/2021	-2,0	-0,5	3,8		
TVI (%) I trimestre 2022/2021	-7,1	0,8	5,3		
TVI (%) II trimestre 2022/2021	1,3	4,2	5,3		
TVI (%) III trimestre 2022/2021	-2,1	-1,3	2,7		
TVI (%) IV trimestre 2022/2021	0,0	-5,3	2,2		

Fonte: IGE. Contabilidade Trimestral de Galicia (Avance).

nova conxuntura económica nos sectores máis importantes da economía galega permiten explicar este peculiar comportamento; que volve sorprender cos resultados da ocupación en 2022, cun incremento de 1.400 traballadores, seguramente explicables polo elevado crecemento do PIB no primeiro semestre que permitiu unha maior contratación nese período e cunha desaceleración posterior na que se mantiveron os postos de traballo.

Fronte a esta evolución da ocupación na industria manufactureira, asístese en 2022 a un derrube no emprego das industrias extractivas e enerxéticas galegas. De 15.400 traballadores pasouse a 10.700, ou sexa, case se perdeu un de cada tres traballadores. A impresión que suxire esta dinámica é que se atravesa por un período de transición no que se está reconfigurando un sector cunha necesaria aposta polas renovables. De realizarse os investimentos programados tal e como se están anunciando, a xeración de enerxía, xunto coa actividade manufactureira que esta actividade arrastra, manterase como unha das principais actividades xeradoras de VEB industrial galego nos próximos anos. Hai que lembrar que, fronte ao peche ou o freo na produción das plantas de xeración de enerxía mediante combustibles fósiles, tanto para Meirama como para As Pontes, presentáronse senllos proxectos de xeración de hidróxeno verde; o primeiro promovido por Reganosa, Naturgy e Repsol, mentres que o das Pontes está impulsado por Reganosa contando coa portuguesa EDP como socia. Ademais destas iniciativas nos dous municipios galegos que contaban con térmicas, tamén se anuncian, ao amparo do PERTE do hidróxeno verde do que faremos referencia máis adiante, unha iniciativa de Iberdrola e Foresa para Caldas de Reis e outra para o porto de Vigo no que participan doce pemes xunto con Aclunaga, CTAG e ANFACO. A maiores, Foresa tamén promove a creación dunha planta de xeración de metanol verde en Mugar dos, para a que se anunciou un investimento de 150 millóns de euros, agardando que estea operativa en 2025. Tamén cómpre sinalar o anuncio de Maersk para a construción dunha planta de metanol verde, previsiblemente no porto exterior da Coruña. Por último, non se pode esquecer o futuro papel da eólica mariña, para o que se acaban de definir, non sen controversia pola súa incidencia coa actividade pesqueira, as zonas de alto potencial; nelas, Galicia, con catro dos oito polígonos, terá un peso crucial. Destes polígonos, o máis extenso de España sitúase enfronte das costas de Ferrol e Ortegal.

Mentres o IGE estimaba unha caída do VEB industrial do 2% en 2022, o índice de produción industrial (IPI) confirmaba este descenso que cuantificaba no 1,3%. Este dato supoñía que o volume de produción en Galicia non era capaz de recuperar os niveis anteriores á crise sanitaria en 2019, sendo a produción de 2022 similar á que se lograba en 2015. Nos cadros 2 e 3 preséntase a desagregación deste índice baixo dous criterios diferentes. No cadro 2 obsérvase a evolución trimestral e a media anual, en ambos os casos como o valor medio dos respectivos meses, do IPI desagregado en cinco grandes grupos, clasificados segundo o destino económico dos bens que se fabrican. Neste cadro apréciase que, ademais do sector enerxético, cunha caída do IPI do 6,3%, outro grupo tivo tamén un comportamento moi negativo en 2022. Trátase da fabricación de bens intermedios, cuxo IPI descendeu un 5,1%. A metalurxia, a fabricación de produtos metálicos e a elaboración de material eléctrico son tres sectores cuxa produción se viu moi afectada pola carestía do prezo da enerxía, ben que constitúe un elemento básico no seu proceso produtivo. Esta situación levou a ter que limitar a produción e a centralala naquelas horas cun menor custo enerxético.

Cadro núm. 2  
**Índice de produción industrial en Galicia**  
(Ano 2015=100)

		I trim.	II trim.	III trim.	IV trim.	Media	TVA (%)*
Xeral	2020	103,4	73,4	100,3	107,3	96,1	
	2021	106,9	101,7	100,8	107,0	104,1	8,3
	2022	100,6	105,8	98,1	106,4	102,7	-1,3
Consumo duradeiro	2020	105,8	80,1	135,2	129,1	112,5	
	2021	143,4	170,0	197,3	212,9	180,9	60,8
	2022	185,9	225,2	188,6	209,9	202,4	11,9
Consumo non duradeiro	2020	105,9	79,5	125,3	116,4	106,8	
	2021	109,1	127,3	138,8	134,9	127,5	19,4
	2022	125,0	137,8	138,4	114,6	129,0	1,1
Bens equipo	2020	99,0	61,2	103,1	113,5	94,2	
	2021	103,3	89,6	83,2	97,6	93,4	-0,8
	2022	90,5	99,0	91,7	105,5	96,7	3,5
Bens intermedios	2020	110,2	92,5	116,6	115,7	108,8	
	2021	110,2	122,0	119,9	120,3	118,1	8,6
	2022	115,9	120,3	101,1	111,0	112,1	-5,1
Enerxía	2020	99,1	61,9	59,7	84,7	76,4	
	2021	104,0	70,2	64,3	75,9	78,6	2,9
	2022	72,0	66,9	64,1	91,4	73,6	-6,3

\* Taxa de variación anual (sobre a media).

Fonte: INE.

Cadro núm. 3

**Índice de produción industrial en Galicia. Por seccións e divisións da CNAE-2009**

(Ano 2015=100)

	2008	2021	2022	TVA (%) 2022/2021	TVA (%) 2022/2008
<b>Índice xeral</b>	<b>131,3</b>	<b>104,1</b>	<b>102,7</b>	<b>-1,3</b>	<b>-21,8</b>
<b>B Industrias extractivas</b>	<b>220,8</b>	<b>166,3</b>	<b>238,3</b>	<b>43,3</b>	<b>7,9</b>
08 Outras industrias extractivas	220,7	166,3	238,3	43,3	7,9
<b>C Industria manufactureira</b>	<b>140,1</b>	<b>112,8</b>	<b>112,3</b>	<b>-0,5</b>	<b>-19,8</b>
10 Industria da alimentación	97,8	121,4	114,7	-5,5	17,3
11 Fabricación de bebidas	78,4	121,7	131,4	8,0	67,7
13 Industria téxtil	269,0	91,7	83,8	-8,6	-68,8
14 Confección de roupa de vestir	146,5	162,3	192,9	18,8	31,7
15 Industria do coiro e do calzado					
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	135,4	147,5	150,4	1,9	11,1
17 Industria do papel	108,8	114,2	83,9	-26,6	-22,9
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados					
19 Coquerías e refino de petróleo					
20 Industria química	104,1	105,0	116,5	11,0	11,9
21 Fabricación de produtos farmacéuticos					
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	113,9	113,3	107,2	-5,4	-5,9
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	127,1	115,9	127,3	9,8	0,1
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	139,8	98,7	70,1	-29,0	-49,9
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	150,2	106,3	107,8	1,4	-28,2
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos					
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	192,7	107,7	88,6	-17,7	-54,0
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	187,6	131,5	147,2	11,9	-21,5
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	190,3	96,9	96,5	-0,4	-49,3
30 Fabricación doutro material de transporte	258,4	54,8	49,1	-10,4	-81,0
31 Fabricación de mobles	173,1	176,7	202,8	14,8	17,2
32 Outras industrias manufactureiras	83,7	161,8	172,2	6,5	105,7
33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	253,4	69,0	72,1	4,4	-71,5
<b>D Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado</b>	<b>92,6</b>	<b>71,4</b>	<b>63,5</b>	<b>-11,1</b>	<b>-31,5</b>

Fonte: IGE.

A evolución negativa dos dous macrosectores anteriores foi contrarrestada pola dinámica positiva da xeración de bens de consumo e, en menor medida, pola fabricación de bens de equipo. En canto aos bens de consumo cabe subliñar o incremento dun 11,9% do índice dos de consumo duradeiro, aumento que xa viña precedido dunha taxa de variación do 60,8% en 2021. Estamos ante un incremento tan notable nestes últimos dous anos que en 2022 xa se producía máis do dobre que en 2015. Con todo, este grupo presenta un peso moi escaso na estrutura industrial galega e a súa elevada volatilidade xustificábase por esa dimensión, xa que un pequeno cambio na produción dunha das súas actividades provoca variacións moi bruscas na súa taxa de crecemento. É o caso dos sectores da fabricación de mobles e o doutras industrias manufactureiras.

En canto aos bens de consumo non duradeiros, a actividade en 2022 mantívose relativamente estable (subiu a produción un 1,1%), mentres que é salientable un crecemento do 3,5% do grupo de bens de equipo; actividade que aínda non foi capaz de alcanzar o nivel de produción de 2015. Debido ao grupo de bens ao que nos estamos referindo, entre os que se inclúen a automoción, o sector naval ou a fabricación de maquinaria, este retroceso é moi prexudicial para o conxunto da economía. Afortunadamente, na fabricación de maquinaria produciuse en 2020 un incremento na súa produción do 11,9%.

Ante a carencia de información sobre a situación dos estados contables da industria galega en 2022, cuestión estudada polo INE na Estatística estrutural de empresas: sector industrial e cuxos últimos datos dispoñibles se refiren a 2020, e dado que a Enquisa industrial de produtos (informa sobre 4 mil produtos industriais que cobren unha parte importante do sector industrial español) aínda se refire a 2021; a única fonte actual dispoñible para a comprensión da evolución da produción nas diferentes actividades que configuran o sector industrial galego en 2022 é a desagregación do IPI que elabora o IGE seguindo as divisións establecidas na Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE-2009) e cuxos resultados se recollen no cadro 3.

Da observación deste cadro, e considerando exclusivamente a industria manufactureira, cómpre efectuar varias consideracións. En primeiro lugar, o descenso que reflicte o IPI xeral dun -0,5% en 2022 é idéntico á primeira estimación efectuada polo IGE sobre o VEB. Esta estatística reforza a certeza dunha menor actividade industrial 2022 con respecto a 2021.

Doutra banda, o ano base utilizado é 2015. Dado que o valor do índice en 2022 é 112,3, apréciase un incremento da produción industrial nun 12,3% neses sete anos; variación que foi insuficiente para alcanzar a produción total conseguida en 2008, ano de comezo dunha crise. Así, se se modifica o ano base e o valor do IPI industrial fose 100 en 2008, o resultado en 2022 sería 80,2. Este último dato suxire unha caída da produción industrial galega, xa que a actividade de 2022 está moi lonxe de alcanzar a dimensión existente antes do inicio da crise en 2008. Este freo está motivado, entre outras causas, polas vantaxes competitivas doutros territorios que incitan a externalizar procesos produtivos. A medida que transcurren os anos, o sector industrial depende cada vez máis da produción e o mercado que se desenvolve en economías afastadas. Tras a pandemia e coa crise enerxética e de subministracións, e posteriormente coa guerra de Ucraína, parece que se exploran novas formas organizativas que, agardemos, poidan dar un xiro a esta traxectoria.

En todo caso, o sector industrial galego no seu conxunto mantén na actualidade unha estrutura peculiar, caracterizada pola súa elevada concentración. Das vinte e catro divisións nas que no cadro 3 se descompón a industria manufacturera, unicamente tres tiñan un peso relativo de dous díxitos no total da cifra de negocios e absorbían en 2020, segundo a Estatística estrutural de empresas: sector industrial, o 60,8% da facturación total galega. Obviamente, a traxectoria destas tres actividades explica o comportamento do sector industrial galego no seu conxunto. Estamos a referirnos á industria da alimentación (xeraba un 26,3% da cifra de negocios total), á fabricación de vehículos de motor (23,4%) e á metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixas (11,1%). Estes tres sectores mantiveron un comportamento negativo en 2022. Así, a industria da alimentación, que superou rapidamente a crise de 2008 e apenas se viu afectada pola pandemia, desacelerouse en 2022 un -5,5%; resultado que suxire que a complexa conxuntura internacional incidiu con forza no sector. Situación algo diferente é a do sector da automoción, cuxa produción dista moito da lograda na primeira década deste século, pero que con respecto a 2021 mantívose relativamente estabilizada, ao descender un 0,4%. Peores foron os datos do sector metalúrxico, nos que se detecta unha caída do seu IPI do 29%, o que implica que a produción en 2022 foi un 50% inferior á de 2008.

O sector da alimentación non foi capaz de manter en 2022 o volume de produción de 2021. Como indicamos, o seu IPI descendeu un 5,5%, nun contexto de grandes turbulencias motivadas polos acontecementos internacionais que foron xurdindo tras a pandemia. Este sector reúne un conglomerado moi diverso de subsectores e empresas de tamaños moi diferentes con mercados e problemas distintos. Un factor xeral que afectou, en maior ou menor grao, todo o sector foi a espectacular subida nos prezos das materias primas e subministracións, especialmente no sector cárnico e lácteo. Neste sentido, a principal empresa ourensá do sector, Coren, indica que a confluencia no aumento dos prezos dos *inputs* máis importantes para o sector, cuns prezos, por exemplo, de trigo ou millo que duplican os que había antes; e a dificultade de trasladar na súa totalidade este aumento dos custos aos prezos, xa de por si baixos antes da crise, provoca unha caída nas marxes de beneficio e unha desaceleración na actividade. A falta de coñecer os resultados contables desta empresa en 2022, no ano anterior logrou unha facturación de 864 millóns de euros, un 4% máis que o ano precedente.

Pola súa banda, as conservas de peixe, tras o impulso que supuxo o seu maior consumo nos peores momentos da pandemia, experimentou en 2022 unha caída na produción (cuantificada en España no 7,6%), malia que a elevada inflación motivou que o seu valor monetario ascendese un 5,7%. O atún mantense como produto estrela a unha gran distancia das outras especialidades. Lembremos que o peso galego no sector español supera o 80% e un dos seus principais problemas actuais, ademais dunha posible crise no consumo, é alcanzar un abastecemento de materias primas competitivas ante os tradicionais problemas arancelarios existentes na Unión Europea.

En canto á automoción, segundo Ceaga, o sector resistiu os complexos avatares da actual situación internacional e a incerteza na fabricación dos novos produtos. A facturación galega en 2022, que xeraba o 19% dos vehículos fabricados en España, ascendeu a 11.550 millóns de euros, 350 millóns máis que en 2021. Iso logrouse, como noutros sectores, nun contexto de crise nas subministracións (lembremos a crise dos microchips) e da enerxía, ademais da aceleración da inflación. Pero, ademais, a este sector hai que engadir a crise do transporte cos problemas lóxicos e falta de camioneiros observados nos portos de destino. Iso provocou, por momentos, unha elevadísima concentración de vehículos non só no porto de Vigo senón tamén nos distintos lugares dispoñibles para o seu almacenamento. Este feito, como veremos máis adiante, incidiu no resultado das exportacións. Neste contexto da industria da automoción, cabe destacar o momento da industria de compoñentes, que conseguiu crecer un 5,6% nas súas vendas ao estranxeiro, as cales están moi diversificadas.



Con todo, as perspectivas de futuro da automoción pasan pola empresa tractora Stellantis, agora á espera das posibles axudas públicas e da realización dos investimentos necesarios (cuantificadas en 600 millóns de euros dos que polo menos 200 deberían ser axudas públicas) para reconverter a fábrica e producir un novo modelo. Tras a primeira convocatoria do PERTE VEC (Proxecto estratéxico para a recuperación e transformación económica do vehículo eléctrico e conectado) e tras recibir tan só algo máis de 15 millóns de euros, na segunda convocatoria espera alcanzar o financiamento suficiente e a ampliación dos prazos para conseguir os seus obxectivos e así garantir un bo futuro á factoría viguesa; a cal precisa mellorar os seus custos para competir con vantaxe coas outras instalacións deste grupo, actualmente con sede nos Países Baixos.

En canto ao terceiro sector, a metalurxia xunto coa fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes, xa se indicou que a súa produción caeu nun 29% en 2022 con respecto ao ano precedente. É precisamente a metalurxia un dos sectores cos peores resultados debido, sobre todo, ao encarecemento da factura enerxética, o que levou as empresas de maior dimensión a que paralizasen unha parte da súa produción nas horas máis caras. A esta contrariedade hai que unir a carencia de subministracións ou a adquisición destas a un prezo moito máis elevado que en 2021, cuestión que empeorou co inicio da guerra de Ucraína. Un terceiro factor que influíu foi o comportamento do transporte tras a pandemia, o que dificultou a chegada das provisións e a comercialización dos produtos.

Entre as actividades que se inclúen neste sector sobresaee a industria do aluminio, cuxa principal referencia en Galicia é a multinacional norteamericana instalada na Mariña, Alcoa. Esta sociedade foi empeorando os seus resultados a nivel global conforme foi avanzando 2022 debido á progresiva escalada dos prezos das materias primas e da enerxía e á sistemática caída do prezo do aluminio no mercado que levou a sucesivos recortes na produción. No referente a Galicia, foi vital o acordo de parar as cubas para a electrólises en 2022 e volver á fabricación de aluminio primario en 2024. Neste sentido, coas últimas informacións, parece probable que o arranque completo non será ata 2025, posto que este acordo foi modificado recentemente. Nestes dous anos manteríase o emprego e, mentres nun principio se prevía un investimento na factoría arredor dos 90 millóns de euros para renovar a actividade, posteriormente incrementouse esta cifra ata os 181 millóns de dólares. En canto á provisión de enerxía, un dos principais problemas cos que se enfrenta a factoría, confíase na obtención de permisos de eólicas mediante os acordos a longo prazo con subministradores. Así, a Xunta de Galicia acaba de promover unha iniciativa empresarial prioritaria consistente na construción de trece parques eólicos, dos que doce proporcionarían enerxía ás plantas de Alcoa. Doutra banda, os elevados prezos do gas levaron a Alcoa a producir en Galicia aproximadamente a metade de alumina do que adoita ser o habitual. Unha boa noticia foi a redución destes prezos nos últimos meses de 2022.

No segmento do aluminio, unha das empresas máis importantes en Galicia é a multinacional padronesa Cortizo, especializada tanto nos sistemas de aluminio como o PVC. O seu ciclo de produción é moi completo e, a pesar da contorna económica existente, os resultados desta empresa foron positivos en 2022 e no ámbito do PVC as súas vendas incrementáronse un 16,4%.

Tras estas tres actividades, que en 2020 xeraban 6 de cada 10 euros facturados polo sector manufactureiro galego, o peso relativo dos restantes sectores é considerablemente menor. Con todo, á marxe destes valores cuantitativos, pola súa tradición, polo aproveitamento dos recursos primarios galegos, polos lugares en que se localizan e polo seu efecto de arrastre desempeñan un papel relevante no contexto industrial galego. Ese é o caso da industria da madeira e do moble xa que, aínda que o seu peso industrial en canto á facturación é de tan só o 3,5% e o 0,8% do total, respectivamente, no primeiro Galicia presenta unha elevada especialización (como se comprobará máis adiante) no conxunto da industria española. Os valores do IPI referidos a 2022 reflicten que a actividade na madeira foi similar á de 2021 (o IPI incrementouse un 1,9%), mentres que a fabricación de mobles experimentou un sensible incremento, o 14,8%. Estes dous sectores, configurados por actividades moi diversas, recuperáronse por completo da crise de 2008, xa que en 2022 a súa produción excedía con amplitude a dese ano.

Dentro do sector da madeira, a actividade de maior facturación é a de tableiros, sendo a santiaguesa Finsa un dos seus principais expoñentes. En 2022, superada plenamente a pandemia, o sector mantivo a actividade a pesar do elevado aumento nese ano dos prezos da enerxía.

A contextualización sectorial na industria complicase co xurdimento de novos produtos e tecnoloxías que van a cabalo de varias actividades tradicionais. Este pode ser o caso do proxecto pilotado polo grupo portugués Altri da fabricación de fibras téxtiles a partir da celulosa do eucalipto. Foi declarado pola Xunta proxecto industrial estratéxico para Galicia e a súa futura localización en Palas de Rei-Lugo terá un efecto

de arrastre na zona xa que, de realizarse e para iso hai que contar con fondos europeos, se prevé un investimento superior aos 800 millóns de euros e 2.500 postos de traballo directos e indirectos.

Outro dos sectores que en 2022 presentou un comportamento positivo é o da fabricación de maquinaria e bens de equipo. Lonxe de alcanzar as cifras de produción de 2008, o crecemento dun 11,9% reflicte unha inusitada actividade nun grupo de bens cuxo volume de facturación só era en 2020 o 1,8% do total da industria manufactureira. É obvio que unha economía que aposte por un maior desenvolvemento industrial debe expandir este sector que achega cambios tecnolóxicos e efectos de arrastre, e é unha fonte de valor engadido.

Tamén a fabricación de bebidas, actividade moi dinámica na última década, mantivo a súa traxectoria expansiva ao crecer un 8% en 2022; achega que supón que desde 2008 o seu incremento no IPI alcance un 67,7%. O viño, xerado principalmente nas cinco DOP e, en menor grao, nas catro IGP, xunto coa fabricación de cervexa, na que sobresaen en Galicia a crecente actividade de Hijos de Rivera, explican o significativo crecemento deste mercado. A colleita vinícola nas DOP marcou un récord en 2021 con 73 millóns de quilos de uva producidas, un 21% máis que en 2020. Iso terá o seu efecto positivo na elaboración e comercialización realizada en 2022. A tendencia crecente en canto á produción de uva estabilízase en 2022, ao recollese nas DOP 70,2 millóns de quilos de uvas. En todo caso, o MAPA cuantifica a produción total de viño en Galicia, con datos provisionais, en 825.951 hectolitros en 2022; dos que 494.553 corresponden ás DOP e 1.300 ás IGP. Estas cifras mostran a elevada cantidade de viño que se elabora fóra das zonas protexidas. En 2021 a produción total foi de 846.762 hectolitros. En canto á fabricación de cervexas, proseguíu en 2022 a expansión de Hijos de Rivera, que comercializa a marca Estrella Galicia. A súa cifra de negocio en 2021 superou nun 27% a de 2020, ano con grandes dificultades na comercialización debido á pandemia. Ante o aumento na demanda e o incremento nos prezos, cabe agardar que os datos de 2022, aínda non publicados, superen os de 2021 e se aproximen ao obxectivo marcado pola compañía de facturar mil millóns de euros no curto prazo.

Dous sectores moi interrelacionados e con resultados contrapostos son a industria téxtil e a confección de pezas de vestir. A primeira mostrou un descenso do IPI do 8,6% en 2022, caída que se debe sumar aos resultados negativos dos anos anteriores e que paulatinamente van convertendo este sector en irrelevante no contexto da industria galega. De feito, unha cifra de negocio en 2020 de 154,4 millóns de euros tan só supuxo o 0,5% do total da industria manufactureira. En sentido contrario, a confección de pezas de vestir vai adquirindo paulatinamente unha maior dimensión. En 2022 creceu un 18,8% e a produción foi un 31,7% superior á de 2008. O seu peso relativo na cifra de negocios é do 4%. Neste sector encádrase en Galicia o grupo Inditex, cuxas cifras de facturación total en 2022, medidas desde febreiro de 2022 a xaneiro de 2023, alcanzaron os 32.569 millóns de euros, cun crecemento do 17,5% respecto ao ano anterior. Os beneficios alcanzaron os 4.130 millóns de euros. As cifras de facturación de Inditex son similares á facturación de toda a industria manufactureira galega en 2020. Iso supón que o volume de negocio desta sociedade con tendas en case todo o mundo nada ten que ver cos resultados da industria téxtil-confección na economía galega. Con todo, o seu impacto en sectores industriais e de servizos galegos é moi potente, sendo actualmente unha das empresas tractoras máis importantes.

Porén, a actividade do sector da confección galega segue lonxe da alcanzada hai unhas décadas, xa que paulatinamente foron pechando moitas das cooperativas existentes no sector. O volume de externalización da produción en Portugal, Marrocos, Turquía e en varios países do continente asiático supuxo unha actividade tan grande que, se se comparan, as cifras de Galicia quedan ridículas. O desenvolvemento da dixitalización coas vendas en liña foi modificando o negocio desta multinacional galega ata o extremo de que, máis que unha produtora e comercializadora de confección de pezas de vestir no sentido máis tradicional, hoxe en día case se configura como unha empresa tecnolóxica apoiada nun conglomerado de empresas TIC que inciden en todas as liñas de produción e de negocio. Iso conxúgase cunha xestión máis eficiente das tendas físicas.

Se o feito de que o domicilio fiscal de Inditex estea en Arteixo dalgún modo altera os resultados en Galicia do sector téxtil-confección e, en concreto, na provincia da Coruña, algo similar sucede nas provincias de Ourense e Pontevedra, ao ter tamén o seu domicilio sociedades punteiras do sector en España. É o caso de Adolfo Domínguez, Roberto Verino, Téxtil Lonia en Ourense e, máis recentemente, Bimba y Lola na provincia de Pontevedra.

Ademais do sector metalúrxico e do téxtil, os resultados máis negativos, froito dunha intensa caída na actividade, rexistráronse na industria do papel, na fabricación de material e equipamento eléctrico, pero, sobre todo, pola súa tradicional importancia na industria galega, no sector denominado "fabricación doutro material de transporte" no que se inclúe á construción naval. O IPI estima un descenso na produción

dun 10,4% e, como adoita ser habitual, o convulso sector naval galego presentou en 2022 claroscuros, nunha contorna de expectativas máis optimistas que nos exercicios anteriores.

A melloría nas expectativas sobre os estaleiros do sur de Galicia fundaméntase en varios aspectos. Lembremos que en plena pandemia se produciron dous episodios importantes no sector. O primeiro foi o peche da factoría Vulcano e a súa adquisición por Astillero San Enrique e o segundo foi afrontar a difícil situación que atravesaba o maior estaleiro da ría de Vigo, Hijos de J. Barreras, e a súa adquisición polo grupo Armón. As últimas noticias ao respecto son as que proporciona o Xulgado do Mercantil, que declarou fortuíto o concurso de acredores e a reflotación do estaleiro polos seus novos propietarios; que xa conseguiu un contrato por unha contía próxima aos 35 millóns de euros para a construción dun buque oceánico para o servizo marítimo da Garda Civil. Pola súa banda, os novos propietarios de Vulcano reiniciaron a actividade á marxe do sector naval e agora é unha empresa máis de compoñentes de automoción e realiza túneles climáticos para testar coches eléctricos.

En canto ao conxunto dos estaleiros, a carteira de pedidos é das máis altas dos últimos anos, destacando o bo momento de Freire e tamén de Nodosa, neste caso na ría de Pontevedra. Pola súa vez, Metalships, como xa se indicaba no informe anterior, segue estando á venda e a súa actividade está a centrarse nas reparacións.

Polo que respecta á actividade no norte de Galicia, a principal noticia de 2022 foi o inicio en abril do corte de chapa da primeira das cinco fragatas F-110 programadas por Navantia para construír no estaleiro de Ferrol durante os próximos dez anos. Dótase ao fin de carga de traballo a unha histórica factoría que tradicionalmente tivo grandes altibaxos na súa actividade, á vez que se facilita a renovación tecnolóxica e a necesidade de realizar investimentos que se deben concretar no esperado Plan industrial. Doutra banda, o estaleiro de Navantia en Fene, antiga Astano, especializada na eólica mariña, mantén as expectativas de ser un dos centros de referencia deste sector e, recentemente, Iberdrola acáballe de adjudicar un contrato co seu socio Windar Renovables; o que supón a fabricación de 45 cimentacións para un parque no Reino Unido e quince meses de carga de traballo.

Tamén dentro da actividade de fabricación doutro material de transporte figura a produción do sector aeronáutico que foi adquirindo un certo peso nos últimos anos, malia que segue sendo unha actividade incipiente. Segundo indica o Consorcio Aeronáutico Galego (CAG), o sector xa conta con 1.250 traballadores e a súa facturación rolda os 100 millóns de euros. A actividade incrementouse tras a crise que atravesou o sector coa pandemia e a enorme caída nos transportes aéreos. Os grandes consorcios parece que xa están plenamente recuperados e a actividade galega, sobre todo con Airbus, saíu reforzada. Cómpre subliñar que as principais empresas deste sector diversifican a súa produción e tamén proporcionan compoñentes ao sector da automoción. Ademais, nos últimos *Informes*, dentro da aeronáutica séguese a traxectoria do Polo Aeroespacial de Galicia no aeródromo das Rozas. A principal novidade en 2022 foi a entrada de Airbus cun compromiso de achegar 213 millóns de euros, que se completarán con 29 millóns achegados pola Xunta de Galicia, e que servirán para tentar poñer en marcha vinte novos proxectos. A maiores tamén se produciu a entrada de Telespazio no ámbito das industrias de drones, xunto cunha das primeiras empresas tractoras, Babcock. Entre as dúas achegarán un financiamento de 41 millóns de euros. Ademais, a outra grande empresa tractora, Indra, xunto a Boeing compraron dentro do polo o centro de simulación para xestionar o tráfico aéreo e cuxas instalacións estarán seguramente concluídas a mediados de 2023. En suma, o dinamismo deste sector é innegable nun segmento industrial de alta tecnoloxía.

## Prezos, custos e salarios

O que parecía pouco relevante hai tan só dous exercicios converteuse nunha das variables máis determinantes do comportamento da industria en Galicia en 2022. Referímonos á evolución dos prezos dos produtos industriais, que tras un longo período de estabilidade e, de feito, en 2020 se cuantificaba un descenso dun 1% interanual no mes de decembro, no mesmo período de 2021 a taxa de variación foi do 40,3% e en 2022 alcanzou o 13,0%. Esta situación inusitada, motivada pola alza nos prezos, xa citada, das materias primas, bens intermedios e, sobre todo, da enerxía, non só modificou a estrutura de prezos relativos senón que ocasionou un retraemento na demanda.

No cadro 4 obsérvase que a escalada nos prezos foi moi desigual. Deste xeito, hai sectores que manifestaron a dificultade de traspasar aos prezos os incrementos nos custos. Aquí apréciase a elevadísima suba na provisión de enerxía tanto en Galicia como en España, que se inicia en 2021 (a taxa de variación interanual creceu un 154,1% en Galicia) e estes prezos tan altos aínda o son máis en 2022 ao incrementarse esta taxa un 10,1%. Iso suxire que se está nunha situación dun case imposible retorno aos valores do inicio

Cadro núm. 4

**Índice de prezos industriais en Galicia. Por seccións e divisións da CNAE-2009. Taxas de variación interanual**  
(Ano 2015=100)

	Galicia			España		
	Decembro 2020	Decembro 2021	Decembro 2022	Decembro 2020	Decembro 2021	Decembro 2022
<b>Índice xeral</b>	<b>-1,0</b>	<b>40,3</b>	<b>13,0</b>	<b>-1,4</b>	<b>35,2</b>	<b>14,9</b>
<b>B Industrias extractivas</b>	<b>0,1</b>	<b>0,1</b>	<b>11,2</b>	<b>1,4</b>	<b>1,7</b>	<b>9,2</b>
<b>C Industria manufacturera</b>	<b>-2,3</b>	<b>13,4</b>	<b>13,8</b>	<b>-2,0</b>	<b>15,4</b>	<b>13,6</b>
10 Industria da alimentación	0,1	6,7	20,1	1,1	9,6	20,5
11 Fabricación de bebidas	1,2	1,1	6,0	0,4	0,9	6,0
13 Industria téxtil	-2,2	3,8	12,8	-0,2	5,0	11,0
14 Confección de roupa de vestir	1,2	2,1	2,7	0,7	1,1	3,2
15 Industria do coiro e do calzado	-	-	-	0,7	0,9	3,8
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	0,2	21,4	17,7	0,0	13,4	16,3
17 Industria do papel	-4,1	44,1	13,8	0,1	16,5	18,6
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	-5,3	0,1	7,9	-1,4	4,1	9,7
19 Coquerías e refino de petróleo	..	..	..	-25,5	64,0	35,4
20 Industria química	-1,1	14,0	11,1	0,8	31,2	8,4
21 Fabricación de produtos farmacéuticos	..	..	..	0,9	1,2	2,4
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	-0,8	7,8	8,9	-0,1	9,3	6,9
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	1,8	5,4	9,5	0,5	4,2	16,1
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixas	-0,8	46,0	2,0	3,8	45,8	0,9
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	1,1	5,7	14,8	0,6	10,8	9,0
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	0,1	1,4	0,5	0,6	0,7	2,2
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	2,1	-4,5	35,2	1,6	4,1	7,6
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	-0,6	3,3	5,9	0,6	3,1	7,0
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	-0,4	1,2	2,8	0,7	1,3	5,5
30 Fabricación doutro material de transporte	0,6	1,1	-0,4	0,4	4,1	3,0
31 Fabricación de mobles	1,0	3,5	5,0	1,1	5,0	7,3
32 Outras industrias manufacturerais	0,5	1,6	14,4	1,6	1,3	3,9
33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	1,4	3,9	0,9	0,8	0,7	3,4
<b>D Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado</b>	<b>3,6</b>	<b>154,1</b>	<b>10,1</b>	<b>0,1</b>	<b>109,3</b>	<b>20,4</b>

Fonte: IGE.

de 2021 e, na actualidade, o máximo que se debe agardar é que no futuro os prezos se estabilicen nos valores de 2022.

Os maiores prezos da enerxía, xunto cos das materias primas, colocou nunha senda inflacionista a práctica totalidade dos sectores económicos. Con todo, no cadro 4 obsérvase que os impactos tiveron certos desfacementos temporais. En 2021 en Galicia, a metalurxia, a industria do papel e a industria da madeira, fabricantes de bens intermedios, xa mostraron un brusco incremento dos prezos; aumento que para os dous últimos sectores persistiu en 2022, non así para a metalurxia. Nas restantes actividades, en 2021 apréciase unha certa contención nos prezos, pero para moitos deles non persiste en 2022. O caso máis significativo, pola súa importancia relativa, é o da industria da alimentación, cuxa taxa do 20,1% en 2022 incidiu negativamente no consumo das familias. Outro caso similar foi o da fabricación de material e equipamento eléctrico, sector que, tras unha caída nos prezos en 2021, medrou un 35,2% en 2022. Unha situación similar vivíuse nas artes gráficas e noutras industrias manufacturerais.

Fronte a estes bruscos incrementos nos prezos obsérvase tamén que hai sectores que se manteñen alleos á presión inflacionista que sacode o conxunto da economía. Cabe destacar a confección de pezas de vestir, a fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos, a fabricación de vehículos de motor e a fabricación doutro material de transporte. En ningún deles a taxa de variación dos prezos superou o 3%. Nesta clasificación destaca a fabricación doutro material de transporte (principalmente o sector naval), única actividade na que os seus prezos descendieron en 2022.

Co cadro 5 obsérvase como os custos laborais non contribuíron, en termos xerais, ao crecemento dos prezos tanto en Galicia como en España. Aínda que tradicionalmente os custos laborais e salariais son máis elevados na industria que no conxunto da economía e o período 2020-2022 non foi unha excepción, a súa estabilidade foi o que predominou nestes tres anos. De feito, mentres en 2021 se apreciou unha lixeira caída con respecto a 2021 nos custos salariais medios por hora da industria galega, o resultado de 2022, 16,07 euros a hora, é case idéntico ao de 2020, 16,08 euros.

Cadro núm. 5  
Custos laborais e salarios por hora

	Industria, construción e servizos					Industria				
	2020	2021	2022	TVI (%) 2021/2020	TVI (%) 2022/2021	2020	2021	2022	TVI (%) 2021/2020	TVI (%) 2022/2021
<b>Custo laboral</b>										
Galicia	19,58	19,62	19,83	0,2	1,0	21,84	21,41	21,77	-2,0	1,7
España	21,85	21,73	22,14	-0,5	1,9	23,62	23,44	23,96	-0,8	2,2
<b>Custo salarial</b>										
Galicia	14,42	14,44	14,68	0,2	1,6	17,28	17,20	17,72	-0,4	3,0
España	16,17	16,14	16,50	-0,2	2,2	16,08	15,67	16,07	-2,6	2,6

Fonte: Enquisa anual de custo laboral. INE.

Doutra banda, con datos provisionais, os incrementos salariais que tiveron os convenios colectivos con efectos económicos de 2022 para o conxunto da economía galega (excluíndo os convenios que exceden o ámbito de Galicia), son maiores que a variación observada nos custos salariais medios. Cos datos dispoñibles a decembro de 2022, o incremento pactado fora dun 3,94%, aumentando máis os salarios nos convenios de empresas (4,26%) que nos doutro ámbito (3,90%). Pola súa vez, o incremento en 2022 do custo salarial por hora foi do 1,6%.

Estas diferenzas suxiren que a medida que os salarios vaian progresivamente axustándose á subida de prezos poderían, en teoría, e a expensas do que ocorra cos beneficios empresariais, xerar unha espiral prezos-salarios. Cos resultados de inflación xa coñecidos de 2023 parece desbotarse esta posibilidade.

## As opinións dos empresarios industriais

Fronte á información obxectiva analizada ata o de agora, grazas á operación de conxuntura económica que realiza o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, mediante a Enquisa de conxuntura industrial (ECI) dispoñemos de información cuantitativa e cualitativa procedente das empresas sobre a situación actual, con indicadores sobre o que se agarda nun futuro próximo. A enquisa realízase con carácter mensual, se ben cada tres meses se presenta unha visión máis completa que a que se proporciona mes a mes. O problema que tradicionalmente notamos ao observar os resultados galegos é que, ao tentar o Ministerio publicar a información por comunidades autónomas, se reduce de tal modo o tamaño da mostra utilizada que lle resta fiabilidade. O Ministerio elabora a información para o total do sector industrial, excluída a actividade de enerxía, e desagregaa segundo o destino económico dos bens. Este problema coa mostra seguramente motivou que nos últimos meses xa non se publique información para Galicia sobre o segmento de bens de equipo. Por todo iso, estes resultados deben tomarse con cautela e, en todo caso, entender que son só indicativos.

Unha das variables máis relevantes da ECI é a que recolle o uso da capacidade produtiva das plantas industriais galegas. Segundo esta estatística, 2022 comezou cun uso do 78,8%, sendo moi intensa a utilización no segmento de bens intermedios (97,9%) e moi baixa en bens de consumo (59,7%). No primeiro e segundo trimestre do ano o uso das plantas en bens de consumo presenta un lixeiro aumento, mentres que se mantén en niveis elevados a utilización da capacidade produtiva do segmento de bens intermedios; actividade que experimenta un retroceso no terceiro trimestre (o que tamén se reflicte no valor do IPI), para recuperarse no últimos tres meses do ano. Nos tres últimos trimestres, a utilización existente en bens de consumo apenas variou, situándose arredor dos dous terzos da súa capacidade total. Finalizado o ano, o uso xeral das plantas alcanzou o 79,7% case un punto por encima do valor de finais de 2022.

Este uso suxire que, mentres unha maior produción de bens intermedios requiren a necesidade de investimentos que melloren e incrementen a súa capacidade produtiva, no caso de bens de consumo en 2022 a produción era sensiblemente inferior á capacidade existente.

Con esta información obxectiva cabe preguntarse cales son os factores que limitaron a produción galega. En liñas xerais, os empresarios industriais enquisados manifestaron que o comportamento de tres factores, que a priori poderían ter certa relevancia, apenas incidiu para eles na produción alcanzada. Así, parece que non houbo unha carencia de man de obra nin tampouco unha falta de investimentos ou de provisións de materias primas. Isto último contrasta cos problemas na compra de subministracións tras a pandemia, co aumento da demanda mundial, a crise nos transportes e a situación xerada pola guerra en Ucraína. Tampouco foi relevante a necesidade de tesourería ou os problemas no financiamento, o que en parte choca co crecemento dos prezos e a traxectoria á alza dos tipos de xuro. Pola contra, como xa vén sendo tradicional nos resultados desta enquisa nos últimos anos, o talón de Aquiles nos dous subsectores

segue sendo a debilidade da demanda nos mercados nos que participan. Esta variable é máis limitadora no segmento de bens de consumo que no de bens intermedios. Doutra banda, tamén é significativo na enquisa o factor denominado "Outros", no que se recolle o efecto de variables exóenas ás empresas industriais e que afectan a produción. Aí inclúense as expectativas xeradas pola evolución das variables macroeconómicas, a situación política e económica interna e externa e, polo que se manifesta, teñen un impacto na actividade.

Por último, en canto ás expectativas existentes na produción en xeral, estas son neutras (un número similar de empresarios manifiestan que son ou favorables ou desfavorables), pero as que se teñen no sector de bens de consumo foron moi pesimistas no segundo e terceiro trimestre de 2022, para mellorar nos últimos meses dese ano.

## A dimensión das empresas

O Directorio Central de Empresas (realizado polo INE) permite observar a evolución do número de empresas e locais cos que conta o sector industrial galego. O INE elabora o DIRCE con referencia ao 1 de xaneiro de cada ano, co cal o último dato publicado corresponde ao comezo de 2022. Por esta razón, se se compara coa información do período anterior, no cadro 6, o que realmente se recolle na cuarta e oitava columnas son as variacións acaecidas en 2021. Ata decembro de 2023 non se publicarán os datos referidos ao 1 de xaneiro de 2023.

O DIRCE facilita información do número de empresas por subsectores industriais segundo o número de asalariados. No cadro 6 recóllense os datos totais e das microempresas, entendidas como as que contan entre 0 a 9 traballadores. Unha primeira nota característica que se percibe é o elevado predominio no sector industrial galego de microempresas pertencentes ao sector da alimentación e ao de fabricación de produtos metálicos. Entre os dous representaban ao redor dun terzo do total.

Cos resultados de inicio de 2022 apréciase que o sector perde dimensión con respecto a 2021 ao contar cun 1,1% de empresas menos. Iso debeuse a que no segmento de microempresas houbo máis peches que aperturas e a súa caída do 1,5% non puido compensarse co crecemento do 1,7% no número de

Cadro núm. 6

Número de empresas industriais localizadas en Galicia

	Total				Microempresas			
	2020	2021	2022	TVA (%) 2022/2021	2020	2021	2022	TVA (%) 2022/2021
05 Extracción de antracita, hulla e lignito	2	1	1	0,0	2	1	1	0,0
06 Extracción de cru e gas natural	0	0	0		0	0	0	
07 Extracción de minerais metálicos	9	10	10	0,0	9	9	8	-11,1
08 Outras industrias extractivas	205	182	172	-5,5	165	143	134	-6,3
09 Actividades de apoio ás industrias extractivas	2	2	1	-50,0	2	2	1	-50,0
10 Industria da alimentación	1.954	1.918	1.912	-0,3	1.543	1.524	1.516	-0,5
11 Fabricación de bebidas	517	503	499	-0,8	476	463	453	-2,2
12 Industria do tabaco	0	0	0		0	0	0	
13 Industria téxtil	420	397	378	-4,8	392	371	348	-6,2
14 Confección de roupa de vestir	708	700	665	-5,0	624	621	600	-3,4
15 Industria do coiro e do calzado	50	48	44	-8,3	42	40	35	-12,5
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	958	941	904	-3,9	842	832	783	-5,9
17 Industria do papel	39	36	39	8,3	26	25	26	4,0
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	719	701	714	1,9	681	663	675	1,8
19 Coquerías e refino de petróleo	0	0	1		0	0	1	
20 Industria química	119	124	121	-2,4	94	95	90	-5,3
21 Fabricación de produtos farmacéuticos	12	11	11	0,0	7	7	7	0,0
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	162	151	159	5,3	106	97	102	5,2
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	680	644	633	-1,7	564	531	527	-0,8
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	78	74	75	1,4	56	52	50	-3,8
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	2.014	1.986	2.008	1,1	1.741	1.732	1.744	0,7
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	90	88	91	3,4	77	77	81	5,2
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	59	58	64	10,3	39	44	47	6,8
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	266	258	255	-1,2	180	166	169	1,8
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	100	96	86	-10,4	61	55	46	-16,4
30 Fabricación doutro material de transporte	145	144	140	-2,8	101	96	96	0,0
31 Fabricación de mobles	756	716	711	-0,7	699	662	656	-0,9
32 Outras industrias manufactureiras	532	526	544	3,4	502	499	515	3,2
33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	901	890	902	1,3	739	725	731	0,8
35 Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	387	423	364	-13,9	370	411	348	-15,3
<b>Total</b>	<b>11.884</b>	<b>11.628</b>	<b>11.504</b>	<b>-1,1</b>	<b>10.140</b>	<b>9.943</b>	<b>9.790</b>	<b>-1,5</b>

Fonte: Directorio Central de Empresas, INE.

empresas de maior tamaño, en concreto 29 (fronte a unha perda neta de 153 microempresas). Este incremento débese a que na maior parte dos casos medrou a dimensión das sociedades existentes. Polo común enténdese que un sector industrial excesivamente concentrado en microempresas (en Galicia representaban o 85,1% do total) non pode alcanzar as vantaxes competitivas dun territorio no que na súa estrutura industrial teñen un peso relevante as empresas dunha certa dimensión. A internacionalización, a presenza en mercados españois máis aló dos provinciais ou rexionais, a capacidade de innovación e a adaptación ás novas tecnoloxías parece que requiren un certo tamaño. En Galicia queda aínda por percorrer un longo treito, pero os resultados de 2022, neste sentido, melloran os de 2021.

En canto á traxectoria por rama de actividade obsérvase unha perda de empresas industriais na maior parte dos sectores. Resultan especialmente alarmantes os descenso no sector da automoción no segmento de menor dimensión e tamén na industria da madeira. En sentido contrario, é salientable a evolución positiva de fabricación dos produtos metálicos; sector que, como xa se indicou, concentra o maior número de empresas industriais en Galicia. Doutra banda, nesta estatística tamén se reflicte que segue perdendo dimensión a industria téxtil e a de confección de pezas e vestir a pesar dos bos resultados, xa comentados, das grandes comercializadoras que operan desde Galicia.

Finalmente, apenas variou a dimensión, en canto a número de empresas, en dous dos sectores con maior facturación, a industria da alimentación e a metalurxia.

## A presenza da industria galega nos mercados estranxeiros

O seguimento da base exportadora da industria galega en 2022 permite visualizar desde outra perspectiva a traxectoria daqueles sectores que comercializan unha boa parte da súa produción no estranxeiro. Debido a que a maior parte do comercio de bens que se realiza desde Galicia é de produtos manufacturados, esta epígrafe do sector industrial complementa a análise do sector exterior que se realiza noutro capítulo deste informe.

As estatísticas do comercio externo de 2022, tomadas en termos monetarios, presentan un gran problema ao estaren alteradas pola evolución dos prezos, froito da elevada taxa de inflación. Esta cuestión en anos precedentes, fronte a unha relativa estabilidade nos prezos, era menos relevante. A comparación monetaria con 2021 queda así lastrada polos prezos. A alternativa de visualizar a evolución na compra e venda de mercadorías segundo a variación no peso presenta a dificultade da heteroxeneidade, en canto ao volume, dos diversos produtos. Afortunadamente, o IGE elabora os índices de valor unitario, entendidos estes como unha aproximación aos índices de prezos das operacións de exportación e importación de mercadorías, excluídas as que se realizan co resto de España. Así, a información do cadro 7 presenta o comercio exterior deflactado polos valores dese índice para cada división. Con todo, esta información queda incompleta, xa que este índice non se presenta para todos os sectores. Así, non é posible deflactar os resultados monetarios de seis actividades. Delas, as dúas máis importantes para Galicia son a fabricación doutro material de transporte (sobre todo, o sector naval) e a fabricación de maquinaria.

Cabe observar, en liñas xerais e de acordo coa desaceleración na actividade industrial, que as exportacións industriais en Galicia, así medidas, descendieron un 1,9% (en termos monetarios aumentaron un 13,2%). Deste xeito, non persistiu a recuperación do comercio lograda en 2021 fronte a 2020; circunstancia que cabería agardar ante a total parálise comercial apreciada nos primeiros meses da crise sanitaria.

As diferenzas das cifras do comercio co estranxeiro e a facturación total permítenos ver que, no caso do comercio, só dúas divisións galegas sobresaen moi por encima do resto en canto ao valor do exportado. A primeira é a fabricación de vehículos de motor, actividade moi centrada no estranxeiro e cun comercio particularmente dirixido cara aos países con centros loxísticos de Stellantis, en especial, Francia. A pesar de que o IPI desta actividade alcanzaba en 2022 unha produción similar á de 2021, debido aos factores negativos xa comentados e, en particular, á crise no transporte, nas exportacións apréciase unha caída do 7,6%. Este dato revela que foi un ano moi malo para un sector que, a pesar diso, case acaparaba a cuarta parte do total da exportación industrial galega.

A segunda actividade en 2022, case tan relevante como a automoción, é a confección de pezas de vestir. Neste sector, as cifras da facturación da industria galega (1.346 millóns de euros en 2020) quedan moi lonxe das do comercio (sen deflactar serían 5.630 millóns en 2022); por tanto, a cuarta parte destas. A comercialización dos produtos procedentes de diversos lugares do mundo (baste comprobar no cadro 7 a contía das importacións), realizada, sobre todo, desde os centros loxísticos que conta Inditex en Galicia, explica que as cifras do comercio externo non teñan nada que ver co que realmente se fabrica en Galicia. Como na automoción, en termos reais rexistrouse un descenso do 6,5%, o que, no fondo, obedece

sobre todo ás estratexias de distribución da multinacional galega, xa que anteriormente se indicaba que a súa facturación medrou nese período un 17,5%. En todo caso, e a pesar dos peores resultados de 2022 fronte a 2021, estas dúas actividades case representan a metade das exportacións galegas de manufacturas.

Pola súa banda, o sector líder en facturación, a alimentación, só absorbía o 11,1% do exportado (26,3% da cifra de negocios en 2020), confirmando que a súa comercialización está máis concentrada na economía española. As vendas ao estranxeiro en 2022 foron moi similares ás de 2021 e teñen a peculiaridade de que se centran nos produtos de mar-industria. Tampouco é tan relevante, con respecto á facturación realizada, a exportación do sector metalúrxico, actividade que non obtivo bos resultados. Pola contra, mentres a Estatística estrutural de empresas: sector industrial non proporciona información sobre o refino de cru que Repsol realiza na súa factoría da Coruña, nas estatísticas de comercio exterior esta actividade ten un peso relativamente elevado. Así, en 2022, a pesar da subida do prezo do combustible, as exportacións en termos reais incrementáronse nun 45,3%. Non obstante, resulta obvio que a súa incidencia na industria galega, tanto no emprego como na actividade, é escasa e as bruscas oscilacións no seu comercio obedecen ás estratexias da petroleira sobre o conxunto das factorías coas que conta en España.

Cadro núm. 7

**Evolución do comercio co estranxeiro por agrupacións industriais** (en miles de euros deflactados polos índices de valor unitario)

EXPORTACIÓN	2021	2022	% 2022 sobre o total	TVI (%)
<b>B Industrias extractivas</b>	<b>119.736</b>	<b>141.139</b>		<b>17,9</b>
<b>C Industria manufacturera</b>	<b>20.115.270</b>	<b>19.732.524</b>	<b>99,3</b>	<b>-1,9</b>
10 Industria da alimentación	2.207.328	2.200.582	11,1	-0,3
11 Fabricación de bebidas	68.531	71.148	0,4	3,8
12 Industria do tabaco				
13 Industria téxtil	774.701	836.588	4,2	8,0
14 Confección de roupa de vestir	4.634.789	4.331.929	21,8	-6,5
15 Industria do coiro e do calzado	387.350	454.503	2,3	17,3
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	524.053	528.019	2,7	0,8
17 Industria do papel	323.902	254.704	1,3	-21,4
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados				
19 Coquerías e refino de petróleo	816.694	1.186.771	6,0	45,3
20 Industria química	881.803	1.008.507	5,1	14,4
21 Fabricación de produtos farmacéuticos				
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	396.237	444.583	2,2	12,2
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	586.968	564.040	2,8	-3,9
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixas	1.011.532	845.125	4,3	-16,5
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	340.511	547.023	2,8	60,6
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos				
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	431.538	302.751	1,5	-29,8
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.				
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	5.169.397	4.775.406	24,0	-7,6
30 Fabricación doutro material de transporte				
31 Fabricación de mobles	255.280	252.350	1,3	-1,1
32 Outras industrias manufactureras				
<b>IMPORTACIÓN</b>	<b>2021</b>	<b>2022</b>	<b>% 2022 sobre o total</b>	<b>TVI (%)</b>
<b>B Industrias extractivas</b>	<b>1.484.478</b>	<b>2.039.588</b>	<b>10,9</b>	<b>37,4</b>
<b>C Industria manufacturera</b>	<b>15.799.131</b>	<b>16.663.135</b>	<b>89,1</b>	<b>5,5</b>
10 Industria da alimentación	2.297.328	2.407.117	12,9	4,8
11 Fabricación de bebidas				
12 Industria do tabaco				
13 Industria téxtil	674.524	780.691	4,2	15,7
14 Confección de roupa de vestir	1.381.765	2.062.416	11,0	49,3
15 Industria do coiro e do calzado	125.316	176.941	0,9	41,2
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	115.896	106.838	0,6	-7,8
17 Industria do papel	202.012	210.361	1,1	4,1
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados				
19 Coquerías e refino de petróleo	505.926	677.433	3,6	33,9
20 Industria química	1.357.627	1.745.950	9,3	28,6
21 Fabricación de produtos farmacéuticos	302.332	226.827	1,2	-25,0
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	309.535	341.233	1,8	10,2
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	110.865	150.461	0,8	35,7
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixas	1.125.036	1.056.603	5,6	-6,1
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	276.420	346.152	1,9	25,2
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos				
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	523.427	539.351	2,9	3,0
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	749.910	838.018	4,5	11,7
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	5.516.900	5.008.905	26,8	-9,2
30 Fabricación doutro material de transporte				
31 Fabricación de mobles	167.563	58.042	0,3	-65,4
32 Outras industrias manufactureras				

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.



Xunto con este sector, no cadro 7 obsérvase que a outra actividade que experimentou un sensible incremento nas súas exportacións, un 60,6%, foi a fabricación de produtos metálicos; un bo dato, malia que o seu volume de produción total se mantivo estancado. Este último comercio concéntrase na nosa contorna máis próxima, Francia e Portugal.

En canto ao fluxo importador, que en 2022 medrou un 5,5% (un 21,6% en termos monetarios), cabe destacar a asimetría na industria da confección de pezas de vestir entre a entrada de produtos en Galicia e a súa saída. Esta asimetría non se produciu na automoción, sector no que as importacións tamén descendieron en termos reais. Ademais, obsérvase un descenso nas compras de madeira, o que se contrapón ao crecemento dun 4,8% na industria da alimentación; suba que se produce a pesar de que o índice do valor unitario medrou un 21,8%.

## A evolución da especialización industrial galega con respecto a España

Unha forma alternativa de presentar a estrutura industrial galega é a través dos resultados da mostra do valor de venda dos produtos industriais máis importantes, que o INE elabora con carácter anual. A última serie dispoñible ao redactar este informe é a de 2021 e, como se recolle no cadro 8, a distribución deste valor de venda presenta unha distribución similar ás xa comentadas. Neste caso, alimentación e vehículos de motor absorben o 43,2% do total, nunha estatística na que se incorporan todos os sectores.

Con esta epígrafe preténdese observar as diferenzas e similitudes da distribución sectorial da industria en Galicia e o conxunto de España. Para iso elaborouse un sinxelo coeficiente de especialización (peso que un sector ten no conxunto da industria de Galicia ponderado polo peso que ese sector ten en España) e indica que, canto maior sexa o seu valor, maior será esa especialización. En todo caso, o peso dun sector en Galicia é maior que o existente en España se o índice supera o valor 100.

Os resultados galegos mostran unha grande especialización con respecto a España en tres sectores (confección de pezas de vestir, vehículos de motor e madeira). Esta circunstancia permaneceu invariable nas últimas décadas e, previsiblemente, manterase sen grandes alteracións en 2022. Non se produce unha especialización tan alta en sectores industriais básicos como a alimentación, xa que se trata dunha actividade cun forte peso en moitas comunidades autónomas. Ocorre algo similar co segmento de produtos siderúrxicos.

Doutra banda, con respecto a España, a especialización da industria galega é moi baixa en sectores de gran proxección e que incorporan alta tecnoloxía. É o caso dos produtos informáticos, a maquinaria e equipo, a industria química ou os produtos farmacéuticos. Con todo, sobre estes últimos cómpre destacar

Cadro núm. 8

**Composición da oferta industrial galega: valor de venda dos produtos industriais. Ano 2021**

	CNAE-2009	Miles de euros	%	% Galicia/España	Coefficiente de especialización
Alimentación	10	7.938.328	21,8	8,3	110,4
Bebidas	11	1.136.423	3,1	6,7	89,3
Tabaco	12	0	0,0	0,0	0,0
Téxtil	13	90.457	0,2	2,1	27,4
Confección de pezas de vestir	14	1.365.046	3,8	44,2	589,5
Coiro e calzado	15	164.237	0,5	5,7	76,4
Madeira e cortiza	16	1.219.058	3,3	18,1	241,9
Papel	17	552.175	1,5	3,5	47,1
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	18	146.410	0,4	3,9	52,5
Cocarias e refino de petróleo	19	2.533.627	7,0	7,7	102,6
Industria química	20	807.894	2,2	2,0	27,3
Produtos farmacéuticos	21	189.729	0,5	2,0	27,0
Manufacturas de caucho e plástico	22	916.149	2,5	4,6	61,8
Produtos minerais non metálicos	23	837.441	2,3	4,7	63,1
Produción, primeira transformación e fundición de metais	24	2.577.303	7,1	7,8	104,5
Produtos metálicos	25	1.960.092	5,4	5,8	77,8
Produtos informáticos, electrónicos e ópticos	26	174.363	0,5	4,7	62,2
Material e equipo eléctrico	27	388.620	1,1	2,9	38,5
Maquinaria e equipo	28	832.776	2,3	4,3	57,3
Vehículos de motor, remolques e semirremolques	29	7.805.612	21,4	15,7	209,1
Outro material de transporte	30	507.107	1,4	5,1	67,4
Mobles	31	558.124	1,5	8,3	111,0
Outras industrias manufactureiras	32	128.903	0,4	3,2	43,3
Reparación e instalación de maquinaria e equipo	33	1.021.854	2,8	7,1	94,7
Produción de enerxía eléctrica, gas e vapor	35	2.541.876	7,0	8,9	118,8
<b>Total</b>		<b>36.393.603</b>	<b>100,0</b>	<b>7,5</b>	

Fonte: Elaboración propia a partir da *Encuesta industrial de productos*, INE.

o anuncio de novos investimentos, ao que se ten que sumar o progresivo auxe das empresas biotecnolóxicas que foron xurdindo nos últimos anos, moitas veces como *spin off* das universidades, e que sitúan Galicia entre as comunidades (a sexta en canto a número de empresas en 2021) españolas. Ademais, nos últimos meses anunciáronse novos investimentos en produtos biofarmacéuticos que, como o caso do grupo Zenda, se estenden cara ao norte de Portugal.

## O apoio do sector público ao desenvolvemento da industria galega

A industria galega pode beneficiarse das axudas de diversa índole que proporcionan as Administracións Públicas co fin de lograr un mellor desenvolvemento. Desde practicamente a integración de España en 1986 na entón CEE, o marco das distintas liñas de axudas determina o conxunto de fondos estruturais e de cohesión europeos que permiten cofinanciar múltiples actuacións. Iso non impide que os distintos organismos incidan, baixo determinados criterios, exclusivamente cos seus propios orzamentos.

En canto á política de cohesión da Unión Europea e o seu impacto na industria galega hai que considerar que 2022 foi un ano no que aínda se está a medio camiño entre a culminación do marco financeiro aprobado para o período 2014-2020 e o inicio do novo deseñado para o período 2021-2027 (que na práctica pódese prolongarse ata o 2029) e no que os programas operativos máis determinantes para este último período aínda se aprobaron en decembro de 2022. Unha novidade de interese foi a creación do Fondo de transición xusta, que xestiona a Administración autonómica, e que cunha axuda de 101 millóns de euros para todo o período incide nas dúas áreas da provincia da Coruña afectadas pola transición enerxética. Trátase das Pontes e Meirama, que disporán destes fondos de apoio para impulsar o seu tecido produtivo. No cadro 9 preséntase a asignación dos fondos para este novo período, coa particularidade de que nos fondos FEDER non se inclúe o previsto nos programas de cooperación territorial europea. Destes últimos, o de maior incidencia é o Programa de Cooperación Transfronteiriza Interreg España-Portugal (POCTEP) 2021-2027 e, en concreto, a cooperación transfronteiriza entre Galicia e a Rexión Norte de Portugal. A cuarta convocatoria está aberta ata o 31 de maio de 2023.

Cadro núm. 9  
Asignación a Galicia dos fondos europeos da política de cohesión para o período 2021-2027 (millóns de euros a prezos de 2018)

	Feder	FSE+	Fondo de transición xusta
Xestión da comunidade autónoma	834	398	101
Xestión doutros organismos	1.058	505	
<b>Total</b>	<b>1.892</b>	<b>903</b>	<b>101</b>

Fonte: Xunta de Galicia

A referencia ás políticas rexionais comunitarias que inciden en Galicia en 2022 segue sendo, como nos anos anteriores, o marco de 2014 a 2020 cunha axuda xestionada pola Administración autonómica que alcanza un total de 804,93 millóns de euros. Dos catro fondos estruturais e de investimento europeos, FEDER, FSE, FEADER e FEMP, os apoios máis tradicionais ás empresas industriais concéntranse no PO

FEDER Galicia e, en particular, no eixo prioritario 1. As axudas neste eixo do PO alcanzaban os 76 millóns de euros no apartado relacionado cos gastos de I+D+i, e de 55,5 millóns no apoio á actividade empresarial, no que se deben incluír as axudas á competitividade, á internacionalización e á defensa da competencia, entre outras.

O principal organismo encargado de executar e xestionar as políticas de apoio á industria galega por parte da Administración autonómica é o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE); institución con personalidade xurídica propia adscrita á Consellería de Economía e Industria desde a súa creación en 1992. Tras a pandemia, na que se necesitou articular con urxencia unha serie de actuacións que permitisen aliviar a situación dos sectores máis vulnerables, en 2022 as políticas volveron a unha certa normalidade para a cal dispuxo dun orzamento de case 202 millóns de euros; cifra inferior á dispoñible en 2021, 262,3 millóns de euros. Ademais do apoio á internacionalización do sector produtivo, as axudas que inciden nas empresas concéntranse na subvención a fondo perdido ao investimento a grandes empresas e pemes e o apoio financeiro a través de créditos concedidos por entidades financeiras colaboradoras, créditos propios e as actuacións en avais e reavais. Todos eles cobran agora unha grande importancia debido á actual subida nos tipos de xuro.

Na Administración autonómica, as políticas que utilizan o capital risco tanto como para a entrada temporal e minoritaria no capital social das sociedades como para a concesión de préstamos das empresas participadas canalízanse na actualidade a través de Xesgalicia. Este organismo, participado nun 100% polo IGAPE, xestiona tres fondos de capital risco (un cuarto, Adiante 2000 esta en proceso e liquidación), ademais dos activos de Sodiga, a sociedade máis veterana na política industrial galega e que en 2022 cumpría os 50 anos de existencia. A previsión de Xesgalicia para 2022 era incidir sobre 26 proxectos e realizar un

seguimento e control a 142 empresas participadas. Nos últimos anos, un dos principais obxectivos desta sociedade é investir en entidades de capital risco privado para a realización de actuacións conxuntas.

Pola súa banda, a Administración central tamén incide na industria galega a través dun amplo paquete de programas. Xunto coas actuacións en política tecnolóxica levadas a cabo polo Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial-CDTI (que a Administración autonómica canaliza a través da Axencia Galega de Innovación- GAIN) e dos programas sectoriais, unha das axudas máis consolidadas é a de incentivos rexionais que consiste na subvención a fondo perdido a proxectos empresariais industriais e, tamén, aos do sector turístico e instalacións complementarias de lecer. Galicia foi declarada zona de promoción económica e as vantaxes actuais permanecerán viventes, como mínimo, ata o 31 de decembro de 2027. Desde o período 2022-2027, no mapa de axudas rexionais aprobado para a Unión Europea, establécese para Galicia, como rexión en transición, unha intensidade máxima das axudas dun 15% para a grande empresa, dun 25% para a mediana e dun 35% para a pequena. É rexión en transición, xa que o seu PIB *per cápita* está comprendido entre o 75% e o 100% do PIB medio da UE.

Os resultados do programa de incentivos rexionais en 2022, responsabilidade do Ministerio de Facenda e Función Pública e xestionado polo IGAPE, en consonancia cos dos últimos anos, son moi parcos. Só se aprobaron catro proxectos, todos eles industriais, dos que dous se localizan na provincia da Coruña e os outros dous na de Pontevedra. O de maior contía, cun investimento algo inferior aos 7,3 millóns de euros, sitúase nas Pontes e refírese á sociedade Delicias Coruña, S.L., empresa con certa tradición na zona encaдрada no sector da alimentación.

Fronte a este conxunto de actuacións tradicionais, na política industrial galega inciden os fondos provenientes do Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia, aprobado polo Parlamento Europeo o 12 de febreiro de 2021 debido á crise motivada pola situación sanitaria en Europa. España presentou o seu Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia a finais de abril e foi aprobado pola Comisión en xullo de 2021. Este plan contempla 69.500 millóns de euros en transferencias directas, que se poderán ampliar ata máis de 140 mil millóns en créditos se fose necesario. Esta é así a vía para canalizar o fluxo de fondos Next Generation UE. O Goberno central indicou que a finais de 2022 se resolveron convocatorias de axudas e licitacións en España por unha contía de máis de 23.300 millóns de euros vinculados a 190 mil proxectos.

No conxunto de proxectos que configuran este complexo programa sobresaen os denominado Proxectos Estratéxicos para a Recuperación e Transformación Económica (PERTE) que xeraron moitas expectativas e tamén una certa polémica en 2022. Unha crítica recorrente é a da excesiva centralización deste programa na Administración central e as dificultades do tecido produtivo no seu acceso. En todo caso, trátase de proxectos de gran dimensión e cun efecto de arrastre notable. Ata finais de 2022 aprobáronse un total de doce PERTE, dos que para o sector industrial son máis relevantes os seguintes.

PERTE para o desenvolvemento do vehículo eléctrico e conectado. Aprobado o 13 de xullo de 2021, e do que a factoría viguesa non saíra excesivamente ben parada da primeira convocatoria e da que se agarda que na segunda se atendan as súas peticións. As últimas noticias indican que se reclama financiamento para instalar a plataforma STLA Small, destinada á fabricación de coches eléctricos de menor tamaño.

O PERTE das enerxías renovables, hidróxeno renovable e almacenamento. Foi aprobado o 14 de decembro de 2021. O Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico resolveu o pasado mes de marzo de 2023 a concesión de 200 millóns para 37 proxectos de hidróxeno renovable dos que tres son galegos e recibirán un apoio de 32 millóns de euros. Localízanse nas Pontes, Caldas de Reis e Vigo. O primeiro denomínase H2Pole e participan Reganosa e a empresa de electricidade lusa EDP. O proxecto de Caldas de Reis denomínase Green Umia e está participado por Iberdrola e Foresa. O proxecto do Porto de Vigo, denominado Julio Verne, está impulsado por un grupo de pemes coa participación de ANFACO, CTAG e Aclunaga.

O PERTE do sector agroalimentario foi aprobado o 8 de febreiro de 2022. Mobilizou nun principio mil millóns de euros para, posteriormente, ampliarse con 800 millóns máis. No referente a Galicia destaca a iniciativa denominada SmarTZ4Milk, coordinada pola Agrupación Industrial Alimentaria de Galicia (Clusaga) e que conta coa participación de dezanove empresas e centros tecnolóxicos, excedendo o ámbito galego. O obxectivo é modernizar e dixitalizar un sector cun potencial en Galicia non plenamente explotado.

O PERTE para a industria naval foi aprobado o 15 de marzo de 2022. Preténdese modificar a cadea de valor do sector, para o que se conta cun gasto público de 310 millóns de euros, aos que se deben engadir 1.150 millóns de iniciativa privada. Asime e a agrupación industrial naval galega Aclunaga mobilizaron doce proxectos impulsados por Soermar (Sociedad para el Estudio de los Recursos Marítimos), que lidera neste

PERTE o proxecto Tecnaval 2025; apoiado tamén por institucións doutras comunidades autónomas. Trátase dun proxecto tractor, no que a metade das empresas participantes son galegas coa finalidade de facilitar ás pemes o acceso a este PERTE.

O PERTE Aeroespacial aprobado o 22 de marzo de 2022 prevé un investimento público de 2.193 millóns de euros, xunto cun privado que roldará os 2.340 millóns. A aposta galega está na potenciación do Polo Aeroespacial que conta como eixo central as instalacións das Rozas, das que xa se deron referencias anteriormente.

O PERTE de microelectrónica e semicondutores foi aprobado o 24 de maio de 2022 e está dotado con 13 mil millóns de euros. É a empresa compostelá Televés unha das máis interesadas en participar nese programa que tenta combater a crise de microchips xurdida tras a pandemia.

Finalmente, tamén é de interese para a industria galega o PERTE de Descarbonización Industrial aprobado o 27 de decembro de 2022. Cun investimento público de 3.100 millóns de euros, que co privado se poderá elevar a 11.800 millóns, prevese a fabricación de compoñentes, desenvolvementos tecnolóxicos ou as enxeñerías. En Galicia, un dos grandes beneficiarios tería que ser a multinacional norteamericana Alcoa.

Ademais deste conxunto de PERTE xa aprobados que inciden na industria galega, aínda se está pendente de obter unha resposta a peticións de novos PERTE por parte de institucións e sociedades que pretenden realizar investimentos relevantes. É o caso da lusa Altri e da súa posible instalación en Palas de Rei-Lugo para fabricar fibra téxtil a partir da madeira de eucalipto. Recentemente desde Altri informouse que o proxecto levará o nome de Gama e, xunto coa elaboración de pasta soluble de papel, instalarase unha planta industrial para xerar unha fibra téxtil de orixe vexetal, lyocell. Prevese que nun inicio xa se poderán fabricar 100 mil toneladas, a metade da capacidade máxima da planta.

## V. Sector exterior

- O comercio externo galego alcanzou en 2022 cifras récord en termos monetarios. O incremento interanual das exportacións foi do 23,4% e o das importacións do 34,5%.
- O peso relativo das exportacións no PIB aumentou en case cinco puntos porcentuais en 2022, chegando ao 43,3%.
- A negativa dinámica da automoción fronte á rápida recuperación da confección levou a que as exportacións galegas dos grupos material de transporte e téxtil e confección case se igualem en 2022, malia que seguen lideradas polo primeiro.
- No contexto dos elevados prezos da enerxía, o capítulo de combustibles mostra resultados extraordinarios en 2022, liderando as importacións de Galicia e ocupando o terceiro posto nas exportacións.
- En 2022 segue a evidenciarse o marcado carácter intraindustrial do comercio exterior galego, un 71%.
- Diminúe a concentración das exportacións e das importacións, podendo caracterizarse o comercio exterior galego en 2022 como diversificado.
- As exportacións galegas seguen a concentrarse na UE, en particular na Eurozona, que, en 2022, foi o destino do 64% do total de exportacións.
- O xa menor peso relativo da Eurozona nas importacións que nas exportacións diminúe en 2022 ata un 41%, debido ao incremento do peso de Asia e América como orixe das importacións galegas.
- A Coruña lidera o comercio exterior de Galicia en 2022, concentrando o 50% do total fronte ao 44% de Pontevedra. Ambas as provincias intercambian as súas posicións respecto ás de 2021.
- O IED recibido por Galicia en 2022 foi de 172 millóns de euros e de case 223 millóns en 2021.
- O 73,2% do investimento bruto recibido por Galicia en 2022 concentrouse na industria manufacturera, incrementando en máis dun 90% os fondos recibidos.
- O IED emito por Galicia foi de 2.355 millóns de euros, moi preto do máximo da serie histórica (2.404 millóns de euros en 2019), representando o 7,6% do IED emitido polo conxunto de España.
- O 93,5% do investimento bruto emitido por Galicia ten por orixe os sectores das actividades inmobiliarias, financeiras e de seguros, e dirixiuse á construción e ás actividades inmobiliarias.



## Comercio exterior de mercancías

### A inserción do comercio galego no comercio mundial

O crecemento do volume de comercio mundial en 2022 foi dun 2,7%, inferior ao previsto pola Organización Mundial do Comercio (OMC) no pasado outubro, tras unha importante caída no cuarto trimestre. Con todo, o incremento anual superou as peores hipóteses consideradas ao inicio da guerra de Ucraína que, no escenario máis pesimista, prognosticaban tan só o 0,5% para o pasado ano. O aumento do comercio foi inferior ao do PIB mundial, estimado nun 3%.

En termos monetarios, o crecemento do comercio mundial de mercancías (media do valor das exportacións e as importacións) foi do 12%; moi superior ao incremento en volume, en gran medida como consecuencia dos elevados prezos dos produtos básicos nos mercados mundiais. Os sectores relacionados coa enerxía foron os que mostraron un maior crecemento, aumentando un 61% o comercio mundial de combustibles en 2022. Tamén o valor do comercio de servizos medrou de forma considerable o pasado exercicio, un 15%, subindo todos os grandes sectores que o compoñen.

Os principais factores explicativos da evolución da produción e o comercio mundial en 2022, segundo a OMC, relaciónanse cos efectos da COVID-19, que aínda estaban presentes nalgunhas rexións (en particular en China), os elevados e flutuantes prezos da enerxía (en particular os do gas en Europa) e doutros produtos básicos (sobre todo os alimentos); así como cunha serie de factores que tamén condicionan as previsións de feble crecemento para 2023 e constitúen riscos á baixa para as previsións de 2024, fundamentalmente: as persistentes tensións xeopolíticas derivadas da guerra de Ucraína, a elevada inflación, a inseguridade alimentaria dalgunhas áreas, as potenciais consecuencias da política monetaria de contracción e os riscos para a estabilidade financeira e os crecentes niveis de débeda. Despois dun longo período de tipos de xuro moi baixos, as recentes quebras bancarias en EE. UU. e Europa, nun marco de subidas de tipos e de previsión de novas subidas, son motivos de preocupación cara á evolución da produción e do comercio nos próximos dous anos.

Nese contexto, as previsións da OMC do mes de abril, que melloran lixeiramente en relación ás do pasado outubro, sitúan o crecemento do volume de comercio de mercancías en 2023 nun 1,7% e o do PIB real nun 2,4%. Para 2024, as previsións soben, cun aumento que se estima, para o comercio, no 3,2% e, para o PIB, no 2,6%.

Por rexións, as estimacións de crecemento do comercio de mercancías entre 2019 e 2024 mostran un comportamento desigual (cadro 1), tanto na evolución experimentada en 2022 como nas previsións para os seguintes dous anos.

Cadro núm. 1  
Evolución do comercio mundial de mercancías en volume  
Taxas de variación interanuais (en %)

	2019	2020	2021	2022	2023*	2024*
<b>Comercio mundial</b>	<b>0,4</b>	<b>-5,1</b>	<b>9,4</b>	<b>2,7</b>	<b>1,7</b>	<b>3,2</b>
<b>Exportacións</b>						
América do Norte	0,4	-8,9	6,5	4,2	3,3	3,1
América do Sur e Central	-1,3	-4,9	5,8	1,9	0,3	0,6
Europa	0,4	-7,7	8,1	2,7	1,8	2,0
CEI	-0,1	-0,9	-3,0	-4,9	2,8	2,2
Oriente Medio	-1,0	-6,6	-2,4	9,9	0,9	4,7
Asia	0,8	0,6	13,1	0,6	2,5	4,7
<b>Importacións</b>						
América do Norte	-0,6	-5,9	12,5	6,0	0,1	1,4
América do Sur e Central	-1,8	-10,8	25,6	4,2	-1,6	2,3
Europa	0,3	-7,2	8,5	5,2	-0,6	1,8
CEI	8,3	-5,5	9,1	-13,5	14,9	0,8
Oriente Medio	11,2	-10,1	8,3	9,4	5,5	4,3
Asia	-0,5	-0,8	10,5	-0,4	2,6	5,2

\* Previsións de abril de 2023.

Fonte: Secretaría da OMC.

O menor dinamismo das exportacións e importacións de América do Norte, América do Sur e Europa en 2022 respecto ao do ano anterior explícase, en boa medida, polo importante crecemento interanual en 2021 tras a pandemia. No caso de Europa debemos considerar, ademais, que inclúe o drástico descenso do comercio exterior de Ucraína nese ano, situación que se mantén na actualidade. A previsión para Europa en 2023 é dun aumento das exportacións nun 1,8% e dun descenso das importacións nun 0,6%, que se explica, sobre todo, pola menor demanda interna, ao igual que en América do Norte e do Sur. Para estas tres rexións a previsión é, en xeral, dun maior dinamismo do comercio en 2024.

As exportacións da Comunidade de Estados Independentes (CEI) caeron un 4,9% en 2022, nunha porcentaxe sensiblemente menor á prevista; o cal parece indicar que a Federación de Rusia puido encontrar mercados alternativos para os seus produtos a pesar das sancións impostas. Ese descenso das exportacións da CEI repercutiu no incremento das de Oriente Medio, a rexión que mostrou o maior crecemento en 2022. A previsión para 2023 é dun incremento do 2,8% das exportacións da CEI e dun 14,9% das importacións, o maior para todas as rexións da OMC; o que se explica, en parte, pola forte caída experimentada en 2022 (un 13,5%). Para Oriente Medio, a previsión de aumento das exportacións en 2023 é de tan só un 0,9%, esperando que se recupere o dinamismo en 2024.


Por países, as exportacións mundiais están claramente lideradas por China, que, sumando aos 3.594 miles de millóns de dólares das súas exportacións os 610 miles de millóns das exportacións de Hong Kong, máis que duplica as exportacións de Estados Unidos (2.065 miles de millóns de dólares), o segundo país exportador. A terceira posición segue a estar ocupada por Alemaña (1.655 miles de millóns de dólares). España sitúase no posto dezanove (que corresponde ao 1,7% das exportacións mundiais), con cifras moi similares ás de Australia.

O *ranking* de principais países importadores segue liderado polos Estados Unidos, pero as súas importacións son igualadas polas de China cando se inclúen as de Hong Kong, a pesar do moito menor dinamismo do comercio internacional chinés que o mostrado polos Estados Unidos en 2022. Tamén Alemaña ocupa a terceira posición nos fluxos mundiais de importacións. España sitúase no posto 15 (o 1,9% das importacións mundiais).

### O comercio externo galego en 2022. Trazos básicos da súa evolución con respecto ao comercio español


O comercio externo galego alcanzou en 2022 cifras récord en termos monetarios. Xa con datos definitivos para 2021, aínda que provisionais para 2022, o incremento interanual das exportacións foi do 23,4% e o das importacións do 34,5%. O dinamismo está explicado, en gran medida, pola positiva evolución do téxtil e confección que, cun incremento do 35,7% nas exportacións e do 74,1% nas importacións, supera as cifras de 2019; o que parece indicar a total recuperación do comercio externo do sector tras a pandemia. Tamén contribúen ao dinamismo os combustibles (222,45% exportacións e 112% importacións) e, no caso das exportacións, a pesca (16,4%). A evolución positiva destes sectores contrarresta as caídas do comercio nun sector clave para a economía galega como é o do material de transporte, (-7,9% as exportacións e -6,2% as importacións); este, ademais dos problemas que afectaron en xeral a produción e comercialización nos diferentes sectores, sufriu durante gran parte do ano a crise dos semicondutores. En xeral, os resultados agregados do comercio exterior poden ser vistos como moi positivos, dado o contexto global de incerteza e desaceleración do crecemento da actividade económica. Non obstante, unha boa parte da explicación deses datos débese ao incremento dos prezos.

A evolución do comercio en 2022, cun moito maior crecemento das importacións, tanto polo efecto do incremento das exportacións como pola recuperación da demanda interna, leva a unha importante diminución no saldo comercial neste ano, que caeu un 31,3%, o que supón 1.274 millóns de euros menos de superávit; dos cales, case mil millóns corresponden ao aumento interanual do déficit nos combustibles no contexto de suba dos prezos da enerxía. Con todo, Galicia segue presentando superávit, como ocorre desde 2007 (gráfico 1). En 2022, o déficit dos combustibles (-2.749,79 millóns de euros), sector que presenta o maior déficit en termos absolutos, vese máis que compensado polo superávit da automoción (1.857,47 millóns de euros) e, sobre todo, do téxtil (3.527,84 millóns de euros).



A evolución das exportacións e importacións galegas en 2022 estivo en liña co observado no conxunto de España, que mostrou un incremento interanual das exportacións do 23,6% e das importacións do 32,1%, alcanzando tamén cifras récord neste ano. Para o saldo comercial a situación é distinta e fronte ao superávit de Galicia, España segue a presentar déficit, que máis que se duplicou respecto ao de 2021. A diferente evolución do comercio externo de Galicia e do conxunto de España nos últimos vinte anos, en





desvirtuando un pouco as análises en termos monetarios. Chama a atención o dato para o aumento interanual do volume de comercio de combustibles, sobre todo no caso de Galicia, o cal se explica, en boa medida, polas grandes caídas experimentadas nos últimos dous anos.

As diferenzas no comportamento do comercio externo de Galicia e España reflíctense nos indicadores que relacionan o desempeño do comercio co do PIB (cadro 3). O moito maior crecemento do valor do comercio co exterior, sobre todo polo incremento das importacións, que do PIB leva a un aumento do grao de apertura comercial (suma de exportacións e importacións en relación ao PIB) nos dous casos; aínda que moi superior en Galicia, como corresponde a unha economía de menor tamaño e cun menor peso da

súa demanda interna. Tamén o peso das exportacións no PIB é maior en Galicia que en España, cun incremento interanual en ambos os casos, que, en Galicia, non quedou lonxe do 45% que se marcou o goberno autonómico como obxectivo a alcanzar no Plan Estratégico de Galicia 2022-2030.

Por comunidades autónomas, Galicia ocupou o sexto posto en 2022, tanto por valor das exportacións como das importacións; o mesmo lugar que ocupou en 2021, xusto por detrás do País Vasco.

Coa excepción de Ceuta e Melilla, as exportacións mostraron taxas de crecemento interanual positivas en todas as comunidades autónomas. Cataluña segue liderando o *ránking* de comunidades exportadoras en 2022, pero vanse reducindo as diferenzas coas seguintes comunidades ao asistir a unha menor taxa de crecemento interanual, un 18%, fronte a un 46,4% en Madrid, un 23,6% en Andalucía e un 22,3% na Comunidade Valenciana. Os resultados para as importacións foron positivos en 2022 en todas as comunidades autónomas; lideradas tamén por Cataluña pero case igualada por Madrid, que mostrou unha taxa moito maior de crecemento interanual, 33,4% fronte ao 23,4% no caso catalán.

Cadro núm. 2

**Evolución, en volume, do comercio de mercaderías en Galicia e España**  
Taxas de variación interanuais (en %)

		2019	2020	2021	2022*
<b>Galicia</b>					
Total sen combustibles e aceites minerais	Exportacións	0,7	-1,5	7,3	0,0
	Importacións	7,8	-2,9	-0,2	6,0
Combustibles e aceites minerais	Exportacións	-10,9	-13,4	-31,1	93,3
	Importacións	-22,5	-48,9	17,2	47,7
Total	Exportacións	-2,3	-4,3	-1,1	14,3
	Importacións	-7,7	-22,7	4,7	19,3
<b>España</b>					
Total sen combustibles e aceites minerais	Exportacións	-0,5	-2,5	8,0	-1,3
	Importacións	1,3	-9,5	10,6	1,1
Combustibles e aceites minerais	Exportacións	6,1	-15,4	-9,0	11,0
	Importacións	-5,7	-15,3	4,4	12,9
Total	Exportacións	0,9	-5,4	4,6	0,9
	Importacións	-2,1	-12,2	7,8	6,3

\* Datos provisionais.

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Cadro núm. 3


**Indicadores do comercio exterior galego e español**

		2019	2020	2021	2022
<b>Galicia</b>					
Taxa de cobertura (%)		111,7	124,9	120,2	110,3
Grao de apertura		0,7	0,6	0,7	0,8
% exportacións no PIB		34,9	35,7	38,3	43,4
<b>España</b>					
Taxa de cobertura (%)		90,2	95,2	90,9	85,1
Grao de apertura		0,5	0,5	0,5	0,6
% exportacións no PIB		23,4	23,6	26,1	29,3

Fonte: DataComex (Ministerio de Industria, Comercio e Turismo) e *Contabilidad Regional de España. Base 2015* (INE).

### Evolución dos principais grupos arancelarios

A estrutura do comercio exterior galego por grupos arancelarios mantense relativamente estable, encabezada polos dous grandes sectores da industria galega, a automoción e o téxtil (gráfico 3). Con todo, en 2022 observáronse algúns cambios que merecen ser destacados. O grupo material de transporte segue a ser líder en exportación en 2022, igual que nos dous anos anteriores, pero case igualado polo de téxtil e



confección, que fora líder entre 2017 e 2019. Tras os efectos da pandemia que condicionaron o comercio exterior de 2020 e 2021, a estrutura en 2022 volve ser máis parecida á de 2019, aínda que cun intercambio de postos, non só entre o primeiro e o segundo, senón entre o terceiro e o cuarto. O incremento interanual nas exportacións do capítulo de combustibles (un 222% fronte ao capítulo de produtos da pesca) levou ao grupo de minerais e combustibles a ocupar o terceiro posto en 2022, que nos anos anteriores tiña o grupo animais, peixes e moluscos, leite e ovos.

Os oito grupos que, en 2022, superan os mil millóns de euros de exportación tamén son os de maior valor das importacións que, neste ano, están lideradas polo grupo de minerais e combustibles, superando o de material de transporte, que encabezou o *ranking* importador no ano anterior; o cal se explica polo incremento do 112% no valor do importado no capítulo de combustibles fronte ao descenso do 6,2% no valor das importacións de automóviles.

A taxa de cobertura (cadro 4), calculada como o cociente entre o valor das exportacións e o das importacións por 100, mostra os maiores valores en 2022 nos grupos madeira e as súas manufacturas; e pedra natural, cemento, cerámica e vidro (en ambos se exportan máis de catro euros por cada euro importado). Estes sectores, que tamén presentaban unha alta taxa de cobertura no ano anterior, están moi

Cadro núm. 4

Estrutura do comercio exterior de Galicia por grupos arancelarios en 2022\*

Capítulos	Grupos	Produtos	Exportacións			Importacións			Taxa de cobertura (%)	Índice de vantaxe comparativa revelada
			Millóns de euros	%	TVI (%) 2022-2021	Millóns de euros	%	TVI (%) 2022-2021		
01/05	I	Animais, peixes e moluscos, leite e ovos	2.442,0	8,2	16,0	2.871,7	10,6	19,6	85,0	-8,3
06/14	II	Vexetais, froitos, café e sementes	291,1	1,0	24,2	733,4	2,7	96,9	39,7	-18,1
15	III	Graxas e aceites vexetais e animais	158,2	0,5	61,2	481,9	1,8	53,1	32,8	-54,4
16/24	IV	Produtos de alimentación	1.244,4	4,2	14,2	1.342,5	5,0	43,1	92,7	14,6
25/27	V	Minerais e combustibles minerais	3.114,0	10,4	195,5	5.863,8	21,7	106,5	53,1	-28,6
28/38	VI	Produtos químicos	1.366,0	4,6	50,4	791,5	2,9	45,4	172,6	22,4
39/40	VII	Plástico, caucho e as súas manufacturas	418,1	1,4	10,4	607,5	2,2	16,8	68,8	-11,1
41/43	VIII	Peles, coiros e as súas manufacturas	219,8	0,7	22,8	91,9	0,3	0,7	239,2	34,2
44/46	IX	Madeira e as súas manufacturas	818,4	2,7	34,9	185,3	0,7	15,4	441,7	60,8
47/49	X	Pastas papeleiras, papel e edición	328,8	1,1	-0,8	271,3	1,0	19,3	121,2	9,1
50/63	XI	Materias téxtiles e confección	6.906,1	23,1	35,7	3.378,2	12,5	74,1	204,4	44,0
64/67	XII	Calzado, paraugas e sombreiros	466,7	1,6	24,9	197,3	0,7	84,2	236,5	57,7
68/70	XIII	Produtos da pedra, cemento, cerámica e vidro	508,9	1,7	13,3	126,3	0,5	40,1	403,0	70,7
71	XIV	Xoiería	37,2	0,1	44,7	27,6	0,1	31,8	134,9	16,6
72/83	XV	Metais e as súas manufacturas, ferramentas	2.174,5	7,3	16,6	2.395,5	8,8	22,3	90,8	-10,0
84/85	XVI	Caldeiras, maquinaria e material eléctrico	1.387,9	4,6	28,3	2.107,3	7,8	25,4	65,9	-19,6
86/89	XVII	Material de transporte	7.014,9	23,5	-7,9	5.157,4	19,0	-6,2	136,0	16,5
90/92	XVIII	Instrumentos de precisión e relojería	61,1	0,2	45,8	152,2	0,6	0,9	40,2	-53,9
93	XIX	Armas	0,9	0,0	373,4	1,3	0,0	45,6	68,0	12,0
94/96	XX	Mobiliario, artigos de recreo e varios	397,8	1,3	29,5	282,6	1,0	9,3	140,8	-8,8
97	XXI	Obxectos de arte e non clasificados	0,5	0,0	33,6	0,6	0,0	-40,0	79,8	-90,2
98-99		Non clasificados	529,1	1,8	42,1	16,6	0,1	7,5	3.186,9	91,6
<b>Total</b>			<b>29.886,1</b>	<b>100,0</b>	<b>23,4</b>	<b>27.083,8</b>	<b>100,0</b>	<b>34,5</b>	<b>110,3</b>	<b>11,4</b>

\* Datos provisionais.

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

orientados cara ao exterior, dependendo pouco a demanda interna das importacións. O caso contrario preséntase nos grupos graxas e aceites vexetais e animais; instrumentos de precisión e relojería (con moi baixas taxas de cobertura tamén nos anos anteriores); e vexetais, froitos, café e sementes, que reduciu a súa taxa de cobertura en 2022 debido ao incremento no valor das importacións de cereais. De igual modo mostran unha taxa de cobertura baixa algúns sectores relevantes nos que Galicia ten unha gran dependencia exterior, como caldeiras, maquinaria e material eléctrico e, sobre todo, minerais e combustibles (aínda que aumentou respecto ao ano anterior).

Considerando os principais grupos arancelarios, en 2022 o material de transporte, se ben lidera as exportacións galegas, reduciu a súa participación ao 23,5% do total do valor exportado, desde un 31,5% en 2021. Á variación das exportacións neste grupo en -7,9%, que explican ese cambio no peso sobre o total, contribuíron todos os capítulos que o compoñen, coa excepción do ferroviario no que practicamente non hai exportacións.

A principal contribución negativa ás exportacións do grupo corresponde ao sector naval, cunha redución de -83,8% das súas exportacións, pasando de exportar 555,7 millóns de euros en 2021 (un 7,3% do total do grupo) a exportar 90 millóns en 2022 (un 1,3% do total). Este é un comportamento habitual no sector, dada a volatilidade da entrega de buques construídos. Tamén o sector aeronáutico contribuíu negativamente, pero cunha moi escasa participación. Máis relevante é a achega negativa do sector da automoción, cunha redución interanual das súas exportacións en -1,9%, dado que concentra o 98,5% das exportacións deste grupo. A redución das exportacións de automoción explícase, sobre todo, pola caída das exportacións de automóviles (-9,5%), mostrando as exportacións de compoñentes un incremento interanual do 48,2%.

A variación interanual das importacións de material de transporte en 2022 foi de -6,2% (fronte a un incremento do 8,1% en 2021); explicado totalmente pola diminución na importación do sector de automoción, que concentra o 99,5% das importacións deste grupo en 2022. No capítulo de automoción, a maior contribución á caída das importacións corresponde a partes e accesorios de vehículos, que concentra o 72,4% das importacións deste capítulo en 2022, e que baixa -5,27% (cando en 2021 aumentara as súas importacións nun 17,5%). Ademais, a compra de automóviles no estranxeiro diminuíu un -13,1% en 2022, que se suma á caída de -14,8% en 2021.

A pesar do retroceso en 2022, o sector da automoción segue contribuíndo positivamente ao saldo comercial galego (en 1.780,7 millóns de euros). A achega a ese saldo foi moi superior para o grupo de téxtiles e confección, en particular para os capítulos de pezas de punto e non de punto (que concentran o 88,7% das exportacións do grupo en 2022), cun superávit de 3.529 millóns de euros. O incremento interanual do 35,7% nas exportacións levaron ao grupo de téxtiles e confección a situarse no segundo posto das exportacións; case igualando o valor do exportado polo grupo de material de transporte e concentrando o 23,1% das exportacións de Galicia en 2022.

A lenta recuperación nas vendas ao exterior do sector do téxtil e confección en 2021 (un 16,3% de incremento), tras a enorme caída pola pandemia en 2020 (-25%), xunto co cambio nos hábitos de consumo nos últimos anos, evidenciado polos resultados do líder absoluto no sector (inditex), cun rápido desenvolvemento das vendas *online* e un retroceso das vendas en tenda, que levaron a este grupo multinacional a reorganizar a súa loxística, parecía predicir un certo estancamento no comercio exterior do téxtil e confección en Galicia, pero os resultados de 2022 indicarán un novo dinamismo.

As importacións do grupo téxtiles e confección incrementaron o seu valor en 2022 nun 74,07%, explicado polo incremento das importacións de pezas de punto (70,8%) e non de punto (119,2%), que, en conxunto, concentran o 77% das importacións deste grupo arancelario. Todos os capítulos do grupo mostraron un incremento das importacións, a excepción do algodón (-16%), que tamén experimentou unha caída dun -19,1% nas súas exportacións.

O grupo minerais e combustibles lidera as importacións de Galicia en 2022 (era segundo en 2021), pero o salientable é que ocupa o terceiro posto no *ranking* exportador, cando era o sétimo en 2021. A dinámica desde grupo vén marcada pola evolución do capítulo de combustibles, que concentra case o 95% do comercio exterior deste grupo, e que presenta gran volatilidade cando se mide o comercio en valor monetario.

En 2022, o incremento interanual da exportación de combustibles foi do 222,4%, fronte a un 17,9% en 2021 e unha caída de -47,1% en 2020. A estes resultados contribúen os elevados prezos da enerxía neste ano e, tamén, a forte demanda de produtos refinados coma o diésel. En canto ás importacións, en 2022

subiu o seu valor un 112%. O incremento en 2021 foi do 87,5%, explicado, en boa medida, pola caída sufrida en 2020, un -55,3%.

Ao incremento interanual das exportación do grupo animais, peixes e moluscos, leite e ovos nun 16% en 2022 contribuíron todos os capítulos, en particular o da pesca, que concentra o 75,3% das exportacións do grupo neste ano e que viu incrementadas as súas exportacións nun 14,7%. O maior aumento das exportacións de pesca en 2021 (29,2%) explica o maior crecemento experimentado polas exportacións deste grupo nese ano (20,2%). En parte, a destacada subida mostrada polas exportacións en 2021 foi consecuencia da caída das exportacións de pesca en 2020 (en -9,1%) debida á pandemia.

As importacións deste grupo presentan unha dinámica oposta, aumentando as importacións en 2022 (19,6%) en maior medida que en 2021 (16,4%). Ao incremento do valor do importado neste grupo contribúen todos os capítulos, pero o que o explica é o comportamento da pesca, que concentra o 92,8% das importacións do grupo; aínda que tamén cabe destacar o capítulo de leite e produtos lácteos que, fronte a un incremento do 14,3% en 2021, subiu as súas importacións nun 209,9% en 2022, pasando a concentrar o 3,8% das importacións do grupo.

O grupo metais e as súas manufacturas e ferramentas ocupa en 2022 o quinto posto no *ránking* de exportación e importación en Galicia. A rebaixa dun posto respecto a 2021 non é tanto consecuencia da súa evolución, cun incremento interanual do 16,6% en exportación e do 22,3% en importación, senón do ascenso do grupo de minerais e combustibles á terceira posición.

Ao incremento das exportacións contribuíron o capítulo de aluminio e as súas manufacturas, que concentra o 44% das exportacións e o 28,5% das importacións do grupo. Se ben as importacións deste capítulo medraron en maior medida que as exportacións (28,5% fronte a 22,8%), segue a mostrar un saldo positivo de 273,3 millóns de euros, que compensa en parte o saldo negativo do capítulo de fundición de ferro, que concentra o 25,6% das exportacións e o 48,6% das importacións do grupo. O maior incremento das exportacións mostrouno o capítulo de manufacturas de fundición de ferro, que concentra o 20,7% das exportacións do grupo, cun 90,2% de crecemento interanual en 2022.

O grupo caldeiras, maquinaria e material eléctrico ocupa o posto número seis no *ránking* exportador e importador en 2022, ao igual que nos dous anos anteriores. O incremento interanual das exportacións deste grupo (28,3%) foi superior ao do total das exportacións, debido, sobre todo, ao crecemento no capítulo máquinas e aparatos mecánicos, que concentra o 62,6% das exportacións deste grupo en 2022 e que aumentou as súas exportacións nun 43,2%; subida moi superior á das importacións (12,6%), o que leva a este capítulo a unha taxa de cobertura nese ano de case o 95%. Pola contra, para o capítulo aparatos e material eléctricos, as importacións medraron máis que as exportacións (12,6% fronte a 9,2%).

O grupo produtos da alimentación incrementou as súas exportacións nun 26,8%, ao que contribúe de maneira especial o capítulo de conservas de peixe, que concentra o 71,6% das exportacións do grupo en 2022, e que mellorou as súas exportacións nun 8,4%, despois de asistir a unha diminución de -5,9% en 2021. As importacións de conservas de peixe e carne, que concentran case o 60% das importacións do grupo, aumentaron en maior medida (un 41,4%), reducindo a taxa de cobertura do capítulo en 30 puntos porcentuais; se ben segue por encima de 100 ao tratarse dun capítulo con superávit, non así o conxunto de produtos da alimentación que, despois de anos de superávit, presenta en 2022 un déficit de 98 millóns de euros.

O grupo produtos químicos mostrou excelentes resultados en 2022, cun crecemento do 50,4% no valor das súas exportacións, ao que contribuíu a variación positiva de todos os seus capítulos. Tamén as importacións subiron en case todos os capítulos, coa excepción do farmacéutico (tras o enorme incremento en 2020 pola pandemia), pero en menor medida que as exportacións, mellorando a taxa de cobertura neste grupo que xa era superior ao 100%.

Entre o resto de grupos arancelarios cabe destacar os bos resultados do grupo de madeira e as súas manufacturas, que, despois dun aumento do 33,5% en 2021, incrementa as súas exportacións nun 34,9% en 2022. Esta subida, moi superior á das importacións (15,4%), mellora o saldo comercial positivo do grupo e a súa vantaxe comparativa revelada (índice que será comentado máis adiante) en 5 puntos.

### **Nivel tecnolóxico dos bens que se comercian**

Dada a diferenza na intensidade tecnolóxica dos distintos produtos, calquera agregación leva a compensacións que desvirtúan, en parte, a relevancia da análise. Feita esta observación, para estudar a evolución mantense a metodoloxía de anos anteriores e aproxímase a intensidade tecnolóxica das exportacións

Cadro núm. 5

**Evolución do comercio exterior en Galicia de produtos da industria manufacturera por nivel tecnolóxico**  
(en millóns de euros)

Nivel tecnolóxico	Denominación	Exportacións			Importacións		
		2008	2021	2022*	2008	2021	2022*
Alto	21 Fabricación de produtos farmacéuticos	82,6	59,7	89,9	395,0	69,7	52,0
	26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	52,9	145,7	151,7	188,6	302,5	214,7
	303 Construción aeronáutica e espacial	0,4	18,2	2,2	2,3	3,8	3,8
	Total do nivel tecnolóxico alto	135,8			585,9		
	% sobre o total	0,9	0,9	0,8	5,0	1,9	1,0
Medio-Alto	20 Industria química	328,7	875,8	1.171,6	542,2	712,7	1.282,6
	254 Fabricación de armas e munições	1,3	0,2	0,9	0,6	0,9	1,3
	27 Fabricación de material e equipo eléctrico	661,2	408,3	414,0	482,9	628,0	887,2
	28 Fabricación de maquinaria e equipo	335,6	567,1	798,6	514,7	746,8	852,5
	29 Fabricación de vehículos de motor	5.821,2	7.051,2	6.800,2	2.604,8	5.592,0	5.241,8
	302 Fabricación de locomotoras e material ferroviario	0,1	0,5	0,5	3,7	1,8	2,1
	304 Fabricación de vehículos militares	0,0	0,8	2,6	0,0	1,2	5,7
	309 Fabricación doutro material de transporte	5,8	2,6	2,0	21,7	12,1	13,8
	325 Fabricación de instrumentos e subministracións médicos e odontolóxicos	4,2	8,2	12,3	8,7	33,5	45,5
	Total do nivel tecnolóxico medio-alto	7.158,2			4.179,3		
% sobre o total	48,1	36,8	30,8	35,7	38,4	30,8	
Medio-Baixo	182 Reprodución de soportes gravados	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
	19 Coquerías e refino de petróleo	548,6	844,5	2.845,5	630,6	551,5	1.133,5
	22 Fabricación de produtos de caucho e plástico	118,0	345,2	369,0	198,4	292,3	309,9
	23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	337,0	510,4	557,4	149,7	101,3	135,7
	24 Metalurxia; produtos de ferro, aceiro e ferroalixas	970,1	1.466,6	1.651,0	1.374,4	1.409,2	1.765,3
	25 Fabricación de produtos metálicos excepto maquinaria e equipo (agás 254)	201,9	357,4	616,4	265,0	380,3	454,6
	301 Construción naval	164,4	555,4	80,6	57,9	12,3	16,1
	33 Reparación e instalación de maquinaria e equipo	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
	Total do nivel tecnolóxico medio-baixo	2.340,0			2.676,1		
	% sobre o total	15,7	16,9	20,5	22,9	13,6	14,1
Baixo	10 Industria da alimentación	1.580,2	2.985,3	3.481,3	1.720,2	3.389,2	4.306,8
	11 Fabricación de bebidas	31,7	86,6	100,7	12,4	29,3	42,5
	12 Industria do tabaco	0,2	3,0	3,2	0,0	0,0	0,0
	13 Industria téxtil	303,0	662,9	779,8	405,3	590,4	768,1
	14 Confección de pezas de vestir	2.288,5	4.474,5	5.630,2	1.387,2	1.347,1	2.378,0
	15 Industria do coiro e do calzado	267,9	475,6	604,4	70,7	165,9	240,7
	16 Industria da madeira e da cortiza	332,8	526,2	516,4	266,3	148,7	146,9
	17 Industria do papel	303,2	322,3	317,4	166,1	223,3	265,3
	181 Artes gráficas	0,8	0,2	0,3	0,1	0,1	0,1
	31 Fabricación de mobles	71,0	189,3	166,5	171,6	190,3	74,5
	32 Outras industrias manufacturerais (agás 325)	66,1	113,2	136,7	56,1	105,7	133,1
	Total do nivel tecnolóxico baixo	5.245,3			4.256,0		
% sobre o total	35,3	40,6	39,3	36,4	30,7	30,9	
<b>Total</b>	<b>14.879,3</b>	<b>24.209,4</b>	<b>29.886,1</b>	<b>11.697,2</b>	<b>20.133,0</b>	<b>27.083,8</b>	

\* Datos provisionais.

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

e importacións galegas mediante a desagregación da CNAE a tres díxitos e agregando segundo a proposta de Eurostat adaptada á CNAE-2009, considerando catro grupos en función do grao de intensidade tecnolóxica: alta, media-alta, media-baixa e baixa (cadro 5).

As exportacións de intensidade tecnolóxica alta seguen a concentrar unha porcentaxe moi pequena do total. Despois dun lixeiro incremento en 2021, volven representar só o 0,82% do total en 2022. Contrasta coa situación do conxunto de España, onde as exportacións de tecnoloxía alta, dominadas polas da industria farmacéutica que representan case o 70%, pasaron dun peso relativo sobre o total de 9,8% en 2021 a 9,9% en 2022. En Galicia, o incremento do 50,4% na exportación de produtos farmacéuticos viuse máis que compensado pola caída da exportación da construción aeronáutica, -87,7%.

Pola súa parte, as exportacións de intensidade tecnolóxica media-alta, totalmente condicionadas polos resultados da fabricación de vehículos, reducen o seu peso relativo do 36,8% en 2021 ao 30,8% en 2022; non só pola caída das exportacións deste sector, senón polo incremento tan salientable das exportacións de combustibles que elevan o peso do grupo de intensidade tecnolóxica media-baixa dado o aumento das exportacións de refino de petróleo nun 237%, compensando con creces a caída das exportacións da construción naval. Este grupo concentra en 2022 o 20,5% das exportacións totais, o que supón case 5 puntos máis que o ano anterior. Por último, o grupo de intensidade tecnolóxica baixa, se ben reduce o seu peso relativo entre 2021 e 2022 (de 40,6% a 39,3%), segue a concentrar a maior parte das


exportacións galegas, ao igual que nos anos anteriores. A tan diferente evolución, despois da gran recesión, das exportacións dos dous grandes sectores exportadores galegos, pezas de vestir (grupo de tecnoloxía baixa) e fabricación de vehículos (grupo de tecnoloxía media-alta), explica a distinta evolución no peso destes dous grupos de produtos nas exportacións galegas.

A estrutura das importacións por contido tecnolóxico non é moi diferente da das exportacións, aínda que esta clasificación en grupos é menos representativa para o total de importacións que para o total de exportacións. Se a suma dos produtos que se integran nos catro grupos contan polo 91,4% do total de exportacións en 2022 (95,2% en 2021), os produtos importados que se recollen neses grupos supoñen o 76,7% en 2022 (84,6% en 2021). O feito de que a actividade extracción de cru de petróleo non estea considerada na clasificación explica os resultados. Se se incorporase esta actividade ao grupo de tecnoloxía media-baixa, os resultados serían case idénticos para as importacións que para as exportacións.

### Evolución dos índices de comercio exterior


Algúns dos índices que caracterizan o comercio exterior de Galicia xa foron comentados con anterioridade. A taxa de cobertura, o grao de apertura comercial e a porcentaxe das exportacións no PIB móstranse no cadro 3. O índice de vantaxe comparativa revelada, recollido no cadro 4, indica que os grupos arancelarios nos que Galicia presenta vantaxe comparativa con especialización exportadora en 2022 son: peles, coiros e as súas manufacturas; madeira e as súas manufacturas; materiais téxtiles e confección; calzado, paraugas e sombreiros; e produtos da pedra, cemento, cerámica e vidro. Presentan especialización importadora os grupos arancelarios: vexetais, froitos, café e sementes; graxas e aceites vexetais; e animais e instrumentos de precisión e relojería, todos eles cunha escasa participación no comercio exterior de Galicia. Podemos entender que o resto de grupos arancelarios se caracterizan como de comercio intraindustrial. En todo caso, o resultado deste índice de comercio exterior está condicionado polo alto grao de agregación ao considerar grupos arancelarios.

Cunha maior desagregación, considerando os 98 capítulos arancelarios da clasificación Taric, e utilizando o índice de Grubel e Lloyd, móstrase a evolución do índice de comercio intra-industrial do comercio exterior de Galicia (gráfico 4). Despois dunha caída a 0,69 en 2021, o índice recuperou en 2022 o valor de 0,71 que presentaba en 2020, implicando que o 71% do comercio exterior galego é de carácter intraindustrial.



Presentan índices de CII superiores ao 80% algúns capítulos arancelarios moi relevantes para o comercio exterior galego, como vehículos automóbiles; pescado, crustáceos e moluscos; conservas de pescado; aluminio e as súas manufacturas; ou máquinas e aparellos mecánicos, o que explica o elevado carácter intraindustrial do comercio exterior galego.

O outro índice relevante é o de concentración. O resultado que indica unha maior competitividade do comercio exterior é un incremento dos fluxos de exportacións cunha diminución da concentración. Este indicador, cuxo valor tamén está condicionado polo grao de desagregación utilizada, constrúese considerando os 98 capítulos da desagregación Taric, e utilizando o índice de Herfindhal-Hirschman Normalizado (IHHN), que toma valores entre 0 e 1. A convención é considerar un grao de concentración alto cando o índice toma valores superiores a 0,18 e baixo para valores inferiores a 0,10. Os datos para o comercio exterior galego (gráfico 5) mostran que, despois dun incremento na concentración das exportacións en 2020 e 2021, explicado polo comportamento positivo do sector da automoción e negativo da confección, devolvendo a estrutura das exportacións a unha situación máis parecida á anterior á gran





recesión; en 2022 as exportacións volven diversificarse, alcanzando o índice de concentración valores similares aos de antes da pandemia da COVID-19 e que poden considerarse indicativos dunha concentración das exportacións baixa.

As importacións, máis diversificadas que as exportacións nas últimas décadas, manteñen valores máis estables e, para 2022, o índice alcanzou un valor practicamente idéntico ao das exportacións (0,091 fronte a 0,086); polo que, en xeral, podemos falar dun incremento na diversificación do comercio exterior galego.



### Destino e orixe do comercio exterior galego en 2022

Durante a crise da COVID-19, o comercio exterior galego sufriu un pequeno retroceso, mais en 2021 xa se superaron os niveis de exportacións e importacións anteriores á pandemia, marcando unha traxectoria crecente desde ese momento; esta, como xa se comentou, na actualidade está moi condicionada pola elevada suba dos prezos ao facer as análises en termos de valor do comerciado.

O incremento das exportacións de Galicia en 2022 á Eurozona (29,3%) e ao resto da UE-27 (26,1%) nunha porcentaxe maior á do total de exportacións segue a concentrar as vendas ao exterior de Galicia nestes destinos, nunha proporción maior que no caso de España, que tamén concentra as súas exportacións en Europa, pero en moito menor medida (gráficos 6a e 6b).

Esa maior concentración das exportacións na UE para Galicia que para España tamén se reflicte nos datos relativos. Galicia acada un peso do 7,7% para o total de exportacións, moi superior á súa representación en termos demográficos (5,7%) e de PIB (5,2%), pero un peso aínda maior no envío de mercadorías a países da UE (cadro 6).

No cadro 7, que mostra a clasificación dos dez principais socios comerciais de Galicia nos anos recentes, vemos que os cinco maiores clientes de produtos galegos son membros da Eurozona, sendo os nosos veciños, Francia e Portugal, os destinatarios máis importantes de produtos galegos. De feito, xuntos representan arredor do 32% das exportacións totais e acaparan a metade das exportacións realizadas á Eurozona. O terceiro lugar ocúpao Italia, con arredor do 9,5% de exportacións. Do resto de países de UE-27, Polonia é o único que aparece na clasificación con preto do 5% das exportacións, sen dúbida debido á



existencia neste país de centros loxísticos de Inditex. Dos restantes países de Europa, Reino Unido, un socio tradicional, segue a representar unha fracción relevante das exportacións galegas (máis do 5%), malia que o seu peso relativo ten unha traxectoria decrecente desde antes da pandemia, iniciada pola incerteza xerada polo Brexit. Turquía sae da clasificación de países con maiores taxas de exportacións galegas, non porque diminuísen, senón polo maior crecemento das exportacións a outras economías. Turquía nos anos previos viña tendo un forte aumento no fluxo de mercadorías procedentes de Galicia, alimentado pola estabilidade dos tipos de cambio; pero a tendencia á apreciación do euro fronte á lira, especialmente en 2022, sen dúbida freou esa dinámica.

Nas restantes áreas xeográficas as exportacións galegas sufriron máis os efectos da pandemia, diminuíndo de forma significativa (a excepción de Oceanía), pero tamén superaron os seus niveis previos á pandemia xa en 2021; dinámica alcista que continúa ata a actualidade, a pesar das tendencias proteccionistas e dos enfrontamentos e posicións xeoestratéxicas. Destas áreas, só Marrocos (destino de máis do 4% das exportacións galegas e de máis do 75% das africanas) e Estados

Cadro núm. 6  
Evolución do comercio exterior en Galicia e España (en millóns de euros)

	Exportacións					Importacións				
	2018	2019	2020	2021	2022*	2018	2019	2020	2021	2022*
<b>Galicia</b>										
Eurozona	13.905,7	13.789,3	13.193,0	14.689,6	18.994,5	9.420,9	9.796,9	8.643,4	9.770,0	11.237,3
Resto UE-27	1.681,8	1.851,0	1.838,5	2.090,7	2.637,0	554,1	555,1	512,8	596,7	1.036,9
Resto de Europa	2.387,3	2.340,6	2.344,9	2.532,5	2.777,0	1.343,2	1.640,7	1.327,0	1.460,2	1.974,9
África	1.084,5	1.183,6	998,8	1.487,5	1.596,4	2.653,9	2.758,5	1.802,4	2.262,5	3.066,7
América	1.827,8	1.735,6	1.226,3	1.765,0	2.059,7	2.712,7	2.639,0	2.112,4	3.286,4	5.045,3
Asia	1.045,8	1.120,7	882,6	1.079,5	1.436,3	2.369,5	2.384,0	2.243,3	2.592,2	4.404,9
Oceanía	39,1	32,4	273,5	331,4	43,8	115,4	103,9	93,0	97,4	153,5
Sen determinar	223,6	204,8	195,8	233,1	341,4	32,1	41,3	37,5	67,6	164,3
<b>Total</b>	<b>22.195,6</b>	<b>22.258,1</b>	<b>20.953,5</b>	<b>24.209,4</b>	<b>29.886,1</b>	<b>19.201,8</b>	<b>19.919,5</b>	<b>16.771,7</b>	<b>20.133,0</b>	<b>27.083,8</b>
<b>España</b>										
Eurozona	147.759,3	150.358,5	140.821,2	170.626,3	214.700,6	139.094,8	137.906,2	121.937,2	147.421,5	172.461,9
Resto UE-27	17.899,9	18.803,2	17.500,5	20.612,3	24.292,3	19.819,7	20.472,3	19.056,7	21.890,1	27.700,1
Resto de Europa	34.556,0	36.319,9	32.872,8	37.419,5	42.703,3	30.116,0	31.184,6	25.741,9	35.608,3	41.190,8
África	18.554,4	18.571,5	15.613,6	18.509,2	21.125,2	27.724,1	27.297,1	19.037,9	28.011,5	42.527,7
América	30.405,3	31.273,2	25.996,3	31.953,5	40.172,9	33.636,8	33.725,4	29.280,8	36.967,5	64.469,1
Asia	26.114,4	26.676,9	24.954,6	28.355,1	32.023,7	66.140,0	67.240,1	58.058,0	71.475,4	103.100,8
Oceanía	1.915,2	1.863,9	1.789,4	1.963,8	1.996,0	1.036,0	783,7	633,8	953,8	1.444,3
Sen determinar	8.056,0	7.025,6	4.079,8	5.418,9	12.194,8	2.079,9	3.827,6	3.178,9	3.955,3	4.426,5
<b>Total</b>	<b>285.260,5</b>	<b>290.892,8</b>	<b>263.628,3</b>	<b>314.858,5</b>	<b>389.208,9</b>	<b>319.647,3</b>	<b>322.436,9</b>	<b>276.925,1</b>	<b>346.283,4</b>	<b>457.321,2</b>
<b>%Galicia/España</b>										
Eurozona	9,4	9,2	9,4	8,6	8,8	6,8	7,1	7,1	6,6	6,5
Resto UE-27	9,4	9,8	10,5	10,1	10,9	2,8	2,7	2,7	2,7	3,7
Resto de Europa	6,9	6,4	7,1	6,8	6,5	4,5	5,3	5,2	4,1	4,8
África	5,8	6,4	6,4	8,0	7,6	9,6	10,1	9,5	8,1	7,2
América	6,0	5,5	4,7	5,5	5,1	8,1	7,8	7,2	8,9	7,8
Asia	4,0	4,2	3,5	3,8	4,5	3,6	3,5	3,9	3,6	4,3
Oceanía	2,0	1,7	15,3	16,9	2,2	11,1	13,3	14,7	10,2	10,6
Sen determinar	2,8	2,9	4,8	4,3	2,8	1,5	1,1	1,2	1,7	3,7
<b>Total</b>	<b>7,8</b>	<b>7,7</b>	<b>7,9</b>	<b>7,7</b>	<b>7,7</b>	<b>6,0</b>	<b>6,2</b>	<b>6,1</b>	<b>5,8</b>	<b>5,9</b>

\* Datos provisionais.

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Cadro núm. 7  
Estrutura espacial do comercio exterior de Galicia  
Principais países de procedencia e destino dos intercambios

	2020		2021		2022*		TVI (%) 2022*-2021
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	
<b>Exportacións</b>							
Francia	5.104,2	24,4	4.962,9	20,5	5.389,1	18,0	8,6
Portugal	2.802,0	13,4	3.174,9	13,1	4.140,6	13,9	30,4
Italia	1.757,3	8,4	2.323,0	9,6	2.807,5	9,4	20,9
Países Baixos	765,6	3,7	927,0	3,8	1.946,7	6,5	110,0
Alemaña	1.068,9	5,1	1.273,8	5,3	1.755,7	5,9	37,8
Reino Unido	1.347,5	6,4	1.310,0	5,4	1.518,7	5,1	15,9
Polonia	922,5	4,4	1.110,8	4,6	1.475,4	4,9	32,8
Bélxica	738,8	3,5	780,4	3,2	1.242,4	4,2	59,2
Marrocos	622,2	3,0	1.034,4	4,3	1.217,7	4,1	17,7
Estados Unidos	415,0	2,0	679,9	2,8	824,1	2,8	21,2
Resto de países	5.409,5	25,8	6.632,2	27,4	7.568,0	25,3	14,1
<b>Total</b>	<b>20.953,5</b>	<b>100,0</b>	<b>24.209,4</b>	<b>100,0</b>	<b>29.886,1</b>	<b>100,0</b>	<b>23,4</b>
<b>Importacións</b>							
Francia	4.541,0	27,1	5.292,7	26,3	5.100,9	18,8	-3,6
Portugal	1.705,6	10,2	2.010,6	10,0	2.700,1	10,0	34,3
China	1.190,5	7,1	1.330,6	6,6	2.113,7	7,8	58,9
Estados Unidos	461,9	2,8	1.283,4	6,4	1.947,5	7,2	51,8
Marrocos	734,5	4,4	971,5	4,8	1.001,8	3,7	3,1
Italia	708,5	4,2	751,2	3,7	918,1	3,4	22,2
México	405,6	2,4	369,7	1,8	815,3	3,0	120,5
Turquía	389,0	2,3	587,5	2,9	758,5	2,8	29,1
Países Baixos	319,0	1,9	392,3	1,9	758,0	2,8	93,2
Alemaña	713,6	4,3	678,9	3,4	765,2	2,8	12,7
Resto de países	5.602,4	33,4	6.464,5	32,1	10.204,5	37,7	57,9
<b>Total</b>	<b>16.771,7</b>	<b>100,0</b>	<b>20.133,0</b>	<b>100,0</b>	<b>27.083,8</b>	<b>100,0</b>	<b>34,5</b>

\* Datos provisionais.

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Unidos (que conta por apenas o 3% do total e o 40% das exportacións a América) entran na clasificación dos dez socios principais (cadro 7). O incremento das exportacións destes dous países viuse favorecido pola superación do conflito diplomático co primeiro e pola mellora da política arancelaria co segundo.



O fluxo exportador a Asia tamén presenta tendencia ao crecemento, pero o destino dos produtos galegos é máis diversificado que nas outras áreas, xa que os tres receptores principais (China, Israel e Xapón) acumulan arredor do 40% das exportacións dirixidas a ese continente. A excepción de operacións puntuais relacionadas co sector naval, as exportacións cara a Oceanía son tradicionalmente baixas, e así se mantiveron en 2021 e 2022.

Polo lado das importacións, o valor relativo dos países da Eurozona non só é inferior ao das exportacións, senón que tamén se está reducindo en favor das economías americanas e asiáticas que, en conxunto, pasan de representar un cuarto do total en 2019 ao 35% en 2022. A Eurozona pasou de proporcionar máis da metade dos produtos importados a situarse no 41,5% en 2022, sendo tamén Francia e Portugal os principais aliados comerciais de Galicia. Aquí destaca o volume de importacións francesas (case un quinto do total) e que, nalgúns períodos, incluso chegou a superar as exportacións; o cal se debe á entrada de produtos do sector do automóbil, arredor do 80% das importacións procedentes de Francia.

A clasificación dos dez países dos que máis se importa en Galicia (cadro 7) mostra que sete son os mesmos que para as exportacións, cinco dos cales forman parte da Eurozona. No relativo aos países europeos, e en comparación con períodos anteriores, hai unha diferenza salientable, entran nese *ranking* os Países Baixos e sae Reino Unido. Este último non só perdeu importancia relativa senón volume dos bens que se importan debido ao Brexit e ao consecuente aumento de barreiras comerciais; mentres que Países Baixos case duplicou o envío de produtos a Galicia.

O saldo comercial galego con África, América e Asia é deficitario, en especial nos dous últimos casos, nos que foi medrando co paso do tempo e rolda os 3.000 millóns de euros. Dentro do continente americano, Estados Unidos e México son os países que achegan máis importacións, máis da metade con orixe na súa área, e gañando peso relativo sobre o conxunto de importacións de Galicia.

O volume de importacións procedentes de Asia aumentou moito máis que o de exportacións, de forma que en 2022 por cada euro exportado se importaban máis de 3. As compras nesta área están moi concentradas en China (arredor do 50% da área), que ocupa o terceiro lugar en canto aos socios comerciais (7,8% do total galego), sendo provedor dunha gran cantidade de produtos de consumo e tamén materias primas.

En canto ao fluxo importador con África, Marrocos é o líder da área con aproximadamente o 40% das importacións realizadas por Galicia desde África. Os principais produtos importados non varían, pero si a súa dinámica; recuperan volume e peso os produtos téxtiles e baixan (volume e peso) os produtos pesqueiros e da automoción.

### ***O comercio exterior galego cos principais socios en 2022***

A estrutura dos destinos das exportacións galegas non variou esencialmente nos últimos anos, pero hai algúns cambios que podemos destacar. En Europa perde peso o Reino Unido e gáñano os Países Baixos e Polonia. Fóra de Europa cabe sinalar o incremento no peso relativo de Marrocos (cadro 7). Con todo, os tres principais países aos que Galicia dirixe as súas exportacións, que concentran en 2022 o 41,3% do total, algo menos que en 2019 (42,6%), son da Eurozona: Francia, Portugal e Italia.


No caso das importacións, os tres principais países, Francia, Portugal e China, concentran o 36,6% das importacións en 2022, fronte a un 40,8% en 2019. O cambio importante non é tanto o incremento do peso de China (case 3 puntos porcentuais máis) senón a caída de Francia entre 2019 e 2022 (case 8 puntos porcentuais menos); en parte polo aumento do total de importacións pero, tamén, pola diminución das importacións desde Francia (-3,6% en 2022).

Aínda que se manteñen os postos dos tres principais socios, o peso relativo de cada un deles foi variando. Francia, que case triplicaba o valor das importacións desde Portugal en 2019, xa só as duplica en 2022. Pola súa vez, as importacións desde China subiron entre 2019 e 2022 un 115,4% (fronte a un 47,9% as de Portugal e -7,1% as de Francia).

Por outra parte, países con moito peso relativo como destino das exportacións galegas, como Italia ou Alemaña, están perdendo peso como orixe das importacións fronte ao notable incremento das importacións con orixe en China ou, nos últimos anos, en EE. UU.

En todo caso, os dous países que seguen a ocupar as primeiras posicións como socios comerciais de Galicia son Francia e Portugal, malia que mostrando unha dinámica bastante diferente nos últimos anos; a cal se explica fundamentalmente pola especialización sectorial do comercio exterior con cada un deses países.

As exportacións a Francia medraron entre 2021 e 2022 un 8,6%, en moito menor contía que para o total de exportacións, pasando a concentrar o 18% do total (fronte a un 20,5% o ano anterior). Este resultado foi consecuencia de dous efectos contrapostos nos principais sectores de exportación a Francia. Por unha parte, a positiva evolución das exportacións de manufacturas de consumo (que subiron un 34,5%) e concentran en 2022 o 19,2% das exportacións galegas a Francia, en particular as de téxtil e confección, que representan o 90% das exportacións de manufacturas de consumo e cuxo peso relativo vén aumentando de forma ininterrompida desde 2007, coa excepción da caída en 2020 consecuencia da pandemia. Por outra parte, a caída das exportacións do sector de automoción (-12%), motivadas pola redución da exportación de automóviles e motos (-27,5%), que, ao concentrar o 75% das exportacións do sector de automoción en 2022, non puideron ser compensadas polo grande incremento na exportación de compoñentes nese ano (147%). O sector de automoción segue a concentrar a maior parte das exportacións a Francia (39,2% en 2022), pero cun importante descenso nos últimos anos; non só pola evolución negativa do propio sector, en particular para as vendas de automóviles, senón pola evolución positiva doutros sectores, as xa comentadas manufacturas de consumo, outras manufacturas e, no último ano, os produtos enerxéticos.



O resultado agregado desas diferentes dinámicas leva á evolución mostrada no gráfico 7 para o total de exportacións, importacións e saldo comercial con Francia que, se ben mostra déficit a partir de 2016, en 2022 presenta de novo superávit debido á diminución das importacións.


As importacións que Galicia fai de Francia concéntranse tamén no sector de automoción, pero en moita maior medida que para as exportacións, chegando ao 78,2% do total de importacións de Francia en 2022; destas, máis do 80% corresponde a compoñentes de automoción. En 2022, as importacións de Francia baixaron nun -3,2%, consecuencia da caída do 8,1% na importación de compoñentes; o que leva este país a representar o 18,8% do total de importacións de Galicia, un peso moi similar ao das exportacións a Francia nese ano (18%).

Como xa se comentou, o peso de Francia no comercio exterior de Galicia está a diminuír ante a dinámica á que asiste o comercio exterior do sector da automoción. Pola súa vez, Portugal é o segundo socio comercial en importancia para Galicia, aínda que a unha boa distancia de Francia. En 2022, concentra o 13,8% das exportacións totais de Galicia e o 9,9% das importacións.

Como xa se comentou, o peso de Francia no comercio exterior de Galicia está a diminuír ante a dinámica á que asiste o comercio exterior do sector da automoción. Pola súa vez, Portugal é o segundo socio comercial en importancia para Galicia, aínda que a unha boa distancia de Francia. En 2022, concentra o 13,8% das exportacións totais de Galicia e o 9,9% das importacións.

A dinámica é moi diferente á de Francia, cunha evolución positiva, tanto para as exportacións como para as importacións, que resulta nun crecente superávit comercial (gráfico 8).

O comercio galego con Portugal está moito máis diversificado que no caso francés. As exportacións a Portugal, que en 2022 aumentaron un 30,4% respecto ás de 2021, seguen a concentrarse nos produtos da pesca, nas pezas de vestir (en particular as non de punto), no sector de automoción (sobre todo en partes e compoñentes), e na fundición de ferro e aceiro e as súas manufacturas. Ademais, en 2022, teñen relevancia as exportacións de combustibles (16,5% do total de exportacións), consecuencia dos altos prezos destes produtos e do incremento da demanda de refinados, como xa se comentou.



As importacións desde Portugal, que en 2022 medraron un 34,3% respecto ás de 2021, tamén están diversificadas, sendo, en xeral, os capítulos arancelarios relevantes os mesmos que para as exportacións, con algunhas matizacións. A fundición de ferro e aceiro e as súas manufacturas concentran máis do 20% das importacións desde Portugal. Tamén son relevantes as importacións de pezas de vestir

(neste caso, sobre todo as de punto), os produtos da pesca e as compoñentes de automoción (que están perdendo peso relativo nos últimos anos).

### As empresas galegas no comercio exterior

A pesar do impacto das restricións derivadas da pandemia da COVID-19 nos fluxos de comercio exterior, en 2020 o número de empresas exportadoras galegas apenas variou e o de empresas importadoras incrementouse (cadro 8). En 2021 a cifra de empresas que participaron nalgunha operación de comercio exterior aumentou moito, un 32% o número de empresas exportadoras e un 43% o de empresas importadoras, marcando os máximos da serie histórica. Estes incrementos son substancialmente superiores ás subidas dos fluxos de entrada e saída de mercadorías; o que mostra unha maior aposta do tecido empresarial galego pola apertura aos mercados estranxeiros, así como polo aprovisionamento en ditos mercados. Porén, en 2022, o número de empresas que participan no comercio exterior cae de forma moi significativa, a pesar do aumento do volume de comercio; o que pode indicar non tanto un problema de parte desas novas empresas internacionalizadas para asentarse nos mercados estranxeiros, senón a recupe-

Cadro núm. 8

Número total de empresas galegas exportadoras e Importadoras

	2019	2020	2021	2022
Exportadoras	7.167	7.121	9.376	8.496
Importadoras	12.359	13.696	19.530	16.478

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Cadro núm. 9

Número de empresas galegas exportadoras e Importadoras por grupos arancelarios

Capítulos	Grupos	Produtos	2020	2021	2022*	TVI (%) 2022/2021
<b>Exportacións</b>						
01/05	I	Animais, peixes e moluscos, leite e ovos	705	671	686	2,2
06/14	II	Vexetais, froitos, café e sementes	209	265	273	3,0
15	III	Graxas e aceites vexetais e animais	53	69	71	2,9
16/24	IV	Produtos de alimentación	1.072	1.342	1.342	0,0
25/27	V	Minerais e combustibles minerais	221	253	258	2,0
28/38	VI	Produtos químicos	823	893	934	4,6
39/40	VII	Plástico, caucho e as súas manufacturas	841	969	998	3,0
41/43	VIII	Peles, coiros e as súas manufacturas	194	256	251	-2,0
44/46	IX	Madeira e as súas manufacturas	286	354	369	4,2
47/49	X	Pastas papeleiras, papel e edición	435	577	544	-5,7
50/63	XI	Materias téxtiles e confección	1.178	1.697	1.532	-9,7
64/67	XII	Calzado, paraugas e sombreiros	259	394	318	-19,3
68/70	XIII	Produtos da pedra, cemento, cerámica e vidro	486	516	532	3,1
71	XIV	Xoiería	83	109	94	-13,8
72/83	XV	Metais e as súas manufacturas, ferramentas	1.503	1.701	1.725	1,4
84/85	XVI	Caldeiras, maquinaria e material eléctrico	1.938	2.200	2.162	-1,7
86/89	XVII	Material de transporte	873	1.140	958	-16,0
90/92	XVIII	Instrumentos de precisión e relojería	424	498	475	-4,6
93	XIX	Armas	0	8	8	0,0
94/96	XX	Mobiliario, artigos de recreo e varios	623	758	766	1,1
97	XXI	Obxectos de arte e non clasificados	25	39	50	28,2
98-99		Non clasificados	3.160	4.185	3.703	-11,5
<b>Importacións</b>						
01/05	I	Animais, peixes e moluscos, leite e ovos	590	641	644	0,5
06/14	II	Vexetais, froitos, café e sementes	367	408	422	3,4
15	III	Graxas e aceites vexetais e animais	58	65	73	12,3
16/24	IV	Produtos de alimentación	595	669	654	-2,2
25/27	V	Minerais e combustibles minerais	315	338	363	7,4
28/38	VI	Produtos químicos	1.721	2.105	2.103	-0,1
39/40	VII	Plástico, caucho e as súas manufacturas	2.050	2.419	2.486	2,8
41/43	VIII	Peles, coiros e as súas manufacturas	697	901	753	-16,4
44/46	IX	Madeira e as súas manufacturas	389	449	523	16,5
47/49	X	Pastas papeleiras, papel e edición	1.141	1.437	1.358	-5,5
50/63	XI	Materias téxtiles e confección	3.897	5.104	4.109	-19,5
64/67	XII	Calzado, paraugas e sombreiros	970	1.595	1.253	-21,4
68/70	XIII	Produtos da pedra, cemento, cerámica e vidro	827	977	967	-1,0
71	XIV	Xoiería	313	510	548	7,5
72/83	XV	Metais e as súas manufacturas, ferramentas	3.030	3.724	3.744	0,5
84/85	XVI	Caldeiras, maquinaria e material eléctrico	5.609	6.968	6.569	-5,7
86/89	XVII	Material de transporte	1.472	2.400	2.183	-9,0
90/92	XVIII	Instrumentos de precisión e relojería	1.656	2.069	1.998	-3,4
93	XIX	Armas	19	29	37	
94/96	XX	Mobiliario, artigos de recreo e varios	1.524	2.366	2.252	-4,8
97	XXI	Obxectos de arte e non clasificados	90	140	121	-13,6
98-99		Non clasificados	3.992	5.306	3.942	-25,7

\* Datos provisionais.

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

ración dos intercambios co resto de España. Con todo, despois dos datos excepcionais de 2021, en 2022, o número de empresas exportadoras é un 19% maior que en 2020 e o número de empresas importadoras un 20% maior.

Seguen a ser catro os grupos de produtos que destacan sobre os demais (cadro 9), concentrando cada un deles máis de mil empresas exportadoras. Entre eles sobresaen o grupo de produtos de caldeiras, maquinaria e material eléctrico, que en 2021 superou as dúas mil empresas exportadoras. Os tres grupos restantes, que nos últimos anos se acercan ou superaron as 1.500 sociedades exportadoras son, por orde de importancia, metais e as súas manufacturas e ferramentas; materias téxtiles e confección; e produtos de alimentación. No ano 2021 uniuse ao grupo das mil material de transporte; non obstante, en 2022 volve estar por debaixo desa cifra. Como xa se comentou previamente, neste ano deuse unha caída importante no número de empresas exportadoras, o cal se concentrou en dous dos grupos mencionados, material de transporte; e materias téxtiles e confección; tendencia que, segundo os datos do primeiro trimestre de 2023, parece que se mantén.

No relativo ás importacións, a concentración por produtos é menor, pero tamén existen certos grupos arancelarios destacados, caldeiras, maquinaria e material eléctrico; e materias téxtiles e confección, a pesar da perda recente de empresas importadoras nestes que continúa ata os primeiros meses de 2023. É especialmente grande a caída no número de empresas importadoras de produtos téxtiles, case mil empresas en 2022, arredor do 20%. Ao mesmo tempo, tamén baixan con forza as empresas importadoras de produtos do grupo de calzado, paraugas e sombreiros (-21,4%).

A excepción do grupo de material de transporte, onde diminúen o número de empresas (exportadoras e importadoras) e o volume comercializado (exportador e importador), no resto de grupos arancelarios mencionados, os máis importantes en termos cuantitativos, o que se produce é unha concentración do volume de comercio nalgunhas empresas; é dicir, o maior fluxo comercial, tanto de entrada como de saída, repártese entre un menor número de empresas.

### O comercio exterior galego por provincias en 2022

Se en 2021 Pontevedra era a provincia que lideraba o comercio exterior de Galicia, en 2022 esa posición corresponde á Coruña, que concentra a metade das exportacións e importacións de Galicia, mentres que Pontevedra pasa a ocupar a segunda posición (cadro 10). Este cambio débese ao xa comentado en relación á diferente dinámica que mostraron os sectores que, sendo relevantes no comercio exterior de Galicia, se concentran nalgunha destas provincias.

Cadro núm. 10

Distribución do comercio exterior de Galicia por provincias

	2021		2022*	
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%
<b>Exportacións</b>				
A Coruña	10.387,8	42,9	14.830,5	49,6
Lugo	726,2	3,0	755,0	2,5
Ourense	12.071,7	49,9	13.073,9	43,7
Pontevedra	1.023,7	4,2	1.226,7	4,1
<b>Galicia</b>	<b>24.209,4</b>	<b>100,0</b>	<b>29.886,1</b>	<b>100,0</b>
<b>Importacións</b>				
A Coruña	7.833,6	38,9	13.549,3	50,0
Lugo	599,6	3,0	782,6	2,9
Ourense	11.031,5	54,8	11.885,5	43,9
Pontevedra	668,2	3,3	866,3	3,2
<b>Galicia</b>	<b>20.133,0</b>	<b>100,0</b>	<b>27.083,8</b>	<b>100,0</b>

\* Datos provisionais.

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Pontevedra concentra o 82,1% das exportacións e o 78,4% das importacións de pesca de Galicia e o 97,9% das exportacións e o 97,3% das importacións do sector de automoción. Pola súa parte, A Coruña concentra o 80,5% das exportacións galegas de combustibles e o 96,8% das importacións. En pezas de vestir acapara arredor do 97% das exportacións galegas e o 92% das importacións. Polo tanto, a dinámica pouco favorable do sector da automoción en 2022 xunto coa evolución positiva do comercio de pezas de vestir e, de maneira excepcional este ano, o de combustibles, explican a feble dinámica do comercio exterior de Pontevedra, o incremento interanual en 2022 foi de 8,3% para as exportacións

e 7,7% para las importacións; e a positiva evolución do comercio exterior da Coruña, que incrementou as súas exportacións nun 42,7% e as importacións nun 73%.

As provincias de Ourense e Lugo teñen un peso relativamente pequeno no comercio exterior de Galicia. Ourense conta con pouco máis do 4% das exportacións e o 3% das importacións galegas. Cun incremento interanual do 19,8% en 2022, as exportacións de Ourense están lideradas polo capítulo arancelario das manufacturas de pedra (a industria da lousa e o xisto), que concentra o 20,5% das exportacións da provincia. O segundo capítulo de exportación en importancia é o de graxas e aceites, que mostrou un incremento interanual do 86,8%. Este capítulo (en particular o aceite de xirasol, que conta polo 74% das

importacións do capítulo) é o que lidera as importacións da provincia de Ourense, concentrando un 22,4% do total das importacións da provincia.

Lugo ten un peso aínda menor que o de Ourense no comercio exterior de Galicia, 2,5% das exportacións e 2,9% das importacións totais. As exportacións, cun aumento interanual do 4%, están lideradas en 2022 polo óxido de aluminio (coridón artificial), que supón o 34% do total de exportacións da provincia; mentres que as importacións, que subiron un 30,5%, están encabezadas polos minerais de aluminio, o 28,7% do total de importacións da provincia.

## O investimento estranxeiro directo (IED)

### Tendencias globais e perspectivas de IED

Os fluxos de entrada de investimento estranxeiro directo no mundo (IED) en 2021 foron de 1.582 miles de millóns de dólares, un 64% máis que o nivel excepcionalmente baixo en 2020 (cadro 11). A recuperación mostrou un impulso significativo grazas a mercados de fusións e adquisicións en auxe e ao rápido crecemento de proxectos internacionais debido ás condicións de financiamento flexibles e aos paquetes de estímulo governamentais.

Cadro núm. 11

**Evolución do investimento directo estranxeiro (IED) no mundo**

	Entradas			Saídas		
	2019	2020	2021	2019	2020	2021
<b>Miles de millóns de dólares</b>						
Economías desenvolvidas	764	319	746	737	408	1.269
Economías en desenvolvemento	716	644	837	387	372	438
<b>Total mundial</b>	<b>1.481</b>	<b>963</b>	<b>1.582</b>	<b>1.124</b>	<b>780</b>	<b>1.708</b>
<b>Porcentaxes</b>						
Economías desenvolvidas	51,6	33,1	47,1	65,6	52,3	74,3
Economías en desenvolvemento	48,4	66,9	52,9	34,4	47,7	25,7

Fonte: UNCTAD, *Informe sobre las inversiones en el mundo 2022*.

Do aumento mundial de IED en 2021, case tres cuartas partes debeuse á recuperación nos países desenvolvidos, onde as entradas representan máis do dobre do nivel de 2020, o que se traduce nun incremento do 134%. A subida foi causada principalmente polas operacións de fusións e adquisicións e os altos niveis de beneficios non distribuídos das empresas multinacionais (Untad, 2022). A pesar disto, os investimentos en novos activos produtivos no estranxeiro seguen a ser febles en 2021, xa que o número de investimentos en novas instalacións medrou un 11%; unha quinta parte menos que os niveis anteriores á pandemia.

Os fluxos de IED para as economías en desenvolvemento medraron máis lentamente que os das rexións desenvolvidas, un 30%, ata os 837 miles de millóns de dólares; implicando unha participación destes países nos fluxos mundiais dun 52,9%. O aumento foi, sobre todo, resultado do forte crecemento en Asia, da recuperación parcial en América Latina e o Caribe e dunha repunta en África (Untad, 2022).

Os fluxos de saída de IED subiron de maneira considerable durante 2021, preto dun 120%. Pero foron as economías desenvolvidas as que maioritariamente contribuíron a eses fluxos, cun incremento do 211%, elevando a súa participación no total de saídas ata situarse en tres cuartas partes dos fluxos mundiais (cadro 11). Tanto os fluxos mundiais, como os das economías desenvolvidas, son moi superiores aos existentes en 2019, antes da pandemia; non é así para as economías en desenvolvemento, que aínda non volveron alcanzar a suma dos fluxos que investían en 2019.

A nivel xeográfico, destacan as saídas de América do Norte, onde as súas multinacionais aumentaron o seu investimento no estranxeiro un 72%, ata 403 miles de millóns de dólares. Este incremento de fluxos dirixiuse principalmente cara á Unión Europea, Reino Unido e México. As saídas de IED doutros países desenvolvidos subiron un 52%, sobre todo polo incremento das multinacionais xaponesas e coreanas.

Nas economías en desenvolvemento a dinámica tamén foi positiva, cun crecemento dos fluxos de saída de IED do 18%. Os países en desenvolvemento de Asia seguiron sendo unha importante fonte de investimento incluso durante a pandemia, e as saídas de IED da rexión aumentaron un 4%. Pola contra, as operacións de fusións e adquisicións por parte de empresas asiáticas caeron un 35% (Untad, 2022).

A contorna global mudou de forma drástica en 2022. A guerra na Ucraína e as súas consecuencias, con movementos xeo-estratéxicos, nun contexto inflacionista e de crise enerxética mundial, xunto cos efectos persistentes da pandemia, está a xerar incerteza para os investidores; que, sumado aos cambios dalgúns países en relación aos problemas derivados da alta dependencia externa de subministracións básicas ou bens intermedios, podería exercer unha presión significativa á baixa sobre o IED global en 2022. Tamén as subidas dos tipos de xuro nas principais economías, a fin de controlar a inflación, terán impactos negativos sobre os mercados de fusións e adquisicións e sobre o financiamento de proxectos internacionais. Porén, os paquetes de apoio do sector público para investimentos en infraestruturas, de aplicación plurianual, poden actuar no sentido contrario, mitigando os efectos negativos. En conxunto, agárdase unha traxectoria descendente de IED para 2022, como poñen de manifesto os datos do primeiro trimestre (Untad, 2022).


De cara á evolución futura dos fluxos de IED vai ter gran relevancia a aplicación do Pilar II do proxecto do G20 e a OCDE sobre a Erosión da Base Impoñible e o Traslado de Beneficios (BEPS), que está prevista para 2023; aínda que é pouco probable que se poña en funcionamento rapidamente. Este proxecto introducirá un imposto mínimo do 15% sobre os beneficios no estranxeiro para as multinacionais con ingresos superiores a 750 millóns de euros. Cabe esperar que a aplicación dun imposto deste tipo teña importantes efectos para os fluxos e as políticas de investimento, xa que a fiscalidade é un determinante de relevancia no IED e as diferenzas entre países inciden no destino do fluxo de investimento.

Hoxe en día as taxas impositivas reais sobre o IED están por debaixo das taxas xerais e resultarán afectadas polo novo imposto mínimo, o que a priori xeraría presión á baixa sobre o volume de investimento. Porén, agárdase que a redución das diferenzas nas taxas impositivas dea lugar a un desvío do investimento desde economías de, na actualidade, baixa imposición ás de maior imposición. Eventualmente, o efecto de desvío podería contrarrestar as perdas de investimento causadas polo efecto de volume. Neste novo contexto, onde as diferenzas nas taxas impositivas serán menores, emerxerán outros factores para a toma de decisión de localización do investimento, como, por exemplo, as infraestruturas ou a contorna reguladora e institucional.

### O IED recibido por Galicia

Tras a superación da crise sanitaria desencadeada pola COVID-19, os fluxos de entrada de IED mantiveron o seu patrón de comportamento habitual tanto a nivel nacional como galego. En Galicia, o IED recibido en 2021 foi de case 223 millóns de euros e de 172 millóns de euros en 2022, mostrando a volatilidade habitual, provocada pola existencia ou non de operacións de investimento de grande envergadura (gráfico 9).

A nivel estatal, o comportamento de IED entrante mantivo unha senda de crecemento sen verse alterada durante a pandemia (cadro 12), cun leve retroceso en 2021, pero con incrementos interanuais de 9,8% en 2020 e 12,9% en 2022, ano no que se superan os 36.500 millóns de euros. No patrón de repartición territorial, o peso de IED recibido por Galicia é moi pequeno, concentrándose o investimento en Madrid, ao igual que nos anos anteriores, se ben vai perdendo peso desde o 80% en 2020 ata algo máis do 52% en 2022. Esta rexión, moi beneficiada por operacións de investimento nos anos previos, perdeu un volume



de entrada importante, en especial entre 2021 e 2022 (-20%). A segunda comunidade autónoma que máis investimentos recibía era Cataluña, a cal, a pesar de presentar un maior investimento tanto en termos absolutos como relativos en 2022 (11,30%), foi desbancada polo País Vasco, que acaprou máis do 15% de IED. Das restantes comunidades, só Valencia e Andalucía superan o 3%, aínda que a maioría captou un maior investimento que no ano anterior.

Na información sobre o IED que se recolle no Rexistro de Investimentos da Secretaría de Estado de Comercio diferénciase entre operacións de entidades que administran valores



Cadro núm. 12

## Distribución territorial do investimento estranxeiro bruto en España

	2020		2021		2022		TVI (%) 2021/2020	TVI (%) 2022/2021
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%		
Andalucía	785,96	2,42	982,71	3,04	1.265,06	3,46	25,03	28,73
Aragón	25,25	0,08	201,55	0,62	484,18	1,32	698,37	140,23
Cantabria	16,75	0,05	24,72	0,08	9,81	0,03	47,62	-60,31
Castela e León	57,08	0,18	136,45	0,42	471,23	1,29	139,03	245,35
Castela-A Mancha	59,96	0,18	187,38	0,58	566,80	1,55	212,51	202,48
Cataluña	3.211,40	9,89	3.299,66	10,20	4.130,77	11,30	2,75	25,19
Madrid	25.999,45	80,03	24.063,72	74,35	19.229,84	52,62	-7,45	-20,09
C. Valenciana	354,18	1,09	872,58	2,70	2.036,22	5,57	146,37	133,36
Estremadura	233,84	0,72	15,90	0,05	9,36	0,03	-93,20	-41,14
<b>Galicia</b>	<b>89,93</b>	<b>0,28</b>	<b>222,97</b>	<b>0,69</b>	<b>172,00</b>	<b>0,47</b>	<b>147,94</b>	<b>-22,86</b>
Baleares	117,96	0,36	247,57	0,76	503,06	1,38	109,88	103,20
Canarias	77,87	0,24	102,79	0,32	268,96	0,74	32,00	161,67
A Rioxa	5,26	0,02	70,21	0,22	178,06	0,49	1.233,97	153,61
Navarra	120,68	0,37	118,03	0,36	790,11	2,16	-2,20	569,43
País Vasco	1.079,25	3,32	1.549,29	4,79	5.570,51	15,24	43,55	259,55
Asturias	51,02	0,16	45,44	0,14	298,01	0,82	-10,94	555,78
Murcia	181,66	0,56	96,64	0,30	545,91	1,49	-46,80	464,87
Ceuta e Melilla	1,34	0,00	0,61	0,00	0,37	0,00	-54,82	-38,88
Non clasificable	17,37	0,05	126,56	0,39	12,93	0,04	628,46	-89,78
<b>Total</b>	<b>32.486,22</b>	<b>100,00</b>	<b>32.364,80</b>	<b>100,00</b>	<b>36.543,18</b>	<b>100,00</b>	<b>-0,37</b>	<b>12,91</b>

Datos provisionais.

Fonte: DataInVex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Cadro núm. 13

## Distribución territorial do investimento estranxeiro bruto (ETVE e Non ETVE) en España

	2021				2022			
	Non ETVE		ETVE		Non ETVE		ETVE	
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%
Andalucía	970,68	3,24	12,03	0,51	1.264,97	3,70	0,09	0,00
Aragón	201,18	0,67	0,37	0,02	484,18	1,42	0,00	0,00
Cantabria	24,72	0,08	0,00	0,00	9,81	0,03	0,00	0,00
Castela e León	136,35	0,45	0,10	0,00	471,22	1,38	0,00	0,00
Castela-A Mancha	187,38	0,62	0,00	0,00	566,80	1,66	0,00	0,00
Cataluña	3.091,19	10,30	208,47	8,81	3.883,46	11,36	247,31	10,46
Madrid	21.960,57	73,20	2.103,15	88,89	17.225,82	50,40	2.004,02	84,74
C. Valenciana	867,24	2,89	5,34	0,23	2.036,21	5,96	0,01	0,00
Estremadura	15,90	0,05	0,00	0,00	9,36	0,03	0,00	0,00
<b>Galicia</b>	<b>222,97</b>	<b>0,74</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>172,00</b>	<b>0,50</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
Baleares	247,57	0,83	0,00	0,00	455,33	1,33	47,72	2,02
Canarias	87,35	0,29	15,44	0,65	268,91	0,79	0,05	0,00
A Rioxa	70,21	0,23	0,00	0,00	178,06	0,52	0,00	0,00
Navarra	118,03	0,39	0,00	0,00	790,11	2,31	0,00	0,00
País Vasco	1.539,80	5,13	9,49	0,40	5.515,77	16,14	54,74	2,31
Asturias	45,44	0,15	0,00	0,00	298,01	0,87	0,00	0,00
Murcia	96,64	0,32	0,00	0,00	545,91	1,60	0,00	0,00
Ceuta e Melilla	0,61	0,00	0,00	0,00	0,37	0,00	0,00	0,00
Non clasificable	114,89	0,38	11,66	0,49	1,86	0,01	11,07	0,47
<b>Total</b>	<b>29.998,75</b>	<b>100,00</b>	<b>2.366,05</b>	<b>100,00</b>	<b>34.178,15</b>	<b>100,00</b>	<b>2.365,02</b>	<b>100,00</b>

Datos provisionais.

Fonte: DataInVex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

estranxeiros (ETVE) e as que non o son. As realizadas por este tipo de sociedades instrumentais non acostuman ter efectos reais sobre as economías que as reciben, de aí a importancia de coñecer a súa contía<sup>1</sup>. Co paso do tempo, a súa importancia en España foi decaendo. De feito, nos dous últimos exercicios a contía case non variou (rolda os 2.365 millóns de euros) e a súa importancia relativa vai en descenso, pasando do 7,3% en 2021 a menos do 6,5% en 2022. Por outra banda, ao irse modificando a normativa fiscal que favorecía estas entidades, a separación entre ETVE e o resto de empresas tamén vai perdendo significado. Como se aprecia no cadro 13, malia que perde importancia, o IED realizado polas ETVE aínda reflicte un conxunto significativo de operacións na Comunidade de Madrid; a principal receptora, que supera os 2.000 millóns de euros e representaba un 8,7% do total de IED en 2021, subindo en 2022 ata o 10,4% debido á diminución no volume de entrada de IED nela. A outra rexión que reflicte unha entrada significativa en termos relativos deste tipo de investimento é Cataluña, pero a moita distancia de Madrid,

<sup>1</sup> As ETVE son sociedades instrumentais cun réxime fiscal especial debido á exención das ganancias obtidas por dividendos e plusvalías logradas pola transmisión de accións en sociedades estranxeiras. Formalmente, a transferencia a unha sociedade domiciliada en España da titularidade dunha empresa radicada no estranxeiro xera simultaneamente dúas anotacións no rexistro: unha de entrada e unha de saída.

Cadro núm. 14  
Distribución sectorial do investimento estranxeiro bruto

Sectorios	2021					2022				
	Galicia		España		%	Galicia		España		%
	Miles de euros	%	Miles de euros	%	Galicia/España	Miles de euros	%	Miles de euros	%	Galicia/España
Agricultura, gandería, selvicultura e pesca	21,8	0,0	296.982,7	0,9	0,0	114,6	0,1	86.562,5	0,2	0,1
Industrias extractivas			10.729,0	0,0				907.352,9	2,5	
Industria manufacturera	65.854,3	29,5	4.394.637,2	13,6	1,5	125.864,4	73,2	10.932.990,2	29,9	1,2
Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado			6.507.642,7	20,1		3.800,0	2,2	3.360.450,3	9,2	0,1
Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación			258.662,7	0,8		5,0	0,0	92.374,0	0,3	0,0
Construción	3.491,2	1,6	6.321.416,9	19,5	0,1	1.365,9	0,8	917.943,6	2,5	0,1
Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	97.169,2	43,6	2.411.548,4	7,5	4,0	1.087,0	0,6	2.200.492,5	6,0	0,0
Transporte e almacenamento	50,0	0,0	784.997,1	2,4	0,0	450,0	0,3	1.483.199,3	4,1	0,0
Hostalería	986,5	0,4	1.226.077,2	3,8	0,1	686,7	0,4	1.070.461,3	2,9	0,1
Información e comunicacións	23.153,8	10,4	4.943.015,3	15,3	0,5	9.595,0	5,6	5.719.199,6	15,7	0,2
Actividades financeiras e de seguros	8.045,9	3,6	1.105.924,9	3,4	0,7	10.915,9	6,3	1.762.943,8	4,8	0,6
Actividades inmobiliarias	6.632,8	3,0	1.304.151,1	4,0	0,5	2.382,5	1,4	2.235.754,4	6,1	0,1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	16.622,2	7,5	999.509,0	3,1	1,7	1.033,2	0,6	1.773.464,5	4,9	0,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	924,6	0,4	426.439,0	1,3	0,2	663,6	0,4	995.590,0	2,7	0,1
Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria								4.735,2	0,0	
Educación			307.840,2	1,0		3,0	0,0	402.927,0	1,1	0,0
Actividades sanitarias e de servizos sociais			629.056,7	1,9		5,0	0,0	343.818,8	0,9	0,0
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	10,0	0,0	396.694,8	1,2	0,0	14.031,0	8,2	2.250.817,5	6,2	0,6
Outros servizos	11,2	0,0	39.467,4	0,1	0,0			2.100,5	0,0	
Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio			3,0	0,0						
Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais										
<b>Total</b>	<b>222.973,4</b>	<b>100,0</b>	<b>32.364.795,4</b>	<b>100,0</b>	<b>0,7</b>	<b>172.002,8</b>	<b>100,0</b>	<b>36.543.177,9</b>	<b>100,0</b>	<b>0,5</b>

Datos provisionais.

Fonte: DataInVex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Cadro núm. 15  
Procedencia do investimento estranxeiro bruto en Galicia e España

Área de procedencia	Galicia		España		% Galicia/España
	Miles de euros	%	Miles de euros	%	
<b>2020</b>					
UE-27	14.623	16,3	8.819.786	27,2	0,17
Resto de Europa	39.654	44,1	7.027.395	21,6	0,56
América do Norte	2.649	2,9	7.539.284	23,2	0,04
Latinoamérica	32.797	36,5	5.534.564	17,0	0,59
Resto de América	0	0,0	21.457	0,1	0,00
Asia e Oceanía	202	0,2	3.500.161	10,8	0,01
África	5	0,0	34.695	0,1	0,01
<b>Total</b>	<b>89.930</b>	<b>100,0</b>	<b>32.477.340</b>	<b>100,0</b>	<b>0,28</b>
<b>2021</b>					
UE-27	182.889	82,0	14.883.045	46,0	1,23
Resto de Europa	18.150	8,1	4.655.427	14,4	0,39
América do Norte	688	0,3	6.005.346	18,6	0,01
Latinoamérica	5.688	2,6	1.641.635	5,1	0,35
Resto de América	15.154	6,8	59.323	0,2	25,54
Asia e Oceanía	405	0,2	4.918.108	15,2	0,01
África	0	0,0	199.332	0,6	0,00
<b>Total</b>	<b>222.973</b>	<b>100,0</b>	<b>32.362.217</b>	<b>100,0</b>	<b>0,69</b>
<b>2022</b>					
UE-27	27.905	16,2	13.367.310	36,6	0,21
Resto de Europa	17.070	9,9	7.427.522	20,3	0,23
América do Norte	123.981	72,1	10.830.075	29,6	1,14
Latinoamérica	2.403	1,4	1.101.311	3,0	0,22
Resto de América	50	0,0	42.422	0,1	0,12
Asia e Oceanía	592	0,3	3.006.400	8,2	0,02
África	2	0,0	768.138	2,1	0,00
<b>Total</b>	<b>172.003</b>	<b>100,0</b>	<b>36.543.178</b>	<b>100,0</b>	<b>0,47</b>

Datos provisionais.

Fonte: DataInVex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

pois apenas superaba os 200 millóns de euros en 2021 e, a pesar do aumento, non chega aos 250 millóns de euros en 2022. En Galicia, como na maioría das comunidades autónomas, a totalidade de IED recibido corresponde a operacións que non son ETVE.

No relativo á incidencia sobre a economía das operacións de IED non ETVE, os proxectos *greenfield* son os máis interesantes desde un punto de vista económico, xa que implican a construción de novas instalacións e a contratación de novos empregados. Segundo FDI Markets, base de datos de proxectos *greenfield* do Grupo Financial Times, España foi en 2021 o cuarto país do mundo que recibiu máis proxectos *greenfield* de capital estranxeiro, só por detrás de potencias como Estados Unidos, Alemaña e Reino Unido. Porén, en 2022, España baixa á sexta posición, perdendo postos fronte a China, Francia e Xapón. A pesar da caída no *ranking*, o número de proxectos *greenfield* segue medrando e, en 2022, recibíronse 860 fronte a 827 en 2021 e 554 en 2020.



Cadro núm. 16

**Orixo última do investimento estranxeiro bruto****Ano 2021**

Galicia			España		
País ou territorio	Miles de euros	%	País ou territorio	Miles de euros	%
España	102.041,2	45,76	Francia	8.098.269,0	27,00
Alemaña	37.572,1	16,85	Estados Unidos	4.227.928,4	14,09
Bélxica	28.231,4	12,66	Reino Unido	3.318.922,4	11,06
Reino Unido	16.640,4	7,46	Australia	2.484.085,2	8,28
Illas Virxes dos Estados Unidos	15.153,7	6,80	Alemaña	1.515.350,7	5,05
Francia	7.833,9	3,51	Suecia	1.366.901,5	4,56
Portugal	5.016,8	2,25	Xapón	1.338.004,9	4,46
México	4.529,9	2,03	Rusia	941.521,6	3,14
Suíza	1.409,2	0,63	Italia	795.459,1	2,65
Luxemburgo	1.250,0	0,56	Países Baixos	695.243,4	2,32
Estados Unidos	688,0	0,31	México	659.117,2	2,20
Italia	604,6	0,27	España	539.283,8	1,80
Venezuela	505,4	0,23	China	435.460,5	1,45
Arxentina	308,7	0,14	Bélxica	325.750,1	1,09
China	255,0	0,11	Panamá	228.873,6	0,76
Austria	241,1	0,11	Chile	224.304,9	0,75
Panamá	160,1	0,07	Luxemburgo	219.508,9	0,73
República Dominicana	128,0	0,06	Arxentina	211.287,5	0,70
Andorra	100,0	0,04	Chequia	209.864,0	0,70
Bangladés	100,0	0,04	Singapur	171.703,1	0,57
Países Baixos	92,7	0,04	Tailandia	151.746,7	0,51
Emiratos Árabes Unidos	50,0	0,02	Canadá	147.364,3	0,49
Colombia	49,0	0,02	Portugal	147.177,9	0,49
Uruguai	4,2	0,00	Irlanda	143.460,7	0,48
Costa Rica	3,0	0,00	Suíza	112.881,5	0,38
Dinamarca	3,0	0,00	Dinamarca	108.509,3	0,36
Estonia	2,0	0,00	Resto países	1.180.768,6	3,94
<b>Total</b>	<b>222.973,4</b>	<b>100,00</b>	<b>Total</b>	<b>29.624.999,5</b>	<b>100,00</b>

**Ano 2022**

Galicia			España		
País ou territorio	Miles de euros	%	País ou territorio	Miles de euros	%
Canadá	123.796,1	71,97	Estados Unidos	9.452.913,8	27,66
Reino Unido	15.622,8	9,08	Reino Unido	6.096.566,5	17,84
Francia	10.803,9	6,28	Alemaña	4.790.244,7	14,02
Países Baixos	9.545,9	5,55	Francia	3.409.603,7	9,98
Luxemburgo	4.197,7	2,44	Australia	1.352.810,4	3,96
Portugal	2.320,1	1,35	Países Baixos	1.011.827,5	2,96
México	1.761,8	1,02	Italia	991.456,2	2,90
Suíza	1.370,3	0,80	España	889.299,3	2,60
Bélxica	668,6	0,39	Canadá	745.777,7	2,18
China	523,8	0,30	Austria	687.520,4	2,01
Brasil	372,7	0,22	Hong kong	631.653,2	1,85
España	276,0	0,16	Suíza	498.614,3	1,46
Estados Unidos	185,0	0,11	Bélxica	373.014,6	1,09
Arxentina	162,7	0,09	Suecia	339.151,3	0,99
Venezuela	97,1	0,06	Sudáfrica	325.955,2	0,95
Andorra	73,0	0,04	Xapón	319.846,9	0,94
Illas Malvinas	50,0	0,03	Emiratos Árabes Unidos	268.733,2	0,79
Alemaña	49,1	0,03	México	224.303,8	0,66
Emiratos Árabes Unidos	25,0	0,01	Portugal	214.345,6	0,63
Australia	22,4	0,01	Luxemburgo	137.467,3	0,40
Bulgaria	20,9	0,01	Chile	101.705,9	0,30
Arabia Saudí	20,0	0,01	Singapur	96.944,4	0,28
Italia	10,4	0,01	China	95.231,6	0,28
Suecia	4,2	0,00	Irlanda	92.023,6	0,27
Uruguai	4,0	0,00	Israel	73.316,5	0,21
Austria	3,0	0,00	Andorra	70.063,1	0,20
Chile	3,0	0,00	Finlandia	69.840,3	0,20
Malta	3,0	0,00	Rusia	61.570,3	0,18
Ucrania	3,0	0,00	Arxentina	50.975,5	0,15
Arxelia	2,0	0,00	Noruega	49.548,5	0,14
Colombia	1,5	0,00	Brasil	49.353,3	0,14
Dinamarca	1,0	0,00	Arabia Saudí	46.666,3	0,14
Finlandia	1,0	0,00	Grecia	37.959,8	0,11
Israel	1,0	0,00	Filipinas	37.110,0	0,11
Noruega	1,0	0,00	Resto países	484.738,6	1,42
<b>Total</b>	<b>172.002,8</b>	<b>100,00</b>	<b>Total</b>	<b>34.178.153,2</b>	<b>100,00</b>

Datos provisionais.

Fonte: Datalnvex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Esta suba tradúcese en que o investimento estranxeiro neste tipo de proxectos en España acadou en 2022 o seu nivel máis alto en toda a serie histórica, superando os 44.560 millóns de dólares e a creación de 96.000 empregos. España está, ademais, rexistrando resultados moi importantes en sectores concretos de gran proxección futura. En 2022, foi o terceiro maior receptor global de proxectos *greenfield* no sector das enerxías renovables e no sector TIC e de infraestruturas de Internet; o cuarto que máis proxectos recibe que impliquen a realización de actividades de I+D; e o cuarto receptor de proxectos de automoción ou relacionados co hidróxeno limpo. A falta de datos precisos podemos asumir un comportamento similar para o caso galego.

En canto á distribución sectorial do investimento bruto recibido por Galicia, nos dous últimos anos sufriu modificacións e tendeu a concentrarse na industria manufactureira, como pode observarse no cadro 14. Neste caso, pasou de recibir o 29,5% en 2021 a acaparar o 73,2% en 2022, incrementando en máis dun 90% os fondos recibidos. Porén, o sector do comercio experimentou un comportamento oposto, pasando de captar o 43,6% do investimento a ser irrelevante, cun 0,6% do total. Outro cambio que destaca, malia que con cifras máis modestas, é a perda de peso do sector de información e comunicación (pasando do 10,4% en 2021 ao 5,6% en 2022) e das actividades profesionais, científicas e técnicas (7,5% en 2021 fronte a 0,6% en 2022) en favor das actividades artísticas, recreativas e de entretemento, que, partindo dun case nulo investimento en 2021, acaparan o 8,2% en 2022. O sector de actividades financeiras e de seguros mantén un crecemento sostido desde anos atrás, sendo xa o terceiro en importancia en 2022 cun 6,3% do total. No contexto sectorial estatal, Galicia mantén un peso relativo ínfimo, perdendo representación no sector do comercio que, en 2021, era o 4%; e, a pesar da concentración e o aumento do investimento percibido pola industria manufactureira, a nivel estatal o seu peso baixa do 1,5% en 2021 ao 1,2% en 2022, evidenciando que a industria galega ten un menor atractivo.

Desde un punto de vista xeográfico, a evolución de IED entrante difire entre Galicia e España (cadro 15). A nivel estatal, desde o inicio da pandemia a procedencia de IED concentrouse cada vez máis nos países europeos, sobre todo da Unión Europea. Pola contra, en Galicia pasouse de ter como principais emisores de IED os países europeos non membros da UE-27 en 2020, a concentrar o 82% na UE-27 en 2021. Por outra banda, os países latinoamericanos pasaron de ser a segunda área en importancia a ter unha representación mínima. En 2022 o comportamento é moi diferente ao dos anos previos, xa que Latinoamérica segue a perder peso e case tres cuartas partes do investimento procede de América do Norte. De forma máis detallada, no relativo ao país último do que procede o fluxo de investimento (cadro 16) pode observarse que, entre 2021 e 2022, Galicia recibe fondos dun maior número de países (27 fronte a 31); pero a orixe en 2022 está moi concentrada en Canadá, que acapara case a totalidade dos fondos procedentes da súa área xeográfica (a compra do 85% da produtora de lousa galega Cupa Group polo fondo canadense Brookfield estaría detrás deste dato), e tamén hai máis países que achegan cantidades pequenas de poucos miles de euros. Este tipo de cambios de líder ou de posición na clasificación a nivel galego é algo habitual, xa que operacións puntuais de cantidades elevadas modifican moito a repartición. Por outra banda, emisores tradicionais de IED cara a Galicia como Francia ou Reino Unido manteñen ou incluso incrementan o investimento.

Na desagregación por países tamén se observa como España e Galicia comparten como emisores de investimento certos países europeos como Francia, Países Baixos ou Reino Unido; porén, ao mesmo tempo, teñen pautas moi diferentes, tanto na orixe como na concentración. O feito de que non existan coincidencias ou sexan mínimas entre as clasificacións estatal e galega débese ao baixo peso de Galicia sobre o conxunto nacional (0,5% en 2022).

Cadro núm. 17

**Procedencia última do investimento estranxeiro bruto efectuado en Galicia desde 2009 ata 2022**

País	Miles de euros	%
Portugal	787.970	24,89
Brasil	672.672	21,25
Reino Unido	320.380	10,12
Italia	252.986	7,99
Francia	174.138	5,50
Canadá	123.924	3,91
México	122.047	3,86
China	119.529	3,78
España	115.602	3,65
Resto países	476.203	15,04
<b>Total</b>	<b>3.165.451</b>	<b>100,00</b>

Datos provisionais.

Fonte: Datalnvex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

No cadro 17 preséntase a totalidade de IED recibido por Galicia no período 2009-2022. A alta variabilidade dos investimentos de ano a ano fan relevante esta información. Os datos mostran como os principais investidores son o veciño Portugal e Brasil. Reino Unido, Italia e Francia manteñen tamén posicións relevantes. Pola contra, tras a inclusión dos anos 2021 e 2022 nese cómputo, inxeccións de investimento elevadas procedentes de países que con anterioridade non superaban os 100 mil euros no acumulado nin unha porcentaxe do 3% entran na clasificación. Chama a atención, en concreto, Canadá, que tan só co investi-


mento realizado en 2022 entra directo ao sexto lugar e representaría case o 4% de IED recibido pola economía galega desde o ano 2009.

Tan relevante como o IED entrante é coñecer os des-investmentos ou o investimento neto, que non é máis que a diferenza entre o investimento bruto e os des-investmentos declarados, por transmisións ou liquidacións totais ou parciais. Porén, non se dispón de información desagregada por comunidades autónomas, aínda que tradicionalmente os niveis de des-investimento en Galicia foron baixos e non hai motivos para pensar que isto cambiase. En España, o des-investimento total mantívose en cifras similares ás de anos previos, menos de 11.500 millóns de euros; o que implica unha tendencia crecente do investimento neto dos últimos anos, o cal ascendeu a 23.860,89 millóns de euros en 2021 e a 25.072,84 millóns en 2022.

### O IED emitido desde Galicia

O IED emito por Galicia é, como soe ser habitual, moi superior ao entrante, coa excepción do dato anormalmente baixo do ano 2021, que non chegou aos 200 millóns de euros de investimento emitido e que, ademais, foi inferior ao recibido. Como se observa no gráfico 10, malia que con altibaixos e coa excepción do 2021, desde o fin da crise financeira global a traxectoria do investimento é crecente; e, en 2022, sitúase moi preto do máximo da serie histórica, que se deu en 2019, ano no que ascendeu a 2.404 millóns de euros (frente aos 2.355 millóns de 2022).

O comportamento negativo en 2021 non é exclusivo de Galicia, senón que tan só catro rexións incrementan nese ano a saída de IED fronte ao ano anterior e dito aumento, aínda que chega a ser moi elevado en termos relativos, non o é en termos absolutos (cadro 18). Agora ben, malia que en termos porcentuais outras comunidades autónomas baixan o IED emitido en cifras similares, en termos absolutos Galicia foi a



que experimentou unha maior caída. Pola contra, en 2022, onde a nivel rexional hai tanto subidas como diminucións, Galicia está á cabeza, neste caso no incremento de IED saínte, situándose en segundo lugar no *ranking* de comunidades autónomas, tan só por detrás de Madrid. Esta última mantén o seu tradicional liderado e, ademais, afiánzase no mesmo, representando máis de tres cuartas partes da emisión de investimento; aspecto no que Galicia sobe ata un 7,6% do total nacional. Chama a atención a perda de peso de rexións que tiñan tradicionalmente un lugar destacado, como Cataluña e o País Vasco, así como a ascensión de Asturias ata o terceiro posto, cun 6,3% do total estatal en 2022.

Cadro núm. 18

### Distribución territorial do investimento español bruto no exterior

	2020		2021		2022		TVI (%) 2021/2020	TVI (%) 2022/2021
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%		
Andalucía	52,6	0,1	53,0	0,2	40,7	0,1	0,80	-23,13
Aragón	89,2	0,2	38,4	0,1	77,1	0,2	-56,96	100,89
Cantabria	60,7	0,2	60,4	0,2	152,8	0,5	-0,49	152,99
Castela e León	104,8	0,3	116,8	0,4	35,2	0,1	11,47	-69,89
Castela-A Mancha	30,8	0,1	0,4	0,0	71,3	0,2	-98,62	16.637,45
Cataluña	3.940,7	10,1	2.377,9	7,9	724,5	2,3	-39,66	-69,53
Madrid	26.989,5	69,0	21.949,3	72,8	24.173,1	77,6	-18,67	10,13
C. Valenciana	533,6	1,4	719,6	2,4	72,5	0,2	34,87	-89,92
Extremadura	6,6	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	-99,92	-100,00
<b>Galicia</b>	<b>1.960,1</b>	<b>5,0</b>	<b>197,3</b>	<b>0,7</b>	<b>2.354,7</b>	<b>7,6</b>	<b>-89,93</b>	<b>1.093,52</b>
Baleares	220,6	0,6	236,5	0,8	166,4	0,5	7,20	-29,67
Canarias	126,7	0,3	78,9	0,3	16,2	0,1	-37,74	-79,52
A Rioxa	29,0	0,1	0,2	0,0	0,0	0,0	-99,43	-91,37
Navarra	6,2	0,0	20,0	0,1	31,4	0,1	221,65	56,84
País Vasco	3.539,9	9,1	3.343,3	11,1	1.284,4	4,1	-5,55	-61,58
Asturias	1.367,6	3,5	945,6	3,1	1.953,5	6,3	-30,86	106,60
Murcia	29,5	0,1	3,2	0,0	1,5	0,0	-89,24	-53,66
<b>Total</b>	<b>39.088,1</b>	<b>100,0</b>	<b>30.140,8</b>	<b>100,0</b>	<b>31.155,4</b>	<b>100,0</b>	<b>-22,89</b>	<b>3,37</b>

Datos provisionais.

Fonte: DataInVex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

A emisión de IED desde Galicia en 2022 explícase pola volta á normalidade da actividade da multinacional galega por excelencia, Inditex, que opera desde Arteixo, así como das actividades inmobiliarias do grupo empresarial Pontegadea, propietario maioritario de Inditex. Este último reactivou a súa actividade en 2022 adquirido, entre outros, edificios en Nova York, Glasgow, Toronto ou Seattle.

No cadro 19 preséntase o IED emitido a nivel autonómico, diferenciando operacións ETVE e non ETVE, tanto en termos brutos como netos, polo que tamén permite analizar o des-investimento. Respecto á primeira cuestión, ao igual que ocorre co IED recibido, a Comunidade de Madrid concentra a gran maioría do investimento emitido, tanto ETVE como non ETVE. A moita distancia, os seguintes investimentos ETVE máis elevados realizaos Cataluña e, en 2022, tamén o País Vasco, mentres que no resto de rexións este tipo de IED ou non se emite ou é un volume ínfimo. No caso galego, no ano 2022, saíron 25 millóns de euros en operacións ETVE, que representan pouco máis do 1% de todo o investimento saínte galego e o 1,3% do total nacional.

Cadro núm. 19

**Distribución territorial, ETVE e non ETVE, do investimento español bruto e neto no exterior**

**Ano 2021**

	Investimento bruto				Investimento neto	
	Non ETVE		ETVE		Non ETVE	ETVE
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	Millóns de euros	Millóns de euros
Andalucía	50,98	0,19	2,00	0,07	19,35	-0,26
Aragón	35,38	0,13	3,00	0,10	34,71	3,00
Cantabria	60,39	0,22			51,11	
Castela e León	102,51	0,38	14,27	0,48	97,81	14,27
Castela-A Mancha	0,43	0,00			0,08	
Cataluña	1.989,98	7,32	387,92	13,07	1.665,73	340,35
Madrid	19.404,65	71,41	2.544,66	85,73	8.095,08	1.556,73
C. Valenciana	719,65	2,65			474,10	0,00
Extremadura	0,01	0,00				
<b>Galicia</b>	<b>197,29</b>	<b>0,73</b>			<b>16,95</b>	
Baleares	236,53	0,87			-178,95	-0,17
Canarias	71,87	0,26	7,01	0,24	-16,09	-18,63
A Rioxa	0,17	0,00			0,17	
Navarra	20,04	0,07			20,04	
País Vasco	3.333,99	12,27	9,30	0,31	-6.557,73	8,10
Asturias	945,58	3,48			-91,67	
Murcia	3,18	0,01			0,09	
<b>Total</b>	<b>27.172,62</b>	<b>100,00</b>	<b>2.968,16</b>	<b>100,00</b>	<b>3.630,81</b>	<b>1.903,40</b>

**Ano 2022**

	Investimento bruto				Investimento neto	
	Non ETVE		ETVE		Non ETVE	ETVE
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	Millóns de euros	Millóns de euros
Andalucía	40,73	0,14			35,73	
Aragón	77,10	0,26			46,17	
Cantabria	152,77	0,52			152,77	
Castela e León	35,16	0,12			34,24	
Castela-A Mancha	71,34	0,24			70,08	
Cataluña	505,40	1,73	219,12	11,37	108,66	216,32
Madrid	22.845,70	78,16	1.327,45	68,90	11.247,15	-1.246,45
C. Valenciana	72,53	0,25			-141,46	
Extremadura	0,00	0,00				
<b>Galicia</b>	<b>2.329,73</b>	<b>7,97</b>	<b>25,00</b>	<b>1,30</b>	<b>2.258,27</b>	<b>25,00</b>
Baleares	163,37	0,56	3,00	0,16	54,22	3,00
Canarias	13,75	0,05	2,40	0,12	9,65	2,40
A Rioxa	0,01	0,00			-0,16	
Navarra	0,66	0,00	30,78	1,60	0,66	30,78
País Vasco	965,43	3,30	318,94	16,55	821,39	231,29
Asturias	1.953,52	6,68			1.774,47	
Murcia	1,47	0,01			1,47	
<b>Total</b>	<b>29.228,68</b>	<b>100,00</b>	<b>1.926,68</b>	<b>100,00</b>	<b>16.473,31</b>	<b>-737,67</b>

Datos provisionais.

Fonte: DataInxv. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

En termos netos, en 2021 catro comunidades autónomas presentan un investimento neto negativo, é dicir, des-investiron máis do que investiron (cadro 19), e dentro destas, destaca o nivel acadado polo País Vasco, que enviou 3.334 millóns de euros ao exterior pero retirou case 9.900 millóns de euros. Con niveis de investimento neto positivo, pero un elevado des-investimento, sitúase Madrid, que retirou o equivalente ao 56% do IED bruto emitido en 2021. En Galicia, o des-investimento tamén foi moi elevado en relación ao IED emitido, pois dos 197,29 millóns de euros brutos emitidos, en termos netos non se chega a 17 millóns. Esta retirada de fondos galegos deuse maioritariamente en Canadá (68 millóns), e China e Brasil con cifras aproximadamente da metade das de Canadá. A nivel sectorial os fondos galegos sacáronse case todos do sector do comercio (72 millóns) e do inmobiliario (70 millóns).

En 2022, tan só hai dous casos con investimentos netos totais negativos e, en termos absolutos, son de contías relativamente pequenas. A Comunidade de Madrid, de novo, retira máis da metade dos fondos, destacando un des-investimento maior que o investimento bruto nas súas operacións ETVE. En 2022,

Cadro núm. 20

**Distribución sectorial do investimento estranxeiro bruto galego no exterior**

**Ano 2021**

Sectores	Sector de orixe		Sector de destino	
	Miles de euros	%	Miles de euros	%
Agricultura, gandería, selvicultura e pesca	0,1	0,0	851,4	0,4
Industrias extractivas				
Industria manufactureira	7.550,0	3,8	939,4	0,5
Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado				
Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación				
Construción	12.005,6	6,1	113.449,9	57,5
Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	1.502,3	0,8	20.652,3	10,5
Transporte e almacenamento				
Hostalería	157,0	0,1	157,0	0,1
Información e comunicacións				
Actividades financeiras e de seguros	13.325,7	6,8	23,9	0,0
Actividades inmobiliarias	161.249,9	81,7	56.716,9	28,7
Actividades profesionais, científicas e técnicas	1.340,7	0,7	4.501,4	2,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	71,9	0,0		
Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria				
Educación				
Actividades sanitarias e de servizos sociais				
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento				
Outros servizos				
Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio				
Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais				
Persoas físicas (sen sector de actividade)	88,9	0,0		
<b>Total</b>	<b>197.292,1</b>	<b>100,0</b>	<b>197.292,1</b>	<b>100,0</b>

**Ano 2022**

Sectores	Sector de orixe		Sector de destino	
	Miles de euros	%	Miles de euros	%
Agricultura, gandería, selvicultura e pesca	5.785,5	0,2	36.399,0	1,5
Industrias extractivas				
Industria manufactureira	9.321,1	0,4	25.000,0	1,1
Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado			1.492,5	0,1
Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación				
Construción	82.401,3	3,5	1.342.126,8	57,0
Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	33.526,6	1,4	60.284,4	2,6
Transporte e almacenamento				
Hostalería	351,3	0,0	18.590,0	0,8
Información e comunicacións			4,1	0,0
Actividades financeiras e de seguros	335.051,5	14,2	727,7	0,0
Actividades inmobiliarias	1.869.499,9	79,4	856.650,4	36,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	12.873,3	0,5	13.451,7	0,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	0,4	0,0	3,0	0,0
Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria				
Educación				
Actividades sanitarias e de servizos sociais				
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	0,6	0,0		
Outros servizos				
Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio				
Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais				
Persoas físicas (sen sector de actividade)	5.918,0	0,3		
<b>Total</b>	<b>2.354.729,5</b>	<b>100,0</b>	<b>2.354.729,5</b>	<b>100,0</b>

Datos provisionais.

Fonte: DataInVex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Galicia apenas des-investe 71,5 millóns de euros, arredor do 3% do IED bruto emitido, e este levouse a cabo sobre todo en Turquía (case 24 millóns de euros), Brasil (17 millóns) e as Illas Malvinas (15.5 millóns). A nivel sectorial os fondos galegos retirados procedían na súa maior parte do sector do comercio (case 41 millóns) e do primario (16.25 millóns).

Centrándose no IED bruto emitido por Galicia a nivel sectorial, no cadro 20 preséntase a distribución, tanto desde o punto de vista do sector de orixe como de destino. En 2021, dos apenas 198 millóns de IED saíntes, a gran maioría teñen por orixe o sector de actividades inmobiliarias (81,7%). Como emisores de IED en importancia relativa, a continuación sitúanse as actividades financeiras e de seguros e a construción, que oscilan entre un 6% e un 7% do total. O destino sectorial deses investimentos tamén está concentrado

Cadro núm. 21

**Distribución do investimento estranxeiro bruto no exterior por sector de destino**

**Ano 2021**

Sector	Galicia		España		% Galicia/España
	Miles de euros	%	Miles de euros	%	
Agricultura, gandería, selvicultura e pesca	851,4	0,4	81.020,6	0,3	1,1
Industrias extractivas			694.370,5	2,3	
Industria manufacturera	939,4	0,5	3.972.405,5	13,2	0,0
Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado			6.479.377,3	21,5	
Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación			85.569,3	0,3	
Construción	113.449,9	57,5	651.822,6	2,2	17,4
Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	20.652,3	10,5	2.208.992,0	7,3	0,9
Transporte e almacenamento			452.861,9	1,5	
Hostalería	157,0	0,1	367.920,0	1,2	0,0
Información e comunicacións			10.326.794,2	34,3	
Actividades financeiras e de seguros	23,9	0,0	3.442.330,5	11,4	0,0
Actividades inmobiliarias	56.716,9	28,7	639.552,7	2,1	8,9
Actividades profesionais, científicas e técnicas	4.501,4	2,3	199.241,4	0,7	2,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares			466.516,7	1,5	
Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria					
Educación			3.903,4	0,0	
Actividades sanitarias e de servizos sociais			34.227,1	0,1	
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento			10.261,4	0,0	
Outros servizos			23.620,1	0,1	
Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio					
Actividades de organizacións e organismos extraterrestriais					
<b>Total</b>	<b>197.292,1</b>	<b>100,0</b>	<b>30.140.787,3</b>	<b>100,0</b>	<b>0,7</b>

**Ano 2022**

Sector	Galicia		España		% Galicia/España
	Miles de euros	%	Miles de euros	%	
Agricultura, gandería, selvicultura e pesca	36.399,0	1,5	126.370,8	0,4	28,8
Industrias extractivas			4.197.061,2	13,5	
Industria manufacturera	25.000,0	1,1	8.272.591,1	26,6	0,3
Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	1.492,5	0,1	3.506.456,9	11,3	0,0
Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación			385.393,5	1,2	
Construción	1.342.126,8	57,0	2.621.651,2	8,4	51,2
Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	60.284,4	2,6	796.963,3	2,6	7,6
Transporte e almacenamento			1.366.947,2	4,4	
Hostalería	18.590,0	0,8	157.400,5	0,5	11,8
Información e comunicacións	4,1	0,0	1.331.701,9	4,3	0,0
Actividades financeiras e de seguros	727,7	0,0	6.125.873,0	19,7	0,0
Actividades inmobiliarias	856.650,4	36,4	1.068.475,0	3,4	80,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	13.451,7	0,6	822.134,2	2,6	1,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	3,0	0,0	87.689,0	0,3	0,0
Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria					
Educación			233.519,0	0,7	
Actividades sanitarias e de servizos sociais			42.510,1	0,1	
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento			11.047,7	0,0	
Outros servizos			1.574,9	0,0	
Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio					
Actividades de organizacións e organismos extraterrestriais					
<b>Total</b>	<b>2.354.729,5</b>	<b>100,0</b>	<b>31.155.360,2</b>	<b>100,0</b>	<b>7,6</b>

Datos provisionais.

Fonte: DataInVex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.



en poucos sectores, pero non tanto como a orixe. O IED bruto saínte de Galicia foi parar en máis da metade ao sector da construción (57,2%), a actividades inmobiliarias (28,7%) e ao comercio (10,5%).

En 2022, dáse un patrón similar de orixe e destino. A gran maioría do investimento ten por orixe o sector de actividades inmobiliarias (79,4%) e o sector de actividades financeiras e seguros (14,2%); e vai parar máis da metade ao sector da construción (57%) e a actividades inmobiliarias (36,4%). Sen dúbida, os xa comentados investimentos en edificacións realizados polo Grupo Pontegadea teñen moito que ver con estas cifras.

Como se observa no cadro 21, o comportamento en canto a sector de destino do investimento galego é moi diferente ao do conxunto nacional, onde os líderes son o sector da información e a tecnoloxía e o das subministracións de enerxía en 2021; e a industria manufactureira e as actividades financeiras e de seguros en 2022. Estas diferenzas fan que o peso de Galicia sobre o total de España naqueles sectores onde concentra o seu investimento sexa elevado. En 2021, a pesar do baixo investimento emitido, Galicia achegou o 17,4% do investimento dirixido á construción e o 8,9% das actividades inmobiliarias. E en 2022, cun elevado IED saínte desde Galicia, estas cifras dispáranse ata o 80,2% das actividades inmobiliarias e o 51,2% da construción. En 2022, Galicia tamén destaca a nivel nacional como investidor do sector primario, achegando o 28,8% dos fondos nacionais, aínda que estes só representan o 1,5% do investimento.

Desde un punto de vista xeográfico, pode observarse no cadro 22 que, en España, se manteñen como principais áreas receptoras a UE-27, o resto de Europa, América do Norte e Latinoamérica, cunha repartición máis igualada en 2021 e cunha concentración do peso na UE-27 en 2022; pero sendo sempre os países europeos os que copan máis da metade do destino do investimento. A nivel máis detallado (cadro 23), entre os países que, polo xeral, perciben maior investimento español están Reino Unido, Estados Unidos e Luxemburgo.

En Galicia a dinámica é ben distinta, tanto en evolución como en composición. No ano 2020 case todo o investimento dirixiuse a países da UE-27, en particular aos Países Baixos, e algo ao resto de Europa. Porén, en 2021 e 2022, o investimento dirixese en máis de tres cuartas partes a América do Norte, que antes da pandemia xa concentraba arredor do 30% do investimento emitido. Destaca o baixo nivel de IED enviado a Latinoamérica, destino tradicional do IED galego, que apenas supera o 4%. Considerando o destino do investimento por países (cadro 23), tanto en 2021 como en 2022, os líderes en recepción de

Cadro núm. 22

**Destino do investimento bruto galego e español no exterior**

Área de destino	Galicia		España		% Galicia/ España
	Miles de euros	%	Miles de euros	%	
<b>2020</b>					
UE-27	1.737.882	88,7	16.014.417	41,0	10,85
Resto de Europa	129.573	6,6	3.904.389	10,0	3,32
América do Norte	18.567	0,9	5.837.962	14,9	0,32
Latinoamérica	66.160	3,4	10.110.715	25,9	0,65
Resto de América	17	0,0	191.260	0,5	0,01
Asia e Oceanía	7.847	0,4	2.833.441	7,2	0,28
África	18	0,0	195.949	0,5	0,01
<b>Total</b>	<b>1.960.064</b>	<b>100,0</b>	<b>39.088.133</b>	<b>100,0</b>	<b>5,01</b>
<b>2021</b>					
UE-27	9.673	4,9	8.451.233	28,0	0,11
Resto de Europa	1.000	0,5	8.366.709	27,8	0,01
América do Norte	155.750	78,9	6.172.005	20,5	2,52
Latinoamérica	30.869	15,6	6.294.154	20,9	0,49
Resto de América	0	0,0	64.005	0,2	0,00
Asia e Oceanía	0	0,0	666.031	2,2	0,00
África	0	0,0	126.651	0,4	0,00
<b>Total</b>	<b>197.292</b>	<b>100,0</b>	<b>30.140.787</b>	<b>100,0</b>	<b>0,65</b>
<b>2022</b>					
UE-27	101.413	4,3	13.893.531	44,6	0,73
Resto de Europa	266.916	11,3	8.326.592	26,7	3,21
América do Norte	1.786.009	75,8	4.263.063	13,7	41,89
Latinoamérica	95.424	4,1	3.515.476	11,3	2,71
Resto de América	115	0,0	31.460	0,1	0,37
Asia e Oceanía	78.447	3,3	1.067.199	3,4	7,35
África	26.406	1,1	58.042	0,2	45,49
<b>Total</b>	<b>2.354.730</b>	<b>100,0</b>	<b>31.155.360</b>	<b>100,0</b>	<b>7,56</b>

Datos provisionais.

Fonte: DataInVex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Cadro núm. 23

**Destino do investimento bruto galego e español no exterior****Ano 2021**

Galicia			España		
País ou territorio	Miles de euros	%	País ou territorio	Miles de euros	%
Estados Unidos	100.527,6	50,95	Reino Unido	8.084.237,5	26,82
Canadá	55.221,9	27,99	Estados Unidos	5.963.463,6	19,79
Brasil	18.191,7	9,22	Luxemburgo	4.563.955,3	15,14
Chile	9.014,4	4,57	México	2.354.373,2	7,81
Polonia	4.501,4	2,28	Uruguai	852.820,2	2,83
Portugal	2.950,0	1,50	Brasil	809.586,6	2,69
Arxentina	1.825,2	0,93	Chile	783.536,2	2,60
Alemaña	1.000,0	0,51	Francia	736.168,6	2,44
Bélxica	1.000,0	0,51	Italia	678.830,8	2,25
Reino Unido	1.000,0	0,51	Portugal	669.399,9	2,22
Ecuador	851,4	0,43	Suecia	648.170,1	2,15
Panamá	821,6	0,42	Países Baixos	413.064,1	1,37
Francia	157,0	0,08	Colombia	367.878,4	1,22
México	145,1	0,07	Alemaña	358.667,4	1,19
Luxemburgo	65,0	0,03	Arxentina	296.684,0	0,98
Bolivia	18,4	0,01	Malasia	293.534,7	0,97
Paraguai	1,4	0,00	Resto países	2.266.416,8	4,91
<b>Total</b>	<b>197.292,1</b>	<b>100,00</b>	<b>Total</b>	<b>30.140.787,3</b>	<b>100,00</b>

**Ano 2022**

Galicia			España		
País ou territorio	Miles de euros	%	País ou territorio	Miles de euros	%
Estados Unidos	1.259.915,8	53,51	Reino Unido	8.269.838,1	26,54
Canadá	526.092,8	22,34	Luxemburgo	6.351.759,0	20,39
Reino Unido	266.915,8	11,34	Países Baixos	4.229.741,0	13,58
Malta	66.000,0	2,80	Estados Unidos	3.674.077,0	11,79
Brasil	54.921,1	2,33	Alemaña	1.457.018,1	4,68
Emiratos Árabes Unidos	52.891,6	2,25	Chile	861.798,0	2,77
Polonia	31.558,1	1,34	Brasil	740.325,5	2,38
Nicaragua	27.152,9	1,15	Colombia	708.562,8	2,27
Eixipto	25.000,0	1,06	Singapur	678.777,0	2,18
Nepal	22.692,6	0,96	Portugal	599.143,0	1,92
Perú	9.090,7	0,39	Canadá	588.985,6	1,89
Guatemala	3.347,7	0,14	Arxentina	400.783,2	1,29
India	2.863,2	0,12	Italia	357.444,9	1,15
Portugal	2.449,0	0,10	Francia	292.524,4	0,94
Suráfrica	1.404,4	0,06	México	280.030,1	0,90
Alemaña	1.000,0	0,04	Perú	163.786,2	0,53
Chile	654,0	0,03	Xeorxia	158.968,7	0,51
Arxentina	257,8	0,01	Polonia	147.283,6	0,47
Italia	195,0	0,01	Eslovaquia	117.482,4	0,38
Francia	160,5	0,01	Uruguai	90.394,0	0,29
Illas Malvinas	115,1	0,00	Bélxica	84.223,6	0,27
Países Baixos	50,0	0,00	Panamá	77.268,7	0,25
Angola	1,6	0,00	Resto do mundo	825.145,5	1,91
<b>Total</b>	<b>2.354.729,5</b>	<b>100,00</b>	<b>Total</b>	<b>31.155.360,2</b>	<b>100,00</b>

Datos provisionais.

Fonte: DataInVex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

investimento galego foron Estados Unidos e, a moita distancia, Canadá. A pesar da perda de peso de Latiñoamérica, dentro desa área, Brasil segue a ser o principal receptor e sitúase dentro dos cinco primeiros da clasificación. Ademais, en 2022, Reino Unido, un destino habitual do IED galego, recupera posicións.

Cadro núm. 24

**Destino do investimento estranxeiro bruto emitido por Galicia dende 2009 ata 2022**

País	Miles de euros	%
Estados Unidos	4.930.996	28,58
Reino Unido	2.465.438	14,29
Países Baixos	1.728.075	10,02
Brasil	1.246.012	7,22
Luxemburgo	960.570	5,57
Arxentina	933.142	5,41
Canadá	763.955	4,43
Austria	558.400	3,24
Francia	433.159	2,51
Resto países	3.233.219	18,74
<b>Total</b>	<b>17.252.966</b>	<b>100,00</b>

Datos provisionais.

Fonte: DataInVex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

En canto á análise do IED bruto saínte acumulado no período 2009-2022, como mostra o cadro 24, hai grandes similitudes coa análise por países dos últimos anos. Estados Unidos, Reino Unido e Brasil sitúanse na zona alta como grandes receptores, tanto nos últimos anos como no global do período. Tamén Luxemburgo e os Países Baixos teñen un peso moi importante no acumulado a pesar de que nos últimos anos fosen desprazados por outros destinos. Estes dous países teñen normalmente unha posición destacada pola súa condición de intermediarios nas triangulacións entre países que se fan co IED.



## VI. Construción


- En 2022 a produción de construción crece por vez primeira desde 2019, aínda que está lonxe de alcanzar os niveis prepandemia
- O mercado de traballo de construción evoluciona favorablemente en España e Galicia
- Os materiais de construción encarácese un 16,3% en 2022
- A oferta de vivenda mostra pouco dinamismo en 2022
- A demanda de vivenda en Galicia crece moderadamente en 2022, pero mostra signos recesivos a comezos de 2023
- A vivenda usada absorbe o 93% das compravendas de vivenda en Galicia
- O aumento do prezo da vivenda en 2022 mantívose por baixo da taxa de inflación
- O custo real da vivenda mantense en Galicia en 2022, sendo a vivenda ferrolá a máis accesible e a de Vigo a máis cara
- O forte aumento dos tipos hipotecarios en 2022 frea o recurso ao crédito nos primeiros meses de 2023
- A demanda pública de obras redúcese un 17% en Galicia debido ao baixón do gasto da Administración Central



## Introdución

Este informe estuda a evolución do sector construtor galego e español nos anos 2021 e 2022. Neste período o sector aínda se ve afectado polas consecuencias da pandemia, ás que hai que engadir as da guerra de Ucraína e o cadro inflacionista que dominou a nosa economía ao longo deste ano. Todo o anterior condicionou fortemente a evolución da construción española e é probable que continúe facéndoo nos próximos anos.

A raíz das medidas tomadas para o control da pandemia produciuse unha tremenda recesión do sector en 2020, cunha caída da produción superior ao 13%. No ano 2021 prolongábase a recesión e a construción española seguía caendo a un ritmo do 3% interanual. En 2022 advértense os primeiros signos de recuperación e o valor das obras construídas aumenta un 4% en España. Con todo, aínda quedan lonxe os niveis de actividade prepandémicos, cun PIB de construción un 12,4% inferior ao de 2019. En Galicia a tendencia do sector nestes anos é similar á do conxunto de España, aínda que a recuperación en 2022 é menos intensa, cun crecemento de apenas o 0,7% no seu PIB.




En Galicia a tendencia do sector nestes anos é similar á do conxunto de España, aínda que a recuperación en 2022 é menos intensa, cun crecemento de apenas o 0,7% no seu PIB.

A este contexto tan negativo en 2022 uníronse os efectos da situación bélica internacional e o crecemento da inflación, que moveu aos bancos centrais a aumentar as taxas de xuros para controlala. Como resultado, o EURIBOR, que se situou en valores negativos ata principios de ano, comezou a subir arrastrando os tipos hipotecarios. Isto encareceu considerablemente o custo financeiro da vivenda, sendo perceptible o seu efecto xa nos primeiros meses de 2023; neles reduciuse o crédito concedido para a compra, iniciando o que posiblemente será un período de tendencia baixista na demanda de vivenda.



## Indicadores de actividade

Os tres primeiros cadros e gráficos presentan diversos indicadores da evolución do sector para España e Galicia. Estes refírense á valoración global da actividade, que inclúe tanto o subsector da vivenda como a edificación e a obra civil.



En 2022 o valor da produción de construción española crece por vez primeira desde a pandemia. Neste ano o valor engadido bruto (VEB) de construción aumentou un 4% en termos reais no conxunto de España. Non obstante, o sector galego mostrou menor dinamismo, xa que o crecemento do seu VEB é sóamente do 0,7% real. En todo caso, mentres que o PIB español e galego case recobrou os niveis de prepandemia en 2022, a produción do sector non consegue recuperarse aínda, xa que tanto para Galicia como para España o VEB de construción representa o 12,4% menos que o contabilizado en 2019.

A contabilidade trimestral do INE mostra que en 2022 a construción recupera a súa posición dentro da formación bruta de capital fixo (FBCF) cun aumento do 2,7% en vivendas e dun 6,1% noutros equipamentos.

Estas cifras significan un cambio na tendencia negativa de anos anteriores. A pesar de que o sector mantén a súa participación na FBCF co 51,5% do total, a vivenda continúa perdendo peso lentamente no investimento español, representando un 27,2% da FBCF en 2022 (cifra que era do 27,5% en 2021 e do 29% en 2020).

Cadro núm. 1

Indicadores do sector da construción en España. Taxas de variación interanuais (en %)

	2020	2021	2022	2022			
				I trim.	II trim.	III trim.	IV trim.
VEB construción	-13,2	-3,0	4,0	0,4	5,3	5,7	4,5
FBCF. Construción. Vivendas	-11,4	-4,8	2,7	-2,3	3,2	5,5	4,8
FBCF. Construción. Outros	-8,7	-2,2	6,1	4,0	9,5	7,4	3,2
Produción das empresas	-13,5	2,5	4,2	6,6	7,2	3,5	0,5
Nova contratación	-22,7	16,1	9,7	17,5	14,8	18,2	-7,3
Ocupados	-2,6	3,8	2,3	4,3	1,0	2,7	1,2
Paro estimado	11,7	-14,1	-15,0	-25,1	-2,4	-27,5	0,6
Afiliación á Seguridade Social	-1,9	4,8	3,6	4,7	3,0	3,0	3,7
Paro rexistrado	7,2	1,1	-16,7	-20,4	-19,7	-13,9	-11,8
Consumo de cemento	-8,7	11,6	-0,5	3,7	1,9	-5,6	-1,5
Licitación oficial SEOPAN	-19,2	49,1	1,6	15,7	-3,3	-34,7	32,9
Índice de custos do sector	-1,3	9,1	12,8	13,5	17,7	11,8	8,5

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social, SEPE, EPA, INE e IGE.

Outros indicadores de actividade como a contratación das empresas e os seus novos traballos, recollidos no cadro 1, presentan valores positivos, continuado a súa recuperación despois das fortes caídas no ano 2020. En 2022 os custos de construción disparáronse, cun aumento medio de case o 13%. Este encarecemento debeuse aos materiais de construción, cuxo prezo se elevou un 16,3% na edificación residencial, mentres que os custos da man de obra crecían só un 2,6%. Este incremento dos custos finalmente trasladarase ao prezo, dificultando aínda máis o acceso á compra de vivenda.

Cadro núm. 2

Indicadores do sector da construción en Galicia. Taxas de variación interanuais (en %)

	2020	2021	2022	2022			
				I trim.	II trim.	III trim.	IV trim.
VEB construción	-11,6	-1,6	0,7	-0,8	1,5	1,1	1,0
Ocupación	7,2	-3,2	1,3	7,8	-5,6	5,6	-2,0
Paro estimado	24,1	-21,8	25,5	-19,3	65,1	61,8	12,9
Afiliación á Seguridade Social	-3,4	3,2	1,9	3,8	2,0	0,8	0,9
Paro rexistrado	-1,5	-8,9	-13,4	-20,2	-13,2	-9,8	-8,7
Licitación oficial SEOPAN	26,7	45,9	-16,9	-14,0	-10,4	-45,3	15,0

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social, SEPE, EPA, INE e IGE.

Consonte coa mellora percibida na maioría de indicadores, o índice de clima da construción<sup>1</sup> mostrado no gráfico 2 ofrece unha evolución positiva en todo 2022 e, malia que entra en números vermellos en xaneiro de 2023, nos tres meses seguintes recupérase, acadando saldos positivos. As mellores valoracións de abril de 2023 corresponden á construción de edificios (saldo de +17,7), mentres que os saldos da obra civil son negativos (-6,2). A mellora de expectativas baséase nas perspectivas optimistas sobre a xeración de emprego, mentres que o indicador da carteira de pedidos retrocede. Outra variable medida por esta enquisa é o período de traballo asegurado, que se fixa en abril de 2023 en 563 días, o que supón un aumento de case un mes respecto ao ano anterior.

En 2022 o mercado de traballo de construción mostrou unha evolución favorable. En España o emprego rexistrado pola EPA medra por segundo ano consecutivo, situándose en 1,321 millóns de ocupados, que supoñen un aumento do 2,3% interanual. Outras cifras do mercado laboral español, como as afiliacións á Seguridade Social ou o desemprego, son tamén favorables. A subida do 3,6% nas afiliacións á Seguridade Social sitúan a media española en 1,329 millóns en 2022, superando a cifra existente en 2019. O cadro complétase con caídas comprendidas entre o 15% e o 17% no paro rexistrado nas oficinas de emprego e o paro estimado pola enquisa de poboación activa (EPA). Así pois, parece que en 2022 a

<sup>1</sup> O indicador de clima é a media dos saldos de opinións empresariais referidos á tendencia do emprego e á carteira de pedidos do sector, recollidos na Enquisa de Conxuntura Industrial elaborada polo Ministerio de Industria. Por exemplo, un valor de -12 do saldo significa que a porcentaxe de opinións negativas supera en 12 puntos á de opinións positivas.

construción española deu pasos para recuperar a súa importancia dentro do mercado laboral español (cadros 1 e 3).

Cadro núm. 3

**O mercado de traballo na construción** (medias do período). Ano 2022

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
<b>Ocupación</b>						
Miles	33,6	7,9	8,8	23,4	73,6	1.321,0
TVI (%)	0,7	-7,3	6,1	3,7	1,3	2,3
<b>Paro estimado</b>						
Miles	2,2	0,4	0,3	2,4	5,2	112,0
TVI (%)	39,0	-20,8	-6,5	44,6	24,1	-15,0
<b>Paro rexistrado</b>						
Miles	4,5	1,0	1,2	3,7	10,4	233,9
TVI (%)	-14,9	-16,5	-11,0	-11,3	-13,4	-16,7
<b>Afiliación á Seguridade Social</b>						
Miles	35,8	9,1	8,3	25,9	79,1	1,3
TVI (%)	1,8	2,7	0,5	2,2	1,9	3,6

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social, SEPE, EPA e INE.

O mercado de traballo galego tamén experimentou unha evolución positiva en 2022, malia que, a diferenza do conxunto de Estado, no ano anterior se destruíra emprego de construción. En 2022 a EPA contabiliza unha media de 73.625 ocupados en labores de construción en Galicia, que representan un crecemento do 1,3% interanual. A provincia con maior ocupación é a da Coruña con 33.500 traballadores, seguida por Pontevedra (23.400), Ourense (8.700) e Lugo (7.900), medrando en todas elas excepto en Lugo. As afiliacións á Seguridade Social, con todo, soben nas catro provincias, sumando un total de 79.100 afiliados en todo 2022 (aumento do 19%). Curiosamente, as cifras de paro estimado pola EPA e de paro rexistrado nas oficinas públicas de emprego en Galicia diverxen completamente no ano 2022. Mentres que o desemprego estimado crece un 25%, situándose en 5.200 persoas, o paro rexistrado redúcese un 13,4% ata os 10.400 desocupados. Ademais, as tendencias do paro non son homoxéneas entre as catro provincias. O paro estimado aumenta fortemente na Coruña e Pontevedra, reducíndose en Lugo e Ourense, mentres que o rexistrado diminúe en todas as provincias galegas. A pesar de que as dúas medicións difiren pola disparidade na súa orixe, execución e metodoloxía, sorprende a forte diverxencia que mostran para Galicia no último ano (véxanse cadros 2 e 3 e gráfico 3).

## Vivenda

Para estudar o mercado da vivenda usaremos como indicadores de oferta os certificados de comezo de obra e os visados de fin de obra dos arquitectos técnicos. Como indicadores da demanda empréganse as compravendas formalizadas en notaría e as anotacións realizadas nos rexistros da propiedade, ademais das hipotecas constituídas. Nos cadros 4 a 9 e nos gráficos 4 a 8 preséntanse estes valores para España e Galicia e, ademais, aínda que con máis limitacións nos datos dispoñibles, móstrase a evolución dos mercados nas sete maiores cidades galegas, en cuxas áreas urbanas reside cerca da metade da poboación de Galicia.

Cadro núm. 4



**A vivenda en España. Principais indicadores de oferta**

	2020	2021	2022	TVI (%)		
				2020	2021	2022
Visados de dirección de obra. Vivenda nova	85.535	108.318	108.895	-19,5	26,6	0,5
Visados de dirección de obra. Obras de ampliación e reforma	28.229	30.457	26.884	-9,3	7,9	-11,7
Certificados de fin de obra	85.945	91.390	88.846	9,1	6,3	-2,8
VPO obra nova. Vivendas iniciadas	11.569	13.171	10.510	-7,4	13,8	-20,2
VPO obra nova. Vivendas rematadas	9.038	9.567	9.221	36,6	5,9	-3,6
VPO Rehabilitacións aprobadas	45.255	46.191	62.556	-25,6	2,1	35,4

VPO: Vivenda de protección oficial.

Fonte: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

Ata o ano 2019 a construción de novas vivendas mostraba un forte impulso no conxunto de España, visible tanto nos comezos de obra como na finalización de novas vivendas. En 2020 a iniciación de vivendas cae, con pouco máis de 85.000 iniciadas, o que supón un descenso do 19,5%. En 2021 parte dos inicios de obra atrasados pola COVID-19 retómanse e a cifra aumenta ata as 108.318 vivendas, que representan



vincias nos últimos cinco anos. A provincia que presenta unha dinámica máis negativa en 2022 é a de Pontevedra, que é a única na que descendieron as vivendas iniciadas e terminadas nese ano. No gráfico 7 recóllese, a través das licenzas de obra outorgadas polos municipios implicados, a evolución da oferta nas sete áreas urbanas galegas<sup>2</sup> entre 2018 e 2021, non estando dispoñibles no momento da redacción os datos de 2022. Concordando coa súa poboación, as áreas de Vigo e A Coruña son as que presentan o maior número de licenzas. No ano 2021, produto sen dúbida da pandemia, as cidades sofren un baixón na súa actividade, só coa excepción de Ferrol e Ourense. A área de Vigo, con case 700 licenzas en vivenda nova e rehabilitación, é a zona con maior actividade en 2021, seguida da Coruña con 547 licenzas concedidas, e da de Santiago con 251; pola súa vez, Lugo é a cidade con menor dinamismo en 2021, con só 13 licenzas aprobadas en todo o ano.

Cadro núm. 5

**A vivenda en Galicia. Principais indicadores de oferta**

	2020	2021	2022	TVI (%)		
				2020	2021	2022
Visados de dirección de obra. Vivenda nova	3.453	3.145	3.314	-1,3	-8,9	5,4
Visados de dirección de obra. Obras de ampliación e reforma	1.398	1.131	1.196	-3,2	-19,1	5,7
Certificados de fin de obra	2.726	2.440	2.000	60,4	-10,5	-18,0
VPO obra nova. Vivendas iniciadas	326	199	263	401,5	-39,0	32,2
VPO obra nova. Vivendas rematadas	313	155	103	7.725,0	-50,5	-33,5
VPO Rehabilitacións aprobadas	9.872	3.272	2.058	144,7	-66,9	-37,1

VPO: Vivenda de protección oficial.

Fonte: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

un incremento do 26,6%; mais este impulso fréase en 2022, a oferta deixa de medrar e mantense a cifra do ano precedente. Pola súa banda, as vivendas terminadas, que subiran de maneira ininterrompida desde 2017, entran en números vermello en 2022. Neste ano rexístranse pouco menos de 90.000 certificacións de fin de obra, que supoñen un descenso interanual do 2,8%. Así, pois, no conxunto de España en 2022 a oferta de vivenda aínda non foi capaz de superar por completo as dificultades xurdidas a raíz da pandemia.

Entre 2018 e 2020 o inicio de novas vivendas en Galicia mantívose arredor das 3.500 anuais. No ano 2021 esta cifra redúcese ata 3.145, o que supón unha caída interanual do 8,9%; pero en 2022 as iniciacións de obra recupéranse, alcanzando as 3.314, cun incremento do 5,4%. Con todo, as vivendas finalizadas que se poñen á venda no mercado galego sofren un forte baixón no mesmo período, caendo un 18%. Deste xeito, a pesar de que os comezos de obra aumentan, o forte descenso nas finalizacións de obra tamén cuestiona a dinámica da oferta de vivenda en Galicia.

No cadro 6 preséntanse os datos da oferta de vivenda desagregados para as catro pro-

<sup>2</sup> Os municipios integrantes de cada unha das sete áreas urbanas son os seguintes. **A Coruña:** A Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo e Oleiros. **Ferrol:** Ferrol, Narón e Fene. **Santiago:** Santiago de Compostela, Ames, Oroso e Teo. **Lugo:** Lugo. **Ourense:** Ourense e Barbadás. **Pontevedra:** Pontevedra, Marín e Poio. **Vigo:** Vigo, Gondomar, Mos, Nigrán, Pontecareas, Porriño e Redondela.

Cadro núm. 6  
Indicadores de oferta. Vivendas iniciadas e rematadas

	2018	2019	2020	2021	2022
<b>Vivendas iniciadas (obra nova)</b>					
A Coruña	1.451	1.828	1.210	1.122	1.266
Lugo	565	389	455	303	326
Ourense	250	160	461	205	305
Pontevedra	1.210	1.120	1.327	1.515	1.417
<b>Galicia</b>	<b>3.476</b>	<b>3.497</b>	<b>3.453</b>	<b>3.145</b>	<b>3.314</b>
<b>España</b>	<b>100.733</b>	<b>106.266</b>	<b>85.535</b>	<b>108.318</b>	<b>108.895</b>
<b>Vivendas rematadas</b>					
A Coruña	455	669	916	858	967
Lugo	311	438	583	595	413
Ourense	336	183	283	239	285
Pontevedra	247	410	944	748	335
<b>Galicia</b>	<b>1.349</b>	<b>1.700</b>	<b>2.726</b>	<b>2.440</b>	<b>2.000</b>
<b>España</b>	<b>64.354</b>	<b>78.789</b>	<b>85.945</b>	<b>91.390</b>	<b>88.846</b>

Fonte: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

Cadro núm. 7  
Indicadores de demanda de vivenda

	Número de transaccións			TVI (%)		
	2020	2021	2022	2020	2021	2022
<b>Galicia</b>						
<b>Notarías</b>	<b>19.456</b>	<b>25.208</b>	<b>26.028</b>	<b>-4,9</b>	<b>29,6</b>	<b>3,3</b>
A Coruña	8.557	10.840	11.491	-4,9	26,7	6,0
Lugo	2.718	3.807	3.618	-5,2	40,1	-5,0
Ourense	2.042	2.453	2.783	0,1	20,1	13,5
Pontevedra	6.139	8.108	8.136	-6,3	32,1	0,3
<b>Rexistros</b>	<b>15.215</b>	<b>19.815</b>	<b>21.527</b>	<b>-11,1</b>	<b>30,2</b>	<b>8,6</b>
A Coruña	7.018	9.320	10.313	-12,9	32,8	10,7
Lugo	1.627	2.420	2.375	-11,7	48,7	-1,9
Ourense	1.493	1.658	1.875	-10,9	11,1	13,1
Pontevedra	5.077	6.417	6.964	-8,2	26,4	8,5
<b>España</b>						
Notarías	487.354	674.249	717.558	-14,5	38,3	6,4
Rexistros	420.238	566.485	649.494	-16,9	34,8	14,7

Fonte: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana. *Estadística de Transmisiones de Derechos de la Propiedad*. INE.

Cadro núm. 8  
Transaccións de vivenda en notarías. Ano 2022

	Núm. de transaccións		TVI (%)	
	Nova	Usada	Nova	Usada
A Coruña	653	10.838	-33,3	9,9
Lugo	290	3.328	-39,5	0,0
Ourense	232	2.551	32,6	12,0
Pontevedra	763	7.373	-9,2	1,4
<b>Galicia</b>	<b>1.938</b>	<b>24.090</b>	<b>-21,6</b>	<b>6,0</b>
<b>España</b>	<b>67.725</b>	<b>649.833</b>	<b>-5,7</b>	<b>7,9</b>

Vivendas rexistradas. Ano 2022

	Núm. de transmisións		TVI (%)	
	Nova	Usada	Nova	Usada
A Coruña	2.160	8.153	-6,9	16,5
Lugo	536	1.839	-16,1	3,3
Ourense	382	1.493	8,2	14,4
Pontevedra	1.569	5.395	3,0	10,2
<b>Galicia</b>	<b>4.647</b>	<b>16.880</b>	<b>-3,9</b>	<b>12,7</b>
<b>España</b>	<b>117.035</b>	<b>532.459</b>	<b>2,6</b>	<b>17,7</b>

Fonte: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana. *Estadística de Transmisiones de Derechos de la Propiedad*. INE.

Calculamos a demanda efectiva no mercado da vivenda a través das compravendas realizadas en notarías, das transaccións rexistradas nos rexistros da propiedade e das series de hipotecas constituídas<sup>3</sup>. As

Os cadros 4 e 5 presentan a evolución da vivenda de protección oficial (VPO) nos últimos tres anos contabilizando as VPO de obra nova e as rehabilitacións acollidas a protección. As cifras expostas proveñen do Plan estatal de vivenda 2018-2021, que xa foi comentado en pasados *Informes*. As actuacións protexidas en Galicia articuláronse a través do Plan RehaVita (Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda) vivente entre 2015 e 2020. No ano 2022 xorden novos plans de vivenda. En xuño de 2022 promúlgase o Plan estatal para o acceso á vivenda 2022-2025, cuxos obxectivos se centran case en exclusiva na figura da vivenda en alugueiro. O seu principal propósito é facilitar o acceso á vivenda aos cidadáns de menores recursos e máis vulnerables mediante axudas ao alugueiro e fomentar a oferta de vivenda arrendada. Pola súa banda, a Xunta de Galicia, ademais do desenvolvemento do plan estatal, ten como eixes de axudas públicas á vivenda o Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025, que se centra no acceso á vivenda, a rehabilitación e a creación de chan residencial e o Plan de recuperación, transformación e resiliencia, cuxos principais obxectivos son rehabilitación en contornas residenciais e construción de vivendas de alugueiro social e edificios eficientes.

Como xa se dixo, as cifras do cadro 4 débense atribuír aos anteriores plans de vivenda, cuxa incidencia irá diminuindo a medida que as vivendas comprometidas se vaian finalizando. O citado cadro mostra que para España a figura de protección máis relevante en 2022 foi a da rehabilitación, con 62.500 rehabilitacións aprobadas (aumento do 35%). A VPO de obra nova cae un 3,6% e presenta un peso relativamente baixo na oferta total española. Respecto a Galicia, no cadro 5 pódese apreciar que a presenza da tradicional vivenda protexida para a adquisición se reduce á exigua cifra de 103 VPO finalizadas en 2022. A única figura de protección de certa relevancia en Galicia é a da rehabilitación, con pouco máis de 2.000 actuacións aprobadas, que, doutra banda, supoñen un forte descenso (-37%) respecto ás 3.272 do ano anterior.




<sup>3</sup> O Consello Xeral do Notariado estima o número de transaccións levadas a cabo en notarías e estes cálculos son publicados polo Ministerio de Fomento. O Colexio de Rexistradores de España compila as transaccións rexistradas nos rexistros da propiedade na Estadística Rexistral Inmobiliaria e estas cifras tamén se recollen nas series de compravenda de vivendas publicadas polo INE desde o ano 2007. O INE publica a estadística de hipotecas que recolle as hipotecas constituídas sobre bens inmobles; estes datos son fornecidos polo Servizo de Sistemas de Información do Colexio Oficial de Rexistradores da Propiedade e Mercantís de España.



Cadro núm. 9  
Hipotecas constituídas sobre vivendas

	Núm. de hipotecas			TVI (%)		
	2020	2021	2022	2020	2021	2022
A Coruña	5.172	6.464	7.467	-6,5	23,8	10,9
Lugo	1.046	1.420	1.401	-4,2	25,0	15,5
Ourense	1.081	1.058	1.151	-0,5	35,8	-1,3
Pontevedra	4.234	5.505	5.682	20,8	-2,1	8,8
<b>Galicia</b>	<b>11.533</b>	<b>14.447</b>	<b>15.701</b>	<b>1,6</b>	<b>25,3</b>	<b>8,7</b>
<b>España</b>	<b>337.752</b>	<b>418.058</b>	<b>463.614</b>	<b>-6,5</b>	<b>23,8</b>	<b>10,9</b>

Fonte: INE.




cen unha evolución positiva das compras galegas nos dous últimos anos. Así pois, a demanda evolucionou positivamente en Galicia; pero o crecemento da mesma non alcanzou a media española: tres puntos por baixo segundo notaría e seis puntos segundo os rexistros da propiedade. Esta diferenza redúcese se tomamos as hipotecas como indicador de demanda. As hipotecas constituídas sobre vivendas aumentan con maior forza en Galicia (25,3%) que en España (23,8%) en 2021 e en 2022 medran só un pouco por baixo da media española (8,7% fronte a 10,9% en España). A tendencia é positiva en todas as provincias

series rexistras refírense ás mesmas operacións recollidas polas notaría, pero cun atraso temporal variable entre as dúas entradas. Este desaxuste parece ampliarse en 2022, sendo quizais produto das distorsións provocadas pola pandemia. Estas variables cobren as operacións levadas a cabo en España e Galicia ata o ano 2022 e móstranse nos cadros 7, 8, 9 e 10 e nos gráficos 6 e 7.

Segundo as cifras que aparecen no cadro 7, a evolución da demanda efectiva de vivenda en España en 2021 e 2022 foi positiva despois da caída que provocou a COVID-19 en 2020. As transaccións en notaría reflicten un aumento das compras do 38,3% en 2021, mentres que, segundo os rexistros da propiedade, o aumento sería só un pouco inferior (34,8%). Ambas as fontes coinciden tamén en que a demanda de vivenda continuou aumentando en 2022, malia que difiren na contía (un 6,4% segundo notaría e un 14,7%, segundo rexistros da propiedade). O mercado segue dominado de maneira abafante pola vivenda usada, xa que das 717.558 vivendas escrituradas en notaría en 2022 só 67.725 eran novas; o cal supón que o 90,6% das transaccións se fan sobre vivendas usadas. Outro indicador de demanda son as hipotecas constituídas sobre vivendas, que se recollen no cadro 9. Confirmando as tendencias vistas anteriormente, o número de hipotecas subiu un 23% en 2021 e un 10,9% en 2022, ano en que se asinan 463.614 hipotecas en toda España. A comezos de 2023 parece que o crecemento parou e en febreiro prodúcese unha pequena diminución en termos interanuais, que probablemente inicie un período de caída no crédito hipotecario freado polo forte encarecemento do financiamento.

Os gráficos 6 e 7 e os cadros 7, 8 e 9 ofrecen os indicadores de demanda de vivenda para Galicia nos últimos anos. No gráfico 6 obsérvase a tendencia das compras en notaría galegas nos últimos sete anos. Coa excepción de 2020, obsérvase unha tendencia crecente desde 2016 ata 2022, ano en que as notaría certifican a compra dun total de 26.028 vivendas, das cales 1.938 son novas e as 24.090 restantes usadas. Isto supón que máis do 93% das vivendas compradas en Galicia son de segunda man, que é unha proporción aínda superior á media española. Os datos dos rexistros da propiedade tamén ofrecen





excepto en Ourense, onde as hipotecas diminúen un 1,3% en 2022. Con todo, nos dous primeiros meses de 2023 as hipotecas constituídas en Galicia experimentaron un importante retroceso, maior que o observado para o conxunto de España. En efecto, en Galicia en xaneiro de 2023 o número de hipotecas diminuíu un 8,6% interanual e un 17,2% en febreiro. Parece que a subida dos tipos hipotecarios se fixo notar antes e con máis forza no mercado galego que no español.

No gráfico 7 preséntanse as transaccións notariais localizadas nas zonas urbanas galegas tal como foron definidas na previa nota ao pé. En 2020 todas as cidades galegas viron

contraer as súas vendas; en 2021 as transaccións urbanas creceron a un ritmo interanual do 24% e en 2022 o aumento redúcese ata o 5,2%. En 2022 nas sete áreas urbanas producíronse 13.755 compravendas, que representan o 52,8% do total galego, con A Coruña e Vigo absorbendo o 53,2% das compras. A área de maior expansión relativa no último ano é a de Ferrol cun 22,6% de aumento, seguida pola de Ourense (17,9%) e Santiago de Compostela (10,3%), mentres que Vigo é o único mercado no que as vendas se contraen en 2022 cunha caída do 2% respecto ao ano anterior. Nos mercados inmobiliarios urbanos tamén se observa o predominio da vivenda de segunda man, que representa o 90,7% das transaccións, sendo o dominio da usada case absoluto no mercado de Ferrol co 96% das transaccións.


A interacción da oferta e a demanda de vivenda en Galicia ao longo dos anos móstrase no gráfico 8, no que se recolle a evolución do stock aparente de vivendas. O stock obtense como a diferenza entre as compras de vivenda nova, ofrecidas pola estatística notarial, e as vivendas terminadas medidas polos certificados de fin de obra dos arquitectos técnicos, das cales se deduce a proporción non escriturada da autopromoción<sup>4</sup> e do réxime de cooperativa. En 2022 o stock de vivenda nova non vendida desapareceu practicamente e só quedan restos de vivendas non completamente terminadas ou deslocalizadas que non teñen saída comercial. O mercado inmobiliario galego eliminou o desequilibrio que supoñía a existencia daquelas vivendas non vendidas e parece preparado para absorber as novas construcións. Non obstante, iso dependerá de que exista unha demanda solvente, que periga polo encarecemento do prezo debido á inflación existente nos materiais e ao incremento do custo de financiamento derivado do forte aumento dos tipos hipotecarios.

Os datos do Banco de España poñen de manifesto que o crédito aos fogares para adquisición de vivendas subiu a unha taxa media mensual do 0,7% ao longo de 2022. Con todo, a finais de ano obsérvase un cambio de tendencia e en decembro o crédito hipotecario comeza a baixar a unha taxa interanual do 0,58%. Nos meses seguintes a caída acentúase ata chegar a descender a un ritmo interanual do 1,8% en marzo de 2023. Esta tendencia vén confirmar a observada nas hipotecas a comezos de ano. Por outra banda, segundo a mesma fonte, a débeda hipotecaria continúa caendo en relación co PIB español e en decembro de 2022 representaba o 38,9% do PIB, 3,8 puntos menos que un ano antes. Esta forte redución explícase en parte polo aumento das amortizacións anticipadas dos créditos hipotecarios, ante o encarecemento das cotas dos préstamos a tipo variable que se produce na segunda metade do ano. Doutra banda, a pesar do aumento de tipos, a morosidade descendeu en 2022, situándose a porcentaxe dos créditos de dubidosa cobranza no 2,37% en decembro, sendo o 3,06% un ano antes.

No gráfico 9 móstranse as variables que inciden no custo financeiro da vivenda. Ata os primeiros meses de 2022 existían unhas óptimas condicións para o endebedamento e a compra de vivenda por medio do crédito hipotecario. Debido á repunta da inflación, exacerbada polo comezo da guerra de Ucraína, os bancos centrais aumentaron as súas taxas de redesconto. En concreto, o EURIBOR a un ano, que se mantivo en valores negativos ata marzo de 2022, empeza a súa rápida escalada ata situarse no 3,01% en

<sup>4</sup> O tratamento da autopromoción pode levar a resultados moi diferentes en canto á avaliación do stock de vivenda. Dado que non é posible coñecer con exactitude en que medida os propietarios das vivendas de autopromoción escrituran ou non a compravenda. A estimación das existencias de vivenda móvese dentro dunha ampla franxa. Dentro desta marxe de variación o Ministerio Transportes opta polo límite inferior. Os nosos cálculos sitúanse no centro desa banda, propoñendo que só o 50% das vivendas autopromocionadas non pasan por notaría e dedúcense, por tanto, do total anual de vivendas terminadas.

decembro, e alcanzando o 3,534% en febreiro de 2023. Esta suba arrastrou os tipos hipotecarios, facendo que, segundo datos da Asociación Hipotecaria Española, o tipo medio variable dos créditos hipotecarios se sitúe no 3,6% en febreiro de 2023, cando 12 meses antes era do 1,48%. Isto produciu un forte e rápido encarecemento das hipotecas contratadas a tipo variable. Como se mostra no gráfico 9, por cada 100.000 euros de crédito solicitado mediante unha hipoteca a 25 anos, a cota mensual pasou de 399 a 505 euros; un incremento do 26%, que supón un aumento anual das cotas de 1.250 euros. Se tomamos como referencia o valor medio das transmisións (cadro 10) en España e Galicia, a subida dos tipos para un comprador galego cunha hipoteca de 125.000 euros a 25 anos significa 1.600 euros máis na cota anual. En España, onde o custo medio da vivenda é de 182.000 euros, o hipotecado sufrirá un incremento anual de case 2.400 euros nas cotas do préstamo. Esta situación, que non parece transitoria, supón un duro golpe á accesibilidade á vivenda e un obstáculo para o crecemento da demanda e o desenvolvemento do mercado inmobiliario nos vindeiros anos.



Cadro núm. 10  
**Valor medio declarado das transmisións inmobiliarias de vivenda libre**

	Euros			TVI (%)	
	2020	2021	2022	2021	2022
A Coruña	126.233	125.916	129.409	-0,3	2,8
Lugo	94.044	91.781	91.740	-2,4	0,0
Ourense	91.945	91.104	92.015	-0,9	1,0
Pontevedra	135.006	141.950	146.746	5,1	3,4
<b>Galicia</b>	<b>121.003</b>	<b>122.573</b>	<b>125.656</b>	<b>1,3</b>	<b>2,5</b>
<b>España</b>	<b>165.778</b>	<b>176.149</b>	<b>182.487</b>	<b>6,3</b>	<b>3,6</b>

Fonte: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

Cadro núm. 11  
**Prezo medio da vivenda libre**

	Euros/m <sup>2</sup>		TVI (%)	
	Galicia	España	Galicia	España
<b>2021</b>	<b>1213,4</b>	<b>1657,6</b>	<b>1,30</b>	<b>2,12</b>
<b>2022</b>	<b>1256,725</b>	<b>1740,975</b>	<b>3,57</b>	<b>5,03</b>
I trim.	1.236,7	1.734,0	2,19	6,68
II trim.	1.265,7	1.740,7	4,92	5,55
III trim.	1.267,7	1.740,0	4,55	4,72
IV trim.	1.256,8	1.749,2	2,64	3,25

Fonte: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

Cadro núm. 12  
**Prezo medio da vivenda libre. Detalle por provincias**

	Euros/m <sup>2</sup>			TVI (%)	
	2020	2021	2022	2021	2022
A Coruña	1.244,3	1.265,0	1.298,4	1,7	2,6
Lugo	850,6	875,7	895,3	2,9	2,2
Ourense	923,8	896,8	928,1	-2,9	3,5
Pontevedra	1.262,3	1.284,7	1.351,1	1,8	5,2

Fonte: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

No gráfico 10 e os cadros 10, 11, 12 e 13 móstranse distintas estimacións do prezo da vivenda en España e Galicia nos últimos anos. En 2022, a pesar de que a vivenda española subiu o seu prezo, este aumento mantívose por baixo da taxa de inflación, polo que, en termos reais, non se encareceu. En Galicia os prezos mostráronse lixeiramente máis contidos que os da media estatal segundo distintas estimacións, como veremos a continuación.

No cadro 10 aparece unha aproximación inicial ao custo da vivenda a través dos valores declarados das vivendas nas transmisións notariais. Estas cifras non se deben tomar directamente para facer unha análise rigorosa, xa que se trata de vivendas heteroxéneas e desta cifra non se pode extraer directamente o prezo por metro cadrado. Os valores declarados ofrecen unha primeira impresión que adoita ser corroborada por estatísticas máis precisas. Segundo esta fonte, o valor medio declarado nas transmisións galegas de 2022 é de 125.656 euros, que supón un aumento do 2,5% respecto ao ano anterior. En España o valor declarado é de 182.487 euros, que implica un aumento do 3,6% e unha vivenda un 45% máis cara que a galega. As transaccións en notaría de 2022 revelan que os compradores pontevedreses son os galegos que máis pagan polas súas vivendas, 146.745 euros, mentres que as máis accesibles son as residencias lucenses, cun valor declarado de 91.740 euros.

Nos cadros 11 e 12 móstranse as estimacións do Ministerio de Transportes sobre o valor taxado da vivenda libre que calcula o prezo do metro cadrado para España e diversos ámbitos territoriais a través de sociedades de taxación. O cadro 13 reflicte unha estimación alternativa: o índice de prezos da vivenda (IPV), elaborado polo INE baseándose no importe declarado das transaccións notariais. Este ob-

tense depurando e ponderando esta información polas características da vivenda, o que permite obter prezos do metro cadrado independentes do tipo de vivenda.

Cadro núm. 13  
Índice de prezos da vivenda. Taxas de variación interanuais (%)

	2021	2022	2022			
			I trim.	II trim.	III trim.	VI trim.
<b>Galicia</b>						
Xeral	4,6	6,6	8,3	7,7	6,1	4,5
Vivenda nova	3,3	7,6	9,2	8,3	6,0	7,0
Vivenda usada	4,8	6,4	8,1	7,6	6,1	4,0
<b>España</b>						
Xeral	3,7	7,4	8,5	8,0	7,6	5,5
Vivenda nova	4,6	7,9	10,1	8,8	6,8	6,2
Vivenda usada	3,6	7,3	8,2	7,9	7,8	5,3

Fonte: INE.

ocorría coa fonte anterior, a subida do custo vaise moderando ao longo do ano, finalizando cun 5,5% de incremento no último trimestre. Hai que sinalar que o incremento do prezo da vivenda seguiu a tendencia inflacionista xeral da economía e se mantivo por baixo da subida do IPC, que foi do 8,4% en España en 2022.

No que respecta a Galicia, o Ministerio de Transportes propón un valor taxado medio de 1.257 euros/m<sup>2</sup> para a vivenda galega en 2022, o que supón un aumento do 3,6% respecto ao ano anterior. Como se pode apreciar no cadro 11, a evolución ao longo do ano é de moderado crecemento no primeiro trimestre, pasando a taxas próximas ao 5% nos dous seguintes e freando ata o 2,6% nos últimos tres meses do ano. En todo caso, os prezos da vivenda galega trimestre a trimestre mostran maior moderación que as medias estatais. No cadro 12 obsérvase que Pontevedra presenta a vivenda máis cara en 2022 con 1.351 euros/m<sup>2</sup>, mentres que a de Lugo, con 895 euros/m<sup>2</sup>, é a máis barata das catro provincias. En canto ao aumento do custo do metro cadrado, Pontevedra de novo destácase en 2022, cunha taxa do 5,2%, seguida de Ourense (3,5%), A Coruña (2,6%) e Lugo (2,2%). O índice de prezos mostrado no cadro 13 presenta un panorama lixeiramente máis inflacionista para a vivenda galega. Segundo o IPV, en 2022 as residencias encarecéronse un 6,6% en Galicia, sendo a vivenda nova máis inflacionista (7,6%) que a usada (6,4%). En todo caso, do mesmo xeito que ocorría para o conxunto de España, o aumento do custo da vivenda mantívose por baixo do crecemento xeral de prezos, que para Galicia foi do 9% en 2022, segundo a estimación do INE.

O gráfico 10 presenta as estimacións do valor taxado da vivenda libre publicadas polo Ministerio de Transportes para Galicia e as súas sete grandes cidades en 2021 e 2022. A cidade coa vivenda máis cara é A Coruña con 1.862 euros/m<sup>2</sup> en 2022, seguida de Santiago de Compostela (1.720 euros/m<sup>2</sup>) e Vigo (1.656 euros/m<sup>2</sup>), sendo a de Ferrol a máis barata (771 euros/m<sup>2</sup>). Vigo e Pontevedra son as cidades de vivenda máis inflacionista no último ano, no que o metro cadrado aumentou un 8,1% en Pontevedra e un 5,1% en Vigo; o resto de capitais mostran un encarecemento máis moderado, sendo a ferrolá a única vivenda cuxo prezo descende en 2022 (-2,4%). Ao longo do ano obsérvase unha progresiva redución do crecemento de prezos en todas as áreas urbanas, terminando en taxas negativas no cuarto trimestre as zonas de Ferrol, Santiago de Compostela e Lugo, e só as de Vigo e A Coruña presentan aumentos superiores ao 4% no citado trimestre. Así pois, parece que tamén a vivenda urbana anuncia moderación na subida de prezos para o ano 2023.

Continuando a análise anterior baseada nos datos do gráfico 9, no cadro 14 e no gráfico 11 preséntanse medidas de accesibilidade á vivenda para España, Galicia e as sete áreas urbanas galegas. No cadro 14

Cadro núm. 14  
Accesibilidade á vivenda (referida á compra dunha vivenda de 100 m<sup>2</sup>)

Ano	Anos de salario necesarios para a compra dunha vivenda		Proporción da renda familiar que representa o pago das cotas dun crédito de 25 anos (%)			
	Galicia	España	Un salario		Salario ponderado	
			Galicia	España	Galicia	España
2018	5,8	6,9	23,6	28,0	18,2	23,4
2019	5,7	7,0	23,1	28,4	17,7	23,7
2020	5,7	7,1	22,8	28,2	19,0	25,6
2021	5,5	6,8	21,4	26,4	17,9	24,0
2022	5,5	6,8	22,8	28,2	19,0	25,6

Fonte: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, Índice de Custos Laborais (INE) e elaboración propia.

Segundo o Ministerio de Transportes, en 2022 o prezo medio da vivenda española foi de 1.741 euros/m<sup>2</sup>, o que significa un aumento do 5% respecto ao ano previo. É de destacar que o encarecemento se vai moderando nos sucesivos trimestres de 2022, empezando cunha inflación do 6,6% no primeiro e terminando cun 3,25% no cuarto. O índice de prezos da vivenda no cadro 13 dá unha visión lixeiramente máis inflacionista da vivenda española, cun aumento do custo do 7,4% (7,9% a nova e 7,3% a usada), e, do mesmo xeito que


ocorría coa fonte anterior, a subida do custo vaise moderando ao longo do ano, finalizando cun 5,5% de incremento no último trimestre. Hai que sinalar que o incremento do prezo da vivenda seguiu a tendencia inflacionista xeral da economía e se mantivo por baixo da subida do IPC, que foi do 8,4% en España en 2022.

No que respecta a Galicia, o Ministerio de Transportes propón un valor taxado medio de 1.257 euros/m<sup>2</sup> para a vivenda galega en 2022, o que supón un aumento do 3,6% respecto ao ano anterior. Como se pode apreciar no cadro 11, a evolución ao longo do ano é de moderado crecemento no primeiro trimestre, pasando a taxas próximas ao 5% nos dous seguintes e freando ata o 2,6% nos últimos tres meses do ano. En todo caso, os prezos da vivenda galega trimestre a trimestre mostran maior moderación que as medias estatais. No cadro 12 obsérvase que Pontevedra presenta a vivenda máis cara en 2022 con 1.351 euros/m<sup>2</sup>, mentres que a de Lugo, con 895 euros/m<sup>2</sup>, é a máis barata das catro provincias. En canto ao aumento do custo do metro cadrado, Pontevedra de novo destácase en 2022, cunha taxa do 5,2%, seguida de Ourense (3,5%), A Coruña (2,6%) e Lugo (2,2%). O índice de prezos mostrado no cadro 13 presenta un panorama lixeiramente máis inflacionista para a vivenda galega. Segundo o IPV, en 2022 as residencias encarecéronse un 6,6% en Galicia, sendo a vivenda nova máis inflacionista (7,6%) que a usada (6,4%). En todo caso, do mesmo xeito que ocorría para o conxunto de España, o aumento do custo da vivenda mantívose por baixo do crecemento xeral de prezos, que para Galicia foi do 9% en 2022, segundo a estimación do INE.

O gráfico 10 presenta as estimacións do valor taxado da vivenda libre publicadas polo Ministerio de Transportes para Galicia e as súas sete grandes cidades en 2021 e 2022. A cidade coa vivenda máis cara é A Coruña con 1.862 euros/m<sup>2</sup> en 2022, seguida de Santiago de Compostela (1.720 euros/m<sup>2</sup>) e Vigo (1.656 euros/m<sup>2</sup>), sendo a de Ferrol a máis barata (771 euros/m<sup>2</sup>). Vigo e Pontevedra son as cidades de vivenda máis inflacionista no último ano, no que o metro cadrado aumentou un 8,1% en Pontevedra e un 5,1% en Vigo; o resto de capitais mostran un encarecemento máis moderado, sendo a ferrolá a única vivenda cuxo prezo descende en 2022 (-2,4%). Ao longo do ano obsérvase unha progresiva redución do crecemento de prezos en todas as áreas urbanas, terminando en taxas negativas no cuarto trimestre as zonas de Ferrol, Santiago de Compostela e Lugo, e só as de Vigo e A Coruña presentan aumentos superiores ao 4% no citado trimestre. Así pois, parece que tamén a vivenda urbana anuncia moderación na subida de prezos para o ano 2023.

Continuando a análise anterior baseada nos datos do gráfico 9, no cadro 14 e no gráfico 11 preséntanse medidas de accesibilidade á vivenda para España, Galicia e as sete áreas urbanas galegas. No cadro 14 mídese, por unha banda, a relación entre ingresos e prezo da vivenda e, por outra, a accesibilidade financeira ou proporción entre as cotas da hipoteca e o ingreso familiar. A primeira é a razón entre o custo e a renda familiar, que estima o tempo de traballo necesario para pagar a totalidade dunha vivenda de 100 m<sup>2</sup> para prezos e rendas medios. A segunda mide a accesibilidade financeira á vivenda, poñendo en relación os pagos dun crédito hipotecario-tipo coa renda familiar<sup>5</sup>. Os datos

<sup>5</sup> No cadro 14 calcúlase a proporción de renda que unha familia debe dedicar á compra dunha vivenda de 100 m<sup>2</sup> construídos. Valórase o importe das cotas dun crédito de 25 anos financiando o 80% do importe ao prezo medio de cada ano. O custo da vivenda estimouse a partir das series de prezos do Ministerio de Transportes; os ingresos familiares



utilizados son homoxéneos para España e Galicia e permiten comparar os dous ámbitos territoriais sobre a mesma base. A análise de accesibilidade presentada no gráfico 11 utiliza datos de renda familiar por comarcas que non son homoxéneos cos usados no cadro 14, polo que as dúas medidas non son directamente comparables<sup>6</sup>.

En 2022 o custo dunha vivenda de 100 m<sup>2</sup> representa o salario de 6,8 anos dunha familia media española e 5,5 anos de salario dunha familia media galega. É dicir, un traballador español debe traballar 16 meses máis que un galego para comprar o mesmo tipo de vivenda. No cadro 14 obsérvase que o custo real

se mantivo en 2022 nos mesmos niveis que o ano anterior, o que indica que os salarios medios subiron na mesma proporción que o custo da vivenda. Se as tendencias recesivas que se observan nos prezos das vivendas a finais do ano 2022 se manteñen en 2023, é de esperar que tanto en Galicia como no conxunto de España este cociente se poida reducir, mellorando a accesibilidade.

No cadro 14 confírmase o empeoramento da accesibilidade financeira á vivenda que se mostraba no gráfico 9. Tanto en Galicia como en España subiu a presión das cotas do préstamo sobre os ingresos familiares en 2022. Para Galicia as cotas dun crédito a 25 anos polo 80% do valor da vivenda absorben o 22,8% da renda familiar monosalarial. Esta proporción aumenta en 1,4 puntos a do ano anterior. Para a familia media española as cotas do crédito representan o 28,2% dos seus ingresos, 1,8 puntos máis que doce meses antes. En 2021 os tipos de xuro estaban situados en mínimos históricos que dificilmente se volverán repetir en moitos anos. O empeoramento da accesibilidade financeira que se observa en 2022 é só a punta do iceberg, porque aínda non están plenamente incorporadas as subidas de tipos acaecidas nese ano e que continuarán en meses sucesivos. Deste xeito, en 2023 as cotas hipotecarias poden comezar a superar o límite do 33% da renda familiar que marca a liña vermella de endebedamento prudente. Se, como se prevé, os tipos de xuro continúan elevados, o único modo de que a accesibilidade se mantéña en límites razoables será que os prezos das vivendas crezan a un ritmo sensiblemente menor que os ingresos familiares.

No gráfico 11 preséntase unha estimación alternativa do custo real da vivenda para Galicia e as sete áreas das principais cidades galegas para os anos 2020 e 2021. Segundo esta medición, en 2021 unha familia media galega debía dedicar 4,2 anos<sup>7</sup> de traballo de todos os seus integrantes para custear unha vivenda de 100 m<sup>2</sup>. Esta medición da accesibilidade presenta bastante variabilidade entre as sete áreas urbanas, oscilando en máis de dous anos de traballo a diferenza entre o custo das vivendas máis e menos accesibles. A área de Vigo presenta a vivenda máis cara en termos reais en 2021, equivalente a 5,2 anos de ingresos dunha familia media viguesa; A Coruña segue a Vigo, cun custo que supón 5 anos de traballo, mentres que a vivenda ferrolá é a máis accesible, representando o seu custo en 2021 só 2,9 anos de ingresos familiares.

---

obtiveronse da Enquisa Trimestral de Custo Laboral elaborada polo INE e o tipo de xuro do préstamo é o tipo hipotecario medio publicado por AHE.

<sup>6</sup> No gráfico 11 calculouse a relación prezo/renda familiar estimando o custo dunha vivenda de 100 m<sup>2</sup> en cada área segundo os prezos do Ministerio de Transportes. Este custo ponse en relación co ingreso medio mensual por fogar estimado pola Enquisa Estrutural a Fogares realizada polo Instituto Galego de Estatística, que recolle a renda familiar en cada unha das comarcas nas que se integran as sete áreas urbanas. Dado que o concepto de renda usado nesta medida é máis amplo que o dos ingresos salariais calculados a partir da *Encuesta Trimestral de Coste Laboral*, ambas as medidas serán diferentes.

<sup>7</sup> Ao estar baseado nos ingresos medios mensuais por fogar estimados pola Enquisa Estrutural a Fogares que realiza o IGE, os seus resultados difiren dos cálculos anteriores. Así, a diferenza co resultado do cadro 14 (5,5 anos) débese a que a renda familiar usada inclúe, en media, máis dunha fonte de ingresos para cada familia, mentres que no cadro 14 só se ten en conta o salario dunha única persoa en cada familia.

## Demanda pública de obras

Segundo os datos que ofrece SEOPAN<sup>8</sup>, a licitación de obras das Administracións Públicas españolas en 2022 foi de 30.074 millóns de euros (o 62% destinado a obra civil e o 38% restante a edificación). Esta cifra representa un aumento interanual do 12,7% en termos reais e supón o volume licitado máis alto desde 2009; ano en que a demanda de obra pública alcanzou case os 40 mil millóns de euros. O gasto en edificación aumenta un 21,6%, mentres que as obras civís crecen un 6,6% real. Cumprindo co “ciclo electoral” da obra pública, coa perspectiva de eleccións municipais e autonómicas en maio de 2023, as Administracións que máis aumentan o seu gasto en España son a autonómica (32,3%) e a local (14,6%), mentres que o valor licitado pola Administración central se reduce un 6,2% en 2022 (véxase cadro 15).

Cadro núm. 15  
Licitación oficial en Galicia

	Miles de euros correntes			TVI (%) Galicia*		TVI (%) España*	
	2020	2021	2022	2021	2022	2021	2022
Edificación	508.551	402.609	729.516	-27,03	61,81	35,45	21,45
Obra civil	650.012	1.440.500	998.274	100,55	-39,62	56,45	6,53
Adm. central	281.137	804.043	547.917	162,23	-39,59	118,90	-6,17
Adm. autonómica	551.136	560.268	669.774	-6,79	5,98	24,37	32,34
Adm. local	326.291	478.797	510.100	34,54	-5,55	31,85	14,58
<b>Total</b>	<b>1.158.563</b>	<b>1.843.109</b>	<b>1.727.790</b>	<b>45,86</b>	<b>-16,89</b>	<b>49,11</b>	<b>12,74</b>
Galicia/España (%)	7,97	7,79	5,75				

\* Calculada en euros constantes.

Fonte: SEOPAN.

Cadro núm. 16  
Licitación (en miles de euros). Ano 2022

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Edificación	486.506	41.446	47.831	153.339
Obra civil	464.698	86.305	61.545	299.255
Adm. central	326.496	30.162	21.704	82.685
Adm. autonómica	407.043	32.428	50.131	180.173
Adm. local	217.662	65.162	37.543	189.735
<b>Total</b>	<b>951.201</b>	<b>127.752</b>	<b>109.378</b>	<b>452.593</b>
% sobre o total galego	55,1	7,4	6,3	26,2
TVI (%) (euros constantes)	5,0	-62,3	-72,3	36,8

Fonte: SEOPAN.

Cadro núm. 17  
Licitación por habitante e km<sup>2</sup>. Ano 2022

	Euros / habitante	Euros / km <sup>2</sup>
Andalucía	434,6	42.194,3
Aragón	652,0	18.140,1
Asturias	659,7	63.176,7
Baleares	706,9	165.383,3
Canarias	517,3	154.562,1
Cantabria	704,6	77.867,1
Castela e León	754,4	19.097,2
Castela-A Mancha	510,1	13.196,1
Cataluña	660,9	160.692,4
C. Valenciana	603,7	131.034,5
Extremadura	638,7	16.266,4
<b>Galicia</b>	<b>641,0</b>	<b>58.700,6</b>
Madrid	688,5	581.401,0
Murcia	583,7	78.325,2
Navarra	751,9	47.728,5
País Vasco	1.062,2	323.885,4
A Rioxa	511,9	32.522,2
Ceuta e Melilla	459,5	2.437.906,3
<b>España</b>	<b>634,7</b>	<b>59.578,3</b>




Fonte: SEOPAN. INE.

En 2022 as Administracións Públicas licitaron en Galicia un total de 1.727 millóns de euros; cifra que representa o 5,8% do total español e supón un importante descenso real de case o 17% respecto ao ano anterior. Por tipo de obra, o gasto galego descomponse en 729 millóns en edificación (participación no total do 42%) e 998 millóns en obras civís (58%). Destaca a importante caída do 39,6% das obras civís, que o aumento do 61,8% en edificación non chega a compensar.

A distribución do investimento público en Galicia entre as tres Administracións mostra o predominio da Administración autonómica, que realiza o 39% do gasto en 2022, fronte á central, o 32%, e a local, o 30%. Destaca a importante caída do 39,6% sufrida polo gasto central. O investimento local tamén se reduce, malia que en menor medida (5,5%) e só o gasto autonómico consegue aumentar un 6%, que resulta insuficiente para compensar as baixadas do resto de Administracións (véxase cadro 15 e gráfico 12). O cadro 16 e o gráfico 12 reflicten que en 2022 a provincia da Coruña recibiu case o 55% do gasto público de construción, seguida de Pontevedra co 26,2%; pola súa vez, Lugo e Ourense experimentaban importantes descensos, absorbindo respectivamente só o 7,4% e 6,3% do investimento público galego.

<sup>8</sup> Os datos de licitación referenciados neste apartado foron publicados por SEOPAN (Asociación de Empresas Constructoras e Concesionarias de Infraestruturas). Salvo mención en contra, as taxas de variación mencionadas son en termos reais. Para obter as taxas reais de variación, os datos foron deflactados polos índices de custos da construción publicados polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.





O cadro 17 presenta a distribución da licitación de 2022 entre as comunidades autónomas españolas, tendo en conta a poboación e a extensión de cada unha delas. A licitación por habitante en España en 2022 foi de 635 euros, situándose a comunidade galega, con 641 euros, lixeiramente por encima da media española. Galicia ocupa o décimo lugar entre as demais autonomías clasificadas en función da licitación *per cápita*. Como é habitual nesta clasificación, o País Vasco ocupa unha posición de privilexio, situándose en 2022 no primeiro lugar con 1.062 euros por persoa, seguido por Castela e León e Navarra e, ocupando o último lugar, a comunidade de Andalucía con 434 euros licitados.

No gráfico 14 preséntase a tendencia da licitación nominal por habitante en España e Galicia nos últimos 20 anos. Ata 2016 os investimentos ferroviarios impulsaron a media galega por encima da española. A partir de entón as proporcións galega e española iguálanse en termo medio e nos anos 2019 e 2021 o índice galego supera por pouco o español, para igualarse en 2022. En todo caso, estas oscilacións prodúcense nun contexto de continuo descenso desde 2009, que só comezou a remontar nos dous últimos anos.

Para avaliar as expectativas da obra pública a curto prazo hai que ter en conta que os orzamentos xerais do Estado (OXE) prevén un investimento central en Galicia de 1.077,9 millóns de euros en 2023. Este dato mantén a cifra nominal do ano anterior e representa o 8% do total español, situando Galicia como a quinta comunidade autónoma por nivel previsto de investimento central. O OXE contempla diversos investimentos por un importe de 275 millóns de

euros de ADIF en Galicia en 2023, ademais de 140 millóns adicionais de ADIF Alta Velocidade. A Dirección Xeral de Estradas, pola súa banda, estima en 181,195 millóns os seus investimentos en Galicia en 2023, tendo como partida máis elevada os 54,3 millóns destinados aos tramos Arzúa-Melide e Palas-Melide da autovía Santiago-Lugo, aínda que estas cantidades non serán suficientes para finalizar as obras. Por outra banda, os orzamentos da Xunta de Galicia para 2023 ascenden a 12.620 millóns de euros, que supoñen un aumento do 8,5%. O investimento real previsto é de 1.575 millóns de euros, que representan un incremento do 9,3% nominal respecto a 2022. Así, pois, para 2023 malia que o gasto central se mantén en termos monetarios, este reducirase en termos reais, dada a forte suba de prezos que domina a nosa economía; mentres, o crecemento previsto do gasto autonómico, de producirse, será suficiente para compensar a inflación, manténdose en termos reais.






## VII. Servizos

- A recuperación en 2022 da actividade no terciario galego foi determinante para que o PIB alcanzase unha taxa de crecemento estimada do 3,8%
- As taxas de variación de 2022 do índice da cifra de negocios dos servizos a prezos correntes foron positivas na totalidade dos sectores e oscilaron entre un incremento do 44,5% en hostalería e un 9,2% nas actividades profesionais, científicas e técnicas
- As variacións positivas observadas no VEB e na cifra de negocios implicaron un incremento da ocupación nun 2,8% en 2022, o que deixa a cifra de empregados neste sector moi próxima aos 800 mil
- Xunto con hostalería, a maior subida, en termos relativos, na ocupación alcanzouse nas actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais
- O IPC dos servizos foi paulatinamente crecendo conforme avanzaba 2022, pero non de maneira homoxénea. Na segunda parte do ano a variación dos prezos oscilou entre o incremento do 4,7% en agosto e decembro, e o 4,3% en outubro
- Con data de 1 de xaneiro de 2022, o descenso no número de locais no comercio polo miúdo en Galicia foi do 0,7%, nun contexto de taxas negativas en practicamente todas as modalidades
- En 2022, na distribución con base alimentaria en Galicia abríronse tres dos sete hipermercados que se inauguraron en toda España. En superficie dispoñible, o grupo Gadisa segue liderando o mercado galego
- Logo do uso de Internet nas relacións coa Administración pública, o máis notable no primeiro semestre de 2022 nas canles electrónicas foi o incremento experimentado na compra de produtos de base alimentaria
- En 2022 obsérvase unha recuperación no transporte interior de mercancías en Galicia, mentres descende o que se recibe e realiza cara ás restantes comunidades autónomas e ao estranxeiro
- O aeroporto de Santiago de Compostela obtén en 2022 un récord no número de pasaxeiros e conseguiu exceder con fartura a barreira dos tres millóns (3.236.619). As outras dúas terminais galegas non conseguiron superar o millón de pasaxeiros
- Nos portos galegos de interese xeral produciuse en 2022 un crecemento no número de toneladas transportadas do 15,4%, case 12 puntos máis que en todo o Estado. Esta evolución positiva debeuse, sobre todo, ao transporte dun 31,4% máis de graneis sólidos



## A actividade do sector servizos en 2022

Nun avance dos resultados definitivos de 2022, o IGE estimou que o VEB xerado polos servizos creceu, en termos reais, en Galicia un 5,8%; dous puntos máis que o PIB, o que converte esta actividade na máis dinámica de entre os grandes sectores económicos galegos. Así, fronte ao descenso no VEB industrial (-2%) con respecto a 2021 e a tonía no sector primario (0,6%) e a construción (0,7%), a recuperación da actividade no terciario foi o determinante para que o PIB alcanzase unha taxa de crecemento do 3,8%.



Esta sensible recuperación, cimentada nun paulatino retorno á normalidade dunha pandemia iniciada en marzo de 2020, supuxo que en 2022 se puidese xa superar amplamente a actividade que se alcanzou en 2019. A pesar da provisionalidade dos datos, o cálculo en termos monetarios indica que, con respecto a ese ano, o VEB xerado é un 11,8% máis elevado, porcentaxe que, debido á escalada nos prezos, se reduciu en termos reais ao 4,3%.

En suma, o conxunto de impactos negativos que afectaron á economía de Galicia en 2022, como os problemas do transporte, a aceleración dos tipos de xuro ou o crece-

mento dos prezos, non lastraron os resultados finais de xeración de VEB, aínda que, como se observa no gráfico 1, conforme avanzou o ano a actividade foise desacelerando. Así, nos tres primeiros meses de 2022, o incremento do VEB foi dun 9,1%, un punto máis que no conxunto de España. Esta dinámica expansiva logrouse, en parte, pola escasa actividade existente no primeiro trimestre de 2021 ante o aumento de restricións e as dificultades na mobilidade cos peches perimetrais. Ademais, a paulatina saída da pandemia incentivou un maior gasto do consumo dos fogares galegos, actividade que estivo moi retraída nos trimestres anteriores. No segundo trimestre, xa iniciada a invasión de Ucraína e con graves problemas de subministracións, a actividade mantense en taxas de variación moi elevadas (7,1%), se ben menores que as de España, e cun consumo das familias que se desacelera. Nos meses de verán, grazas á recuperación do turismo, no que sen dúbida influíu a prolongación a 2022 do período Xacobeo, e debido ao bo momento da actividade de información e comunicación, o VEB nos servizos medrou un 4,5%, a pesar de que o gasto dos fogares foi menor que no mesmo período de 2021. Finalmente, a actividade crece menos, un 3%, no último trimestre do ano, pero aínda así persiste a vitalidade nos dous sectores anteriores cun gasto en consumo dos fogares que é un 1,4% menor que o observado no ano anterior.

Como se suxería anteriormente, a traxectoria en 2020 do VEB das diversas ramas de actividade dos servizos foi moi desigual. No cadro 1 apréciase como a crise sanitaria afectou profundamente en 2020 dúas ramas (comercio, transporte e hostalería; actividades artísticas) e, en menor medida, unha terceira (actividades profesionais). Pola contra, nas ramas restantes o VEB mantivo uns niveis moi similares aos de 2019, non parecendo que a estes sectores lles afectasen en exceso os avatares dunha situación económica e social tan especial. Unicamente o sector de actividades financeiras e de seguros experimentou en 2020 un significativo crecemento.

Transcorridos dous anos do inicio da pandemia, en 2022, o segmento de comercio, transporte e hostalería, no que se concentra a ocupación dos servizos, alcanzou un nivel de actividade tan elevada que non só superou a mantida na pandemia, senón que excedeu amplamente o VEB alcanzado en 2019. En contraste, as actividades artísticas e recreativas

Cadro núm. 1  
**Evolución do VEB nas ramas do sector servizos**  
Taxas de variación interanuais (en %)

Ramas dos servizos	2020	2021	2022
Comercio, transporte e hostalería	-19,4	14,8	17,4
Información e comunicacións	0,6	1,2	12,6
Actividades financeiras e de seguros	3,8	0,3	-8,6
Actividades inmobiliarias	-0,1	0,3	0,7
Actividades profesionais	-5,5	6,6	2,5
Administración pública, sanidade e educación	0,4	3,5	0,1
Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	-16,3	9,9	0,1
Servizos non de mercado	-1,4	3,7	0,0
<b>Total servizos</b>	<b>-7,5</b>	<b>6,5</b>	<b>5,8</b>
<b>PIBpm</b>	<b>-8,8</b>	<b>5,2</b>	<b>3,8</b>

Datos de 2020 provisionais e de 2021 e 2022 avance.  
Fonte: IGE.

non acabaron de recuperarse e mesmo o VEB xerado foi inferior ao de 2015. Pola súa banda, as actividades profesionais xa recuperaron a súa actividade de antes da crise en 2021 e en 2022 experimentaron un moderado crecemento.

No cadro 1 obsérvase que, xunto a comercio, transporte e hostalería, o outro sector dinamizador da economía galega foi o de información e comunicacións, actividade que experimentou a maior intensidade de crecemento desde 2015. En 2022 o aumento no seu VEB foi do 12,6%. Este VEB é sete veces inferior ao de comercio, transporte e hostalería, pero o seu impacto no conxunto da economía de Galicia, no segmento das tecnoloxías da información e comunicación é moi alto. A pandemia serviu para comprobar a importancia dun sector no que o peso relativo das empresas galegas segue sendo baixo con respecto ao total español. O talón de Aquiles desta actividade que se concentra na fachada atlántica e, en particular, na provincia da Coruña, é a escasa dimensión das empresas, debida a que a inmensa maioría delas conta con menos de cinco asalariados. Un factor positivo foi, sen dúbida, a creación na Coruña da Cidade das TIC na antiga fábrica de armas; investimento que incidiu positivamente no nomeamento da Coruña como sede da Axencia Española de Supervisión da Intelixencia Artificial.

Mención á parte nos servizos galegos é o peso que teñen as actividades non destinadas ao mercado, ou sexa, aquelas que facilitan as diferentes Administracións Públicas. Segundo as estimacións do IGE, este segmento xeraba en torno ao 22,8% do VEB dos servizos en 2022, porcentaxe similar á de 2019. Polas súas características, é unha actividade que non se viu, en termos económicos, tan afectada pola crise sanitaria como a hostalería, o comercio ou as actividades artísticas. A súa estabilidade evitou unha caída máis brusca do PIB en 2020. No cadro 1 obsérvase como o VEB que se xerou en 2022 foi o mesmo que no ano anterior.

Fronte a un incremento do VEB dos servizos dun 3,8, o INE cuantifica o incremento do índice da cifra de negocios dos servizos dedicados ao mercado (medido en variación da media no que vai de ano e no que se exclúen as actividades financeiras), nun 26%; porcentaxe que marca notables diferenzas entre as facturacións realizadas en 2021 e 2022. Este dato refírese a prezos correntes, o que supón que está moi influenciado polo incesante incremento dos prezos.

Como o VEB, o índice da cifra de negocios tamén presenta unha distribución sectorial moi desigual. As taxas de variación de 2022 foron positivas na totalidade dos sectores e oscilaron entre un incremento do 44,5% en hostalería e un 9,2% nas actividades profesionais, científicas e técnicas. Hai sectores de interese como poden ser as actividades artísticas e recreativas que o INE incorpora ao colectivo doutros servizos, no que o índice se incrementou nun 26,3%. Estas elevadas variacións obtéñense grazas á parálise de moitos negocios nos peores meses da pandemia. De feito, en 2020 as taxas de variación foron negativas en todas as ramas, salvo en dúas, destacando a caída dun 47,9% na hostalería e dun 30,3% nas actividades administrativas. A facturación incrementouse unicamente en transporte e almacenamento (actividade que se analizará máis en detalle neste mesmo capítulo) e en información e comunicación.

As variacións positivas observadas no VEB e na cifra de negocios implicaron un incremento da ocupación nun 2,8% en 2022, o que deixa a cifra de empregados neste sector moi próxima aos 800 mil, o 72,1% da ocupación galega total e 1,5 puntos máis que en 2020. Tradicionalmente, as ocupacións femininas concéntranse de forma abafadora neste sector, xa que representan o 84,7% do total de mulleres empregadas en Galicia (448.400 ocupadas), mentres que o peso para os homes é menor (60,5%, cun total de 347.800 ocupados).

Nun contexto de taxas de paro galegas moi elevadas, no cadro 2 apréciase que o emprego aumentou en todos os sectores salvo onde se concentran as actividades non destinadas ao mercado, ou sexa no grupo de Administración pública, defensa e Seguridade Social obrigatoria. O descenso dun 4,8% suxire que, á marxe das promocións internas, coas actuais ofertas públicas de emprego non se están repoñendo na súa totalidade as prazas que van quedando vacantes. Coa oferta prevista para finais de 2022 e coas de 2023 previsiblemente melloraranse estas porcentaxes. Segundo a EPA, tampouco medrou o emprego nas actividades sanitarias ou de servizos sociais. Neste caso, os ocupados en 2022 son practicamente os mesmos que os de 2021.

En sentido contrario e á marxe dos ERTE por forza maior que foron determinantes para o mantemento dos traballadores nos tempos de inactividade, non se recuperou o emprego na hostalería a pesar do incremento do 9,5% nunha ocupación que caeu un 10,1% en 2021. En 2022 había 1.100 traballadores menos que en 2019. Unha queixa recorrente nos últimos meses no sector é a carencia de persoal para cubrir as

Cadro núm. 2


**Ocupación no sector servizos.** Galicia (miles de persoas)

	Ocupación (miles)			TVI (%)	
	2020	2021	2022	2021	2022
45-47 Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	161,5	169,0	176,2	4,6	4,3
49-53 Transporte e almacenamento	47,2	52,3	54,6	10,8	4,4
55-56 Hostalería	71,2	64,0	70,1	-10,1	9,5
58-82 Actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais	144,1	158,2	166,1	9,8	5,0
84 Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	69,1	71,2	67,8	3,0	-4,8
85 Educación	72,6	71,8	73,6	-1,1	2,5
86-88 Actividades sanitarias e de servizos sociais	105,9	109,3	109,0	3,2	-0,3
90-99 Resto de servizos	76,0	78,6	78,8	3,4	0,3
<b>Total</b>	<b>747,6</b>	<b>774,4</b>	<b>796,2</b>	<b>3,6</b>	<b>2,8</b>

Fonte: EPA, IGE-INE.

vacantes existentes tendo en conta o salario e as condicións de traballo actuais. A diferenza da hostalería, tanto o comercio polo miúdo como o transporte e almacenamento presentaron incrementos na ocupación (4,3% e 4,4% respectivamente) e o seu emprego excedeu ao existente antes da pandemia.

Xunto con hostalería, a maior subida, en termos relativos, na ocupación alcanzouse no colectivo de actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais, un 5%.



A análise anterior realizada con datos anuais, complétase no gráfico 2 coa evolución trimestral do emprego. Ademais compáranse os resultados da ocupación nos servizos en Galicia e España coa traxectoria da ocupación total galega. Evidentemente, dada a contía do emprego no terciario, os resultados totais galegos quedan moi condicionados pola evolución destes. En todo caso, deste gráfico xorden varias cuestións que convén resaltar. O emprego terciario galego no segundo trimestre de 2020 caeu con máis intensidade que no conxunto de España, malia que a recuperación en trimestres posteriores foi máis rápida. Desde o segundo trimestre de 2021 ata o último de 2022, a taxa de variación do emprego foi sempre positiva, destacando o incremento dun 5,9% no verán de 2021, período no que aínda había certas restricións. Nunha situación máis favorable, no terceiro trimestre de 2022, a taxa interanual medrou tan só un 0,2%, o que indica que durante a tempada estival se mantivo a mesma ocupación que no ano anterior. Non ocorreu o mesmo nos restantes trimestres, nos que a ocupación en 2022 aumentou sensiblemente, en especial no primeiro semestre.


Outro indicador, ao noso xuízo de interese, tamén relacionado coa ocupación é a evolución dos contratos iniciais asinados en 2022. Como se notará igualmente cando se analice máis ao detalle o comercio polo miúdo, a reforma laboral orixinou grandes cambios nestas estatísticas, polo que os resultados de 2021 non son comparables cos de 2022. O freo á temporalidade, e por tanto o maior uso dos contratos indefinidos nos servizos (o número de contratos indefinidos iniciais asinados en 2022 multiplicouse por cinco), reduciu a contía do total dos contratos asinados nun 8,5%. Con todo, o comportamento sectorial non foi homoxéneo. Os dous maiores incrementos na contratación indefinida producíronse nas actividades artísticas e recreativas (de 783 pasouse a 8.558 contratos) e na hostalería, que creceu un 808,5% (de 5.815 pasouse a 52.832), seguramente cun predominio dos fixos discontinuos. Tamén foron moi elevadas as taxas de variación no comercio, na hostalería e na educación. Este cambio na contratación fixo diminuír nun 85,8% o número de contratos de obra e servizos.

Outro indicador, ao noso xuízo de interese, tamén relacionado coa ocupación é a evolución dos contratos iniciais asinados en 2022. Como se notará igualmente cando se analice máis ao detalle o comercio polo miúdo, a reforma laboral orixinou grandes cambios nestas estatísticas, polo que os resultados de 2021 non son comparables cos de 2022. O freo á temporalidade, e por tanto o maior uso dos contratos indefinidos nos servizos (o número de contratos indefinidos iniciais asinados en 2022 multiplicouse por cinco), reduciu a contía do total dos contratos asinados nun 8,5%. Con todo, o comportamento sectorial non foi homoxéneo. Os dous maiores incrementos na contratación indefinida producíronse nas actividades artísticas e recreativas (de 783 pasouse a 8.558 contratos) e na hostalería, que creceu un 808,5% (de 5.815 pasouse a 52.832), seguramente cun predominio dos fixos discontinuos. Tamén foron moi elevadas as taxas de variación no comercio, na hostalería e na educación. Este cambio na contratación fixo diminuír nun 85,8% o número de contratos de obra e servizos.

A pesar de que en todas as actividades, como consecuencia da reforma laboral, se incrementou a contratación indefinida, coa excepción, como pode resultar obvio, das Administracións Públicas, cabe destacar que en información e comunicación a firma de novos contratos eventuais por circunstancias da produción creceu un 137,2%, nun contexto de caída desta taxa na maioría dos subsectores. Este elevado incremento destaca xunto coa variación dun 80,8% da contratación indefinida.

## Os prezos no sector de servizos


No gráfico 3 compárase a evolución mensual de dúas taxas: a variación interanual do IPC galego, no que se exclúen os servizos, e o IPC dos servizos. Observando a traxectoria seguida no gráfico, apréciase que nos servizos o IPC foi paulatinamente crescendo conforme avanzaba 2022 pero non de forma homoxénea. En xaneiro a taxa medrou o 1,9%, mentres que en xuño alcanzaba o 4,4%. Esta aceleración, motivada sobre todo por un traslado a prezos do incremento dos custos empresariais, estabilizábase na segunda



parte do ano, período no que a variación dos prezos oscila entre os incrementos do 4,7% en agosto e decembro, e o 4,3% en outubro. Estas porcentaxes son moi preocupantes de cara á evolución futura do sector, tras un longo período de estabilidade dos prezos. No gráfico obsérvase que as variacións nos prezos foron, non obstante, moi inferiores ás do IPC sen servizos que en xuño e xullo superaban o 14%. Con todo, a gráfica 3 apunta cara a un proceso de converxencia entre ambas as taxas, xa que mentres o IPC dos servizos non se frea na súa traxectoria ascendente, a variación do IPC total sen servizos baixou á metade de xuño a decembro de 2022.

As tensións inflacionistas, motivadas inicialmente polo incremento dos prezos da enerxía e das materias primas e que carrexaron un crecemento dos prezos en todas as actividades, foron máis intensas no sector terciario galego que no do conxunto de España. No gráfico 3 tamén se recolle esta diferenza, que nos últimos meses do ano alcanzou os 0,7 puntos. Por rúbricas destaca o incremento de turismo e hostalería. En agosto de 2022 alcanzou o 10%, o que contrasta coas taxas negativas observadas nas comunicacións.

Con esta situación económica, o IGE publica con carácter trimestral o índice de confianza do consumidor, que pode suxerir as tendencias nas variacións do seu gasto, o que incide na demanda dos servizos. No gráfico 4 obsérvase que en todos os trimestres desde 2020 os valores do índice son negativos, coa peculiaridade de que os consumidores perden moita confianza no segundo semestre de 2022, aínda que non percibían unha situación tan negativa como a dos trimestres nos que a crise sanitaria foi máis intensa. Os outros tres índices que se publican (a capacidade futura de aforro, a situación financeira persoal e a situación económica en Galicia) seguen unha traxectoria similar ao índice de confianza. Cabe destacar



que a situación económica fai que no segundo semestre de 2022 empeoren as percepcións sobre evolución da situación financeira e a capacidade futura de aforro. Tamén se percibe un maior pesimismo sobre a evolución da situación económica de Galicia.

Tras esta visión de carácter xeral sobre a traxectoria dos servizos e as súas diferentes ramas de actividade en Galicia, deseguido estudábase máis polo miúdo o comportamento en 2022 de dous subsectores do terciario fundamentais na economía galega: o comercio e os transportes. Por outra banda, de forma separada e noutro capítulo deste mesmo informe analízase o turismo.


## A distribución e o comercio

Na publicación das estimacións provisionais (2020) e os avances (2021 e 2022) que realiza o IGE sobre o VEB xerado agrúpanse nunha mesma rama o comercio, o transporte e a hostalería. Os resultados presentábanse no cadro 1 e neles obsérvase que o VEB conxunto destas tres actividades é o que mostra a maior volatilidade con respecto ao conxunto de ramas do sector servizos. Así, en 2020 este VEB descendía nun -19,4%; caída moi elevada debido a que estes tres sectores foron, nos servizos, os máis afectados pola



crise sanitaria xunto coas actividades artísticas e recreativas. Este descenso foi especialmente intenso no segundo trimestre de 2020, coas primeiras restricións á mobilidade. Esta conxuntura tan negativa foi cambiando en 2021 ao eliminarse pouco a pouco as limitacións, conforme se superaban os efectos máis negativos da pandemia. Así, en 2021 produciuse unha recuperación significativa deste VEB, que creceu un 14,8%. Os resultados de 2022 confirman que a crise sanitaria xa ía quedando atrás, malia que xorden novos problemas que se agravan coa guerra de Ucraína. A taxa de variación interanual de 2022 estimada foi do 17,4%; cifra moi por encima da lograda polo terciario galego no seu conxunto, un 5,8%.

Estes datos confirman, por tanto, unha dinámica positiva en 2022, a pesar dos problemas conxunturais e estruturais que lastran o desenvolvemento destes tres sectores. De feito, o valor do VEB de 2022 expresado en euros constantes de 2015, 13.697 millóns de euros (15.675 millóns en euros correntes), xa superaba de forma ampla a cifra alcanzada en Galicia en 2019, 12.603 millóns.



Se en lugar do VEB se toma como referencia a cifra de negocios nas diferentes ramas de servizos, xa se pode dispor de información referida exclusivamente ao comercio. O índice elaborado polo INE, e publicado cunha maior desagregación polo IGE, distingue dentro do sector do comercio tres actividades: a venda e reparación de vehículos de motor, o comercio por xunto e o comercio polo miúdo. Desafortunadamente, este índice só se elabora en termos monetarios, o que é un serio inconveniente para a análise pola aceleración que experimentou a inflación en 2022. En todo caso, con este índice confírmase, tal e como se aprecia no gráfico 5, a desigual traxectoria que seguiron estes tres sectores. Así,

o comercio por xunto experimentou entre 2000 e 2022 bruscas variacións. Foi o sector no que, en termos relativos, máis descendeu porcentualmente a facturación en 2020, pero tamén no que a recuperación posterior foi máis notable. Pola súa banda, a venda e a reparación de vehículos (máis en concreto as vendas) enfrontáronse a unha demanda moi dubitativa, debido, entre outras causas, ao incremento dos prezos. Esta subida xustifícase polo aumento dos custos e polos problemas co transporte. Ademais, as medidas adoptadas para frear as emisións de gases nocivos o con restricións encamiñadas á eliminación paulatina da circulación dos coches de combustión frean unha demanda que non percibe con claridade as vantaxes de adquirir agora un vehículo non contaminante ante a carencia de infraestruturas e o seu elevado custo. Dos resultados desta actividade danse referencias máis concretas na próxima epígrafe.

Finalmente, o sector do comercio polo miúdo, segundo este índice, é de entre os tres o que presentou tras a pandemia a menor volatilidade. Como tamén ocorreu co comercio polo xunto, o comercio polo miúdo foi recuperando a facturación que tiña antes da crise sanitaria, malia que os seus protagonistas subliñan que na actualidade o sector, ante o incremento en custos e prezos, se ve obrigado a operar nun contexto diferente ao vixente antes da pandemia. Neste sentido, está a producirse un profundo cambio nas formas de distribución, en particular co desenvolvemento do comercio en liña e a inexorable necesidade da dixitalización das tendas físicas. Tras a pandemia agudizáronse os efectos negativos dunha globalización moi desenvolvida nas últimas décadas. No sector, unha localización de moitos provedores tan afastada está a xerar problemas na distribución, que se agravan coa crise do transporte e coa subida no prezo dos produtos e das materias primas. Ademais, e como noutras actividades, o sector tivo que enfrontarse ao incremento nos custos da enerxía e á necesidade de realizar investimentos para adaptar os locais ás novas normativas sobre aforro enerxético. Desde a Federación Galega de Comercio intuíase que todos estes problemas danarían a facturación, pero os resultados anuais do índice da cifra de negocios, cun incremento do 10,3% en termos monetarios, non parecen confirmalo.

A paulatina recuperación da actividade en todos os sectores do comercio tras a pandemia, suxerida polos índices anteriores, tamén ten o seu reflexo, como se aprecia no cadro 3, na evolución do mercado de traballo que se describe coa EPA. A xeneralización en 2020 dos ERTE por forza maior, xunto coa normativa deseñada nunha situación de emerxencia, non evitou que nese ano a ocupación descendese en 8.900 traballadores con respecto a 2019; situación que foi só conxuntural xa que en 2021 e 2022 o emprego creceu un 4,6% e un 4,3%, respectivamente. Esta traxectoria implica que en 2022 traballaban no comercio 5.800 persoas máis que en 2019, coa peculiaridade de que todo este incremento se concentrou no

colectivo feminino. Doutra banda, tal e como xa se observaba nos anteriores *Informes*, hai que sinalar que a concentración do emprego galego no comercio é de tal magnitude que absorbía 176.200 persoas en 2022, cifra superior á de calquera outra rama. Así, por exemplo, ocupaba a 19.500 persoas máis que toda a industria manufactureira galega. Con estes datos, a traxectoria na ocupación neste sector é moi determinante nos resultados xerais galegos.

Cadro núm. 3

**Ocupados nas actividades comerciais.** Galicia (miles de persoas)

	2019	2020	2021	2022	TVI (%)	
					2021/2020	2022/2021
A Coruña	71,0	64,5	70,2	72,8	8,8	3,7
Lugo	21,9	20,6	18,9	18,6	-8,3	-1,6
Ourense	15,9	16,4	16,9	20,0	3,0	18,3
Pontevedra	61,7	60,0	62,9	64,8	4,8	3,0
<b>Galicia</b>	<b>170,4</b>	<b>161,5</b>	<b>169,0</b>	<b>176,2</b>	<b>4,6</b>	<b>4,3</b>

Fonte: EPA-INE-IGE.

No cadro 3 tamén se presenta a evolución da ocupación galega das actividades comerciais (compra e reparación de vehículos de motor, comercio polo xunto e polo miúdo) por provincias. Compróbase que segundo a EPA, esta traxectoria en 2022 foi moi dispar. En principio, resultan un tanto estraños os resultados de Lugo, provincia que non seguiu as pautas xerais das outras tres e presenta sensibles caídas na ocupación, en especial en 2021. No últimos catro anos tivo un 15,1% de ocupados menos, o que podería ser consecuencia da sistemática perda de poboación e do devir dun territorio que na súa maior parte se inclúe na Galicia baleirada e na que os pequenos comercios tradicionais perden non só demanda senón tamén capacidade competitiva fronte a outros formatos favorecidos por unha mellor mobilidade. Curiosamente, a outra provincia máis oriental, Ourense, que comparte os problemas demográficos e de actividade coa provincia de Lugo, mostrou un especial dinamismo, ata o extremo que, de contar con 6 mil ocupados menos que Lugo en 2019, pasou a ter 1.400 ocupados máis en 2022. Como se aprecia no cadro 3, foi a provincia que mostrou un maior incremento na creación de emprego nesta actividade, xa que non en balde a taxa de variación en 2022 con respecto ao ano anterior, segundo a EPA, foi do 18,3%.

Nas dúas provincias da fachada atlántica, A Coruña e Pontevedra, observouse unha rápida recuperación na ocupación tras a perda de emprego de 2020; caída que incidiu, sobre todo, na provincia da Coruña. Iso supuxo que as taxas de crecemento desta provincia fosen en 2021 e 2022 superiores ás de Pontevedra. Con esta traxectoria, o emprego na Coruña e Pontevedra en 2022 xa superaba o de 2019.

Os resultados da EPA non son de todo concordantes cos que ofrecen dúas fontes alternativas. Unha é a afiliación de traballadores á Seguridade Social e a outra o índice de persoal ocupado por sectores de actividade. Nos dous casos, as cifras totais do comercio pódense desagregar nos tres sectores, aínda que o IGE advirte que, no caso do índice de persoal, dado o tamaño da mostra, os datos sobre a actividade de venda e reparación de vehículos e do comercio polo xunto deben tomarse como meramente indicativos por carecer da robustez necesaria para ter significación estatística.

A variación total de 2022 con respecto a 2021 das afiliacións á Seguridade Social foi de tan só do 0,9% (4,3% nos ocupados segundo a EPA). Esta porcentaxe positiva alcanzouse grazas ao incremento do número de traballadores que cotizan no réxime xeral, un 2,1%; o que contrarresta a caída nun 2,3% dos autónomos. Esta asimetría suxire que persiste a reconfiguración dun sector que o abandonan emprendedores, normalmente con pequenos establecementos, mentres que se incrementa o número de asalariados. En canto aos resultados dos tres sectores en 2022, obsérvase que, porcentualmente, o emprego por conta allea aumentou en maior contía no comercio polo xunto e nesta actividade tamén se rexistrou a maior caída do emprego autónomo, ocupación que descende nas tres ramas do comercio.

Dos resultados provinciais cabe resaltar o logro de taxas de variación positivas nos traballadores afiliados ao réxime xeral en todas elas e, ao contrario, unha caída tamén xeneralizada dos autónomos. Estas últimas taxas oscilan entre o -2,1% de Pontevedra e o -2,5% de Ourense.

Os resultados dos índices de ocupación por sectores de actividade quedan a medio camiño dos das dúas fontes anteriores. A variación total de 2022 con respecto a 2021 foi do 1,8%. Esta porcentaxe positiva debeuse, sobre todo, ao incremento do 2,8% no comercio polo miúdo, que contrarrestou o descenso dun 1,1% no índice do sector de automoción. A taxa do comercio polo xunto foi do 1%. Así, a pesar das diferenzas existentes, as tres fontes marcan unha mesma tendencia, un incremento na ocupación en 2022.

Cadro núm. 4


**Contratos de traballo rexistrados nas actividades comerciais.** Galicia

	2020	2021	2022	TVI (%)	
				2021/2020	2022/2021
Indefinido ordinario e fomento do emprego	4.479	5.640	23.654	25,9	319,4
De obra ou servizo	17.186	19.316	2.517	12,4	-87,0
Eventual por circunstancias da produción	52.259	66.419	50.443	27,1	-24,1
Interinidade	9.887	11.689	12.973	18,2	11,0
En prácticas	531	628	455	18,3	-27,5
Para a formación	200	253	327	26,5	29,2
Outros	560	879	774	57,0	-11,9
<b>Total de contratos iniciais</b>	<b>85.102</b>	<b>104.824</b>	<b>91.143</b>	<b>23,2</b>	<b>-13,1</b>
Conversións a indefinidos	6.284	8.000	12.291	27,3	53,6
<b>Total de contratos rexistrados</b>	<b>91.386</b>	<b>112.824</b>	<b>103.437</b>	<b>23,5</b>	<b>-8,3</b>

Fonte: IGE.

No cadro 4 apréciase de novo que coa reforma laboral se recortou de forma drástica en Galicia a contía de contratos iniciais asinados no sector do comercio no seu conxunto. Clasificados estes contratos segundo a localización dos centros de traballo, o descenso en 2022 foi do 8,3% e practicamente desapareceron as contratacións por obra ou servizo e os contratos eventuais por circunstancias da produción descendieron un 24,1%, mentres se incrementaron nun 319,4% os indefinidos ordinarios e fomento do emprego, o que implica que se multiplicou por catro a contía dos contratos iniciais indefinidos ou de fomento ao emprego. Neste cadro obsérvase a redución radical na temporalidade no sector, a pesar de que resulta complexo comparar realmente o acaecido en 2022 con respecto aos anos precedentes.

O comercio polo miúdo ten unha importancia cualitativa e cuantitativa singular no conxunto da economía galega e as diferentes actividades que o configuran mostran unha estrutura e conduta diferenciadas tanto nos modos de organización como nas características da distribución. O índice da cifra de negocio do comercio polo miúdo distingue a alimentación do resto. Cunha elevada inflación, ambas as cifras presentan valores moi diferentes se se obteñen en valores correntes ou en constantes. Con respecto a este último, obsérvase unha maior caída na facturación dos produtos alimentarios que no resto. No gráfico 6 preséntase a traxectoria mensual do índice de cifra de negocios e ocupación do sector retailista no seu



conxunto medido a prezos constantes e distinguindo cifras de negocio con ou sen os resultados das estacións de servizos. Neste gráfico apréciase nitidamente a caída na facturación durante os primeiros momentos da pandemia, tras o cal o sector mellora, pero mostrando síntomas de debilidade a finais de 2020 e comezos de 2021. O forte pico que se aprecia nese ano refírese a que os resultados do segundo trimestre, xa con actividade, son contrapostos aos do ano anterior. En 2022 os índices mensuais da cifra de negocios en termos constantes non melloran os de 2021, aínda que as taxas se aceleran debilmente nos últimos meses do ano.

A evolución das variables básicas do comercio polo miúdo no período que reflicte o gráfico 6 prodúcese nun contexto de cambios nos hábitos e formatos de compras, cunha cada vez maior relevancia da distribución en liña; modo ao que o sector está a tentar adaptarse, algunhas veces a ritmos acelerados. Aínda así, en Galicia seguen competindo formatos moi diversos, cuns desprazando outros. Asistimos a unha sensible crise do comercio tradicional e a unha reinvencción de formatos que ata hai tan só uns anos mostraban un gran dinamismo.

Coa traxectoria da evolución no número de locais activos neste sector en Galicia, que figura no cadro 5, confirmáanse as apreciacións anteriores e o que xa se viña observando nos últimos *Informes*. A conclusión é que cada vez é menor o número de locais comerciais abertos en Galicia e os peches afectan sobre todo os establecementos que contan cun menor número de traballadores. O descenso total foi do 0,7%, nun contexto de taxas negativas en practicamente todas as modalidades, aínda que destacan os locais en mercados e postos de venda (-3,4%) e a venda de equipos para as tecnoloxías da información e as comunicacións en establecementos especializados (-1,4%). Estas perdas sistemáticas cambian as fisionomías

Cadro núm. 5

**Número de locais activos dedicados á actividade do comercio polo miúdo (excepto vehículos de motor e motocicletas) localizados en Galicia**

	2021				2022				TVI (%) 2021-2022
	Con menos de 10 asalariados	Entre 10 e 99 asalariados	Máis de 99 asalariados	Total	Con menos de 10 asalariados	Entre 10 e 99 asalariados	Máis de 99 asalariados	Total	
En establecementos non especializados	2.720	621	25	3.366	2.691	635	28	3.354	-0,4
De produtos alimentarios, bebidas e tabaco en establecementos especializados	5.662	27	0	5.689	5.602	34	0	5.636	-0,9
Para a automoción en establecementos especializados	670	28	0	698	662	39	0	701	0,4
De equipos para as tecnoloxías da información e as comunicacións en establecementos especializados	615	9	1	625	602	13	1	616	-1,4
Doutros artigos de uso doméstico en establecementos especializados	6.009	64	5	6.078	5.969	65	5	6.039	-0,6
De artigos culturais e recreativos en establecementos especializados	2.003	22	1	2.026	2.009	11	0	2.020	-0,3
Doutros artigos en establecementos especializados	11.279	159	34	11.472	11.204	155	40	11.399	-0,6
En postos de venda e en mercados	2.670	8	0	2.678	2.584	4	0	2.588	-3,4
Non realizado nin en establecementos, nin en postos de venda nin en mercados	766	11	1	778	813	10	1	824	5,9
<b>Total</b>	<b>32.394</b>	<b>949</b>	<b>67</b>	<b>33.410</b>	<b>32.136</b>	<b>966</b>	<b>75</b>	<b>33.177</b>	<b>-0,7</b>

Fonte: Directorio Central de Empresas. INE.

dos barrios das cidades e vilas de Galicia debido á modificación dos hábitos de compra e á perda de competitividade dun comercio tradicional conformado por establecementos de moi pequeno tamaño. Afortunadamente para este sector parece que nos últimos meses as tendas físicas volven adquirir un certo protagonismo, se ben hai moito que recuperar para poder revitalizar os establecementos comerciais de múltiples zonas urbanas que tiñan esa tradición.

Doutra banda, resulta evidente que a actividade dos centros comerciais foi unha das máis afectadas pola crise sanitaria. En 2022, os centros existentes foron recuperando a normalidade nas súas vendas e, de feito, os informes elaborados polo sector móstranse optimistas ante as fortalezas das tendas físicas fronte ao imparabile crecemento do negocio en liña.

Segundo a Asociación Española de Centros e Parques Comerciais, as vendas nestes centros creceron en España un 16,3% en 2022, cunha facturación de 47.763 millóns de euros, un 1,8% máis que en 2019. Con respecto a 2021 as afluencias aumentaron un 12,3%. No referente a Galicia, que contaba en 2022 con 39 centros comerciais, o crecemento nas últimas décadas xerou certa saturación, que se plasmou no peche de instalacións non rendibles e na reconversión doutras. Son moitos os exemplo que se poden indicar, como o peche en Lugo de Abella, agora tras a adquisición por Family Cash funcionando con só un supermercado, ou a reconversión de Área Central en Santiago tras a súa aposta polos establecementos *outlet*. Tamén é salientable a práctica inactividade de centros como Porta Nova en Ferrol, ou o abandono de insignias emblemáticas de centros con vitalidade como é o caso na Coruña de Marineda City, co anuncio de peche do Corte Inglés e Hipercor, ou a saída dos cinemas Yelmo do Centro Comercial Os Rosales.

Tras a inauguración a finais de setembro de 2021 de Vialia na estación intermodal de Urzaiz en Vigo, cun investimento de 90 millóns de euros con 125 mil metros cadrados de superficie total e 120 locais comerciais e coa previsión de que se superen os 11,7 millóns de visitantes a finais de 2022, para ese ano, e a pesar do parón que supuxo a crise sanitaria, anunciábase a apertura ao público de tres centros comerciais en Galicia: Breogan Park, Nasas e Way Ourense. Finalmente só se abriu un, Nasas. Breogan Park de Pelayo Capital ocupa as dependencias do antigo centro Dolce Vita na Coruña, pechado en 2014. Así se transforma un centro comercial nun parque empresarial e, na actualidade, anúnciase que a súa apertura será a finais de 2023 ou, como moito, nos inicios de 2024. Tamén se sinala que acollerá a Cinema Yelmo. O segundo, Nasas Nigrán, abriu as súas portas a finais de 2022, con 30 mil metros cadrados e 31 tendas. Cun investimento de 55 millóns de euros, agardábase que en 2023 tivese 5 millóns de visitantes. Finalmente, Way Ourense da sociedade Kronos, situado no polígono industrial de San Cibrao das Viñas, non

acaba de arrancar a súa construción a pesar de contar cos permisos necesarios, e a última noticia é unha posible venda do proxecto a outro grupo investidor.

Por último, en canto á dotación de novas áreas comerciais en Galicia, os tradicionalmente denominados polígonos industriais, localizados nos arredores de cidades e poboacións, presentan habitualmente unha clara vocación comercial máis aló da posible instalación ou de dispoñer no seu seo de centros comerciais. Os casos esténdense por toda Galicia e un claro exemplo é o desenvolvemento do Polígono Costa Vella en Santiago de Compostela, no que a toda a súa oferta comercial e de distribución alimentaria sumouse recentemente a empresa danesa de mobiliario JYSK. Outro caso diferente obsérvase preto de Pontevedra. Tras moitos anos de espera, é posible que ao fin comecen as obras de ampliación do polígono do Vao, que previsiblemente acollerá un supermercado de Vegalsa-Eroski e firmas tan coñecidas como Leroy Merlin, a antes citada JYSK, Decathlon e Norauto, entre outras.

Unha das actividades de maior peso no comercio polo miúdo en Galicia é a distribución de base alimentaria. Anteriormente comprobábase que en 2022, froito do incremento nos prezos, a traxectoria do índice da cifra de negocios do comercio polo miúdo de produtos de alimentación é moi diferente se se observa en termos monetarios ou reais. En termos monetarios, a taxa media de variación mensual con respecto a 2021 foi do 3,7% e, en termos constantes, esta porcentaxe foi do -6,3%. Iso suxire que a alta inflación incidiu de maneira moi negativa na cesta da compra dunhas familias que, a pesar de recorrer ao seu aforro, moderaban o seu consumo xa que, entre outros aspectos, a evolución dos salarios distaba moito de seguir á dos prezos. Así, o informe do Panel de consumo alimentario nos fogares do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA), que abarca desde decembro de 2021 a novembro de 2022, con datos para España, sinálase que as familias reduciron as compras de alimentación e bebidas nun 8,7%; o que supuxo para o mercado alimentario un descenso do 1,7%. As caídas producíronse en todos os grupos de bens, pero en especial en carne, peixe, pan, ovos e azucre. Moi significativa foi a aceleración nos prezos do aceite. Todo iso motivou que no último Consello de Ministros de 2022, cun IPC dos alimentos en novembro do 15,3% en España, se aprobase unha rebaixa no IVE con vixencia de ata polo menos o 1 de xullo de 2023.


Esta situación non impediu que se materializasen os investimentos previstos no seu día e, así, en Galicia abríronse tres dos sete hipermercados que en 2022 se inauguraron en toda España. Destes tres establecementos xa demos unha referencia indirecta deles anteriormente. Así, no Polígono Costa Vella de Santiago a principios de 2022 abriuse un novo Vegalsa-Eroski con 3.550 metros cadrados e 3 millóns de investimento. Con iso esta sociedade consolida o seu segundo posto en canto superficie dispoñible de distribución de base alimentaria na provincia da Coruña. O segundo corresponde á apertura do centro Nasas, en Nigrán, onde no parque empresarial Porto do Molle se abriu outro Vegalsa-Eroski; neste caso con 3.370 metros cadrados construídos e un investimento de máis de 4 millóns de euros. E o terceiro é Family Cash en Lugo, no Centro Comercial Abella, no que é o único negocio.

A apertura destes tres hipermercados compensou o peche de varios establecementos de pequeno tamaño do Grupo Dia, de tal modo que a superficie comercial galega dispoñible de base alimentaria pasou, segundo a revista especializada *Alimarket*, de 957.990 metros cadrados dispoñibles en Galicia en 2021, a 970.009 metros en 2022.

No gráfico 7 preséntase a cota de mercado dos principais operadores de bens de gran consumo en Galicia. Mentres o Grupo Gadisa mantén o seu liderado, na segunda posición consolídase o Grupo Vegalsa-Eroski

tras as novas aperturas. Froiz ocupa a terceira posición, aínda que mantén o seu liderado na provincia de Pontevedra, a unha gran distancia de Vegalsa-Eroski. Mercadona tamén se mantén en 2022 no cuarto lugar, mentres que Dia cada vez ve máis ameazado o seu quinto posto por Carrefour.

En canto á distribución por provincias, Gadisa conserva en 2022 o liderado na Coruña, Lugo e Ourense, mentres, como xa se indicou, Froiz é o líder e ten un peso moi alto en Pontevedra. Gadisa reforzou o seu liderado na Coruña, froito da apertura dun novo supermercado de 2.400 metros cadrados, malia que a súa superficie comer-



cial se ampliou grazas ás aperturas de Lugo e Pontevedra. Na provincia da Coruña o novo Vegalsa-Eroski de Santiago de Compostela contrarrestou con fartura os peches de establecementos nese ano.

En canto a outros sectores da distribución comercial, a Asociación Nacional de Moda Retail (Acotex) no seu barómetro do mes de decembro de 2022 sostíña que no conxunto do Estado (cabe agardar que a evolución en Galicia siga unha liña similar) os segmentos de confección home, muller e nenos/as, téxtil, fogar e complementos conseguiron incrementar as súas vendas un 13,8%. Para esta asociación, esta porcentaxe, sendo positiva, non conseguía recuperar os niveis anteriores á crise sanitaria. Destaca a repunta observada na tempada outono/inverno. A evolución deste amplo sector ao longo de 2022 foi a seguinte. O mes de xaneiro comezou cun crecemento nas vendas do 34,8%; dato que, a pesar da súa elevada contía, causou certa inquietude porque un ano antes o descenso fora do 53,2%. Como noutros sectores, o ano comezou coa incerteza que xeraba a situación económica xeral que se plasmaba nun sensible incremento dos custos enerxéticos, das materias primas, do transporte e da loxística e, a maiores, o ter que empezar a devolver os préstamos ICO facilitados na pandemia. En febreiro agudízanse os problemas co inicio da guerra de Ucraína. Nos meses de primavera, malia todos eses factores, o sector mantense nunha senda de recuperación. En xuño persiste a recuperación grazas a unhas rebaixas con descontos que non son tan agresivos como noutros anos. No inicio do outono a traxectoria segue ascendente, aínda que a inflación se converte nunha gran preocupación. Nese período a asociación propuña a necesidade dunha redución das cargas fiscais para mellorar a renda dispoñible das familias e empresas. Esta incerteza chega á campaña de Nadal. Como vimos, o ano finaliza cun crecemento interanual das vendas dun 13,8%.

Pola súa banda, no segmento de electrodomésticos, a nova Asociación Española de Produtores de Electrodomésticos (APPLIA), creada en 2021 seguindo os pasos de ANFEL, publica a evolución da facturación e do número de unidades que se venden en España. O resultado en 2022 foi dun incremento do 2,29% na facturación fronte a un descenso do 7,08% na venda de unidades. Estamos por tanto, nunha retracción no consumo de bens duradeiros nun contexto inflacionista.

Por último, a dixitalización en xeral e, en particular, o uso dos formatos dixitais na distribución comercial fronte ás tendas físicas parece que se acelerou tras a crise sanitaria e os meses de confinamento. Cada vez é máis inviable unha rede de vendas sen plataformas dixitais, malia que desde o propio sector se apunta que aínda na actualidade moitos pequenos establecementos galegos non son conscientes do reto que supón a dixitalización. A Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC) elabora para España e con carácter semestral os resultados alcanzados co uso das canles electrónicas. No cadro 6 só figuran os referidos ao primeiro semestre, xa que no momento de redactar este informe non estaban dispoñibles os datos anuais. Nesta estatística móstrase que neste semestre a cifra de negocios alcanzou os 10.698,5 millóns de dólares, un 32,8% máis que en 2021. Así, compróbase que tras a pandemia se

Cadro núm. 6

**Volume de negocio en España da canle electrónica nas 20 ramas de actividade máis importantes** (en millóns de euros)

Transaccións realizadas dentro de España

	I sem. 2019	I sem. 2020	I sem. 2021	I sem. 2022	I sem. 2022 (%)	TVI (%) I sem. 2022/ I sem. 2021
Administración pública, impostos e Seg. Social	478,7	504,2	785,1	954,3	8,9	21,5
Hipermercados, supermercados e tendas de alimentación	276,4	516,7	756,6	784,5	7,3	3,7
Axencias de viaxes e operadores turísticos	886,5	375,7	213,1	727,5	6,8	241,4
Carburantes para automoción	143,2	125,9	226,7	663,6	6,2	192,7
Espectáculos artísticos, deportivos e recreativos	472,4	219,9	217,3	573,9	5,4	164,0
Electrodomésticos, imaxe e son	269,4	544,5	511,3	559,8	5,2	9,5
Transporte aéreo	422,7	240,8	205,0	492,3	4,6	140,2
Transporte terrestre de viaxeiros	499,6	229,8	237,8	473,5	4,4	99,1
Xogos de azar e apostas	215,2	262,6	350,9	397,6	3,7	13,3
Educación	190,3	221,4	318,5	367,0	3,4	15,2
Seguros e plans de pensións	175,2	170,9	204,1	325,3	3,0	59,4
Outros	184,9	185,2	129,5	310,5	2,9	139,8
Pezas de vestir	357,3	459,5	302,9	276,6	2,6	-8,7
Energía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	122,4	165,6	223,9	249,8	2,3	11,6
Grandes almacéns	142,7	264,5	185,2	247,6	2,3	33,7
Publicidade	157,6	188,8	212,0	235,9	2,2	11,3
Hoteis e aloxamentos similares	120,7	68,8	120,8	218,5	2,0	80,8
Mobles, iluminación e fogar	70,1	169,9	164,0	202,1	1,9	23,2
Xoguetes e artigos de deporte	109,3	227,0	242,3	189,2	1,8	-21,9
Equipos de telecomunicacións e recargas telefónicas	124,5	240,7	146,6	186,7	1,7	27,3
<b>Total</b>	<b>7.330,7</b>	<b>7.592,0</b>	<b>8.059,0</b>	<b>10.698,5</b>	<b>100,0</b>	<b>32,8</b>

Fonte: CNMC.



xeneralizou a relación coa Administración pública a todos os niveis, pero, en especial, nas operacións de pagos de impostos á Administración tributaria e á Seguridade Social. Estas transaccións, que ocupan o primeiro lugar na clasificación de 2022, incrementáronse no primeiro semestre de 2022, en termos monetarios, un 21,5%, e representaban o 8,9% do volume total de transaccións electrónicas que se facían dentro de España.

Con todo, sendo importante o uso de Internet nas relacións dos contribuíntes coa Administración pública, o máis notable no primeiro semestre de 2022 foi o incremento experimentado na compra de produtos de base alimentaria. O volume de negocio multiplicouse por tres con respecto a 2019. O seu uso está cada vez máis estendido e xa ocupa o segundo lugar en canto ao volume de negocio xerado. Cabe coñecer como evolucionará no momento no que o acceso físico aos establecementos sexa máis factible. A continuación, sitúanse os pagos ás axencias de viaxes, sector que recuperou a súa tradicional vitalidade tras o parón de 2020 e 2021.

Na longa lista de actividades que figura no cadro 6, só o volume de negocio en dúas actividades foi inferior ao de 2019. Unha foi a venda de pezas de vestir, o que resulta un tanto estraño xa que os resultados mesmo distan moito dos logrados en 2019, e o outro é a compra de xoguetes e artigos de deporte. Neste caso o volume de negocio en liña reduciuse con respecto a 2021, pero é máis elevado do que existía en 2019.

## Os transportes en Galicia

Os transportes e loxística en Galicia, como en calquera outro territorio, configúrase en diferentes subsectores con dinámicas e mercados heteroxéneos. Non están dispoñibles aínda as estatísticas xerais sobre a evolución da actividade deste sector. Nas contas trimestrais xeradas polo IGE, os resultados deste sector figuran agrupados cos do comercio e a hostalería, tal e como xa se indicou e se reflicte no cadro 1. En termos reais obsérvase, como se recordará, un incremento dun 17,4% no VEB xerado en 2022, aceleración máis explicable pola traxectoria do comercio e da hostalería que polo sector de transporte. En todo caso, esta actividade xeraba en 2020 (último ano dispoñible nas contas anuais do IGE) un VEB de 2.323,8 millóns de euros, o que supoñía en torno ao 4,3% do VEB total galego. Ao longo deste século este peso relativo anual oscilou entre o 4,1% e o 4,7%. Estes datos poñen de manifesto a súa indubidable relevancia.

A análise que segue trata de estudar, coa información dispoñible, o comportamento en 2022 das actividades máis relevantes. Inicialmente indágase sobre as matriculacións de vehículos en Galicia e con iso obsérvase unha caída na demanda, motivada, entre outras causas, pola incerteza que atravesa o sector. Iso leva ao estudo con certo detalle do transporte de mercadorías por estrada. Esta epígrafe complétase cos resultados do transporte de viaxeiros e mercadorías que se realizaron por vía aérea desde os tres aeroportos galegos e, por vía marítima, desde os cinco portos de interese xeral do Estado.

### Matriculacións

Nun momento de tanta incerteza no sector da automoción e coa evolución das variables macroeconómicas que inciden de forma negativa nas decisións dos consumidores, a demanda de vehículos modérouse considerablemente en 2022. En outubro dese ano o Consello da Unión Europea aprobou prohibir os coches de combustión no seu territorio a partir de 2035. Esta medida foi, en principio, bloqueada por Alemaña, pero, tras un acordo, en marzo de 2023 levantaba ese veto. Isto significa que a partir desa data só circularán vehículos eléctricos ou aqueles que utilicen combustibles sintéticos sen emisión. Ademais, para lograr unha paulatina redución das emisións, a partir de 2030 os coches novos deberán reducir nun 55% as súas emisións de gases contaminantes con respecto aos límites actuais.

Este cambio tecnolóxico, no que queda aínda un amplo camiño por percorrer, xunto cos vaivéns polos que está a atravesar a economía, está a lastrar un mercado que experimentou unha desaceleración en 2022. Así, en España, segundo a Asociación Española de Fabricantes de Automóbiles e Camións (Anfac), as unidades vendidas caeron un 5,4%, alcanzando as 813.396. As súas previsións máis pesimistas apuntaban ás 830 mil unidades e, como observamos, os resultados finais foron aínda peores. Os factores que segundo Anfac explican esta situación coinciden cos que están a incidir noutros moitos sectores. Ou sexa, a guerra de Ucraína, o aumento dos carburantes e os custos enerxéticos, a inflación e a evolución dos tipos de xuro e, particularmente neste sector, os atrasos nas decisións de compra por parte dos usuarios. Apúntase como un feito positivo a redución dun 3,1% nas emisións dos novos vehículos vendidos. Doutra banda, os resultados en España en canto a matriculacións foron moi asimétricos. As vendas a particulares



Cadro núm. 7  
Matriculación de vehículos en Galicia

	Turismos		Camións e furgonetas		Outros*	
	Núm.	TVI (%)	Núm.	TVI (%)	Núm.	TVI (%)
2018	52.359	6,7	6.702	18,2	8.607	8,3
2019	47.514	-9,3	5.801	-13,4	9.164	6,5
2020	38.064	-19,9	5.042	-13,1	8.614	-6,0
2021	34.047	-10,6	5.607	11,2	9.423	9,4
2022	30.106	-11,6	4.396	-21,6	9.037	-4,1

\* Entre outros: autobuses, motocicletas e ciclomotores, tractores e remolques.

Fonte: IGE-Dirección Xeral de Tráfico.

caeron un 1,7%; ás empresas incrementáronse un 4,1% e nos vehículos destinados ao alugueiro, o descenso foi considerable, un 35,1%. Ademais, nese ano e coa carencia de stocks, as automatriculacións xunto cos vehículos de quilómetro cero e os destinados ao uso interno polos concesionarios descendieron un 1,06%, co que, a diferenza doutros anos, estas operacións, ás veces tácticas, non contribuíron a mellorar as estatísticas de matriculacións.

Neste contexto xeral, no cadro 7, fixéndose nas matriculacións, apréciase como as caídas na traxectoria en todos os tipos de vehículos en Galicia foron máis intensas que as observadas no conxunto de España. En maior ou menor medida este descenso afectou todos os segmentos. Segundo a Dirección Xeral de Tráfico, o último ano cunha taxa de variación positiva nos turismos foi 2018 e, a partir de aí, as caídas anuais en Galicia foron moi elevadas, alcanzando cifras de dous díxitos desde 2020 e concretándose nun -11,6% en 2022. Nese mesmo ano, o descenso en España foi do -4,1%. Estas cifras indican que en 2022 as matriculacións en Galicia representaron tan só o 57,5% das efectuadas en 2018, cunha redución, por tanto, do 42,5%. Esta situación está a provocar un progresivo envellecemento do parque automobilístico galego, nun momento no que debe afrontar as restricións que se están tomando para frear a emisión de gases tóxicos. Lembremos que a principios de 2023 deberían estar determinadas nas sete grandes cidades galegas as zonas de baixa emisión para así cumprir coa Lei do Cambio Climático e Transición Enerxética, aínda que o atraso na delimitación destas zonas, salvo en Pontevedra, é bastante notable. Esta circunstancia limitará os movementos dunha parte do actual parque automobilístico cada vez máis envellecido.

Pola súa banda, as matriculacións en Galicia no segmento de camiións e furgonetas recuperáronse en 2021 tras o freo de 2020. As circunstancias económicas xa citadas que se foron xerando en 2022 frearon drasticamente a posibilidade de incrementar os investimentos empresariais neste parque móbil. Isto corroborou o descenso do 21,6% nas matriculacións de camiións e furgonetas.

No esforzo por rexuenerar un parque móbil galego moi envellecido (a idade media é de 14 anos), para loitar contra as emisións de gases contaminantes e adicionalmente para activar unha demanda moi estancada, a Xunta de Galicia volveu contar en 2022 co programa Renove Automoción. Este paquete de axudas habitual nos últimos anos adoita ter un grande éxito entre os demandantes se este se mide pola velocidade á que se esgotan as axudas. Dotado nun principio cun crédito de 2,5 millóns de euros e posteriormente ampliado con 2 millóns de créditos adicionais, este plan tivo dúas vertentes. A principal consistiu no apoio á adquisición de vehículos por parte das familias, para o que se destinaron 4,1 millóns, e a segunda quedou reservada a empresas e autónomos. Este plan proporciona unha axuda de entre 3 a 4 mil euros por vehículo (cantidade que se incrementa para familias numerosas) e este financiamento corre a cargo da Xunta e dos concesionarios. Para acceder á subvención é imprescindible dar de baixa definitiva a un vehículo de máis de dez anos, se é un turismo, e de cinco, se se trata dunha furgoneta. Finalmente apoiáronse 1.535 transaccións de vehículos particulares e, como se observa no cadro 7, a matriculación de turismos ascendeu nese ano a 30.106 unidades.

Tamén nese ano estivo vixente un paquete de axudas similar do Goberno central dirixido á compra de coches eléctricos, híbridos enchufables e hidróxeno. Trátase do Plan Moves III cun crédito que a finais 2022 alcanzou os 1.200 millóns de euros para toda España. Estará vixente ata finais de 2023.

En todo caso, sobre o tipo de combustible utilizado polos vehículos matriculados en Galicia, as estatísticas elaboradas pola Axencia Tributaria sinalan que os coches de gasolina ou diésel matriculados en 2022 supoñían o 57,6% e o 37,2% do total respectivamente, polo que o resto tan só representaba o 5,2%. Iso sinala, a pesar das axudas antes descritas, as dificultades de introducir no mercado actual vehículos doutro tipo, coa particularidade de que o peso do vehículo diésel nas matriculacións galegas supera en 9 puntos ás do conxunto de España.

Sobre o uso das vías de circulación de vehículos en Galicia, dispónse do tránsito dunha das principais arterias, a AP-9, medido pola intensidade media diaria (IMD), segundo datos de Audasa. Os rexistros en 2022 foron de 22.500 vehículos lixeiros e de 2.061 vehículos pesados, cifras que supoñen un incremento dun 10,6% e un 2,2%, respectivamente, en relación con 2021 e reflicten unha recuperación total do tránsito

nesta vía imprescindible para a mobilidade pola fachada atlántica galega. Estes resultados superan os que se alcanzaron en 2019.

### O transporte de mercancías por estrada. A loxística

Tras o freo nesta actividade en 2020 debido, obviamente, á situación de crise sanitaria mundial e tras o retorno a unha certa normalidade en 2021, os resultados que reflicte a Enquisa Permanente de Transporte de Mercadorías por Estrada indican unha sensible desaceleración na contía de mercadorías transportada por estrada tanto en Galicia como por España en 2022. Non obstante, os resultados alcanzados non quedaron moi lonxe dos logrados en 2019, tanto nos transportes interrexionais como nos intrarrexionais, pero non así nos transportes internacionais.

No cadro 8 apréciase un comportamento asimétrico entre España e Galicia na traxectoria seguida polo volume de mercadorías transportadas en 2022. Mentres que, no conxunto de España, con todos os problemas xurdidos no sector, cae a taxa de variación interanual en todos os ámbitos do transporte, en Galicia obsérvase unha recuperación no transporte interior e descende o que se recibe e realiza cara ás restantes comunidades autónomas. Pola contra, se se observa unha clara recuperación en España no transporte internacional por estrada, en Galicia sucede o contrario, en especial, nas mercadorías expedidas.

Cadro núm. 8

#### Transporte de mercancías por estrada en 2022

	Número (millóns)				Taxas de variación interanual			
	Operacións		Toneladas		Operacións		Toneladas	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
<b>Transporte intrarrexional</b>								
Intramunicipal	3,0	43,6	15,8	253,9	0,5	-5,5	1,8	-6,6
Intermunicipal	9,2	130,1	60,1	851,9	-1,4	-1,0	0,8	-2,0
<b>Total</b>	<b>12,2</b>	<b>173,7</b>	<b>76,0</b>	<b>1105,7</b>	<b>-0,9</b>	<b>-2,1</b>	<b>1,0</b>	<b>-3,1</b>
<b>Transporte interrexional</b>								
Recibido doutras CC. AA.	1,2	36,7	13,1	387,1	-2,5	-1,1	-3,6	-2,0
Expedido a outras CC. AA.	1,2	36,7	15,4	387,1	-3,9	-1,1	-2,5	-2,0
<b>Transporte internacional</b>								
Recibido	0,3	3,0	2,2	36,6	-16,2	3,3	-0,8	8,8
Expedido	0,3	3,4	3,0	47,1	-13,2	3,9	-6,1	6,2

Fuente: Enquisa Permanente de Transporte de Mercadorías por Estrada. 2021 e 2022

D. X. de Programación Económica e Orzamentos. Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

Este volume de transporte realizouse nun contexto de forte incremento nos custos, que en España roldaron o 8%. No referente a Galicia, o Observatorio do Transporte de Mercadorías por Estradas de Galicia estima que coas paulatinas subidas nos tipos de xuro, os custos de financiamento se triplicaron, o que incidiu moi negativamente na actividade. Outros elementos que provocaron aumentos sistemáticos nos custos que, en parte, se trasladaron aos prezos, foron o incremento no prezo das autoestradas en Galicia, tanto na AP-9 como na AP-53. Tamén, e como elemento básico para lograr a redución nas emisións de gases nocivos, desde o observatorio sublíñase o efecto nos custos que tivo o incremento nos prezos da disolución de urea, cuxo prezo subiu máis dun 65%.

En resumo, e a pesar dese incremento nos custos, os resultados en canto ao transporte de mercadorías mostran en Galicia unha maior dinámica interna, que se contrapón a un menor volume de mercadorías recibidas e enviadas máis aló da propia comunidade autónoma. Sen dúbida, o conxunto de dificultades que están a afectar o transporte en Europa tamén inciden en Galicia. Dous problemas básicos son a necesidade de investimento nos tipos de vehículos utilizados e a escaseza de condutores nunha profesión que, hoxe en día, non resulta atractiva.

En canto á loxística, lembremos que un fito importante, que se recollía nos anteriores *Informes*, foi a creación en 2019, coa participación do IGAPE, da Agrupación Industrial da Función Loxística de Galicia, con sede en Vilagarcía de Arousa. Actualmente, esta agrupación conta entre os seus socios con vinte e dúas empresas de loxística, nove empresas industriais que internamente desenvolven actividades de loxística, os cinco portos do Estado de interese xeral e Portos de Galicia. Nese mesmo ano aprobouse, con vixencia ata 2022, a Estratexia integral de optimización loxística de Galicia canalizada a través do IGAPE, para o que se pretendían investir 20 millóns de euros, dos cales 11 os achegaría a Xunta de Galicia. Desde esta agrupación industrial indícase que Galicia ocupaba o sexto lugar entre as comunidades autónomas españolas en canto á xeración de PIB no sector e que en 2022 se alcanzaron cifras récord.

## Aeroportos

Dúas cuestións destacan nos resultados alcanzados polos tres aeroportos galegos en canto ao movemento de pasaxeiros en 2022. Por unha banda, o incremento dun 73,6% neste tráfico con respecto a 2021, de tal modo que a cifra aínda provisional alcanzada, 5.153.837 de pasaxeiros, se quedou moi próxima á lograda en 2019, 5.269.133. Doutra banda, este resultado explícase pola dinámica exhibida polo aeroporto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela, que atenúa os peores resultados dos aeroportos da Coruña e Vigo. Mentres que Santiago obtén un récord no número de pasaxeiros e conseguiu exceder con fartura a cifra simbólica dos tres millóns (3.236.619), as outras dúas terminais non superaron o millón de pasaxeiros, feito que si se producía en 2019. Deste xeito intensifícase o maior peso da instalación compostelá, xa que de transportar en 2019 o 55,1% do total, sobe en 2021 ao 59,1% e en 2022 alcanza o 62,8%. O feito de que este último ano fose tamén Xacobeo axudou a acadar este gran resultado.

É obvio que a presenza ou ausencia das compañías que operan nos tres aeroportos e as rutas que cobren condicionan estes resultados. Unha cuestión preocupante en 2022 foi comprobar de que modo a redución en tempo da viaxe en ferrocarril a Madrid ía incidir no transporte aéreo. Segundo a información publicada por *La Voz de Galicia* o 16 de setembro de 2022, se se compara o tráfico de pasaxeiros por tren desde Galicia a Madrid nos oito primeiros meses dese ano fronte ao mesmo período de 2019 apréciase, segundo Renfe, un incremento do 84%, o que supón ao redor de medio millón de persoas máis. Nese mesmo tempo, a viaxe en avión perdeu 392.216 pasaxeiros, complicándose máis a situación pola subida dos combustibles xerada tras a invasión rusa de Ucraína. Este comportamento dá aínda máis mérito ao récord alcanzado polo aeroporto Rosalía de Castro.

En canto ao transporte de mercadorías, os resultados aeroportuarios están moi lonxe das cifras habituais dos portos galegos. Así, fronte aos 35 millóns de toneladas contabilizadas nos portos de interese xeral, o transporte nos aeroportos alcanzou os 5,6 millóns. Do mesmo xeito que no caso dos pasaxeiros, pero agora con maior intensidade, o aeroporto de Santiago de Compostela acapara a maior parte deste transporte, xa que en 2022 absorbía o 86,1% fronte ao aeroporto de Alvedro que apenas alcanzaba o 2%; se ben, a pesar desta baixa porcentaxe é o único que mellorou as cifras de 2021. O transporte xerado pola loxística de dúas grandes sociedades é o que explica a concentración da actividade na terminal compostelá, cuxo volume, con todo, descendeu un 1,7% en 2022. Correos dispón do Centro de Tratamento Automatizado (CTA), agora sometido a un proceso de modernización e ampliación para atender as esixencias do comercio en liña. A outra sociedade é Inditex. A multinacional de Arteixo dispón de varios hangares, así como oficinas, o que converte esta infraestrutura nunha base de operacións da compañía moi relevante.

Finalmente, en canto ás operacións realizadas, o cadro 9 mostra que as diferenzas entre os tres aeroportos non son tan fortes. Aquí obsérvase que o número de operacións realizadas desde Alvedro en 2020 superaban as dos outros dous aeroportos galegos. En 2021 e 2022, a medida que se vai recuperando a actividade económica, Santiago xa mostra unha maior vitalidade.

Cadro núm.9

**Evolución do movemento de pasaxeiros, das operacións realizadas e das mercadorías movidas nos aeroportos galegos**

Movemento de pasaxeiros	2020		2021		2022*	
	Pasaxeiros	TVI (%)	Pasaxeiros	TVI (%)	Pasaxeiros	TVI (%)
Alvedro (A Coruña)	436.775	-67,7	594.584	36,1	963.957	62,1
Rosalía de Castro (Santiago)	935.395	-67,8	1.653.663	76,8	3.236.619	95,7
Peinador (Vigo)	303.466	-70,0	549.094	80,9	953.261	73,6
<b>Total</b>	<b>1.675.636</b>	<b>-68,2</b>	<b>2.797.341</b>	<b>66,9</b>	<b>5.153.837</b>	<b>84,2</b>
<b>Total nacional</b>	<b>76.065.601</b>	<b>-72,4</b>	<b>119.952.578</b>	<b>57,7</b>	<b>243.681.775</b>	<b>103,1</b>

Operacións	2020		2021		2022*	
	Número	TVI (%)	Número	TVI (%)	Número	TVI (%)
Alvedro (A Coruña)	11.190	-34,9	12.084	8,0	14.364	18,9
Rosalía de Castro (Santiago)	10.949	-51,1	15.376	40,4	25.458	65,6
Peinador (Vigo)	5.597	-51,4	9.191	64,2	13.760	49,7
<b>Total</b>	<b>27.736</b>	<b>-45,7</b>	<b>36.651</b>	<b>32,1</b>	<b>53.582</b>	<b>46,2</b>
<b>Total nacional</b>	<b>1.101.250</b>	<b>-53,4</b>	<b>1.518.847</b>	<b>37,9</b>	<b>2.216.327</b>	<b>45,9</b>

Movemento de mercadorías	2020		2021		2022*	
	Toneladas	TVI (%)	Toneladas	TVI (%)	Toneladas	TVI (%)
Alvedro (A Coruña)	84.375	-44,6	85.451	1,3	91.130	6,6
Rosalía de Castro (Santiago)	2.981.222	-6,9	4.938.251	65,6	4.853.317	-1,7
Peinador (Vigo)	276.566	-48,9	806.312	191,5	689.694	-14,5
<b>Total</b>	<b>3.342.163</b>	<b>-14,2</b>	<b>5.830.014</b>	<b>74,4</b>	<b>5.634.141</b>	<b>-3,4</b>
<b>Total nacional</b>	<b>789.176.762</b>	<b>-26,2</b>	<b>998.699.589</b>	<b>26,5</b>	<b>1.000.356.239</b>	<b>0,2</b>

\* Datos provisionais.

Fonte: Dirección de Operacións e Sistemas de Rede, AENA.

## Portos

Coa superación da crise sanitaria, as diferentes actividades económicas foron paulatinamente retornando á normalidade e o transporte portuario non foi unha excepción. Segundo a información publicada polo Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana sobre a actividade das 28 Autoridades Portuarias que conforman os portos de interese xeral do Estado, en 2022 aprecióuse un incremento dun 3,5% no tráfico portuario total con respecto a 2021 debido a unha variación positiva en case todos os modos do transporte de mercadorías. Destaca unha subida dun 10,81% nas toneladas transportadas de graneis sólidos e un 7,25% na de mercadoría xeral convencional. Pola contra, os únicos dous datos negativos foron a caída no peso do tráfico das mercadorías en contedores (-5,4%) e nos produtos da pesca. Neste último grupo, os produtos cárganse e descárganse maioritariamente nos portos da Coruña e Vigo. Mentres que no primeiro o tráfico se mantivo na liña de 2021 (a caída foi de tan só un 0,88%), no segundo, principal porto de España neste grupo de bens, a caída rexistrada foi do 9,88%.

Con todo, os resultados do conxunto do Estado en 2022, 563.373.981 toneladas, non permitiron recuperar as cifras de 2019, 564.504.040 toneladas. Con respecto a ese último ano, o tráfico aumentou nos dous sectores citados, graneis sólidos e mercadoría xeral convencional e, tamén se aprecia un incremento no avituallamento de combustible líquido.

Este dinamismo positivo no tráfico de mercadorías nos portos de interese xeral é un indicador da actividade económica e comercial que se seguiu en Galicia, aínda que estes bos resultados se deben á traectoria seguida polos portos do norte galego que contrastan cos descenso no transporte de mercadorías rexistrados do sur. Por iso, o transporte de graneis sólidos case se duplicou no Porto da Coruña e creceu un 14,4% no de Ferrol-San Cibrao. Este crecemento compensa con fartura as caídas observadas

Cadro núm. 10


**Evolución do tráfico portuario** (en toneladas)

	A Coruña		Ferrol-San Cibrao		Marín-Pontevedra		Vigo		Vilagarcía		Galicia	
	2021	TVI (%)	2021	TVI (%)	2021	TVI (%)	2021	TVI (%)	2021	TVI (%)	2021	TVI (%)
Graneis líquidos	7.996.655	12,4	3.172.235	8,0	0		51.911	-10,1	273.548	17,2	11.494.349	11,1
Graneis sólidos	2.934.090	15,1	5.994.200	-5,9	957.566	10,7	337.330	12,1	425.965	35,6	10.649.151	2,4
<b>Total graneis</b>	<b>10.930.745</b>	<b>13,1</b>	<b>9.166.435</b>	<b>-1,5</b>	<b>957.566</b>	<b>10,7</b>	<b>389.241</b>	<b>8,5</b>	<b>699.513</b>	<b>27,7</b>	<b>22.143.500</b>	<b>6,7</b>
Contedores	29	70,6	161.326	24,8	528.855	-4,0	2.986.304	7,4	294.080	-5,9	3.970.594	5,2
Convencional	852.651	1,5	615.716	5,5	659.618	2,9	1.267.354	5,8	509.998	48,0	3.905.337	8,3
<b>Total mercadoría xeral</b>	<b>852.680</b>	<b>1,5</b>	<b>777.042</b>	<b>9,0</b>	<b>1.188.473</b>	<b>-0,3</b>	<b>4.253.658</b>	<b>6,9</b>	<b>804.078</b>	<b>22,4</b>	<b>7.875.931</b>	<b>6,7</b>
Avituallamento	65.672	7,4	14.881	8,4	29.492	1,0	129.671	5,9	7.778	48,2	247.494	6,8
Pesca fresca	28.331	-14,9	229	29,4	2.731	44,1	36.581	-0,6	0		67.872	-6,0
Tráfico interior	619		4.972		0		0		0		5.591	
<b>Total outro tráfico</b>	<b>94.622</b>	<b>0,2</b>	<b>20.082</b>	<b>44,4</b>	<b>32.223</b>	<b>3,7</b>	<b>166.252</b>	<b>4,4</b>	<b>7.778</b>	<b>48,2</b>	<b>320.957</b>	<b>5,6</b>
<b>Total tráfico portuario</b>	<b>11.878.047</b>	<b>12,1</b>	<b>9.963.559</b>	<b>-0,7</b>	<b>2.178.262</b>	<b>4,3</b>	<b>4.809.151</b>	<b>7,0</b>	<b>1.511.369</b>	<b>24,9</b>	<b>30.340.388</b>	<b>6,7</b>
Contedores (TEU)	3	0,0	16.844	35,0	41.099	-7,2	239.302	4,6	33.937	-5,4	331.185	3,1
Buques (número)	938	11,5	1.021	1,9	453	2,3	1.580	2,5	407	29,2	4.399	6,2

	A Coruña		Ferrol-San Cibrao		Marín-Pontevedra		Vigo		Vilagarcía		Galicia	
	2022*	TVI (%)	2022*	TVI (%)	2022*	TVI (%)	2022*	TVI (%)	2022*	TVI (%)	2022*	TVI (%)
Graneis líquidos	8.514.337	6,5	3.938.059	24,1	2		31.975	-38,4	299.569	9,5	12.783.942	11,2
Graneis sólidos	5.388.419	83,6	6.856.470	14,4	1.039.592	8,6	304.134	-9,8	401.186	-5,8	13.989.801	31,4
<b>Total graneis</b>	<b>13.902.756</b>	<b>27,2</b>	<b>10.794.529</b>	<b>17,8</b>	<b>1.039.594</b>	<b>8,6</b>	<b>336.109</b>	<b>-13,7</b>	<b>700.755</b>	<b>0,2</b>	<b>26.773.743</b>	<b>20,9</b>
Contedores	113	289,7	411.629	155,2	542.555	2,6	2.658.409	-11,0	286.846	-2,5	3.899.552	-1,8
Convencional	896.835	5,2	566.259	-8,0	495.119	-24,9	1.557.876	22,9	502.530	-1,5	4.018.619	2,9
<b>Total mercadoría xeral</b>	<b>896.948</b>	<b>5,2</b>	<b>977.888</b>	<b>25,8</b>	<b>1.037.674</b>	<b>-12,7</b>	<b>4.216.285</b>	<b>-0,9</b>	<b>789.376</b>	<b>-1,8</b>	<b>7.918.171</b>	<b>0,5</b>
Avituallamento	69.638	6,0	14.132	-5,0	37.498	27,1	128.913	-0,6	7.726	-0,7	257.907	4,2
Pesca fresca	28.082	-0,9	207	-9,6	3.118	14,2	34.009	-7,0	0		65.416	-3,6
Tráfico interior	0	-100,0	29	-99,4	0		0		0		29	-99,5
<b>Total outro tráfico</b>	<b>97.720</b>	<b>3,3</b>	<b>14.368</b>	<b>-28,5</b>	<b>40.616</b>	<b>26,0</b>	<b>162.922</b>	<b>-2,0</b>	<b>7.726</b>	<b>-0,7</b>	<b>323.352</b>	<b>0,7</b>
<b>Total tráfico portuario</b>	<b>14.897.424</b>	<b>25,4</b>	<b>11.786.785</b>	<b>18,3</b>	<b>2.117.884</b>	<b>-2,8</b>	<b>4.715.316</b>	<b>-2,0</b>	<b>1.497.857</b>	<b>-0,9</b>	<b>35.015.266</b>	<b>15,4</b>
Contedores (TEU)	10	233,3	37.101	120,3	45.988	11,9	226.121	-5,5	33.135	-2,4	342.355	3,4
Buques (número)	1.093	16,5	1.079	5,7	428	-5,5	1.599	1,2	397	-2,5	4.596	4,5

\* Datos provisionais.

Fonte: Portos do Estado, Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e elaboración propia.



nos portos de Vilagarcía e Vigo, debido a que o transporte destes bens se concentra nos dous portos do norte. En todo caso, o descenso do tráfico portuario total no porto de Vigo debeuse á brusca caída no transporte por contedores (un 11%); tráfico que está concentrado neste porto e que en 2022 absorbía o 68,2% do total galego e, á súa vez, representaba o 56,4% das mercadorías movidas en Vigo. A pesar deste resultado negativo, as cifras transportadas nese ano, 2.658.409 toneladas, son, como as alcanzadas en 2021, moi elevadas. Lembremos que nese ano se acadaron niveis non logrados desde 2008. O descenso observado en 2022 está en liña co que está a suceder a nivel mundial. A crise

económica xerada pola pandemia e o freo no comercio que supuxo a invasión rusa de Ucraína minguou significativamente o transporte por contedores. A iso cómpre unir o forte incremento dos fretes no comercio cara a Asia e América, sendo China o principal socio comercial no porto de Vigo.

Se nos centramos nos resultados obtidos polas cinco Autoridades Portuarias galegas, do resumo efectuado no cadro 10, cabe resaltar en 2022 un crecedemento no número de toneladas transportadas do 15,4%, case 12 puntos máis que no Estado. Esta evolución positiva debeuse, sobre todo, ao transporte dun 31,4% máis de graneis sólidos. Cun menor crecedemento, pero tamén positivo, foi a variación en graneis líquidos, un 11,2%, debido, esencialmente, ao incremento dun 24,1% en portos xestionados pola Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao. Tamén, ao contrario do sucedido en España, o volume do tráfico portuario galego en 2022, 35.015.266 toneladas, superaron de forma ampla as cifras de 2019, 33.059.830 toneladas.

O comportamento en cada un dos portos xestionados polas cinco autoridades portuarias en 2022 foi o seguinte.

O porto da Coruña experimentou un incremento no tráfico dun 25,4% explicable, ante todo, polo crecedemento, xa comentado, en graneis sólidos e tamén por un maior dinamismo dos graneis líquidos. As dúas mercadorías absorberon o 93,3% do tráfico total. Foi o maior incremento dos rexistrados nos portos españois, por encima dos portos de Ceuta (22,2%) e de Alacante (22,7%).

En canto aos graneis sólidos, cabe destacar o impulso logrado polo transporte realizado desde o porto exterior da Coruña, Punta Langosteira, nos produtos agroalimentarios e, máis en concreto, no penso para a alimentación animal. Nese ano alcanzáronse cifras récor e A Coruña consolídase como a referencia no noroeste español neste transporte, a pesar da crise e da subida dos prezos. Doutra banda, o goso dos graneis líquidos, que experimentaron un aumento dun 6,5%, constitúe o transporte de cru desde a refinería coa que conta Repsol na Coruña. As restricións e a crise da subministración de petróleo non se visualizaron nos resultados da factoría coruñesa. A mellor dinámica tamén se estende ao transporte de mercadoría sen contedores, siderurxia e produtos da construción, sobre todo. Mentres, os resultados da pesca non son positivos ao rexistrar unha leve caída do 0,9%. A incerteza sobre a súa traxectoria proseguirá nos próximos anos ante as decisións que está a tomar a Unión Europea sobre o sector pesqueiro e a evolución dos prezos da enerxía e das subministracións.

Unha das noticias máis relevantes que afectan os portos da Coruña é o avance na construción da ligazón ferroviaria con Punta Langosteira que, en principio, se prevé inaugurar en 2026, e a liberación de terreos do porto interior conforme se vaian trasladando actividades ao novo porto exterior. Iso podería supoñer que a cidade dispuxese de 6,4 hectáreas máis que se urbanizarían para diferentes usos. Esta reurbanización, xa prevista inicialmente coa construción do porto exterior, parece máis próxima tras os problemas que foron xurdindo na última década.

En novembro de 2022 a compañía danesa Maercks anunciou o seu interese por instalar en Galicia, posiblemente en Punta Langosteira, unha planta de metanol verde destinado ao abastecemento da súa frota. Trátase dun proxecto de gran dimensión (roldaría os 2 mil millóns de euros) e sería o máis importante doutros seis proxectos que tamén se anuncian, case todos eles vinculados ás enerxías renovables.

Estes investimentos xunto á conexión ferroviaria, que ampliará de maneira significativa o ámbito de influencia desta infraestrutura, poderían permitir ir sufragando a cuantiosa débeda xerada desde o inicio das obras e da que demos conta nos sucesivos *Informes*.

Os portos xestionados pola Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao tamén alcanzaron un notable incremento da súa actividade en 2022. O seu tráfico portuario aumentou con respecto a 2021 un 18,3% grazas á achega de todos os tipos de mercadorías máis relevantes. O transporte de graneis sólidos, que absorbían o 58,2% do total, creceu un 14,4%. Pola súa banda, os graneis líquidos fixérono un 24,1%. Con todo, a variación máis elevada produciuse no tráfico de contedores, cuxas cifras, 411.629 toneladas, supoñen multiplicar por tres as alcanzadas en 2021. Este espectacular incremento contrarrestou a caída no tráfico do transporte convencional de mercadorías.

Parece evidente que o máis destacable foi o tráfico de contedores da terminal xestionada pola sociedade turca Yilport no porto exterior de Ferrol. Esta modalidade experimentou un grande impulso en 2022 e tamén o terá en 2023 grazas á apertura de novas rutas. O resultado de 2022 viuse favorecido pola apertura do servizo X-Press Feeders, que ao conectar o porto de Ferrol co de Alxeciras logrou acceder a múltiples portos de todos os continentes. Ademais, xa en 2023, abriuse unha nova liña de tránsito rápido á península escandinava na que, polo camiño, se poderán tocar outros portos e descargar produtos frescos. Xunto con estas novidades, e do mesmo xeito que no porto exterior da Coruña, estase á espera da finalización das obras da ligazón ferroviaria, en principio prevista para 2024, co que tamén se poderá ampliar a área de influencia do porto ferrolán.

En canto ao tráfico de graneis tanto líquidos como sólidos, cabe destacar o peso do gas licuado natural, o fuel óleo, a madeira e o carbón. Sobre este último cómpre indicar que a central de Endesa, coa crise enerxética, volveu importar carbón. En todo caso, o consello de administración desta sociedade aprobou en 2022 un acordo con Enel (principal accionista de Endesa) para que poida utilizar o seu espazo portuario para xestionar subministracións de carbón ao mundo. Este acordo estará vixente polo menos durante un ano e permite a utilización dun espazo antes moi empregado na subministración de carbón para a planta das Pontes.

A diferenza dos portos do Estado do norte galego, no porto de Marín-Pontevedra reduciuse nun 2,8% o número de toneladas que se transportaron en 2022 con respecto a 2021. Apareciouse un aumento en todos os tipos de tráfico salvo na mercadoría transportada de modo convencional, cuxo tráfico descendeu un 24,9%. Iso non puido ser contrarrestado pola evolución positiva do tráfico de contedores e de graneis sólidos. A explicación do resultado total negativo, debido ao transporte da mercadoría en xeral, hai que buscala no transporte efectuado por Ence, cuxa carga de pasta de papel diminuíu en 176 mil toneladas. Esta caída, debida á parada na actividade por mor das circunstancias meteorolóxicas, non puido ser compensada pola madeira ou polos produtos destinados á xeración de enerxía eólica. Doutra banda, o transporte de graneis sólidos, que representaban en 2022 o 49,1% do total do seu tráfico portuario, mantivo un elevado dinamismo, similar ao de 2021. Neste ámbito cabe destacar o papel deste porto como centro de distribución de granxas en Galicia. Dos produtos transportados destacan os cereais e as fariñas. Tamén sobresaen o transporte de achas.

A actividade no porto de Vilagarcía en 2022 foi lixeiramente inferior á de 2021. As 1.497.857 toneladas transportadas supoñen, con todo, o segundo mellor rexistro da súa historia, tan só superado polos resultados de 2021, 1.511.869 toneladas. Neste caso, a pequena caída no transporte produciuse pola desaceleración experimentada en todos os conceptos coa excepción dos graneis líquidos. Todo apunta a que en 2023 se volverá alcanzar outro récord. O número de toneladas transportadas en 2022 supoñían o 4,3% do tráfico dos portos galegos de interese xeral. De entre o transportado sobresaen o segmento de mercadoría convencional e os graneis sólidos. As mercadorías máis habituais de transporte deste porto son aluminio, tableiro, cuarzo, urea, metanol e aceite.

En canto á perspectiva de futuro desta infraestrutura cabe subliñar o avance que suporá dispoñer dunha conexión directa coa autoestrada AP-9, o que mellorará a súa área de influencia. Tamén en virtude de varios convenios procedeuse á venda da antiga Comandancia de Mariña ao concello, terreos nos que a Consellería de Sanidade construíra un novo centro de saúde.

Finalmente, o tráfico portuario do porto de Vigo caeu un 2% con respecto a 2021 debido ao descenso na carga de contedores dun 11%, que non foi contrarrestado polo crecemento no tráfico de mercadoría convencional, nun 22,9%. Estes dous segmentos absorben o 89,4% de todo o tráfico deste porto e tamén representan o 52,3% do que se transporta en Galicia. Desde a Autoridade Portuaria valóranse estes resultados obtidos nun exercicio que cualifican como moi difícil, froito dunha acumulación de factores

esóxenos, sinalados reiteradamente neste informe. Aínda así, China consolídase como o principal socio en tráfico de contedores, seguida de Marrocos, Estados Unidos e Brasil.

En canto ás mercadorías transportadas obsérvase un incremento no tráfico de conservas de peixe, así como en hortalizas, legumes e metais. O transporte dos vehículos automóbiles é de vital importancia no Porto de Vigo. Como cabería esperar cos problemas que en 2022 tivo este sector, o tráfico Ro-Ro caeu un 8,06%, pasando de 1.071.527 toneladas en 2021 a 985.138 en 2022. Fóronse acumulando stocks de vehículos nos lugares de almacenamento vigués debido á crise loxística que experimentaron moitos dos portos europeos de destino deste produto. A distribución complicouse pola falta de buques que efectuasen o transporte e, tamén, pola escaseza de condutores para o seu traslado posterior. En toneladas, o volume de pesca fresca transportada caeu en 2022 un 7%, pero ante a variación nos prezos o seu valor incrementouse un 3%.

En canto á mellora das infraestruturas, desde a Autoridade Portuaria insístese na necesidade de conectar por vía férrea a terminal de Bouzas, obra de gran complexidade e cun evidente impacto urbanístico na cidade olívica. Tamén implica actuacións ferroviarias a aprobación do apartadoiro ferroviario na Plisan. Prestará servizos loxísticos, de tal modo que se construírá un centro intermodal de transporte de mercadorías que estará conectado á rede ferroviaria. Neste momento o principal obxectivo parece estar en unir a Plisan coa terminal de Guixar.

Finalmente, no cadro 10 contéplase que en 2022 aumentou en Galicia tanto o número de contedores transportados, un 3,45%, como o de barcos que entraron nos portos de interese xeral (un 4,5%). En canto a estes últimos, xunto co transporte de mercadorías tamén contempla o traslado de viaxeiros, que, segundo as estatísticas do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, en Galicia son todos cruceiristas. Así, en 2022 recuperouse o tráfico de cruceiros en todos os portos galegos de interese xeral. Fronte aos 68 barcos que entraron en 2021, en 2022 fixérono 248, os cales se concentraron nos portos da Coruña (137) e Vigo (91). Este número de barcos supera amplamente os de 2019, 196. Cabe caracterizar como positiva a traxectoria desta actividade. Galicia recibiu en 2022 un total de 410.638 cruceiristas, superando A Coruña a Vigo en algo menos de 50 mil pasaxeiros. Estamos nun segmento en expansión polo que, á marxe da crise existente e das que poidan vir, as cifras anteriores previsiblemente mellorarán nos próximos anos.



## VIII. Sector turístico

- O ano 2022 supuxo o retorno á normalidade tras o parón que padeceu o sector turístico debido á pandemia da COVID-19.
- O número de chegadas anuais superou os 10 millóns en Galicia en 2022.
- Santiago de Compostela segue a ser o principal xeodestino de Galicia en canto ás pernoitas, con máis de dous millóns. Os turistas de fóra de Galicia supoñen máis do 86% das mesmas. Ségueno en importancia os xeodestinos litorais e os principais espazos urbanos.
- Os turistas en Galicia gastaron case 4 mil millóns de euros en 2022; en concreto, 3.844.800.000 euros, un valor moi elevado e que supón un incremento do 59% en relación a 2021.
- O menor gasto diario corresponde ao turista galego, con 40 euros de media diaria. O do resto de España gasta 66 euros, mais son os turistas estranxeiros os que teñen un maior gasto medio diario, con 124,5 euros.
- A estacionalidade segue a ser unha característica fundamental do turismo en Galicia, o que se aplica a todos os tipos de aloxamento.
- O turista internacional é o que máis tempo fica en Galicia, cunha media de 9,5 noites por estada. O turista doméstico español queda 6,9 noites por estada. No turista galego a estada redúcese a 2,8 noites.
- Estase a producir un notable auxe das vivendas de uso turístico, o que introduce un elemento de ruptura no sector. A competición de aloxamentos legais con outros ilegais demanda medidas de xestión áxiles e decididas que regulen o sector e impidan prácticas que poidan ter consecuencias perversas para o modelo territorial.
- As restricións á mobilidade internacional supuxeron o derrubamento das cifras de chegada de peregrinos internacionais durante a pandemia. Porén, en 2022 a recuperación do turismo internacional reverteu claramente a tendencia. O Camiño Francés segue a ser o máis frecuentado, pero o resto dos camiños teñen cada vez máis peso absoluto e relativo.
- Dentro da rama de actividade turística, os empregados nos servizos e comidas son os máis numerosos, por encima dos 58 mil activos.



Tras o "cisne negro" dos anos 2020 e 2021, debido á pandemia da COVID-19, 2022 marcou por fin un cambio de tendencia no sector turístico galego. É preciso ter en conta que o turismo, polas súas características intrínsecas, viuse fortemente afectado polas circunstancias pandémicas, que causaron un gran quebranto en todo o sector. A natureza da actividade turística, que implica sempre un desprazamento físico e que se caracteriza por un produto que debe ser consumido *in situ*, fixo inevitable un forte parón que só comezou a superarse a medida que se suavizaron as restricións impostas pola pandemia.

A pesar da rápida reacción do Goberno autonómico de Galicia ao pouco de declararse a COVID-19 e do apoio prestado ao sector, non foi ata a xeneralización da vacina cando se conseguiu comezar a superar a conxuntura negativa. Neste sentido, a aplicación da primeira dose da vacina en grandes segmentos da poboación antes dos meses de xullo e agosto de 2021 permitiu "salvar" a campaña estival en moitos establecementos turísticos galegos. Mais a normalidade só se comezará a retomar no ano 2022, no que a inmensa maioría da poboación europea xa estaba vacinada e, polo tanto, recuperaba a mobilidade anterior á crise sanitaria.

Á hora de analizar a evolución dos datos do sector turístico en 2022 e, sobre todo, ao comparalos cos do ano 2021, é preciso, xa que logo, ser conscientes da anormalidade da conxuntura. Non obstante, o desexo de retomar a normalidade tras tantos meses de restricións e a vontade de "recuperar o tempo perdido" levaron a un destacado incremento das viaxes e das estadias turísticas en 2022. É o coñecido como *revenge tourism*, ou vinganza dos turistas contra as circunstancias adversas que significou a pandemia.

## Volume de turistas e gasto

En Galicia, se atendemos ás chegadas anuais, é preciso indicar que se superaron amplamente os 10 millóns de turistas. Segundo datos da Área de Estudos da Axencia Galega de Turismo da Xunta de Galicia (cadro 1), en concreto, 10.723.800 persoas realizaron turismo na comunidade autónoma, incluíndo turismo interior galego, turismo doméstico (do resto de España) e turismo estranxeiro; que foi o que máis creceu en relación a 2021, acadando un incremento do 64,9%, un valor que hai que relacionar de forma clara coa conxuntura pandémica. En 2021 aínda non estaba plenamente consolidada a mobilidade internacional, sobre todo a aérea. Non obstante, en 2022 o restablecemento da mobilidade internacional traducíuse na chegada de 1.273.700 turistas de fóra de España que visitaron a nosa comunidade autónoma.


Cadro núm. 1

**Volume de turistas en Galicia segundo lugar de procedencia.** Ano 2022

	Miles de persoas	% variación 2021-2022
Galicia	5.761,7	-0,2
Resto de España	3.688,3	44,7
Estranxeiro	1.273,7	64,9
<b>Total</b>	<b>10.723,7</b>	<b>17,9</b>


Fonte: *Informe anual de Turismo en Galicia* (2022). Axencia de Turismo de Galicia.

Gráfico 1  
Xeodestinos na rexión galega



En Galicia, se atendemos ás chegadas anuais, é preciso indicar que se superaron amplamente os 10 millóns de turistas. Segundo datos da Área de Estudos da Axencia Galega de Turismo da Xunta de Galicia (cadro 1), en concreto, 10.723.800 persoas realizaron turismo na comunidade autónoma, incluíndo turismo interior galego, turismo doméstico (do resto de España) e turismo estranxeiro; que foi o que máis creceu en relación a 2021, acadando un incremento do 64,9%, un valor que hai que relacionar de forma clara coa conxuntura pandémica. En 2021 aínda non estaba plenamente consolidada a mobilidade internacional, sobre todo a aérea. Non obstante, en 2022 o restablecemento da mobilidade internacional traducíuse na chegada de 1.273.700 turistas de fóra de España que visitaron a nosa comunidade autónoma.


Pola súa banda, o turismo interno galego permaneceu constante (acusando só unha lixeira baixada do -0,2%), ao tempo que o volume de turistas procedentes do resto de España rexistrou un incremento do 44,7%. Esta porcentaxe, se ben é inferior á dos turistas estranxeiros, parte dun número de turistas máis elevado nos peores momentos da pandemia, cando o turismo doméstico era o máis habitual debido ás restricións. En calquera caso, Galicia en 2022 volve consolidarse como un importante destino dentro de España, recibindo 3.688.300 turistas do resto do Estado. Neste sentido cómpre salientar que Galicia soubo situarse de xeito moi intelixente nos anos pandémicos, promovéndose como un destino seguro. O turismo en espazos abertos e ao aire libre, o Camiño de Santiago e outras tipoloxías como o turismo rural foron fundamentais na estratexia galega; tal e como se



con máis de 2.124.130, sendo os turistas de fóra de Galicia (86,02%) os que adoitan quedar a durmir na cidade.

- Os catro seguintes xeodestinos por número total de pernoitas responden a áreas costeiras. Mentres que o xeodestino A Coruña e As Mariñas se localiza nas Rías Altas; os outros tres (ría de Arousa, ría de Vigo e Baixo Miño, ría e Terras de Pontevedra) están nas Rías Baixas. Estes últimos, xunto con Santiago de Compostela, forman parte do imaxinario turístico clásico de Galicia na promoción exterior, pero tamén entre os propios turistas galegos. Non obstante, tamén hai que ter en conta as cidades da Coruña e Vigo, os dous espazos urbanos de referencia na rexión, que posúen moitos atractivos turísticos; entre os que destacan a súa paisaxe costeira, así como o seu patrimonio e actividades culturais. Un feito interesante é que en todos os xeodestinos a relación entre turistas de fóra de Galicia e o número de turistas totais é máis ou menos proporcional.
- Nos catro seguintes destinos por orde de pernoitas a compoñente litoral segue sendo fundamental para explicar a importancia do turismo. Agás Lugo e Terra Chá, os outros tres xeodestinos son espazos costeiros: Mariña luguesa, Ferrolterra e Costa da Morte.
- No resto dos xeodestinos acontece o contrario. Todos eles son de interior, agás a ría de Muros e Noia, a menos desenvolvida das Rías Baixas desde o punto de vista turístico. O tipo de turista que adoita vitalos busca principalmente a tranquilidade asociada ao turismo rural e o gozo de espazos pouco masificados, lonxe das grandes cidades. Terras de Ourense e Allariz, Ribeira Sacra e O Ribeiro son bos exemplos de espazos onde o turismo rural é o gran protagonista, apoiado na oferta gastronómica, enoturística e patrimonial. Ademais, hai que ter en conta a importancia dos diferentes Camiños de Santiago como elementos vertebradores do territorio. Curiosamente, nalgun deles en torno ao 50% (Celanova-Limia, Deza-Tabeirós) e mesmo o 60% (O Ribeiro, Manzaneda-Trevinca) das pernoitas corresponden a poboación galega.

No que se refire ao gasto dos turistas en Galicia, o total é de case 4 mil millóns de euros en 2022. En concreto, o gasto foi de 3.844.800.000 euros, un valor moi elevado e que supón un incremento do 59% en relación a 2021, cando o aumento do número de visitantes para o mesmo período foi de só un 17,9%. Esta circunstancia está directamente relacionada coa subida dos turistas estranxeiros, que teñen unha



puxo de manifesto na estratexia Galicia Destino Turístico Seguro, encargada polo Clúster de Turismo de Galicia aos centros de investigación turística das tres universidades galegas.


Desde o punto de vista territorial, o turismo tivo unha incidencia moi diversa nos 26 xeodestinos galegos (gráfico 1). A partir da análise das noites en aloxamentos turísticos segundo xeodestinos e tendo en conta a procedencia dos viaxeiros percíbense unha serie de tendencias moi claras (gráfico 2):

- Santiago de Compostela é o principal xeodestino en canto ás pernoitas de toda Galicia

maior capacidade de gasto. Así, aínda que só supuxeron o 11,88% do total dos turistas en 2022, os estranxeiros realizaron o 39,19% do gasto (gráfico 3). Pola contra, os turistas do resto de España fixeron un gasto menor, só o 34,4%, malia que significan o 44,2% do total. Isto dá unha boa idea da desigualdade na capacidade de compra do turismo doméstico fronte ao internacional. Os turistas galegos, pola súa banda, foron máis da metade do total, pero os que menos gastaron, cun exíguo 16,61% do total. Os efectos da saída da pandemia volven evidenciarse se atendemos á variación do gasto entre 2021 e 2022. De novo, son especialmente relevantes no

turismo internacional, cunha variación dun 114,2%, un valor que só se pode explicar pola anormal conxuntura pandémica. Como era de agardar, a porcentaxe é bastante menor, cun 51,9%, para o gasto do turismo doméstico (procedente do resto de España).

Para ver con máis nitidez o que acabamos de indicar é conveniente recorrer ao gasto medio diario que realizan os turistas en destino segundo o seu lugar de residencia (gráfico 4). Deste xeito teremos un valor sintético moi claro que nos permitirá entender visualmente as diferenzas existentes. O que menos gasta é o turista interior galego, con menos de 40 euros de media diaria. Hai que ter presente non só que posúe menos capacidade de gasto, senón que se trata tamén do tipo de turista no que é máis habitual a modalidade de aloxamento en segundas residencias, onde non se realiza gasto en aloxamento e tamén é menor




Cadro núm. 2

**Establecementos de aloxamento turístico en Galicia.** Agosto de 2022.

	Número de establecementos	Número de prazas
Hotel	927	56.852
Pensión	1.315	23.227
Albergue turístico	461	15.706
Turismo rural	541	6.801
Campamento turístico	139	34.914
Apartamento turístico	350	10.698
Vivenda turística	223	1.222
Vivenda uso turístico	14.068	74.661

Fonte: IGE.



o gasto en hostalería. O valor sobe de forma considerable para os turistas do resto de España, con máis de 66 euros de gasto diario. Por último, no caso dos turistas estranxeiros o gasto medio diario é de 124,5 euros; un dato que case duplica o do turista doméstico español e máis que triplica a media diaria do turista interior galego. Non é só que este turista teña unha maior capacidade de gasto e que pague en divisas en moitos casos, senón que o tipo de aloxamento maioritario é o hoteleiro, como veremos máis adiante.

## Oferta de aloxamento turístico

A análise das distintas modalidades de aloxamentos turísticos, tanto no relativo á oferta de establecementos como ao número de prazas e persoal ocupado, baséase na consulta de dúas fontes principais: o Instituto Galego de Estatística (IGE) e o Instituto Nacional de Estadística (INE). É importante destacar que ambas as fontes presentan certas diverxencias debido a que empregan metodoloxías diferentes. Porén, consideramos oportuno recoller a información que as dúas facilitan, posto que as tendencias que apuntan son coincidentes.

En Galicia existen 18.024 establecementos de aloxamento turístico (cadro 2), dos cales o 78,05% responde a vivendas de uso turístico, o 7,3% a pensións e un 5,1% a hoteis. En termos de número de prazas, as vivendas de uso turístico seguen acaparando o protagonismo, ao representar o 33,3%; seguidas en importancia dos establecementos hoteleiros, cuxas 56.812 supoñen o 25,37% das totais. Os 541 establecementos de turismo rural significan algo menos de 7 mil prazas (3%); ao tempo que os albergues turísticos con 461 establecementos ofertan 15.706 prazas, e os 139 campamentos turísticos case 35 mil.

Con respecto á dimensión territorial da especialización turística, a análise da ratio do número de prazas de aloxamento por cada 100 habitantes a escala municipal ofrece unha visión moi fiel das diferenzas segundo os concellos (gráfico 5):

- As maiores ratios atopámolas en primeiro lugar en concellos costeiros, debido ao maior atractivo que teñen os espazos litorais para a práctica do turismo. Este feito pódese apreciar claramente nos concellos das Rías Baixas, Costa da Morte e A Mariña luguesa. No caso dalgúns concellos da Costa da Morte con ratios superiores a 40 prazas por 100 habitantes, o valor tan elevado non obedece á oferta existente senón ao cativo volume de poboación.
- En segundo lugar destacan unha serie de concellos situados na contorna do Camiño Francés de Santiago de Compostela, o máis transitado e onde a promoción turística ten unha maior antigüidade e tradición.
- Asemade, semella que a explosión do turismo rural nos últimos decenios converteu pequenos municipios do interior en puntos de especial importancia en canto á oferta turística. Isto é especialmente relevante naqueles situados na Ribeira Sacra luguesa ou ben na Raia Seca ourensá. O mesmo acontece en concellos da "alta montaña" galega situados nas Serras Orientais.
- En canto aos municipios con máis prazas turísticas, dos que falamos con anterioridade, ao empregar os valores relativos non están en postos tan altos. Isto é debido a que contan con economías moito máis diversificadas e especializadas. Pola contra, son municipios menos poboados e máis rurais aqueles nos que a especialización turística é maior.

Cadro 3.  
Evolución mensual de oferta de aloxamentos turísticos en Galicia. Ano 2022

	Hoteis	Campamentos turísticos	Aloxamentos de turismo rural
Xaneiro	1.034	21	284
Febreiro	1.083	25	299
Marzo	1.197	27	358
Abril	1.410	51	420
Maio	1.477	49	434
Xuño	1.553	101	459
Xullo	1.765	132	471
Agosto	1.793	132	456
Setembro	1.732	94	461
Outubro	1.474	35	417
Novembro	1.224	29	350
Decembro	1.092	27	326

Fonte: INE

que haxa moi poucos establecementos que permanezan abertos durante o inverno. A situación contraria é a dos hoteis, onde a meirande parte dos establecementos localizados nas cidades permanecen abertos todo o ano debido á maior diversidade de turistas que os frecuenta (turismo cultural, de compras, de negocios etc.). Un aspecto interesante que hai que ter en conta é que o máximo de oferta hoteleira prodúcese no mes de agosto, con 1.793 establecementos que ofrecen prazas, fronte aos 1.765 establecementos de xullo. Isto está en relación cunha demanda máis tradicional para este tipo de establecementos, que desfruta das súas vacacións en agosto.

Unha situación semellante á dos hoteis (cunha ratio de 1,65) é a das casas de turismo rural, que rexistran unha ratio de estacionalidade moi parecida. Na práctica, estes establecementos teñen un comportamento moi semellante ao dos hoteis, pois funcionan todo o ano, aínda que a ocupación é moi baixa nos días laborables e se incrementa de maneira significativa as fins de semana, pontes e vacacións de Semana Santa ou outras similares.

Cadro núm. 4  
Evolución mensual de oferta de prazas en aloxamentos turísticos en Galicia

	Hoteis	Campamentos turísticos	Apartamentos turísticos	Aloxamentos de turismo rural
Xaneiro	42.842	5.743	5.387	3.645
Febreiro	46.328	7.097	5.651	3.839
Marzo	50.238	9.012	5.238	4.690
Abril	59.592	14.653	7.097	5.603
Maio	61.577	14.682	6.495	5.753
Xuño	65.277	32.073	7.914	6.114
Xullo	72.798	39.725	9.702	6.289
Agosto	73.508	39.814	9.480	6.112
Setembro	70.069	27.547	8.571	6.161
Outubro	62.325	7.849	7.284	5.539
Novembro	51.146	6.396	6.268	4.495
Decembro	45.583	5.322	6.737	4.161

Fonte: INE.

A enquisa de ocupación hoteleira ao longo do ano (cadro 3) permite comprobar que en todos os tipos de aloxamento existe unha marcada estacionalidade. Loxicamente, esta é maior no caso dos campamentos turísticos, onde a ratio entre o mes con maior e menor oferta de aloxamento é superior a 6 (dividindo os 132 de xullo entre os 21 de xaneiro obtemos un valor de 6,28).

Pola contra, no caso dos hoteis esta ratio é inferior a 2, en concreto 1,73. É evidente que a práctica do campamento turístico está moi condicionada polo bo tempo, o que explica

Os contrastes tamén son marcados en relación ás prazas ofertadas ao longo do ano (cadro 4). Os hoteis son os que ofrecen un maior número, acadando máis de 73 mil en agosto, o mes de maior oferta. Este valor é un 50% do que acadan os campamentos turísticos no mesmo mes, rexistrando algo menos de 40 mil prazas. En canto aos apartamentos turísticos e aos aloxamentos de turismo rural, o mes de máis oferta de prazas é xullo nos dous casos, con algo menos de 10 mil no primeiro e algo máis de 6 mil no segundo. Respecto dos campamentos turísticos, a ratio de




prazas ofertadas no mes agosto e xaneiro é de 7,48. No resto de modalidades de aloxamento turístico, os valores son moi semellantes para hoteis (1,71), turismo rural (1,72) e apartamentos turísticos (1,80).

Como conclusión xeral é preciso indicar, polo tanto, a diferenza de comportamento entre os campamentos turísticos e o resto dos aloxamentos. En Galicia, o campamento turístico é un tipo de aloxamento moi vencellado ao período estival (meses de xuño, xullo e agosto fundamentalmente) e localizado de xeito maioritario en espazos litorais. É, xa que logo, unha modalidade de aloxamento relacionada co turismo litoral e co turismo de sol e praia, que en Galicia se concentra sobre todo nas Rías Baixas. O resto dos aloxamentos, segundo as cifras de oferta, de persoal empregado e de prazas ofertadas, rexistran unha menor estacionalidade debido ao uso por tipos de turismo diferente (cultural, de negocios, de compras etc.), que se reparten dun xeito máis homoxéneo ao longo de todo o ano.

En relación ás pernoitas, o turismo internacional é o que máis tempo fica en Galicia, cunha media de 9,5 noites por estadia. Os turistas do resto de España pernoitan unha media de 6,9 noites por estadia e no mercado turístico galego a duración da estadia redúcese a 2,8 noites. Sen dúbida hai moitos contrastes internos en Galicia en función de que os destinos sexan urbanos ou non. Así, no caso de cidades e contornas urbanas próximas aos aeroportos, as estadias dos turistas nacionais e internacionais adoitan ser menores. Pola contra, son maiores nos espazos rurais, para o turismo en áreas litorais vencellado ao sol e praia estival ou, por suposto, entre os que se achegan a Galicia realizando calquera dos Camiños de Santiago.

Como dicíamos anteriormente é importante debullar as relacións que existen entre as variables gasto, duración da estadia e tipo de aloxamento empregado polos turistas. Para o conxunto dos turistas en Galicia, a modalidade de aloxamento máis empregada é a que en inglés se denomina VRF (*visiting relatives and friends*). Como o seu nome indica, trátase de pernoitar en casas de familiares ou amigos, co cal o

gasto en aloxamento é nulo e, polo tanto, o impacto sobre a economía desta modalidade é menor. En calquera caso, hai grandes diferenzas tamén segundo a procedencia dos turistas. No caso do turismo interior galego, este supón o 52,7% do total dos aloxamentos empregados. O valor sitúase en 31,5% para os turistas do resto de España e, como era de agardar, acada o valor máis baixo para o turista internacional, con só un 10,1%. De todos os xeitos, este último é un valor notable, o que hai que relacionar co turismo de raíces (visitas de emigrados que retornan en vacacións a Galicia) ou co incremento de fenómenos como o turismo vinculado aos intercambios estudiantís (Erasmus no caso europeo).



É ben sabido que o turismo hoteleiro é o que ten un impacto máis directo e positivo sobre as sociedades e os territorios turísticos de inserción, en canto á xeración de postos de traballo locais e ás sinerxías positivas que provoca en relación con provedores locais (alimentación, servizos varios etc.). Neste sentido cómpre salientar de novo que o turismo internacional é o que fai uso en maior medida de aloxamentos hoteleiros (gráfico 6). As pernoitas dos turistas de fóra de España supoñen o 72,9% do total, mentres que para os turistas do resto de España só significan o 37,3%. O valor máis baixo é, como cabía agardar, para o turista interno galego, no cal só o 10,4% das pernoitas son feitas en establecementos hoteleiros. Esta modalidade de aloxamento é a outra cara da moeda se a comparamos coa de VRF, xa que implica o maior volume de gasto por noite e o consumo dun grande abano de servizos complementarios.

O aloxamento turístico nunha vivenda en propiedade é outra das tipoloxías que resulta interesante analizar. É o que se coñece como "turismo residencial". Como xa dixemos, a súa rendibilidade para os sistemas turísticos locais é moi cativa. Como é de agardar, os valores máis altos de pernoitas en vivendas en propiedade corresponden ao turismo interior galego, ao representar o 23,1% do total. En moitos casos, estamos ante familias e particulares galegos que mercaron un apartamento ou unha casa nas Rías Baixas ou noutros puntos do litoral galego, e que seguen un patrón de turismo fortemente estacional. As estadias turísticas adoitan realizarse en Semana Santa, verán ou pontes determinadas ao longo do ano, preferiblemente na primavera ou no verán. No resto do ano, estas vivendas permanecen con frecuencia coas "persianas baixadas".



As grandes melloras na redes de transporte e na accesibilidade a Galicia desde o resto de España explican que as pernoitas en vivendas en propiedade acaden un 8,4% para os turistas do resto de España. Pola contra, o seu valor para o turismo internacional é moito máis cativo, supoñendo un 3% do total. Sen dúbida, Galicia aínda está lonxe da importancia do turismo residencial en espazos como a Costa do Sol, a Toscana ou a Costa Azul; lugares onde esta modalidade acada valores moito máis elevados.

É interesante sinalar, por outra banda, o gran crecemento das pernoitas en "outros aloxamentos de mercado". Baixo esta epígrafe recóllense as pernoitas en pisos turísticos e similares. Trátase dunha tipoloxía que experimentou un notable aumento nos últimos anos debido á xeneralización da utilización de Internet entre o conxunto da poboación e ao éxito de plataformas como Airbnb e similares. A eliminación de intermediarios, a facilidade da comercialización a través das plataformas online e o grande incremento da oferta fan posibles uns prezos máis económicos que os que se ofrecen a través da oferta convencional.

Neste contexto é interesante observar que o tipo que máis emprega este aloxamento é o turista do resto de España, cun 21,9% do total das pernoitas. Máis selectivo é o internacional, cun 12,1%, e cun maior nivel de gasto, polo que opta, como xa vimos, polos aloxamentos hoteleiros en maior medida. O valor é inferior no caso do turismo interior galego, pero sitúase nun 11,2%; unha cifra relevante tendo en conta que se despraza dentro da comunidade autónoma.

A proliferación de vivendas de uso turístico nos últimos anos está supoñendo un importante desafío en moitas cidades galegas. Aínda que moitas destas vivendas están na oferta turística de xeito legal, existe un mercado de VUT (vivendas de uso turístico) paralelo non legal que supón unha importante ameaza para o mercado inmobiliario e pode ameazar a sostibilidade urbana. A proliferación de VUT sen regular implica un incremento das externalidades negativas do turismo (ruídos, expulsión de poboación residente local, turistificación, banalización etc.) e a longo prazo pode supor a destrución do tecido social local que sustenta a vida urbana. Por outra banda, se ben a turistificación e xentrificación son dous procesos diferentes, poden desenvolverse en paralelo, e urxen a políticos e xestores públicos a planificar e xestionar o turismo en tempo real e con claros criterios de sostibilidade. En cidades como Santiago de Compostela, a proliferación de VUT está levando a un estrangulamento do mercado inmobiliario tanto de venda como de alugueiro. Na cidade hai 7,6 anuncios de Airbnb por cada mil habitantes, unha cifra similar á de Berlín, Londres ou Bolonia, e segundo o IGE existían na cidade 724 VUT (con 3.679 prazas), pero que, segundo o concello de Santiago, non reunían os requisitos esixidos para poder abrir. A isto súmase o feito de que a tensión entre alugueiros turísticos e residenciais tradicionais está determinando que os estudantes non atopen pisos de alugueiro a un prezo accesible na cidade e teñan que residir fóra ou desprazarse diariamente desde distancias cada vez maiores.

Se nos achegamos á análise da distribución espacial da vivenda de uso turístico (cadro 5), os contrastes son ben evidentes. Examinando os datos de agosto de 2022, cun total de case 16 mil vivendas turísticas

Cadro núm. 5

**Vivenda de uso turístico (VUT) en Galicia.** Datos a agosto de cada ano

	Vivendas turísticas		Prazas		% variación 2021-2022	
	2021	2022	2021	2022	Vivendas	Prazas
A Coruña	5.244	6.109	27.922	32.336	16,50	15,81
Lugo	1.789	2.233	9.574	11.884	24,82	24,13
Ourense	669	792	3.670	4.341	18,39	18,28
Pontevedra	5.800	6.832	31.587	36.721	17,79	16,25
<b>Galicia</b>	<b>13.502</b>	<b>15.966</b>	<b>72.753</b>	<b>85.282</b>	<b>18,25</b>	<b>17,22</b>


Fonte: INE

en Galicia, arredor de 13 mil delas (que constitúen o 40%) localízanse nas provincias occidentais da Coruña e Pontevedra. Na da Coruña destaca, sobre todo, a cidade de Santiago de Compostela, mentres que a de Pontevedra acada o valor máximo, fundamentalmente pola incidencia do turismo de sol e praia en todos os concellos costeiros das Rías Baixas (ría de Arousa, Pontevedra e Vigo), como se pode ver no gráfico 7.


En calquera caso é evidente que o factor litoral é clave para explicar a proliferación das vivendas de uso turístico, como se aprecia se comparamos as provincias de Lugo e Ourense. Mentres que a primeira supera amplamente as dúas mil VUT, localizadas na súa meirande parte na costa da Mariña luguesa; a provincia de Ourense (a única sen litoral) rexistra menos de 800. A comparación do número de VUT en relación a 2021 amosa un incremento do 18,25% a escala Galicia, sendo a provincia de Lugo a que rexistrou un maior incremento (24,82%) debido a que partía de niveis de desenvolvemento turístico máis baixos. Se atendemos ás prazas en VUT, os paralelismos repítense. Existe unha total hexemonía das provincias occidentais fronte ás orientais. Ao igual que no caso das vivendas turísticas, Pontevedra é a que conta con maior número de prazas, localizadas de xeito predominante nas Rías Baixas. Os mesmos contrastes que se observaban para as VUT poden ser trasladados no caso das prazas.

## A incidencia do camiño de Santiago na actividade turística


Se ben ata o momento estamos vendo que as conxunturas máis favorables ligadas ao sector turístico están asociadas ao litoral e, en concreto, ao litoral pontevedrés das Rías Baixas, a pesar de que a rexión galega non foi tradicionalmente un destino clásico de turismo de sol e praia; non se pode obviar que no interior de Galicia existe un elemento que cómpre ter en conta nunha lectura axeitada do territorio. Estamos a referirnos aos Camiños de Santiago, que percorren o país en todas as direccións.



O progresivo e continuo incremento de peregrinos e turistas vencellados aos diferentes Camiños de Santiago fixo necesario un aumento da oferta de aloxamento. En consecuencia, ao longo das rutas de peregrinación a Compostela existe unha importante oferta de aloxamentos en xeral (hoteis, pensións, albergues) e de VUT en particular, como se pode ver no gráfico 7. É precisamente en torno aos camiños que atravesan as provincias orientais (Lugo e Ourense) onde se pode apreciar mellor o contraste. Así, mentres que en moitos destes municipios como Samos, Triacastela ou Sarria hai máis de 20 VUT (máis de 60 no caso de Sarria), nos concellos limítrofes non atravesados polo Camiño Francés os valores son inferiores a 10. Algo semellante pode percibirse tamén no Camiño do Norte, no Camiño Primitivo, no de Inverno e na Vía da Prata. En todos estes casos obsérvase unha proliferación de vivendas de uso turístico nos concellos que atravesan os distintos camiños, que contrasta coa atonía dos municipios limítrofes.





Afondando no estudo sobre os Camiños de Santiago, hai varias tendencias que se desprenden da análise dos datos oficiais da evolución do número de peregrinos nos últimos anos e da evolución da estrutura segundo a orixe destes. En primeiro lugar, no gráfico 8 (referido ao número de peregrinos chegados a Santiago no período 2009-2021) chama a atención a enorme ruptura que supuxo no turismo a pandemia da COVID-19. Obsérvase unha forte caída (-84,4%) desde os 347 mil peregrinos do 2019 ata os 54 mil de 2020. Aínda que no ano 2021 comezou a recuperación (contabilizándose 178 mil), foi en 2022 cando esta foi absoluta ao rexistrar 438.321 peregrinos; mesmo superando os valores previos á pandemia.



En segundo lugar, o efecto de ruptura da pandemia tamén se aprecia na nacionalidade do peregrino que chegou a Galicia (gráfico 9). Desde o ano 2011 víñase observando un crecemento sostido e continuo dos estranxeiros, en relación coa progresiva internacionalización dos Camiños de Santiago. A posta en marcha de fortes restricións á mobilidade internacional supuxo na práctica un bloque

desta, o que se pode ver na evolución da ratio españois/estranxeiros entre 2019-2020. Así, mentres que no ano 2019 a porcentaxe de estranxeiros superaba sobradamente os nacionais, cun 57,9%, en 2020 ese valor descendeu ata o 31,6%.

Finalmente, cómpre sinalar que o éxito do fenómeno Xacobeo e das peregrinacións desborda xa o clásico itinerario de peregrinación, o Camiño Francés. Como se pode ver no gráfico 8, o peso relativo da antiga Vía Francixena entre o total das rutas de peregrinación é cada vez menor. No ano 2009, o 80% dos peregrinos que chegaban a Compostela empregaban esta ruta. A partir de 2019, a porcentaxe xa é sempre menor do 60%. Isto debemos relacionalo coa eficacia da promoción de novos camiños (Portugués, Norte, Primitivo, Vía da Prata, Inglés etc.), cada vez máis coñecidos e frecuentados. Desde xeito, conséguese unha descentralización territorial dos efectos beneficiosos do turismo vencellado aos Camiños de Santiago, algo que sempre foi visto como unha prioridade na planificación turística.



Cadro núm. 6  
**Persoal empregado segundo tipoloxía de aloxamento turístico**  
Galicia. Ano 2022

	Hoteles	Campamentos turísticos	Apartamentos turísticos	Aloxamentos de turismo rural
Xaneiro	3.958	54	407	463
Febreiro	4.472	57	405	471
Marzo	5.091	69	442	609
Abril	6.201	154	544	785
Maio	6.572	141	512	840
Xuño	7.184	442	567	835
Xullo	8.779	775	763	947
Agosto	8.840	866	766	994
Setembro	8.129	454	646	937
Outubro	7.067	94	537	820
Novembro	5.912	63	448	661
Decembro	5.179	59	494	604

Fonte: IGE.

unha maior contratación de man de obra estacional debido ao gran incremento da oferta de prazas no período estival.

## O emprego no sector turístico

O impacto da pandemia sobre a ocupación no sector turístico non tivo precedentes (gráfico 10). En tan só dous anos perdéronse 17.692 empregos, rexistrándose un descenso do 10,3% en 2020 e 4,4% en 2021. Foi en 2022 cando se albiscou unha melloría no grao de ocupación ao contabilizarse 109.980 persoas traballando no sector; o que supón un incremento do 3,7%, malia que estas cifras distan moito das alcanzadas no período prepandemia. Por rama de actividade dentro do sector (gráfico 11) son os empregados nos servizos e comidas os que teñen un maior peso con 58.072 persoas empregadas, un 7,8% máis respecto a 2021. Aínda que a continuación se sitúa a rama do transporte de viaxeiros con 20 mil ocupados, esta actividade rexistra unha variación anual negativa do 13,7%; todo o contrario ao que sucede nos servizos de aloxamento que presentaron un incremento no volume de ocupados do 19,2%.

No ámbito do emprego as diferenzas relativas entre a tempada alta e a baixa son igualmente significativas (cadro 6). Partindo dos datos referidos á poboación ocupada nos distintos tipos de aloxamento turístico observamos que, por exemplo, no caso dos apartamentos turísticos empregan 766 persoas no mes de agosto fronte a 407 en xaneiro. A diferenza no grao de empregabilidade é maior nos hoteles, pois este tipo de establecementos manteñen cadros de persoal mínimos superiores ao longo de todo o ano debido á súa estacionalidade. Polas súas propias características, nos aloxamentos de turismo rural e nos apartamentos turísticos os valores da estacionalidade en canto ao persoal empregado son menores. Todo o contrario acontece no caso dos campamentos turísticos, os cales na maioría dos casos permanecen pechados unha boa parte do ano e, ademais, precisan

## IX. Sector financeiro

- A aceleración da inflación rematou co período de baixos tipos de xuro: o Banco Central Europeo elevou os tipos de xuro un 2,5% na segunda metade do ano.
- Os tipos de xuro dos créditos subiron case inmediatamente, pero os dos depósitos non. En conxunto, o crecemento tanto dos depósitos como dos créditos bancarios reduciuse na segunda metade do ano.
- O tamaño da rede comercial das entidades de depósito en Galicia continuou descendendo, en oficinas e en empregados, incrementando a concentración do sector.
- O número de concellos sen oficinas bancarias elevouse a 54 a final de ano, poñendo máis de 67 mil galegos en risco de exclusión financeira.




O sistema financeiro é esencial para calquera economía de mercado, xa que é o responsable da asignación eficiente do capital. O sector bancario é unha parte fundamental dentro do sistema financeiro. Porén, desde a crise financeira global que comezou en 2007, e veu en chamarse Gran Recesión, producíronse importantes cambios no sector bancario, ditados pola resposta dos reguladores diante da crise; pero tamén pola irrupción de novas tecnoloxías que supoñen a modernización e dixitalización do sector bancario tradicional e a aparición de novos competidores dixitais.

## O contexto exterior do sector bancario galego

O contexto exterior do sistema bancario galego en 2022 veu marcado pola fin do longo período de provisión de liquidez a moi baixo custo iniciado en 2011 co estalido da crise dos mercados de débeda na Unión Económica e Monetaria (UEM). Esta crise e as súas implicacións para a estabilidade das entidades de crédito nalgúns países da UEM (entre eles España), combinada co persistente impacto negativo sobre a actividade económica das repercusións da Gran Recesión, levou o Banco Central Europeo (BCE) a tomar decisións de política monetaria sen precedentes. Por unha banda, o BCE reduciu os tipos de xuro oficiais ata os seus mínimos efectivos, fixando o seu tipo principal, o das operacións principais de financiamento (OPF), nun valor de 0% de xeito continuado desde comezos de 2016; e aplicando tipos negativos ás facilidades de depósito que o BCE ofrece ás entidades de crédito da UEM. Por outra, dada a imposibilidade de continuar estimulando a actividade económica a través de reducións do tipo de xuro, o BCE puxo en marcha, a partir de 2014, un conxunto de programas de compra de activos provenientes do sector privado cada vez máis ambiciosos, seguindo unha estratexia de política monetaria non convencional coñecida como “expansión cuantitativa”. En conxunto, as economías dos países da UEM puideron ter acceso case ilimitado e gratuito á liquidez necesaria para financiar a recuperación despois da Gran Recesión na segunda metade da década pasada e, posteriormente, superar a aguda crise provocada polas medidas sanitarias restritivas impostas para frear a pandemia da COVID-19, coa contrapartida dun forte crecemento do balance do BCE.

Durante todo este período, a taxa de inflación na UEM, medida pola variación interanual do índice harmonizado de prezos ao consumo (IHPC), mantívose arredor ou por debaixo do obxectivo do 2% fixado polo Consello de Goberno do BCE. De feito, parte da xustificación das medidas extraordinarias adoptadas neste tempo centrouse no temor a desencadear unha espiral deflacionista na UEM; temor alimentado polas taxas de inflación negativas experimentadas puntualmente en 2015 e 2016, e de novo en 2020 cando as restricións impostas pola pandemia foron máis fortes. A situación cambiou de maneira radical no decurso do ano 2022. A combinación das medidas contra a COVID-19 aínda viventes nalgúns países (sobre todo




China) subministradores de produtos necesarios para as cadeas de valor das empresas radicadas na UEM; o estalido da guerra entre Ucraína e a Federación Rusa, e a persistencia dalgunhas das medidas de expansión fiscal adoptadas para paliar os efectos da pandemia sobre as economías da UEM resultou nunha rápida escalada dos prezos, impulsados por situacións puntuais de escaseza en produtos básicos como os enerxéticos e os produtos agrícolas. A taxa de inflación na UEM comezou a elevarse a mediados de 2021, superou o 2% a finais dese ano e seguiu aumentando de xeito continuado durante 2022, chegando ao 9,2% en decembro.

Debido á natureza conxuntural dos factores determinantes da escalada da inflación en 2022 e ao estado de debilidade das economías da UEM no período pospandemia, a reacción inmediata do BCE á superación do seu obxectivo de inflación foi feble, limitándose a anunciar en decembro de 2021 unha redución progresiva na taxa das compras de activos que formaba parte da súa estratexia de política monetaria non convencional. Finalmente, ante a aceleración no ritmo de crecemento da inflación, en xullo de 2022, e coincidindo co remate da política de expansión cuantitativa, o BCE decidiu elevar o tipo de xuro das súas OPF por primeira vez desde 2011. Nos meses seguintes o BCE tomaría a decisión de elevar o tipo de xuro tres veces máis, ata situalo no 2,5% ao final do ano; momento no que anunciou o inicio dun proceso de reversión das compras de activos realizadas nos anos anteriores, coa intención de reducir o tamaño do seu balance. Isto supuxo un cambio brusco e agudo na dirección da política monetaria na UEM, que pasou



a tomar un carácter moi restrictivo. O incremento nos tipos de xuro oficiais transmitiuse de maneira desigual ao resto do sistema financeiro, sendo a transmisión particularmente lenta nos tramos máis líquidos dos mercados.




Como resposta ás medidas adoptadas polo BCE, as entidades de depósito operantes en España elevaron o tipo de xuro das súas operacións de crédito de xeito case inmediato, reflectindo o aumento no custo do seu aprovisionamento de liquidez nos mercados por xunto. Pola contra, nos mercados ao detalle, as entidades de depósito atopáronse en España nunha situación na que dispoñían de abundantes pasivos de carácter moi líquido, en forma de depósitos á vista por parte dos seus clientes, que tiñan acumulados durante o período de pandemia. Deste xeito, e ante a falla de incentivos a competir por depósitos adicionais, os tipos de xuro das súas operacións de depósito apenas se elevaron.

## A evolución das entidades bancarias en Galicia

A banca é a principal agrupación institucional do sistema bancario galego, tanto pola magnitude do seu balance como polo financiamento concedido ao sector privado. Tradicionalmente eran as caixas de aforro a agrupación dominante, pero a consecuencia da crise bancaria que experimentou a economía española a principios da década pasada, as caixas de aforro operantes no territorio galego transformáronse en bancos. A outra agrupación existente son as cooperativas de crédito, que teñen un carácter duplo por seren sociedades cooperativas e entidades de depósito ao mesmo tempo. O sector das entidades de depósito en España viuse inmerso nun proceso de transformación e saneamento provocado pola crise iniciada en 2008. En conxunto, as medidas adoptadas para axustar a capacidade instalada e reducir custos incentivaron as fusións e os procesos de integración, dando lugar a un sector fortemente concentrado, cun menor número de entidades e unha rede de distribución máis pequena, tanto en oficinas como en persoal. A tendencia á concentración é habitual en épocas de crise, debido á desaparición de moitas entidades. A exposición do subsector das caixas de aforro á crise do sector inmobiliario ao final da primeira década do milenio resolveuse mediante operacións de fusión e absorción, tanto entre caixas como de bancos con caixas; provocando a creación de grandes grupos bancarios e a práctica desaparición das caixas de aforro, das que tan só quedan dúas moi pequenas en todo o Estado.



En Galicia, a concentración do sector de entidades de depósito é particularmente elevada. Estas entidades prestan servizos de banca ao detalle, orientados a particulares, comercios e pequenas e medianas empresas (pemes), caracterizados por un gran número de operacións de contía relativamente baixa. Estes servizos requiren dunha extensa rede de oficinas para achegarse aos seus clientes, e préstanse a través de diversos instrumentos, como a captación de depósitos e a concesión de créditos. O único indicador de que dispoñemos para medir a cota de mercado no ámbito rexional é o número de oficinas abertas na comunidade autónoma. Apenas seis entidades repártense o 95% da rede de oficinas abertas en Galicia. A máis grande é Abanca, resultante da fusión das principais caixas de aforro galegas (Caixa Galicia e Caixanova) e a súa posterior transformación en banco. Abanca é unha das dúas entidades de depósito que manteñen o seu centro de decisión en Galicia e presenta unha posición dominante, xa que posúe case a metade (43%) das oficinas abertas en Galicia; cunha rede máis ampla que a suma dos tres grandes grupos bancarios españois (Santander, Caixabank e BBVA, que entre todos acadan o 41%). Completan esta listaxe o Banco de Sabadell (6,3%



de oficinas abertas en Galicia. A máis grande é Abanca, resultante da fusión das principais caixas de aforro galegas (Caixa Galicia e Caixanova) e a súa posterior transformación en banco. Abanca é unha das dúas entidades de depósito que manteñen o seu centro de decisión en Galicia e presenta unha posición dominante, xa que posúe case a metade (43%) das oficinas abertas en Galicia; cunha rede máis ampla que a suma dos tres grandes grupos bancarios españois (Santander, Caixabank e BBVA, que entre todos acadan o 41%). Completan esta listaxe o Banco de Sabadell (6,3%




das oficinas) e a maior cooperativa de crédito presente na comunidade autónoma, Caixa Rural Galega, a outra entidade con centro de decisión en Galicia (4,5% das oficinas, fortemente concentradas na provincia de Lugo). As restantes dez entidades con presenza no territorio apenas posúen o 5,2% da rede de oficinas.




como dos depósitos por parte das entidades de depósito operantes en Galicia; aceleración truncada a mediados de ano polo brusco cambio no carácter da política monetaria. É interesante observar que na situación actual do sector bancario en Galicia a porcentaxe de depósitos nas entidades de depósito en Galicia en relación co conxunto do Estado (5,2%) é moi similar á porcentaxe que representa o PIB da comunidade autónoma en relación co PIB español; mentres que a porcentaxe de oficinas das entidades de depósito abertas en Galicia fronte ao conxunto do Estado (5,7%) é moi similar á porcentaxe que representa a poboación galega no total español.

As entidades de depósito acumularon depósitos a ritmo crecente durante a última década. Este período de tipos de xuro nulos disuadiu as empresas e familias galegas de manter os seus aforros nas entidades de depósito por períodos longos; o que transformou o carácter do produto de depósito preferido. Así, os depósitos a prazo, tradicionalmente dominantes nas relacións dos axentes privados coas entidades bancarias en Galicia, víronse substituídos masivamente por depósitos á vista; ata chegar a constituír máis do 90% dos depósitos do sector privado nas entidades de depósito en Galicia.



Esta elevada concentración viuse facilitada pola constante redución do tamaño da rede de oficinas das entidades de depósito en Galicia, que leva diminuindo de maneira continua desde o ano 2009, e acadou no período de pandemia reducións por encima do 10% interanual; aínda que o número de oficinas por cen mil habitantes (46) coincide co do conxunto do Estado e está moi por enriba do valor existente na UEM (20). Esta redución levou aparelada a correspondente diminución do número de traballadores empregados polas entidades de depósito en Galicia, que caeu en máis do 20% no decurso da última década. As entidades de depósito que operan en Galicia non perderon capacidade para acumular depósitos polo feito de operar redes de oficinas menores. Neste sentido víronse favorecidas polo contexto de tipos de xuro moi baixos, que reduce o incentivo a facer uso da liquidez por parte dos seus clientes. Así, unha vez estabilizado o sistema bancario tras a crise de débeda soberana, as entidades de depósito puideron manter un ritmo de crecemento positivo para as súas operacións de crédito de xeito continuado a partir de 2018; mesmo nos meses de restrición máis severa da actividade económica debido á pandemia. De feito, 2022 comezou cunha aceleración do ritmo de crecemento tanto dos créditos

Unha implicación relevante do axuste do tamaño da rede de comercialización bancaria en Galicia é a referente á distribución territorial das oficinas, xa que o peche destas é máis intenso naquelas zonas onde a poboación é menor. Esta situación ten efectos directos sobre a calidade dos servizos que reciben os consumidores en concellos rurais con pouca poboación. E isto incluso pode comportar a



composto por persoas que adoitan ter un menor acceso ás novas tecnoloxías e utilizan o efectivo como principal medio de pago.

exclusión financeira nalgúns casos, posto que a falta de oficinas adoita ir aparelhada coa ausencia de caixeiros automáticos; a principal fonte de obtención de diñeiro en efectivo por parte dos consumidores. A situación a finais de 2022 é que 54 (aqueles de cor gris no gráfico 7) dos 313 concellos galegos carecen de oficina bancaria no seu territorio; o que implica que arredor de 67 mil persoas se atopan en risco de exclusión financeira en termos do acceso ao efectivo, xa que os usuarios deben desprazarse polo menos cinco quilómetros para acceder a estes servizos. Aínda que Internet facilita as operacións bancarias e evita parcialmente este risco, o seu efecto favorable vese moi reducido polo feito de que unha parte importante da poboación destes concellos é maior de 60 anos; un grupo de idade

## X. Sector público

- A liquidación do exercicio 2022 do sector público autonómico pechouse cunha necesidade de financiamento duns 266,1 millóns de euros, un 0,6% do PIB rexional. A comunidade galega volve a unha situación de déficit que contrasta, paradoxalmente, co equilibrio acadado no ano 2020, a pesar do elevado incremento do gasto asociado ás necesidades derivadas da crise da COVID-19.
- O forte incremento do gasto asociado á pandemia financiouuse mediante recursos adicionais transferidos desde a Administración central, o que permitiu ás comunidades autónomas, incluída Galicia, mellorar os seus saldos orzamentarios. Neste sentido, os ingresos por transferencias correntes liquidados no exercicio 2022 medraron un 38% respecto do ano 2019.
- Galicia incrementou nos últimos tres exercicios o seu endebedamento en 662 millóns de euros, situándose a débeda total en 11.977 millóns de euros, o 17,2% do PIB rexional; moi por debaixo da media do conxunto das comunidades autónomas, o 23,9%.
- A Administración autonómica galega realiza un importante esforzo inversor, representando o seu gasto en investimentos o 10% do total deste tipo de gastos do conxunto das comunidades autónomas, fronte a un gasto non financeiro que só supón o 5,9% do total destas.
- Galicia recibiu dos fondos Next Generation UE 441 millóns de euros do Fondo REACT-UE e 1.219 millóns de euros do Mecanismo de Recuperación Resiliencia. Non se dispón, ao igual que acontece noutras comunidades autónomas, de información oficial do grao de execución destes fondos, así como do seu destino final, que permita avaliar a súa eficacia e eficiencia en relación cos obxectivos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia que ampara ante a UE a recepción destas axudas.
- A recadación da AEAT en Galicia reflicte claramente o impacto da crise económica provocada pola pandemia e a súa recuperación posterior. Cunha caída dos ingresos tributarios do 8,6% en 2020, algo inferior á do conxunto do Estado que foi do 9%, a recadación se dispara nos anos 2021 e 2022, cun incrementos arredor do 15% anual.
- As cifras de investimento da Administración central en Galicia, que nos últimos anos triplicaban, en termos de euros por habitante, a media nacional, redúcense significativamente desde o ano 2020, igualando a media nacional ao finalizar a execución das grandes infraestruturas.
- O sistema público de pensións presenta un desequilibrio que vai máis aló da conxuntura económica, sendo o resultado dunha realidade demográfica estrutural a medio e longo prazo. Galicia presenta un desequilibrio imputable de 3.393 millóns de euros, dun total de 27.646 millóns no conxunto do Estado.
- O gasto en sanidade focaliza hoxe en día en gran medida a atención sobre as actuacións do sector público autonómico. No que respecta a súa evolución previa, o gasto en sanidade reduciuse un 20%, en euros constantes, entre os anos 2009 e 2012; recuperándose nos últimos exercicios pero sen chegar a acadar en Galicia, a pesar do incremento asociado á pandemia, os niveles previos. Con todo, os gobernos autonómicos priorizaron esta función, en particular Galicia, onde o gasto sanitario pasou de representar o 36,9% do seu gasto non financeiro no ano 2002 ao 44,5% en 2021.



## Introdución

Realizamos á análise do sector público galego recollendo as principais magnitudes e características das actividades desenvolvidas pola Administración autonómica, local e estatal en Galicia, en particular nos ámbitos de maior interese e actualidade. Neste sentido, e dado que a súa tendencia, en liñas xerais, se mantén no tempo, centrámonos na estrutura e evolución dos gastos relativos ao sistema de pensións, á sanidade e á educación, tanto en Galicia como no conxunto do Estado, como piares básicos do estado de benestar; tendo en conta, ademais, que existe un debate perenne sobre a contía e o esforzo que o sector público debe facer nestas funcións.

## O sector público autonómico galego

A liquidación do exercicio 2022 por parte da Administración autonómica, incluíndo tanto a Administración xeral como os organismos autónomos, entidades e axencias coas que consolida, pechouse cunha necesidade de financiamento duns 266,1 millóns de euros, un 0,6% do PIB rexional. Así, Galicia volve a unha situación de déficit, que contrasta, paradoxalmente, co equilibrio acadado no ano 2020, no que a súa necesidade de financiamento tan só foi de 19,9 millóns de euros, o 0,03% do PIB; a pesar do forte incremento do gasto asociado ás necesidades derivadas da crise da COVID-19.


A evolución dos ingresos e gastos dos últimos tres exercicios da Administración autonómica galega, en gran parte similar ao acontecido no conxunto do Estado, son o resultado da situación excepcional provocada pola pandemia e das medidas tomadas para afrontar a mesma. Deste xeito, os ingresos tributarios experimentaron unha forte caída pola contracción da actividade económica, se ben esta foi compensada con creces coa inxección de recursos extraordinarios por parte do Estado ao longo destes anos. Nun principio, mediante as achegas do coñecido como Fondo COVID-19, posteriormente, coa transferencia ás comunidades autónomas dos fondos Next Generation European Unión, artellados para facer fronte a crise, que supoñen unhas dispoñibilidades adicionais importantes; e, finalmente, condonando os resultados negativos da liquidación do sistema de financiamento do ano 2020, que no caso de Galicia supuxo evitar devolver 392 millóns de euros.



Todo isto supuxo un cambio substancial na contía e na dinámica da evolución dos ingresos e gastos das comunidades autónomas, que, ademais, non estiveron sometidas durante estes anos ás regras fiscais de estabilidade orzamentaria, ao estaren estas suspendidas. Ademais, o Estado seguiu mantendo os mecanismos extraordinarios que subministran liquidez ás comunidades autónomas, achegando a estas durante os anos 2021 e 2022 uns 66.708 millóns de euros. Cómpre aquí destacar que Galicia é unha das poucas comunidades que non necesitou recorrer a estas medidas de apoio.

Para valorar mellor a translación desta realidade aos ingresos e gastos de Galicia comparamos o ano 2022, no que a situación tendeu a unha relativa normalización, co exercicio 2019, previo á crise, resaltando asemade o máis relevante dos anos intermedios. Durante este período, os ingresos correntes medraron

un 13%, froito principalmente do forte incremento das transferencias correntes. Esta situación, conxugada cun crecemento do gasto corrente do 14%, provocou que o aforo bruto acadado, de 493 millóns de euros (gráficos 1 e 2) fose lixeiramente inferior ao de 2019; en contraste co importe acadado en 2020, cando se dobrou esta cantidade.


As necesidades de financiamento destes anos, a pesar do marco de política de consolidación orzamentaria e de case acadar o equilibrio en 2020, levaron a un incremento do endebedamento duns 662 millóns de euros. Con todo, Galicia é unha das comunida-





gún momento deberá facerse fronte a esta situación diferencial no marco dun novo sistema de financiamento autonómico, sobre o que non se avanzou nada, nin parece que se vaia facer ata a próxima lexislatura.

Entrando na evolución dos ingresos e os gastos non financeiros por habitante, nos últimos anos en Galicia e no conxunto do Estado, como facemos no gráfico 4 en euros constantes, podemos valorar mellor



des menos endebedadas do Estado, situándose, con 11.977 millóns de euros, no 17,2% do PIB, fronte a unha media nacional do 23,9% (gráfico 3).

Do total da débeda galega a finais de 2022, 9.562,4 millóns de euros encadráronse dentro dos mecanismos de financiamento artellados pola Administración central para as comunidades autónomas. Esta cifra representa tan só o 2,4% do total, moi por baixo do que lle correspondería en termos de endebedamento relativo. Isto débese a que a alternativa de financiamento establecida para o resto de comunidades autónomas por parte do Goberno central, o fondo de liquidez autonómica (FLA), acadou magnitudes moi importantes para aquelas que incorreron en déficits por enriba dos obxectivos establecidos e, con eles, en elevado endebedamento. O Estado prestoulles ás comunidades autónomas 393.113 millóns de euros, dos que o 69,6% corresponden a Cataluña, Comunidade Valenciana e Andalucía. Desde as comunidades cumpridoras parece lóxico valorar a realidade con receo polo trato diferencial que supón premiar condutas non cumpridoras que, seguramente, ao final terán como resultado un tratamento especial; xa sexa mediante a condonación de débeda ou a ampliación das favorables condicións de financiamento. Nal-

gún momento deberá facerse fronte a esta situación diferencial no marco dun novo sistema de financiamento autonómico, sobre o que non se avanzou nada, nin parece que se vaia facer ata a próxima lexislatura.

Entrando na evolución dos ingresos e os gastos non financeiros por habitante, nos últimos anos en Galicia e no conxunto do Estado, como facemos no gráfico 4 en euros constantes, podemos valorar mellor a actividade das Administracións autonómicas e o impacto sobre a mesma das dúas crises recentes. Tras os fortes incrementos de ambas as variables ata o ano 2009, redúcese abruptamente a partir de dito exercicio, cun certo retardo dos gastos respecto dos ingresos; estabilizándose entre 2012 e 2014 e iniciando, posteriormente, unha recuperación ata 2019. No ano 2020 increméntanse considerablemente tanto os gastos, polas necesidades da pandemia, como os ingresos, polas achegas do Estado, para reducirse en 2021 e 2022. Con todo, nin Galicia nin o conxunto das comunidades autónomas recuperaron o nivel de gasto, a prezos constantes, que acadaron no pico de 2009.

Centrándonos no gasto executado nos últimos anos, comparando o ano 2022 con 2019, catro son os aspectos máis salientables que podemos constatar no cadro 1: o importante aumento dos gastos en compras de bens e servizos, que creceron un 15% debido ás necesidades asociadas á pandemia, en gran parte consolidadas posteriormente; o incremento dos gastos de persoal nun 14%, impulsados polas subidas retributivas e as necesidades adicionais de persoal sociosanitario; o recurso ás transferencias correntes, cun 18% máis de gasto executado, para financiar necesidades en materia de asistencia sanitaria e educativa; e,

por último, o importante incremento dos gastos de capital, tanto das inversións reais como das transferencias de capital, que representan un 19% máis do gasto executado en 2019 (cadro 1).

Galicia destinou 4.309 millóns de euros durante os tres últimos anos a gastos de capital, un 13,3% do total dos seus gastos non financeiros; que, a súa vez, representa o 10% do total deste tipo de gastos do conxunto das comunidades autónomas. Isto pon de manifesto, unha vez máis, o importante esforzo investidor que fai Galicia en termos comparativos, dado que o gasto non financeiro tan só supón o 5,9% do total daquelas.

Cadro núm. 1

**Obrigas recoñecidas da Administración autonómica galega** (en millóns de euros)

Capítulos	2012	2014	2016	2018	2019	2020	2021	2022
Gastos de persoal	3.440,7	3.451,1	3.667,8	3.845,0	4.065,7	4.278,0	4.491,8	4.662,8
Compras de bens e servizos	1.594,0	1.567,3	1.650,2	1.831,2	1.864,2	2.057,4	2.169,3	2.142,8
Xuros	257,3	364,6	269,7	153,9	158,1	140,5	97,3	73,2
Transferencias correntes	2.178,8	1.992,7	2.019,0	2.157,1	2.241,9	2.478,4	2.779,6	2.646,7
<b>Total gastos correntes</b>	<b>7.470,8</b>	<b>7.375,6</b>	<b>7.606,7</b>	<b>7.987,2</b>	<b>8.329,9</b>	<b>8.954,4</b>	<b>9.538,0</b>	<b>9.525,4</b>
Investimentos reais	660,2	525,6	690,2	680,1	686,1	806,3	856,8	881,8
Transferencias de capital	574,2	434,0	347,8	441,7	508,3	603,1	620,4	541,5
<b>Total gastos de capital</b>	<b>1.234,5</b>	<b>959,6</b>	<b>1.038,0</b>	<b>1.121,8</b>	<b>1.194,4</b>	<b>1.409,4</b>	<b>1.477,2</b>	<b>1.423,3</b>
<b>Total gastos non financeiros</b>	<b>8.705,2</b>	<b>8.335,2</b>	<b>8.644,7</b>	<b>9.109,0</b>	<b>9.524,3</b>	<b>10.363,8</b>	<b>11.015,2</b>	<b>10.948,7</b>
Variación de activos financeiros	196,1	168,2	176,3	130,3	393,2	159,0	257,4	162,7
Variación de pasivos financeiros	507,8	1.460,7	1.334,0	1.033,7	2.710,1	3.423,2	1.601,6	1.439,1
<b>Total gastos financeiros</b>	<b>703,9</b>	<b>1.628,9</b>	<b>1.510,3</b>	<b>1.164,0</b>	<b>3.103,3</b>	<b>3.582,1</b>	<b>1.859,0</b>	<b>1.601,9</b>
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>9.409,2</b>	<b>9.964,1</b>	<b>10.155,0</b>	<b>10.273,0</b>	<b>12.627,6</b>	<b>13.945,9</b>	<b>12.874,2</b>	<b>12.550,6</b>

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Xunta de Galicia e Ministerio de Facenda.

Polo que respecta á análise dos ingresos e da súa evolución, as liquidacións dos últimos exercicios reflicten as derivadas da pandemia sobre as contas públicas. Destaca o incremento do 38% das transferencias correntes, froito das achegas da Administración central para facer fronte aos gastos extraordinarios e ao incremento das entregas a conta do sistema de financiamento autonómico. Asemade, é de salientar o bo comportamento dos ingresos por impostos directos, con aumentos tanto na recadación do imposto sobre a renda das persoas físicas como do imposto sobre sucesións e doazóns, a pesar dos incentivos fiscais introducidos polo Goberno galego en ambas as figuras tributarias. Este crecemento da recadación pola imposición directa permitiu compensar a redución de ingresos polo imposto sobre o valor engadido, asociada á caída do consumo, que minorou este capítulo de ingresos nun 9,2% no ano 2022 respecto do exercicio 2019. Finalmente, en materia de ingresos destaca tamén a forte subida das transferencias de capital, que medraron un 51% durante o período, asociadas aos fondos europeos para a recuperación económica (cadro 2).

Cadro núm. 2

**Dereitos recoñecidos da Administración autonómica galega** (en millóns de euros)

Capítulos	2012	2014	2016	2018	2019	2020	2021	2022
Impostos directos	2.648,6	1.992,4	2.250,6	2.391,7	2.499,1	2.788,9	2.741,7	2.891,9
Impostos indirectos	3.462,8	3.077,6	3.155,8	3.491,9	3.425,0	3.430,6	3.375,9	3.107,6
Taxas e outros ingresos	166,9	186,7	183,7	181,5	197,6	174,5	191,8	196,7
Transferencias correntes	1.044,1	2.006,1	2.452,3	2.685,6	2.734,9	3.585,8	4.081,8	3.799,4
Ingresos patrimoniais	25,1	28,5	19,1	11,4	12,1	17,3	11,9	22,9
<b>Total ingresos correntes</b>	<b>7.347,5</b>	<b>7.291,3</b>	<b>8.061,6</b>	<b>8.762,1</b>	<b>8.868,8</b>	<b>9.997,2</b>	<b>10.403,0</b>	<b>10.018,5</b>
Alleamento investimentos reais	15,8	10,6	8,2	3,8	15,8	3,8	5,3	4,7
Transferencias de capital	454,6	391,6	222,2	445,3	422,0	340,5	416,5	659,4
<b>Total ingresos de capital</b>	<b>470,4</b>	<b>402,2</b>	<b>230,4</b>	<b>449,1</b>	<b>437,8</b>	<b>344,2</b>	<b>421,8</b>	<b>664,1</b>
<b>Total ingresos non financeiros</b>	<b>7.817,9</b>	<b>7.693,5</b>	<b>8.292,0</b>	<b>9.211,1</b>	<b>9.306,5</b>	<b>10.341,4</b>	<b>10.824,8</b>	<b>10.682,6</b>
Variación de activos financeiros	32,9	25,8	34,8	44,4	30,4	33,3	23,7	17,8
Variación de pasivos financeiros	1.624,5	2.221,2	1.881,6	1.194,4	2.971,5	3.645,4	2.304,0	2.141,0
<b>Total ingresos financeiros</b>	<b>1.657,3</b>	<b>2.247,0</b>	<b>1.916,4</b>	<b>1.238,9</b>	<b>3.001,9</b>	<b>3.678,8</b>	<b>2.327,6</b>	<b>2.158,8</b>
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>9.475,2</b>	<b>9.940,5</b>	<b>10.208,4</b>	<b>10.450,0</b>	<b>12.308,4</b>	<b>14.020,2</b>	<b>13.152,4</b>	<b>12.841,4</b>

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Xunta de Galicia e Ministerio de Facenda.

Este comportamento dos ingresos reflicte o compromiso do Goberno central de asumir a maior parte das novas necesidades derivadas da pandemia a través da transferencia de recursos adicionais. Neste sentido, mediante o Fondo COVID-19 achegáronse inicialmente ás comunidades autónomas 16 mil millóns de euros en 2020. Deles, a Galicia correspondéronlle 734,8 millóns, o 4,5% do total, unha porcentaxe inferior ao seu peso relativo no PIB e na poboación, debido aos criterios de distribución que ponderaron os indicadores asociados á evolución real da pandemia, cun menor impacto relativo en Galicia.



Asemade, esta política de apoio ás comunidades autónomas continuou nos anos 2021 e 2022, repartindo nun inicio ás comunidades autónomas, no marco dos fondos Next Generation UE articulados pola Unión Europea (UE) para afrontar a crise económica e impulsar o crecemento económico, as Axudas á Recuperación Europea (coñecidas como Fondo REACT-UE), por importe global duns 10.002 millóns de euros; distribuídas atendendo os tres indicadores cos que a UE mediu o impacto da pandemia: a caída do PIB, o desemprego e o desemprego xuvenil. A Galicia correspondéronlle 441 millóns, o 4,4% do total.

A súa vez, tamén se lles asignaron ás comunidades autónomas fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), no que se concentra o groso dos fondos Next Generation UE. Esta repartición lévase a cabo mediante conferencias sectoriais, nas que se determinan os criterios de repartición, e polas que se distribuíu o 97% dos fondos e, marxinalmente, mediante subvencións directas. A finais de 2022 repartíranse ás comunidades autónomas 20.552 millóns de euros do MRR; dos que a Galicia lle corresponderon 1.219 millóns, o 5,9% do total. Iniciado o exercicio 2023, non se dispón de información oficial do grao de execución destes fondos, así como do seu destino final, que permita avaliar a súa eficacia e eficiencia en relación cos obxectivos marcados no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia que ampara ante a UE a recepción destes fondos.

Todos estes recursos extraordinarios, achegados polo Goberno central e a UE para afrontar os gastos derivados da pandemia, permitiron sustentar as finanzas autonómicas atendendo as novas necesidades de gasto; nun principio para afrontar a pandemia e, posteriormente, para impulsar a recuperación económica. En calquera caso, queremos chamar a atención sobre o feito de que, ademais de cubrir con estas dispoñibilidades adicionais gastos que antes se financiaban con recursos ordinarios, se poden estar xerando novos gastos estruturais que requiran recursos no futuro. Ábrense así unha serie de indefinicións sobre a evolución futura dos ingresos e gastos das comunidades autónomas, que obrigarán a unha reformulación global da súa actividade. Neste sentido, procede empezar a planificar os eixes arredor dos cales se desenvolverán as actuacións das Administracións autonómicas nun futuro inmediato; e artellar os mecanismos de financiamento, non só no marco dun novo e necesario Plan de Financiamento Autonómico, que permitan a súa sostibilidade financeira.

## O sector público local galego


No ámbito do sector público local centrámonos na realidade económico-financieira dos concellos galegos, constatando certos elementos diferenciais respecto dos seus homólogos no resto do Estado español que, pouco a pouco, se ían corrixindo; se ben o impacto das implicacións derivadas da pandemia neste nivel da Administración parece que os volven incrementar. Aquí cómpre destacar que o volume de recursos administrados, en termos de euros por habitante, é do 80,5% da media nacional; diferenza que é máis acusada canto menor é o tamaño dos municipios, sendo de resaltar, con todo, a corrección de máis de 8 puntos nas diferenzas nesta variable nos últimos dez anos.

Esta realidade diferencial entre os concellos galegos e os do resto do Estado ten a súa orixe tanto en factores esóxenos, ao ser discriminados de forma negativa os municipios galegos na repartición da participación nos ingresos do Estado; como en factores endóxenos, ao non exercer de forma equivalente a súa capacidade tributaria, sendo estes últimos os responsables principais das desigualdades existentes.

Polo que respecta aos ingresos dos concellos galegos derivados da súa participación nos recursos do Estado, no sistema vixente prímanse os municipios de maior tamaño en detrimento dos máis pequenos,

sen ter en conta adecuadamente factores como a dispersión da poboación. Esta situación resulta moi prexudicial para os municipios galegos, que ingresan menos que os do resto do Estado, e explica en parte as diferenzas anteriores.

Non obstante, esta menor capacidade de gasto dos concellos galegos débese, principalmente, ao exercicio limitado da súa capacidade tributaria, como se pode constatar no gráfico 5 e no cadro 3. Os ingresos por tributos propios, en termos de recadación en euros por habitante, tan só representan ao redor do 75% da media nacional. Este dato mos-



tra certa inhibición fiscal respecto ao exercicio da autonomía e capacidade que a normativa vixente outorga aos municipios en materia tributaria. En calquera caso, tamén cabe destacar a tendencia á corrección nestas diferenzas, ao diminuír en 8 puntos nos últimos dez anos.

Cadro núm. 3

**Ingresos e gastos dos concellos. Orzamentos liquidados** (en euros por habitante)

**a) Galicia**

Capítulos	2010	2012	2014	2016	2018	2020	2021	2022
<b>INGRESOS</b>								
Impostos directos	240,2	264,0	285,5	305,9	328,7	318,5	327,0	329,0
Impostos indirectos	19,4	15,6	13,8	16,0	21,4	19,4	23,0	28,3
Taxas e outros ingresos	127,7	142,2	149,1	151,8	161,5	142,7	160,9	175,5
Transferencias correntes	291,5	264,3	287,5	304,8	335,7	357,9	381,2	360,0
Ingresos patrimoniais	9,4	8,2	8,7	7,5	7,5	8,6	6,5	8,6
Total ingresos correntes	688,2	694,3	744,6	786,0	854,9	846,9	898,7	901,5
Alleamento investimentos reais	3,4	0,6	0,9	0,5	7,8	1,6	1,6	7,6
Transferencias de capital	188,5	43,9	38,4	42,5	55,5	56,1	73,7	60,9
<b>Total ingresos de capital</b>	<b>191,8</b>	<b>44,5</b>	<b>39,3</b>	<b>43,0</b>	<b>63,2</b>	<b>57,7</b>	<b>75,2</b>	<b>68,5</b>
<b>Total ingresos non financeiros</b>	<b>880,0</b>	<b>738,8</b>	<b>783,8</b>	<b>829,0</b>	<b>918,1</b>	<b>904,6</b>	<b>973,9</b>	<b>970,0</b>
Variación de activos financeiros	1,0	1,0	1,1	0,9	0,8	0,7	0,6	1,3
Variación de pasivos financeiros	34,0	78,2	9,0	13,9	14,1	14,2	17,6	29,8
<b>Total ingresos financeiros</b>	<b>35,1</b>	<b>79,1</b>	<b>10,1</b>	<b>14,8</b>	<b>14,9</b>	<b>14,9</b>	<b>18,3</b>	<b>31,1</b>
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>915,1</b>	<b>817,9</b>	<b>793,9</b>	<b>843,8</b>	<b>933,0</b>	<b>919,5</b>	<b>992,2</b>	<b>1.001,2</b>
<b>GASTOS</b>								
Gastos de persoal	274,1	234,6	250,3	258,1	274,3	296,9	305,5	323,7
Compras de bens e servizos	301,2	324,4	326,8	340,2	365,7	380,8	398,2	442,5
Xuros	5,2	8,3	8,0	2,6	3,0	4,6	1,5	1,6
Transferencias correntes	39,9	40,0	42,8	44,7	49,7	61,7	61,9	63,4
Total gastos correntes	620,3	607,2	627,9	645,6	692,7	743,9	767,2	832,5
Investimentos reais	244,3	86,1	86,7	86,4	131,4	122,4	162,0	134,2
Transferencias de capital	6,9	9,2	6,0	5,2	3,9	6,1	5,7	4,6
<b>Total gastos de capital</b>	<b>251,2</b>	<b>95,3</b>	<b>92,6</b>	<b>91,7</b>	<b>135,3</b>	<b>128,5</b>	<b>167,6</b>	<b>138,8</b>
<b>Total gastos non-financeiros</b>	<b>871,5</b>	<b>702,5</b>	<b>720,5</b>	<b>737,3</b>	<b>828,0</b>	<b>872,4</b>	<b>934,8</b>	<b>971,3</b>
Variación de activos financeiros	1,1	1,0	1,0	1,3	1,0	0,6	0,8	1,7
Variación de pasivos financeiros	33,5	36,1	50,6	44,3	38,7	14,1	12,9	12,8
<b>Total gastos financeiros</b>	<b>34,6</b>	<b>37,0</b>	<b>51,6</b>	<b>45,7</b>	<b>39,7</b>	<b>14,7</b>	<b>13,7</b>	<b>14,5</b>
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>906,1</b>	<b>739,5</b>	<b>772,1</b>	<b>782,9</b>	<b>867,7</b>	<b>887,2</b>	<b>948,5</b>	<b>985,8</b>

Cadro núm. 3 (continuación)



**Ingresos e gastos dos concellos. Orzamentos liquidados** (en euros por habitante)

**b) España**

Capítulos	2010	2012	2014	2016	2018	2020	2021	2022
<b>INGRESOS</b>								
Impostos directos	356,3	391,1	419,2	454,5	461,5	451,3	458,6	451,9
Impostos indirectos	30,1	22,3	22,3	29,9	40,1	34,7	40,9	44,7
Taxas e outros ingresos	191,5	182,6	168,5	176,5	185,0	154,9	175,2	181,5
Transferencias correntes	323,5	315,2	301,6	346,6	369,1	391,8	425,3	413,8
Ingresos patrimoniais	28,2	23,4	24,6	19,0	18,5	16,2	18,2	22,5
Total ingresos correntes	929,6	934,7	936,4	1.026,5	1.074,2	1.048,8	1.118,1	1.114,4
Alleamento investimentos reais	15,3	7,9	6,3	7,4	9,5	4,8	9,0	15,3
Transferencias de capital	176,2	34,9	35,1	31,2	43,5	39,5	52,3	48,2
<b>Total ingresos de capital</b>	<b>191,5</b>	<b>42,9</b>	<b>41,3</b>	<b>38,6</b>	<b>53,0</b>	<b>44,3</b>	<b>61,3</b>	<b>63,5</b>
<b>Total ingresos non financeiros</b>	<b>1.121,1</b>	<b>977,6</b>	<b>977,7</b>	<b>1.065,1</b>	<b>1.127,2</b>	<b>1.093,1</b>	<b>1.179,4</b>	<b>1.177,9</b>
Variación de activos financeiros	7,1	3,0	2,1	2,1	1,7	1,3	1,4	2,6
Variación de pasivos financeiros	72,2	193,8	59,5	36,7	36,7	27,8	67,2	49,7
<b>Total ingresos financeiros</b>	<b>79,3</b>	<b>196,8</b>	<b>61,6</b>	<b>38,8</b>	<b>38,5</b>	<b>29,2</b>	<b>68,6</b>	<b>52,3</b>
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>1.200,4</b>	<b>1.174,4</b>	<b>1.039,3</b>	<b>1.103,9</b>	<b>1.165,7</b>	<b>1.122,3</b>	<b>1.248,0</b>	<b>1.230,3</b>
<b>GASTOS</b>								
Gastos de persoal	370,4	326,6	318,1	352,3	370,7	391,2	411,0	432,3
Compras de bens e servizos	358,4	355,6	312,3	346,2	370,9	367,5	391,0	446,0
Xuros	15,5	26,7	29,3	15,8	12,3	9,3	9,4	8,8
Transferencias correntes	96,5	89,9	86,2	100,2	101,9	116,3	125,7	123,2
Total gastos correntes	840,7	798,9	745,9	814,5	855,9	884,2	937,0	1.016,9
Investimentos reais	274,3	99,3	89,6	93,1	120,1	112,1	138,2	151,8
Transferencias de capital	21,9	10,6	12,2	12,9	16,4	13,5	18,3	12,4
<b>Total gastos de capital</b>	<b>296,2</b>	<b>109,8</b>	<b>101,8</b>	<b>106,0</b>	<b>136,5</b>	<b>125,6</b>	<b>156,4</b>	<b>164,3</b>
<b>Total gastos non financeiros</b>	<b>1.136,9</b>	<b>908,8</b>	<b>847,7</b>	<b>920,4</b>	<b>992,4</b>	<b>1.009,9</b>	<b>1.093,5</b>	<b>1.181,2</b>
Variación de activos financeiros	3,9	10,2	3,0	3,6	3,4	3,9	3,5	3,2
Variación de pasivos financeiros	53,9	69,7	130,1	93,6	81,9	48,8	65,9	39,5
<b>Total gastos financeiros</b>	<b>57,8</b>	<b>79,8</b>	<b>133,1</b>	<b>97,2</b>	<b>85,3</b>	<b>52,7</b>	<b>69,4</b>	<b>42,7</b>
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>1.194,7</b>	<b>988,6</b>	<b>980,8</b>	<b>1.017,6</b>	<b>1.077,7</b>	<b>1.062,5</b>	<b>1.162,9</b>	<b>1.223,8</b>

Fonte: Ministerio de Facenda.

Máis aló de elementos diferenciais, na Administración local si se constatan os efectos da crise económica asociada á pandemia. O ano 2020 liquidouse cunha diminución do gasto por habitante executado do 2,5% en Galicia, a metade da redución no conxunto do Estado, recuperándose rapidamente en 2021 e 2022. Este último pechouse cunha execución de gasto por habitante un 8,7% superior á de 2019. Ponse así de manifesto, unha vez máis, a estreita correlación dos ingresos dos concellos coa situación económica e cos problemas de execución asociados ás restricións derivadas da pandemia.



períodos da pandemia, xunto coa finalización dos grandes proxectos de infraestrutura en marcha, en especial os relacionados coa alta velocidade, están detrás da evolución das cifras executadas.

## O sistema público de pensións en Galicia

Coa finalidade de contextualizar a análise do sistema público de pensións, no cadro 4 recolleemos as principais magnitudes dos seus diferentes esquemas tanto para Galicia como para o Estado. O sistema dá

## O sector público estatal en Galicia

En canto ao sector público estatal, analizamos as súas principais actuacións en Galicia, segundo a información dispoñible, facendo referencia aos ingresos tributarios da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) e aos investimentos da Administración central no ámbito desta comunidade autónoma.

A recadación da AEAT reflicte os efectos da contracción da economía debido ás restricións asociadas á crise sanitaria no ano 2020, así como a recuperación económica posterior e o impacto da inflación sobre a mesma. Os ingresos tributarios diminuíron en 2020 un 8,6% en Galicia e un 8,8% no conxunto do Estado en comparación con 2019; experimentando incrementos importantes en 2021 e 2022, do 16% e o 12% respectivamente en Galicia, fronte ao 15% e 14% no conxunto do Estado (gráfico 6).

Xunto coa evolución da recadación, chama a atención que os ingresos por impostos en Galicia só representan o 3,6% do total do Estado. Esta porcentaxe debe ser posta en relación co peso no PIB, do 5,2%, e coa poboación, do 5,7%. Estas diferenzas van máis aló da capacidade económica de Galicia, ao representar o importe da recadación o 13,3% do PIB galego, fonte á porcentaxe do 19,2% a nivel estatal (gráfico 7).

As cifras de investimento da Administración central en Galicia, que analizamos para os últimos seis anos no gráfico 8, poñen de manifesto o esforzo investidor, en termos de euros por habitante, durante os anos 2017 a 2019, nos que o investimento en Galicia tripliou a media nacional. Esta realidade cambiou a partir de 2020, cando o investimento diminuíu de maneira significativa ata igualar a media nacional en termos de euros por habitante. Os problemas de execución durante o

cobertura a máis de 10,1 millóns de pensionistas ou beneficiarios, cun gasto total que representa o 12,94% do PIB español. Estas cifras son máis significativas en termos relativos para Galicia, onde a poboación cuberta ascende a 766 mil persoas (o 28,5% do total) e implica un gasto que representa o 16,75% do PIB galego.

Cadro núm. 4

O sistema público de pensións. Ano 2022

	Seguridade Social		Clases pasivas		Pensións non contributivas	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Pensionistas/beneficiarios <sup>1</sup>	680.656	9.011.121	46.943	665.468	n.d.	n.d.
Pensións/prestacións <sup>1</sup>	768.305	9.943.038	48.496	685.161	36.985	444.536
Altas de pensións	41.078	597.665	2.333	34.533	n.d.	n.d.
Baixas de pensións	40.401	505.026	1.787	25.728	n.d.	n.d.
Gasto total pensións (millóns de €)	9.963,7	151.221,4	1.318,4	17.744,3	242,0	2.957,4
Gasto total pensións en % PIB	14,48	11,38	1,92	1,34	0,35	0,22

<sup>1</sup> Media anual

Fonte: Elaboración propia a partir do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións (MISSEM), Ministerio de Facenda e Instituto Nacional de Estatística (INE).


Centrándonos exclusivamente no sistema público da Seguridade Social, un dos elementos máis salientables é que o 25,2% da poboación galega ten a condición de pensionista deste sistema, fronte ao 18,9% do total estatal. Esta realidade débese tanto ao maior peso da poboación de 65 anos ou máis, que representa o 26,1% da poboación total de Galicia; como á maior cobertura do sistema en Galicia, dado que o 78,5% desa poboación é beneficiaria do sistema como pensionista, fronte ao 75,6% do total nacional. Diferenzas similares danse na cobertura mediante pensións á poboación de 64 anos ou menos, con índices do 6,5% e 4,8%, respectivamente, en Galicia e en España (cadro 5).

Cadro núm. 5


Cobertura do sistema público de pensións. Ano 2022

	Galicia	España
<b>Poboación</b>		
65 anos ou máis	702.630	9.479.010
% sobre o total	26,12	19,97
<b>Pensionistas</b>		
65 anos ou máis	551.776	7.167.881
% / Poboación 65 anos ou máis	78,53	75,62
64 anos ou menos	128.880	1.843.240
% / Poboación 64 anos ou menos	6,48	4,85



Fonte: Elaboración propia a partir do INE e MISSEM.



Este nivel de cobertura do sistema público de pensións xera un gasto en Galicia equivalente ao 14,48% do PIB rexional, fronte ao 11,38% do total do sistema. Se ben o peso relativo do gasto en pensións respecto do PIB presentaba unha diminución nos últimos anos, as medidas de actualización das pensións e a suba das de menor contía, xunto coa caída do PIB no ano 2020, cambiaron esta situación. A evolución é similar en Galicia e no conxunto do Estado, manténdose as diferenzas, como se pode ver no gráfico 9.



O maior esforzo do gasto en pensións en termos do PIB non ten o seu traslado á contía das mesmas, acadando a pensión media en Galicia tan só o 85,3% da pensión media do conxunto do Estado. Este é o segundo importe máis baixo das comunidades autónomas, incrementándose as diferenzas nos últimos anos, como se poder ver no gráfico 10. Ademais, é necesario que o 27% das pensións galegas sexan complementadas para garantir os mínimos legalmente establecidos. Con todo, si se constatan na evolución da pensión media os acordos de subida das pensións, ligándooas ao IPC tras anos de contención.



Na medida en que o sistema contributivo da Seguridade Social se estrutura como de repartición, as cotizacións de empresarios e traballadores aplícanse a cubrir o importe das pensións en vigor en cada momento, polo que a correlación entre afiliados e pensionistas é básica para o seu balance financeiro. A relación entre ingresos e gastos do sistema evoluciona en paralelo ao do número de cotizantes e de pensionistas, sempre que se manteñan os parámetros básicos de cálculo das cotizacións e das pensións.

O gráfico 11 recolle a relación entre afiliados e pensionistas, en medias anuais, para Galicia e para o conxunto do Estado desde 2005, presentando no último ano unha ratio de 1,53 e de 2,25 respectivamente. Constatase un descenso significativo a partir de 2008; situación que empezaba a recuperarse lixeiramente nos últimos anos. No obstante, a crise de 2020 cambia a tendencia, para incrementarse de novo en 2021 e 2022. Dentro de Galicia existen diferenzas importantes entre provincias (gráfico 12); con Ourense (1,11) e Lugo (1,26) claramente distanciadas das provincias atlánticas (Pontevedra e A Coruña con 1,67 e 1,66 respectivamente), nas que esta ratio se ve empuxada polas maiores taxas de emprego e o menor número de pensionistas.

Como resultado desta relación entre afiliados e pensionistas, así como do resto de variables que inciden sobre os recursos e obrigas do sistema, estase xerando un importante desequilibrio que, considerando só os ingresos e gastos directamente relacionados coa parte contributiva, acada os 27.646 millóns de euros no total do Estado no ano 2021; dos cales 3.393 son imputables a Galicia (cadro 6). A estas cifras habería que sumarlles os complementos a mínimos que se financian con impostos desde os orzamentos do Estado. Pola súa vez, as medidas tomadas en relación coa suba das pensións, así como a caída das cotizacións en 2020, volven incrementar estes desequilibrios despois da pequena diminución que se viña producindo ata 2019 no conxunto do Estado. Esta situación non se deu en Galicia, onde os desequilibrios aumentan de forma continuada e significativa nos últimos anos.

Cadro núm. 6

**Ingresos e gastos do sistema contributivo da Seguridade Social** (en millóns de euros)

	Galicia					Total nacional				
	2017	2018	2019	2020	2021	2017	2018	2019	2020	2021
Cotizacións sociais	4.993,0	5.252,8	5.577,2	5.374,7	5.937,9	97.819,5	102.846,5	110.728,0	106.958,0	117.487,1
Prestacións contributivas	7.834,5	8.154,7	8.612,3	8.893,3	9.331,0	120.059,2	125.537,4	133.245,9	137.877,7	145.133,4
Pensións	7.564,7	7.896,1	8.294,7	8.520,0	8.924,6	115.722,4	121.290,0	128.148,6	131.922,5	138.443,4
Incapacidade temporal	160,3	155,4	205,8	242,8	257,2	2.195,1	2.113,3	2.727,3	3.199,2	3.460,5
Prestacións por maternidade	93,8	90,8	90,8	118,8	137,2	1.942,4	1.947,6	2.189,0	2.595,0	3.050,3
Outras prestacións	15,8	12,3	21,0	11,7	12,0	199,3	186,5	181,0	161,0	179,2
Saldo sistema contributivo	-2.841,5	-2.901,8	-3.035,1	-3.518,6	-3.393,1	-22.239,7	-22.690,9	-22.517,9	-30.919,7	-27.646,3
Complemento a mínimos	697,5	709,9	710,8	694,6	685,9	6.992,8	7.141,7	7.087,5	6.950,0	6.900,2
<b>Saldo global</b>	<b>-3.539,1</b>	<b>-3.611,8</b>	<b>-3.745,9</b>	<b>-4.213,2</b>	<b>-4.079,0</b>	<b>-29.232,5</b>	<b>-29.832,6</b>	<b>-29.605,5</b>	<b>-37.869,7</b>	<b>-34.546,5</b>
% total nacional	12,1	12,1	12,7	11,1	11,8					

Fonte: Elaboración propia a partir do MISSM.

A evolución e situación actual do sistema público de pensións pon de manifesto que os seus desequilibrios van máis aló da conxuntura económica e da súa repercusión sobre o mercado de traballo. O escenario demográfico, que se intensificará de forma estrutural no medio prazo, é o determinante principal da súa sostibilidade futura. A realidade do sistema en Galicia valida esta conclusión e anticipa a dinámica do conxunto do sistema, evidenciando a necesidade de afrontar as reformas necesarias para garantir a súa viabilidade futura.

Neste sentido, durante os anos 2021 e 2022 chegouse a acordos entre os axentes sociais e o Goberno do Estado respecto da reforma do sistema público de pensións, cuxos elementos máis destacables xa materializados son: a revalorización das pensións en función do IPC; a separación dos gastos e das fontes de financiamento, trasladando aos orzamentos do Estado os coñecidos como gastos improprios e cubrindo coa caixa da Seguridade Social o gasto estritamente contributivo; a articulación de medidas relativas á penalización das xubilacións anticipadas e ao incentivo do atraso na xubilación; a derogación do factor de sostibilidade e a súa substitución polo coñecido como mecanismo de equidade interxeracional, polo que se incrementa a porcentaxe para o cálculo das cotizacións sociais en 0,6 puntos; e a ampliación do número de anos a ter en conta para o cálculo da pensión a cobrar, cun sistema dual optativo, que suaviza as posibles repercusións desta medida.

Estas reformas representan, desde o punto de vista da sostibilidade do sistema, aumentar as cotizacións e trasladar o déficit ao Estado. Isto supón un retroceso na equidade interxeracional, ao encarecer o traballo e representar unha maior carga orzamentaria para as xeracións futuras; nun contexto, ademais, no que é necesario un plan gradual e a medio prazo para reducir o déficit estrutural do Estado, no que será moi difícil manter o incremento das contías necesarias para garantir o equilibrio financeiro da Seguridade Social. Aínda que agora non proceda, porque a nivel político resulta impopular e as necesidades poden adiarse, a evolución das contas da Seguridade Social e as súas implicacións para o déficit das Administracións Públicas esixirá, case con toda probabilidade, a adopción de medidas futuras polo lado dos gastos.



## O gasto sanitario en Galicia

A sanidade pública, un dos piares básicos do estado do benestar, converteuse, a raíz da pandemia da COVID-19, nun dos principais servizos prestados polas Administracións Públicas, condicionando en gran medida a súa actuación. Xa se dispón de información sobre a contía e o financiamento do gasto sanitario en 2020 e 2021 para analizar o impacto da crise sanitaria sobre as contas públicas. Porén, parécenos oportuno afondar no estudo do gasto sanitario público nos últimos anos, dado que, ademais de ser unha das competencias fundamentais das comunidades autónomas, a anterior crise económica e os seus efectos sobre a contas públicas tiveron unha incidencia importante sobre a contía e evolución do gasto destinado

a esta función. A situación abriu un debate intenso sobre se o nivel de esforzo público neste servizo foi o suficiente para afrontar de maneira adecuada a crise sobrevida. Recollemos seguidamente unha análise do gasto público en sanidade, avaliando a realidade galega no conxunto do Estado.

Para o estudo do gasto público en sanidade hai que ter en conta que en España, como se pode ver no gráfico 13, o 92,1% do mesmo corresponde ás comunidades autónomas, que desde 2002 asumiron de forma xeneralizada esta competencia (Galicia, como comunidade histórica, desde 1991). O resto do gasto en sanidade corresponde á Administración central (2,6%), que incrementou a súa participación a raíz da pandemia, ás mutualidades dos funcionarios (2,6%), ao sistema da Seguridade Social (1,9%) e ás corporacións locais (0,6%).




Na evolución do gasto sanitario das comunidades autónomas nos últimos exercicios sobresaie o seu forte crecemento entre os anos 2002 e 2009 (un 46% en Galicia e un 56% no conxunto do Estado); diminuíndo seguidamente de forma significativa ata 2012 e 2013, con caídas medias do 20% en euros constantes entre eses exercicios; recuperándose par-





cialmente a partir de entón, para dispararse de maneira significativa en 2020 e baixar lixeiramente en 2021. Cómpre sinalar o menor crecemento relativo do gasto sanitario en Galicia e como a crise económica abriu máis a fenda coa media das comunidades autónomas; brecha que se pecha en parte en 2014 e 2015, para ensancharse de novo nos últimos anos e, de forma singular, en 2020 e 2021 (gráfico 14).


Xunto coa evolución do gasto sanitario nas distintas comunidades autónomas, resulta de interese cuantificar este en termos que permitan unha análise comparativa da súa realidade actual. Neste sentido, se calculamos o gasto sanitario en euros por habitante (gráfico 15) atopamos importantes disparidades entre territorios. Así, temos comunidades que superan nesta ratio en case un 50% as de menor gasto. Estas diferenzas xurdiron, sobre todo, nos últimos anos, ao seren relativamente menores no momento de culminar o traspaso da sanidade ás comunidades autónomas en 2002. Galicia executou gasto en sanidade no exercicio 2021 por importe de 1.773 euros por habitante, practicamente igual que a media do Estado, 1.761 euros.



De todas formas, á hora de concluír sobre o gasto sanitario por habitante cómpre ter en conta que a sanidade pública non cobre a totalidade da poboación, ao quedar unha pequena parte fóra do sistema e outra baixo sistemas alternativos, como acontece no caso dos funcionarios e as súas mutualidades. Por esta razón debemos utilizar para esta análise a poboación protexida que, pola súa vez, debe ser ponderada en función das necesidades de gasto por mor da súa idade, obtendo así o que se denomina poboación protexida equivalente. Esta é a que se utiliza á hora de cuantificar no sistema de financiamento en vigor a parte da sanidade incluída dentro do Fondo de garantía de servizos públicos fundamentais. Comparando o peso relativo destas magnitudes de poboación en termos sanitarios e o gasto en sanidade das diferentes comunidades autónomas, podemos ter unha visión máis precisa das disparidades entre elas. Como se pode observar no gráfico 16, as diferenzas antes constatadas utilizando a totalidade da poboación mantéñense e, nalgúns casos, empeóranse, como acontece no caso galego: co 6,5% da poboación protexida equivalente do conxunto do Estado, o seu gasto sanitario tan só acada o 5,9% do total.

Estas disparidades no nivel de gasto sanitario entre as comunidades autónomas non teñen unha translación exacta no esforzo relativo que estas fan se relacionamos este co PIB rexional (gráfico 17). Tendo en conta que nesta ratio incide tamén o nivel de riqueza das comunidades autónomas, vemos como as diferenzas se incrementan e cambian as posicións relativas, sendo as comunidades máis ricas as que presentan un menor peso do gasto sanitario en relación ao PIB; a pesar de que algunhas delas son as que máis gastan en termos *per cápita*, como acontece no caso de Navarra e o País Vasco. Galicia, cun gasto en sanidade que representa o 7,6% do seu PIB, sitúase lixeiramente por riba da media estatal, se ben reduciu esa diferenza positiva nos últimos anos.






mentou en 7,6 puntos porcentuais o seu peso no gasto non financeiro, situándose actualmente no 44,5% deste; dato que reflicte a reorientación de recursos cara a esta función xa altamente priorizada antes da pandemia. Cómpre salientar que as comunidades do País Vasco e Navarra, maila presentar as maiores ratios de gasto por habitante, como xa sinalamos, teñen as porcentaxes máis baixas de gasto non financeiro destinado a esta función; o cal é unha boa mostra dos privilexios que lles outorgan os seus sistemas de financiamento.

A análise da contía e evolución do gasto sanitario nos últimos vinte anos reflicte, claramente, o peso desta función dentro do gasto autonómico e, con el, a conveniencia de valorar de maneira adecuada a súa importancia e alcance, o seu custo efectivo e a forma de financiala. Mais aló das necesidades para afrontar a pandemia, das que gran parte se consolidarán no futuro, non cabe dúbida de que son moitos os factores que seguirán empuxando o gasto público en sanidade; o que requirirá de contías adicionais e específicas no marco do sistema de financiamento autonómico. Isto é especialmente importante para Galicia que, cunha poboación máis envellecida e un maior custo na prestación por mor da dispersión, ten


Finalmente, resulta tamén moi ilustrativo da importancia do gasto sanitario, e da súa prioridade nas decisións públicas, cuantificar o seu peso relativo dentro do gasto das comunidades autónomas. Aquí, as necesidades asociadas a esta función e a propia dinámica do gasto sanitario, incluso antes da crise da COVID-19, e a pesar dos recortes realizados, unido ao proceso de consolidación orzamentaria, provocaron que o gasto en sanidade gañase peso dentro do gasto non financeiro das comunidades autónomas, como podemos constatar no gráfico 18. No conxunto do Estado este incremento é de 4,1 puntos porcentuais desde o ano 2002, destacando neste sentido Galicia, onde o gasto en sanidade aumentou en 7,6 puntos porcentuais o seu peso no gasto non financeiro, situándose actualmente no 44,5% deste; dato que reflicte a reorientación de recursos cara a esta función xa altamente priorizada antes da pandemia. Cómpre salientar que as comunidades do País Vasco e Navarra, maila presentar as maiores ratios de gasto por habitante, como xa sinalamos, teñen as porcentaxes máis baixas de gasto non financeiro destinado a esta función; o cal é unha boa mostra dos privilexios que lles outorgan os seus sistemas de financiamento.

unhas necesidades neste ámbito en termos relativos superiores ás da maioría das comunidades autónomas.





### O gasto en educación en Galicia

A educación constitúe outro dos eixes principais de actuación das comunidades autónomas que se veu fortemente afectado polos efectos da crise económica de finais dos anos 2000 e tamén pola derivada da pandemia da COVID-19. A aproximación ao gasto nesta función, tanto desde o punto de vista da súa contía como da súa evolución, constitúe un paso necesario para completar a análise do sector público galego.



A primeira conclusión que se tira de analizar o gasto en educación desde unha perspectiva histórica é o seu forte crecemento entre 2002 e 2009, un 28% en Galicia e un 40% no conxunto de comunidades; para seguidamente diminuír de forma significativa ata 2012, manterse en 2013 e 2014, e recuperarse parcialmente nos últimos exercicios. Cómpre destacar o menor crecemento relativo do gasto en educación en Galicia e como as dúas crises económicas abriron a fenda coa media das comunidades autónomas (gráfico 19).



Son de salientar tamén as importantes diferenzas no gasto en educación entre comunidades autónomas. Se cuantificamos o gasto en euros por habitante, tendo en conta a poboación obxectivo de 4 a 22 anos (gráfico 20), atopamos comunidades que case duplican as de menor gasto, incrementándose estas desigualdades nos últimos anos. Estas disparidades tamén se poñen de manifesto se relacionamos o gasto en educación co PIB rexional (gráfico 21), aínda que neste caso incide, ademais, o nivel de riqueza das distintas comunidades autónomas. Galicia gastou en educación en 2022 por habitante de entre 4 e 22 anos 6.360 euros, un 10% máis que a media estatal; maila que en termos de esforzo en función do PIB está practicamente na media nacional, polo menor peso relativo da poboación en idade de ser destinataria desta función.

Finalmente, debemos destacar que a dinámica do gasto asociado a esta función, xunto coa evolución do resto de gastos e o proceso de consolidación orzamentaria, provocaron que o gasto en educación perdese peso relativo dentro do gasto non financeiro das comunidades autónomas (gráfico 22). O gasto en educación representa en Galicia o 23,2% dos gastos non financeiros, lixeiramente inferior á media nacional; constatándose nos últimos exercicios unha recuperación do seu peso relativo, que chegou a presentar nos peores anos da crise unha diferenza de 5 puntos á baixa respecto a 2002.

Finalmente, debemos destacar que a dinámica do gasto asociado a esta función, xunto coa evolución do resto de gastos e o proceso de consolidación orzamentaria, provocaron que o gasto en educación perdese peso relativo dentro do gasto non financeiro das comunidades autónomas (gráfico 22). O gasto en educación representa en Galicia o 23,2% dos gastos non financeiros, lixeiramente inferior á media nacional; constatándose nos últimos exercicios unha recuperación do seu peso relativo, que chegou a presentar nos peores anos da crise unha diferenza de 5 puntos á baixa respecto a 2002.

